

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE  
**EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

SÉTIMA LEXISLATURA  
2005-2009



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA



Emilio Pérez Touriño (A Coruña, 1948). Doutor en Ciencias Económicas e profesor da Universidade de Santiago. Dirixente universitario na transición democrática, participou logo no proceso do Estatuto de Autonomía e asinou os históricos Pactos do Hostal. No Ministerio de Obras Públicas, primeiro foi director do gabinete do ministro Abel Caballero (1985-86); logo subsecretario de Transportes (1986-91) e secretario xeral de Infraestruturas do Transporte Terrestre (1991-94). Tamén foi deputado en Cortes (1996-97). Na política galega remudou a Francisco Vázquez no congreso de Ourense como secretario xeral do PSdG-PSOE (1998-2009). Entrou como deputado no Parlamento de Galicia en 1997 e converteuse en presidente da Xunta á fronte dun goberno de coalición co BNG (2005-2009). Dende 2010 ata marzo de 2016 foi membro do Consello Consultivo de Galicia.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE  
**EMILIO PÉREZ TOURIÑO**  
SÉTIMA LEXISLATURA  
2005 -2009



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Emilio Pérez Touriño foron recollidos do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como foron transcritos orixinariamente*

**EDITA:**

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

**FOTOGRAFÍAS:**

Arquivo do Parlamento de Galicia

**ISBN:** 978-84-7836-107-6

# Índice

## **7 A MODO DE PRESENTACIÓN**

### **11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE**

#### **13 Emilio Pérez Touriño, o valor da palabra.**

Fernando Salgado

### **21 SÉTIMA LEXISLATURA 2005-2009**

#### **23 Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía.**

27 de xullo de 2005

- 53** **Discurso de toma de posesión de Emilio Pérez Touriño como Presidente da Xunta no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia.**  
2 de agosto de 2005
- 61** **Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para debater sobre a reforma do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia.**  
29 de xuño de 2006
- 77** **Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.**  
3 de outubro de 2006
- 119** **Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia, a petición propia, para informar á Cámara sobre o contido e as consecuencias dos acordos acadados polos dirixentes dos grupos políticos galegos o día 17 de xaneiro de 2007 en relación co proceso da reforma do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia.**
- Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia, por petición do grupo parlamentario popular de Galicia, para debater sobre a situación actual do proceso de reforma do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia. (Acumulada á anterior na mesma sesión plenaria).**  
7 de febreiro de 2007
- 133** **Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.**  
2 de outubro de 2007
- 175** **Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia, por petición propia, para dar conta do acordo pola competitividade, asinado polo goberno de Galicia e os axentes económicos e sociais, e, así mesmo, da situación económica.**  
9 de setembro de 2008
- 193** **Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.**  
7 de outubro de 2008



# A MODO DE PRESENTACIÓN





«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar, dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada, as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese político, documental e sociolóxico.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, na súa xusta medida. Os textos aquí incluídos preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nos seus datos coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos léxicos orixinais.

Estes «Discursos Parlamentarios» non están destinados a historiadores e eruditos, aínda que tamén, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente.

Emilio Pérez Touriño e Anxo Quintana González encabezaron o primeiro e único goberno bipartito que tivo a Xunta de Galicia ata agora, despois de que o PSdeG-PSOE (25) e o BNG (13) sumaran unha nova maioría parlamentaria de 38 deputados, fronte aos 37 escanos acadados polo PPdeG nas eleccións autonómicas celebradas en xuño de 2005.

Materializábase así un cambio de ciclo político, explicado en primeira persoa neste volume a través dos discursos parlamentarios do presidente Pérez Touriño, que desde a súa formación económica tamén ofrece as claves para interpretar algunhas das decisións adoptadas polo seu Executivo.

A negociación aberta para a reforma do Estatuto de Autonomía foi un asunto recorrente durante a 7ª Lexislatura, aínda que o acordo non se chegou a materializar. O Parlamento foi escenario de intensos debates políticos, pero tamén tramitou unha extensa axenda lexislativa, ata o punto de aprobar medio cento de textos legais nestes case catro anos (2005-2009). No ámbito estritamente parlamentario, aprobouse por unanimidade o Estatuto de Persoal que modernizou a Administración parlamentaria.

Por outra banda, a Cámara conmemorou o seu XXV aniversario con dous plenos especiais, de apertura e peche dun amplo programa de actividades culturais e sociais marcados polo desexo de achegar o Parlamento á cidadanía.

Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

Tamén en homenaxe e recoñecemento aos presidentes galegos, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo, naceu esta colección de «Discursos Parlamentarios», cuxa presentación me satisfai e me enche de orgullo moi especialmente.

**Miguel Ángel Santalices Vieira**  
Presidente do Parlamento de Galicia

# PRESENTACIÓN DO PERSONAXE



# EMILIO PÉREZ TOURIÑO, O VALOR DA PALABRA

Fernando Salgado

Un discurso non é, no momento en que se escribe ou se pronuncia, máis que retórica. Un intento de persuadir, de convencer, que se salda co éxito ou co fracaso. Trátase dun exercicio nobre que naceu no mesmo parto que a democracia por razóns evidentes: o demócrata necesita convencer, mentres que o déspota só precisa vencer, diferenza radical que don Miguel de Unamuno lle explicou con valentía ao xeneral Millán-Astray: «Venceréis, pero no convenceréis; venceréis porque tenéis sobrada fuerza bruta, pero no convenceréis porque no os asiste la fuerza de la razón». Pero o discurso rescatado da hemeroteca ou do arquivo documental, reciclado e posto de novo en circulación, constitúe ás veces unha ameaza para o seu autor, porque este examínase á luz do que veu despois. Xa non se trata de avaliarmos o grao de brillantez formal desta ou daquela intervención pública, o estilo do orador ou a súa capacidade de sedución. O que se xulga arestora é a consistencia do compromiso contraído, a distancia entre o que se dixo e o que se fixo, entre as promesas e as realizacións, entre os soños que se compartían publicamente e a súa materialización. O que está en cuestión é o valor da palabra dada.



Pérez Touriño asina documentos e papeis no seu despacho oficial do pazo de Raxoi.





Este volume recolle un monllo de intervencións de Emilio Pérez Touriño, presidente da Xunta de Galicia entre os anos 2005 e 2009, en sede parlamentaria. Foron recuperadas do Diario de Sesións e hai que agradecerlle á Presidencia do Parlamento de Galicia a súa iniciativa editorial por dous motivos: recupera as palabras tal como foron ditas e permítenos, superadas xa as circunstancias nas que xurdiron, contrastalas cos feitos que esas palabras anunciaban ou prometían. Velaí o seu valor engadido. O método de comprobación que aconsello é ben sinxelo. Consiste en subliñar, parágrafo a parágrafo, as proposicións que conforman o discurso de investidura pronunciado o 27 de xullo de 2005. Escollo ese texto polo seu carácter programático: sintetízase nel o acordo de Goberno que subscribiron o PSdeG-PSOE e BNG. Reflicte, xa que logo, o mandato e o compromiso que Pérez Touriño contraeu con Galicia. Debulladas as intencións do novo presidente, recorra o lector aos servizos estatísticos para calcular o grao de correspondencia entre o que se dicía no ano 2005 e o que estaba feito –ou en marcha– cando se pechou a lexislatura no ano 2009. O exercicio paga a pena. Serve para certificar que as palabras de Touriño son as palabras dun home de palabra.

Ao longo da súa traxectoria política, Emilio Pérez Touriño afrontou dous grandes desafíos, o primeiro asumido diante do seu partido, e o segundo, diante de todos os galegos. Ambos os compromisos traducíronse en dous sorpasso. O primeiro, que cae fóra do ámbito destes discursos pero axuda a contextualizalos, consistiu en devolverlle as constantes vitais a un partido escalazado, orfo de proxecto e de identidade, escindido por interminables liortas internas e relegado ao furgón de cola entre as tres forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia. O PSdeG-PSOE tocara fondo nas eleccións autonómicas de 1997. Obtivo daquela quince escaños –trece, se descontamos os dous de EU-EG, con quen formou coalición electoral–, vinte e sete menos que o PP e tres menos que o BNG, que se convertía así na primeira forza política da esquerda e na segunda de Galicia.

Nunca, nin antes nin despois, estivo o nacionalismo galego máis alto nin o socialismo galego máis baixo. Touriño asumiu o temón daquela nave á deriva, no congreso extraordinario celebrado en Ourense en 1998, e trazoulle o novo rumbo nunha carta de navegación de signo socialdemócrata, galeguista e autonomista. Comezou a reconstrución e a remontada. Nas eleccións do 2001, os socialistas recolleron idéntico número de escaños que o BNG –dezasete–, pero aínda 12.604 votos menos. No 2005 produciuse o primeiro dos *sorpasso*: os socialistas alzáronse con vinte e cinco escaños, os nacionalistas caeron a

trece, os populares perderon a maioría absoluta e Pérez Touriño converteuse en presidente da Xunta de Galicia. Convén anotar tamén que nas eleccións do 2009, as últimas nas que foi candidato, celebradas cando xa se intensificaba o temporal da crise económica e precedidas por unha campaña de ataques persoais de dubidosa ética política, Touriño mantivo o nivel máximo acadado catro anos antes: vinte e cinco deputados.

O segundo compromiso contraído por Pérez Touriño conforma o núcleo do discurso que lles propoño avaliar. Formulouno coas seguintes palabras: «Crear emprego é a primeira necesidade da sociedade galega e, en consecuencia, será o primeiro obxectivo do Goberno galego». A economía española atravesaba daquela unha etapa de expansión e de xeración de emprego, sen que ninguén adiviñase o abrupto final que nos agardaba. Pero Galicia ía a remolque e trenqueleante. No primeiro lustro deste século, a taxa de paro na comunidade autónoma era sistematicamente, trimestre a trimestre, superior á do conxunto do Estado. E o diferencial negativo tendía a agravarse. No segundo trimestre do 2005, momento das eleccións autonómicas, a diferenza era de dous puntos: en España estaban desempregados nove de cada cen traballadores; en Galicia, once de cada cen. Nese contexto prodúcese o segundo sorpasso protagonizado por Touriño. Sucedeu no terceiro trimestre do ano 2006: a taxa de paro de Galicia baixou ao 7,2 %, mentres que a de España alcanzaba o 8,1 % da poboación activa. Un ano máis tarde, no terceiro trimestre do 2007, Galicia rexistraba a taxa de paro máis baixa de toda a súa historia –6,6%–, superaba por primeira vez a cifra de 1,2 millóns de ocupados e achegábase ao nivel do pleno emprego. A finais do 2008, en vésperas electorais e xa en plena destrución de empresas e postos de traballo en todo o territorio español, Galicia resistía mellor as dentadas da crise: a taxa de paro alcanzaba o 9,6 % e a do conxunto de España o 13,8 %.

Nunha economía global, que ademais evoluciona en ciclos consecutivos de expansión e contracción, e nun contexto de soberanía compartida, o raio de acción das políticas deseñadas e aplicadas nunha específica comunidade autónoma é necesariamente limitado. As cousas non poder ir ben –ou mal– en Galicia se no van ben –ou mal– no contexto español e europeo. Pero sempre, en función do grao de autonomía de que se dispón e do seu exercicio, poden ir un pouco mellor ou un pouco peor. Por iso utilizamos, para efectuar a medición, indicadores comparativos e de converxencia/diverxencia. E estes dinnos que a economía galega medrou a menor ritmo que a española en todo o sexenio 2000-2005. E medrou máis que a española en cada un dos

catro anos seguintes (no 2009 caeron os dous PIB, pero o de Galicia seis décimas menos), precisamente o cuatrienio no que Pérez Touriño presidía o Goberno de progreso.

As cousas non suceden ao chou. Responden a unha casuística susceptible de ser investigada e probada. Sosteoño, polo menos como hipótese, que os factores que impulsaron a converxencia de renda e o sorpaso en materia de emprego están perfectamente enunciados no discurso de investidura. Mesmo condensados na frase en que o candidato salienta a «**necesidade de corrixir o déficit estrutural acumulado de Galicia, en especial en materia de emprego, educación, sanidade e infraestruturas**». Investimento público, co seu efecto multiplicador no tecido económico, e reforzamento de dous piares esenciais do Estado do benestar que, ademais de redistribuír recursos e promover a equidade, constitúen senllos motores propulsores de crecemento.

Hoxe podemos comprobar como eses compromisos, expresados moitos deles con gran concreción, se foron cumprindo. Comprometeuse Touriño a conseguir que a Administración central destinase anualmente a Galicia non menos do 8% do investimento do Estado, o que significaba triplicar a media de 645 millóns recibidos no período 1997-2004: a porcentaxe do 8% superouse en todos os anos do seu mandato, o investimento por habitante pasou de estar dez puntos por debaixo da media nacional a excedela en trinta puntos e o investimento público total en Galicia superou os tres mil millóns de euros en cada un dos exercicios do cuatrienio. Comprometeuse Touriño a incrementar o orzamento de Educación nun 20% durante a lexislatura: o gasto educativo pasou de 1.840 millóns de euros no 2005 a 2.404 millóns no 2009, o que significa unha subida do 30,7%. Comprometeuse Touriño a «**ampliar a atención sanitaria pública**»: o sistema galego de saúde aumentou nun 32,2% a súa dotación, ao pasar de 2.682 millóns de euros no 2005 a 3.547 millóns no 2009. Detrás das frías porcentaxes atópanse realizacións e innovacións como a gratuidade dos libros de texto e a implantación da receita electrónica, as novas prazas de escolas infantís e a xeneralización da anestesia epidural nos partos, a figura do acompañante no transporte escolar e a atención aos dependentes. Digámolo doutra maneira. A vulgarmos polos recursos empregados, máis da cuarta parte dos sistemas educativo e sanitario de Galicia, pedras angulares da sociedade do benestar, foi construída en pouco máis de tres anos: exactamente na lexislatura en que Pérez Touriño gobernou a nave autonómica.

Os discursos que integran este volume permiten revisitar unha etapa de Galicia que a cada paso fica máis atrás, esvaecida ademais entre os cascallos da crise que veu despois. Unha etapa de esperanza pero tamén con sombras, con gran e con palla, con logros indiscutibles ao pé dalgúns fracasos –o frustrado intento de reforma do Estatuto, entre eles– e con responsabilidades compartidas, certamente en distinta proporción, por uns e por outros. O balance aínda está pendente e non pretendo eu, partícipe á fin e ao cabo daquel ilusionante proxecto, nin sequera bosquexalo. O meu propósito ao escribir este prólogo era outro e dobre. En primeiro lugar, reivindicar o valor da palabra. Combater a corrupción das palabras, orixe, se ben se mira, das moitas corrupcións do sistema. Ninguén o expresou mellor que Eduardo Galeano: «Las palabras y los hechos rara vez se encuentran y, cuando se encuentran, ni se saludan, porque no se reconocen». En segundo lugar, demostrar que as palabras e os feitos de Emilio Pérez Touriño si se recoñecen: son irmáns xemelgos. El díxoo, no seu discurso de investidura, con palabras de Castelao: «O verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anseios en realidades e as ideas en feitos».

2005-2009  
**SÉTIMA**  
**LEXISLATURA**



# PROPOSTA DE CANDIDATO Á PRESIDENCIA DE XUNTA DE GALICIA E PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CON ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

27 de xullo de 2005

Señora presidenta, señoras deputadas e señores deputados, hai uns días estivemos todos aquí para comezar unha nova lexislatura, despois das eleccións do 19 de xuño, e todos sentimos a emoción que acompaña os momentos verdadeiramente especiais.

Todos tivemos ese día –e seguimos tendo hoxe– a sensación de que non só estamos abrindo un período parlamentario; a nosa sensación e a nosa convicción é que todos estamos iniciando unha nova etapa na historia de Galicia; unha etapa na que todos, o Goberno, a oposición e a propia sociedade galega, estaremos postos a proba.

A proba consiste en responder a un novo tempo histórico, cada un desde a responsabilidade que lle corresponde, sen defraudar o que o noso país espera de nós. E o que espera é moito, porque os momentos de cambio son tamén momentos de esperanza e de ilusión colectiva, nos que as enerxías sociais se

reactivan e en todos os ámbitos nacen novos proxectos, novas iniciativas e novas metas persoais e colectivas.

Esta non é unha lexislatura máis. Probablemente sexa, desde aquela de 1981 en que este Parlamento comezou a súa andadura, a máis especial de todas. Pero, afortunadamente, o seu carácter especial non vén de ningún feito anómalo ou traumático, senón de que entrou en funcionamento un mecanismo de normalidade democrática, como é a alternancia no goberno, libre e soberanamente decidida polo pobo. É a primeira vez na historia da nosa Comunidade Autónoma en que isto sucede como consecuencia dunhas eleccións, pero, a partir de agora, xa quedará incorporado á nosa cultura política, non só como un principio teórico, senón como unha práctica normal.

Tampouco é esta unha sesión de investidura máis. Desde logo, non o é persoalmente para quen ten o honor e a responsabilidade de comparecer diante da Cámara e de solicitar a súa confianza para ser elixido presidente da Xunta de Galicia. Pero tampouco o é en termos políticos. Que o Parlamento de Galicia poida elixir un socialista como presidente da Xunta de Galicia, e que o faga cando hai un goberno socialista en España, é un feito cargado de significado político.

Como dirixente do meu partido –e será a única vez no día de hoxe que fale nesa condición– son plenamente consciente de que o Partido Socialista está asumindo un gran compromiso e unha gran responsabilidade con Galicia, tan grande como a confianza que os galegos depositaron en nós hai un ano nas eleccións xerais e hai unhas semanas nas eleccións autonómicas. Estamos decididos a non defraudar esa confianza.

Señorías, neste arranque do meu discurso, quero, en primeiro lugar, determe un momento para falar do pobo galego, ao que nos honramos en representar; un pobo que ten amosado ao longo da súa historia que ten o nervio moral, a vitalidade e o fuste dos grandes colectivos humanos.

Os galegos somos un pobo maduro e intelixente, ao mesmo tempo que con fame de futuro; somos un pobo experto, un pobo consciente, que sabe moi ben o que quere; e somos un pobo solidario, capaz de moverse coma poucos para defender o que cre xusto. É esta Galicia, segura de si mesma e dona do seu futuro, a que se dispón a iniciar o novo rumbo que ela mesma elixiu.

Como escribiu Castelao, «o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeos en realidades e as ideas en feitos». E isto foi o que fixo o pobo galego ao optar, con tanta serenidade como firmeza, polo cambio. Afirmoo coa satisfacción de ser un máis dos que traballaron para que chegase este día, mais tamén coa humildade de saber que foi o pobo galego o que decidiu o cambio.



E a nós correspóndenos tan só a fermosa tarefa de impulsalo e de facelo realidade. A miña máxima satisfacción como presidente, se a Cámara me apoia, sería poder dicir no seu momento que estiven á altura do meu pobo.

Señor Fraga, vostede foi presidente da Xunta de Galicia durante os últimos dezaseis anos. O seu partido non conseguiu o apoio maioritario para seguir gobernando, pero vostede obtivo un apoio popular moi importante; un apoio que non imos descoñecer. Como dixo Cervantes: «**Tanto el vencedor es más honrado cuanto más el vencido es reputado**». Discrepamos moito no pasado e todo indica que seguiremos facéndo con frecuencia, pero saiba vostede que sempre terá o meu respecto político, persoal e institucional.

Quero aproveitar este momento para anunciarlle á Cámara que someteremos á súa consideración unha norma para regular o estatuto das persoas que ocuparon a Presidencia da Xunta de Galicia.

Señorías, nunca estivo tan claro para todos, e desde o principio, o contido principal dunha decisión electoral. Todos soubemos desde o primeiro momento que nesta ocasión o importante non era expresar o apoio a un ou a outro partido, nin sequera medir a forza relativa de cada un deles, as súas subidas e as súas baixadas. Tratábase de elixir un dos dous camiños posibles para Galicia: o camiño da continuidade ou o camiño do cambio. Por iso repetín unha e outra vez durante a campaña que non estabamos diante dunha opción de partido, senón diante dunha opción de país.

A primeira esixencia que temos que plantexarnos é a de interpretar axeitadamente o mandato das urnas. Moitos gobernos fracasaron –e algún exemplo vivímolos recentemente en España– por interpretar con torpeza e con soberbia o significado dos votos recibidos.

É certo que os galegos optaron polo cambio, pero creo interpretar ben o ánimo colectivo ao afirmar que o cambio que o noso país quere e que o noso país necesita é un cambio en positivo e que mire cara adiante. Se os galegos decidiron darlle paso a un goberno novo e distinto é porque queren avanzar máis e máis de présa, porque tiñan a moi xustificada impresión de que o goberno anterior –xa esgotado despois dun longo ciclo de tres lustros no poder– se convertera nun freo para Galicia.

Son consciente tamén de que Galicia é o menos parecido a unha sociedade unidimensional e monolítica. O noso país é o complexo resultado da mestura e do equilibrio de realidades moi distintas entre si: hai unha puxante Galicia urbana e un mundo rural, que é, e será sempre, parte da alma máis entrañable desta terra; está a Galicia que vive cara ao mar e a Galicia do interior; a Galicia

dos mozos e das mozas e a dos maiores. E tamén, por suposto, a dos que teñen unha visión progresista e a dos que manteñen ideas máis conservadoras. Todo iso é Galicia, e non quero renunciar a ningún destes matices porque todos eles contribúen a que Galicia sexa unha terra máis viva e máis dinámica.

Así pois, o mandato que recibimos é claro; o cambio que a xente quere consiste en recoñecer e en manter o que de bo se conseguiu no pasado, en rectificar o que se amosou como ineficaz e como inxusto, en proporcionarlle a Galicia a renovación que necesita para que entre todos poidamos construír unha sociedade máis libre, máis xusta e máis rica.

O cambio consiste en que as enerxías colectivas se condensen nun novo impulso capaz de poñer Galicia á altura dos tempos; un impulso que sitúe dunha vez Galicia no século XXI. Pero, para conseguir isto, a política do cambio debe ser e vai ser unha política de suma e de integración.

O meu máximo obxectivo como gobernante será que ninguén se sinta excluído nesta sociedade, que ninguén se sinta estraño á marcha xeral do país, calquera que sexa a súa situación ou calquera que sexan as súas ideas.

Unha política de integración ten que ser sempre unha política de diálogo; de diálogo na procura do consenso político e da concertación social. Falar con todos, escoitar a todos, respectar a todos e decidir pensando no interese de todos: ese será o meu estilo e o do Goberno, desde o primeiro ao último dos seus membros e desde o primeiro ao último dos días do seu mandato.

Señorías, as eleccións do 19 de xuño deron luz a unha nova maioría parlamentaria. A primeira consecuencia política diso é que se formará un goberno de coalición integrado polos dous partidos que forman esa nova maioría. De feito, o programa que presento hoxe diante da Cámara é o resultado dun acordo de goberno asinado entre o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. Este programa contén o compromiso do Goberno que pretendo formar, e do seu cumprimento responderemos diante do Parlamento e tamén diante dos cidadáns.

Por suposto, os dous partidos mantemos a nosa propia identidade política, as nosas propias ideas e a nosa autonomía como organizacións políticas diferenciadas. Para gobernar xuntos non é necesario que os socialistas asumamos o ideario nacionalista nin que o BNG asuma as ideas socialistas. Chega con que compartamos unha visión común do que Galicia necesita nos vindeiros anos e nos comprometamos mutuamente cun programa de obxectivos e de medidas concretas. Esa é a cultura das coalicións de goberno en todas as democracias do mundo, e iso foi o que fixemos, coa convicción de que, ao

facelo, estamos interpretando adecuadamente a vontade da maioría electoral que nos apoiou nas urnas. Será, pois, un goberno de coalición co apoio inicial do 53% dos votantes, e coa firme vontade de gobernar para o 100% dos galegos e das galegas.

Quero deixar claro que o que teremos será un goberno sustentado por dous partidos, pero non por dous partidos que se reparten as áreas de goberno. Este Goberno manterá os principios de unidade de dirección e de unidade de acción, de responsabilidade colexiada e solidaria de todos e cada un dos seus membros, exactamente igual que calquera outro goberno apoiado, coma este, nunha maioría parlamentaria estable.

A política de cada consellería será a de todo o Goberno, e viceversa: cada conselleiro axustará a súa actuación ás directrices xerais e aos compromisos do programa común de goberno. Sería inútil, pois, que se tentara debilitar o Goberno tratando de crear situacións artificiais de división polo feito de que estea integrado por dous partidos políticos, entre outras cousas porque o que lles fala só está disposto a presidir un goberno destas características. Polo demais, pretendo que Galicia teña un goberno moderno e aberto, un goberno próximo aos cidadáns e ao servizo dos seus intereses.

O pobo galego é maior de idade, e o que quere é ter honrados e eficientes administradores do interese público, non estruturas de poder que, amparadas nun paternalismo máis ou menos intimidatorio, se convertan na realidade en instrumentos de control social e de dominación política. É a sociedade a que controla os gobernos, non ao revés. Ese será un dos grandes cambios, unha das grandes diferenzas entre o pasado e o futuro.

### **Seis eixos básicos**

No marco político que acabo de describir, a acción do Goberno estará articulada arredor de seis eixos básicos: fortalecer Galicia como realidade política e institucional; dar unha nova dimensión á presenza de Galicia en España; mellorar a calidade da nosa democracia; orientarnos de cara a un desenvolvemento económico rápido e intenso, equilibrado e sostible; garantir a calidade e a eficiencia dos servizos públicos esenciais; e a defensa e a promoción da lingua galega e da cultura de Galicia.

En primeiro lugar, fortalecer Galicia como realidade política e institucional, ou, se o prefiren, fortalecer e seguir desenvolvendo o autogoberno de Galicia, expresado xuridicamente no seu Estatuto de autonomía e politicamente no conxunto de institucións que forman a nosa Comunidade Autónoma.

En segundo lugar, dar unha nova dimensión á presenza de Galicia en España, o que supón que Galicia terá un papel relevante, con voz propia, no Estado das autonomías; e tamén que seremos fieis a un modelo de cooperación activa entre todas as administracións: cooperación activa co Goberno de España e tamén cooperación activa con todos os concellos de Galicia e coas deputacións provinciais. Ademais, reforzaremos a presenza visible de Galicia no ámbito da Unión Europea.

En terceiro lugar, mellorar a calidade da nosa democracia, corrixindo algunhas eivas que se instaloron na nosa vida pública ao longo dos anos pasados, potenciando a participación cidadá e os mecanismos de control sobre os poderes públicos e ampliando o ámbito e a profundidade dos dereitos e das liberdades civís, das liberdades de todos, sen discriminacións e sen exclusións; un impulso, pois, de renovación e de rexeneración democrática.

En cuarto lugar, orientarnos de cara a un desenvolvemento económico que sexa ao mesmo tempo rápido e intenso, equilibrado e sostible, que atenda as bases estruturais do desenvolvemento das sociedades modernas, que non son outras que a capacitación das persoas mediante a educación, a innovación tecnolóxica, as infraestruturas, a protección do medio ambiente e o equilibrio do territorio. E que, facéndoo, logre impulsar os sectores básicos da nosa economía: a industria e o turismo, os servizos, a agricultura e a gandería e a pesca. Unha política económica que terá un obxectivo prioritario por enriba de calquera outro: conseguir que a nosa economía poida ofrecer máis postos de traballo estables.

En quinto lugar, garantir a calidade e a eficiencia dos servizos públicos esenciais, sobre todo a sanidade e a educación; e, ao mesmo tempo, desenvolver políticas sociais capaces de mellorar o benestar das persoas, promover a igualdade de oportunidades, protexer os máis débiles e impedir a exclusión social.

E por último, facer que o Goberno –e, en xeral, todas as institucións do noso país– actúen como axentes activos na defensa e na promoción da lingua galega e da cultura de Galicia.

Señorías, a creación do Estado das autonomías foi un dos grandes acertos históricos da Constitución española de 1978. A autonomía política converteuse nun poderoso motor para o despegamento económico e para o despegamento social de moitas rexións e nacionalidades de España, historicamente condenadas ao abandono.

No noso caso, é evidente que o progreso de Galicia nos últimos anos ten moito que ver co noso autogoberno. Galicia existía como nacionalidade antes

de que existise a Comunidade Autónoma de Galicia como poder político e institucional; pero a existencia e o desenvolvemento da autonomía, do autogoberno, foi un factor decisivo no rexurdir de Galicia, que cada día é máis evidente e máis poderoso. Se isto é así –e creo que todos coincidimos en que o é–, resulta obvio que o que temos que facer é avanzar máis nese camiño, coidar o noso autogoberno, perfeccionalo, profundalo e adaptalo permanentemente ás novas realidades. Iso é xustamente o que nos propoñemos facer nesta lexislatura.

É frecuente, nos últimos tempos, que o que se deu en chamar o debate territorial en España se plantexe tan só como un debate sobre as identidades. Considero que a identidade da nosa comunidade non é un problema para Galicia nin para a inmensa maioría dos galegos. Como cantaba Celaya, «**nós somos quen somos**», unha nacionalidade histórica, unha comunidade nacional que forma parte dun Estado que se recoñece a si mesmo como plurirrexional, plurinacional e plurilingüe. Somos o que queremos ser e estamos onde queremos estar, en España e con Europa. Esa identidade non nos debe causar ningún problema, nin ser causa de división entre nós; ao contrario, a identidade de Galicia, a súa cultura específica, a súa lingua, son elementos que unen a todos os galegos por enriba da condición social e das propias ideas políticas.

Nós non necesitamos tan só dun estatuto que nos diga quen somos, aínda que está ben que o diga, pero si necesitamos –vinte e cinco anos despois– reformar o Estatuto de autonomía para mellorar o noso autogoberno, para seguir progresando e estar en Europa e en España coa primeira velocidade.

O Estatuto de 1981, que fixemos entre todos e que a todos nos serviu, foi un instrumento útil para pór en marcha a Comunidade Autónoma de Galicia e guiar os seus pasos ata aquí, pero temos que recordar que aquel estatuto se redactou cando o Estado das autonomía estaba aínda nunha fase tentativa. Desde entón ocorreron moitas cousas: a Comunidade Autónoma xestiona gran parte dos servizos públicos esenciais, o funcionamento do Estado e da Administración transformouse por completo e España forma parte da Unión Europea. Necesitamos, pois, un novo instrumento xurídico: reformar o Estatuto para afrontar con eficacia os problemas e alcanzar os nosos obxectivos nacionais como país nos próximos anos. Por iso, promoveremos a elaboración e a aprobación dun novo estatuto de autonomía de Galicia.

Na miña opinión, tan importante como o contido do Estatuto é a forma de facelo, e para iso só concibo unha forma válida: mediante o consenso entre as forzas políticas que se sentan neste Parlamento, non só por imperativo legal, dada a maioría necesaria para a súa aprobación, senón tamén, e sobre todo,

por esixencia política, case me atrevería a dicir, se mo permiten, que por sentido común. A mellor forma de abrir o camiño do consenso é que sexa o Parlamento, esta Cámara, a que asuma desde o principio a responsabilidade da elaboración do novo Estatuto. Así pois, o Goberno non lle presentará á Cámara un proxecto propio, seu, de reforma estatutaria; o que faremos será propoñerlles aos grupos parlamentarios a creación dunha ponencia parlamentaria á que se lle encargue a redacción dun anteprojecto que posteriormente pasaría á correspondente comisión e ao Pleno da Cámara. Ao mesmo tempo, solicitaréi un ditame ao Consello Consultivo; ditame que poñerei a disposición da Ponencia parlamentaria para que o teñan en consideración se o estiman conveniente.

O meu desexo é que os traballos de elaboración do Estatuto se inicien dentro dos seis primeiros meses da lexislatura. O noso obxectivo é que o Estatuto sexa finalmente presentado no Congreso dos Deputados co apoio unánime desta Cámara. Unha vez aprobado polo Congreso, será sometido ao referendo do pobo galego, conforme a previsión do artigo 56 do Estatuto vixente. Como queremos que sexa o Parlamento o que protagonice o proceso desde o principio, digo que o Goberno, como tal, non formulará propostas formais; serán os grupos parlamentarios os que acheguen as propostas que cada un deles considere convenientes. E a negociación e o diálogo sobre estas propostas será tamén entre os grupos parlamentarios e no seo da propia Cámara.

Sen prexulgar os contidos concretos, quero sinalar que o novo Estatuto está chamado a cumprir, entre outros, os seguintes obxectivos: ampliar e asegurar os dereitos dos cidadáns; contribuír ao desenvolvemento económico, á creación de emprego e ao benestar social; establecer unha estrutura institucional máis democrática e ao mesmo tempo máis eficaz e axeitada ás novas demandas sociais; reforzar a identidade lingüística e cultural do país; dotarnos dun marco de competencias coherente e suficientemente garantido; institucionalizar a presenza de Galicia na Unión Europea e no exterior. Todo iso, no máximo nivel posible de desenvolvemento do autogoberno e, en todo caso, dentro do marco da Constitución española.

Señoras deputadas e señores deputados, na miña opinión Galicia estivo, nos últimos anos, en certo modo ensimesmada, excesivamente centrada en si mesma, e mantivo ata o de agora unha actitude máis ben pasiva nas súas relacións con outras comunidades autónomas e co Goberno central. Pero, con todo, Galicia está en condicións de representar un papel moito máis protagonista e de contribuír de forma importante á definición do proxecto común de España, así como á cohesión e á solidariedade no marco do Estado das autonomías.

Por entidade política, por historia e por cultura Galicia ten unha especial sensibilidade para comprender e compartir as aspiracións doutras nacionalidades históricas, pero, pola súa realidade socioeconómica, Galicia ten moitos problemas parecidos aos doutras comunidades autónomas, e por iso comprende e comparte as necesidades daquelas comunidades que máis requiren de políticas de cohesión e de solidariedade, para evitar que o proxecto común se deteriore pola vía das desigualdades territoriais. Iso é o que nos sitúa nunha posición ideal para representar un papel relevante en España, unha ponte de unión entre unhas e outras. E teño que dicirlles que Galicia debe desempeñar ese papel sen ningún complexo, entre outras cousas porque, ao facelo, estaremos tamén axudando ao interese de Galicia. Así pois, a nosa voz oírase en todos os foros bilaterais e multilaterais, e non só falaremos do noso, senón do de todos, non só dos nosos problemas, senón tamén dos problemas de España. Porque é verdade que temos moito que recibir, pero tamén temos moito que facer, moito que ofrecer, e queremos facelo.

Señorías, estou convencido –xa o dixen antes– de que o Estado descentralizado é moito máis eficiente que o Estado centralista. Pero é coa condición de que funcione plenamente o principio de cooperación institucional.

Un dos maiores erros do anterior Goberno, señor Fraga, foi que no momento no que o Partido Popular perdeu as eleccións xerais vostedes converteron a Xunta de Galicia nun ariete ao servizo da estratexia de oposición do Partido Popular contra o novo Goberno de España. Iso non é tan só un erro político, senón que cuestiona directamente as bases cooperativas do sistema.

Os partidos políticos están para competir lealmente no marco da democracia, sen dúbida. Os gobernos están para cooperar na solución dos problemas dos cidadáns. Porque as competencias serán en cada caso de quen corresponda, pero os problemas do emprego, da saúde, da educación ou da seguridade son problemas de todos, e ningún gobernante sensato ten dereito a usalos como arma arreboladiza contra outro gobernante. Para nós non hai gobernos amigos nin inimigos: só hai problemas da sociedade que temos que resolver entre todos.

O Goberno de Galicia practicará o principio de cooperación activa. E farao tanto na súa relación co Goberno de España como cos doutras comunidades autónomas naqueles asuntos concretos en que poidamos e debamos actuar conxuntamente. E, por suposto, farémolo todos os días con todos os concellos de Galicia, calquera que sexa a cor política do seu goberno.

Quero que todos os alcaldes de Galicia saiban que o despacho do presidente da Xunta estará permanentemente aberto para eles e que sempre que se trate de resolver problemas da cidadanía terán en min un aliado.

Dito isto, teño que anunciar que, se obtivo a confianza da Cámara, dirixireime inmediatamente ao presidente do Goberno de España para abrir un proceso de diálogo e negociación, en nome do Goberno de Galicia, arredor dalgunhas cuestións que son do máximo interese para Galicia. Entre elas, a necesidade de corrixir o déficit estrutural acumulado en Galicia, en especial en materia de emprego, educación, sanidade e infraestruturas; a adaptación de institucións como o Senado, o poder xudicial ou certos entes reguladores á estrutura territorial do Estado, o que debe facer posible a presenza nelas de representantes de Galicia; a presenza da Xunta de Galicia nos órganos da Unión Europea, dentro da delegación española, cando se traten asuntos que afecten a competencias exclusivas da Comunidade Autónoma; a representación institucional de Galicia no exterior, especialmente en países cos que existen fortes lazos culturais e nos que existe unha numerosa colonia de residentes de orixe galega.

Tamén está pendente de resolver o tema do financiamento. Está pendente para o conxunto das comunidades autónomas e especificamente para Galicia. Iso esixirá unha definición conxunta do modelo no ámbito multilateral correspondente e tamén unha negociación bilateral para concretar a aplicación do modelo á nosa comunidade.

O obxectivo de Galicia en materia de financiamento é dispor dos recursos que lle permitan financiar os servizos públicos para os seus cidadáns e avanzar ata alcanzar a converxencia real cos territorios máis desenvolvidos de España e de Europa.

Os medios ou as políticas para alcanzar ese obxectivo son esencialmente dous: por unha banda, o aumento da responsabilidade fiscal e da autonomía financeira de Galicia; por outra, a equidade na distribución dos recursos do Estado entre os distintos territorios de España. E entre os instrumentos para levar a cabo esta política, o máis importante é que a Comunidade Autónoma dispoña dunha ampla capacidade normativa sobre os tributos propios e sobre os cedidos.

No plano organizativo é necesario mellorar a xestión e a coordinación entre as distintas administracións tributarias, tanto estatais coma municipais. Estudaremos a creación dunha Axencia Tributaria Galega que estea consorciada coa Axencia Tributaria do Estado e traeremos á Cámara, se é o caso, o proxecto normativo que corresponda.



Señorías, se hai un ámbito da vida pública de Galicia que necesita un cambio rápido, intenso e profundo, un ámbito no que hai moito que cambiar e pouco que conservar, é o das prácticas políticas levadas a cabo desde o poder. Nos últimos dezaseis anos instalouse unha cultura política de exercicio do poder que impregnou todos os ámbitos e todas as estruturas da Administración e incluso boa parte da sociedade galega; unha cultura que, por dicilo suavemente, non é compatible cos valores e co funcionamento dunha democracia moderna. Ese conxunto de prácticas, que me resisto a seguir chamando cultura política, pódese sintetizar en tres grandes principios: opacidade, discrecionalidade sen control e partidismo.

O poder político en Galicia voltouse opaco e con iso aumentou extraordinariamente a súa capacidade de actuar discrecionalmente alí onde debería actuar seguindo criterios e procedementos regrados. O poder eludiu en gran medida o control social e, con todo, amosou un insaciable afán de controlar a sociedade civil.

Demasiadas veces vimos a dirixentes políticos desta terra, que nunca aceptan dar contas da súa xestión, presumir privada e incluso publicamente de que no seu territorio non se move unha folla de papel sen que eles o coñezan e o consintan. A fidelidade política converteuse nun arancel que os cidadáns deben pagar, non xa para obter un trato privilexiado senón simplemente para exercer os seus dereitos. E en moitas ocasións non se trata nin sequera da fidelidade a un goberno ou a un partido.

A descrición sei que é dura, pero todos os cidadáns que me están escoitando saben perfectamente do que falo.

Señorías, teño a convicción profunda de que, por moito éxito que teñamos en todo o demais, mentres ese tipo de prácticas non desapareza da nosa terra, non poderemos dicir que houbo cambio en Galicia. Traballaremos por instaurar os valores cívicos das mellores democracias: a soberanía do cidadán, a submisión dos gobernantes respecto dos gobernados e non ao revés, a autoconsideración dos membros da Administración como servidores públicos, a transparencia e a limpeza nos procedementos.

### **Revitalizar o Parlamento**

O control do poder político, neste caso do Goberno, empeza no Parlamento. Queremos revitalizar o Parlamento galego como centro da vida política, facendo tamén que os cidadáns se sintan máis próximos aos que os representan. Comprométome a propor unha reforma do Regulamento da Cámara

para axilizar o seu funcionamento e para facilitar o control parlamentario do Goberno, incluíndo a obriga que anuncio de someterme, como presidente da Xunta, ao dito control en todos os plenos da Cámara.

Tamén é necesario que o Regulamento facilite a constitución e o funcionamento das comisións de investigación e que se cree unha oficina orzamentaria que facilite o seguimento da xestión económica.

Unha das materias pendentes de Galicia é a reforma da Administración autonómica para facela máis transparente e, ao mesmo tempo, máis eficaz. Para iso dispoñemos agora, a través de Internet, dun poderoso instrumento que nos propoñemos usar intensamente para transformar en sentido positivo a relación dos cidadáns coa Administración. Nos vindeiros catro anos conseguiremos que calquera cidadán de Galicia poida, a través da rede, acceder a toda a información sobre medidas e actuacións do Goberno; realizar a maior parte dos trámites habituais coa Administración; coñecer todos os datos relativos aos procedementos de contratación pública de obras e servizos; avanzar na transparencia. Coñecer o que teñen e do que dispoñen os altos cargos ao entrar, ao estar e ao saír da Administración; acceder a un rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Xunta de Galicia.

Ademais, reformaremos a Lei da función pública para suprimir as marxes de discrecionalidade no acceso a postos de traballo do sector público, e substituiranse por procedementos obxectivos controlables por calquera. Hai que reformar os métodos de contratación para garantir a obxectividade, a transparencia e a eficiencia.

Tamén se presentará unha nova lei de subvencións que asegure que a concesión de axudas públicas se axuste a criterios obxectivos de interese público.

Trátase, nada máis e nada menos, de substituír o discrecional polo regrado; a opacidade pola transparencia; a política dos favores pola dos dereitos da cidadanía.

Comprométome tamén a cambiar a anómala relación que mantivo ata o de agora o Goberno da Xunta cos medios de comunicación de Galicia. En primeiro lugar, que os medios públicos de comunicación sexan públicos de verdade, e non só na titularidade. Comprometémonos a poñer fin desde o primeiro día á manipulación política da radio e da televisión autonómicas.

Presentarase unha lei nesta Cámara destinada a garantir a autonomía e o carácter de servizo público destes medios. Entre outras medidas, a lei establecerá que o director xeral sexa designado por unha maioría cualificada do Parlamento, superior á maioría absoluta, de tal xeito que, coa actual relación

de forzas, será necesario que o apoien os tres grupos da Cámara. Pero tamén hai que regular de forma obxectiva e transparente as relacións cos medios privados. Esta regulación evitará, en todo caso, a concesión discrecional e non regrada de axudas ás empresas de comunicación da nosa comunidade.

Por último, promoveremos unha lei de publicidade institucional que limitará este tipo de campañas aos estritos fins de servizo público, eliminando todo contido propagandístico ou partidista. A lei arbitrará medidas para garantir a limpeza na adxudicación destas campañas.

Señorías, o municipal ten un peso decisivo na vida pública de Galicia. Xa manifestei a miña firme vontade de manter unha continua relación de cooperación activa con todos os concellos de Galicia. Ademais, o Goberno galego impulsará un pacto local para que os concellos vexan formalmente recoñecidas as competencias que materialmente exercen na actualidade.

Falaremos coa Federación Galega de Municipios e Provincias para acordar a participación dos entes locais nos ingresos da Comunidade Autónoma, con criterios de suficiencia financeira e de proporcionalidade. Apoiaremos tamén un novo modelo de financiamento de ámbito estatal que faga posible a participación de todos os concellos nos ingresos do Estado.

Propoño camiñar cara a unha nova organización funcional do territorio de Galicia baseada en comarcas, rexións e áreas metropolitanas.

A Xunta de Galicia traballará nunha política integral de seguridade pública que incluíra unha lei para a creación e o desenvolvemento da policía galega e a súa coordinación coas policías locais.

En canto á xustiza, o noso obxectivo é que a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sexa progresivamente un verdadeiro órgano descentralizado de goberno do poder xudicial no ámbito da nosa Comunidade Autónoma.

Señorías, o Goberno de España, presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, deulle nos últimos meses un impulso histórico aos dereitos civís dos cidadáns, con varias iniciativas legais de gran calado. Quero dicir que o vindeiro Goberno de Galicia se suma con entusiasmo a esta dinámica e que no marco das nosas competencias garantirá a plena aplicación da lexislación sobre dereitos civís. Prestaremos especial atención á política de igualdade entre homes e mulleres. Pódolles anunciar que Galicia terá, por primeira vez na historia, o mesmo número de conselleiras que de conselleiros. Cumprirei a palabra, Galicia terá un goberno paritario.

Igualdade nos dereitos, pero tamén nas condicións de vida e de traballo.

Por iso faremos unha lei sobre a conciliación da familia e do traballo, e crearemos 30.000 novas prazas en escolas infantís con horarios compatibles co horario laboral dos pais e das nais. Ademais, as empresas nas que se acredite, mediante a correspondente inspección, que discriminan salarialmente as mulleres na súa condición quedarán excluídas dos procedementos de contratación da Xunta de Galicia.

Quero anunciar tamén que presentaremos diante da Cámara un proxecto de lei integral contra a violencia de xénero, co mesmo espírito e obxectivos que a lei estatal recentemente aprobada sobre esta materia.

Señorías, é evidente que Galicia progresou. Iso é precisamente o que hoxe nos permite propoñer metas e medidas máis ambiciosas. Pero tamén o é que en moitos aspectos arrastramos un atraso relativo que é necesario superar; e sobre todo que a nosa economía ten debilidades estruturais que a fan especialmente vulnerable fronte a posibles conxunturas desfavorables e aos retos que hoxe temos plantexados nunha economía globalizada no contexto da Unión Europea.

No lado positivo, pois, temos unha sociedade chea de dinamismo, de creatividade e de capacidade emprendedora, que leva varios anos marcando unha liña de avance. No lado menos positivo, ocupamos unha posición aínda desfavorable ao menos en tres aspectos básicos: temos un déficit de competitividade, un déficit de modernización do sistema produtivo e un déficit de políticas sociais activas.

A economía galega medrou, pero menos que a do resto de España. Seguimos tendo un modelo produtivo anticuado en boa medida, con escasa innovación tecnolóxica e con baixa produtividade, baseado exclusivamente en salarios baixos, na precariedade laboral e nos subsidios e nas axudas externas. A nosa economía, que dá claros sinais de querer despegar, segue sendo demasiado dependente e, xa que logo, demasiado fráxil. E por suposto temos un problema que é prioritario a calquera outro: a necesidade de crear postos de traballo estables. Un problema que compartimos, certamente, co resto da sociedade española, pero que no noso caso resulta especialmente grave porque a falla de traballo está provocando que miles de galegos mozos abandonen a nosa terra na procura de oportunidades que aquí non encontran. É un drama persoal; pero, sobre todo, é unha catástrofe colectiva. Cando un país non é capaz de reter os seus mozos está fracasando como país. O noso futuro son as nosas mozas e os nosos mozos. Por iso, o seu futuro é xustamente o futuro do país. O compromiso coa xente nova, coa súa emancipación, co seu dereito a un

proxecto persoal e familiar formará parte nuclear dos principais compromisos que asumirei como presidente da Xunta de Galicia.

Señorías, collan esta realidade por onde queiran, pola banda da economía, pola banda do social ou simplemente pola banda do moral. En calquera dos casos, a conclusión é que Galicia non se pode permitir esta descapitalización de recursos humanos da nosa comunidade. Por iso non temos nada máis importante que facer que afrontar esta situación, e iso pasa obrigatoriamente por que a economía galega estea en condicións de crear emprego estable en cantidade e con calidade suficiente para satisfacer a demanda da nosa poboación en idade laboral, e dos mozos e das mozas en particular.

Crear emprego é a primeira necesidade da sociedade galega e, en consecuencia, será o primeiro obxectivo do Goberno galego. Por iso, se teño a confianza maioritaria da Cámara, o primeiro que farei como presidente da Xunta será poñerme en contacto cos máximos responsables dos sindicatos e das organizacións empresariais e convocalos a unha xuntanza inmediata. Nesa reunión fareilles dúas propostas.

A primeira é crear un mecanismo estable de diálogo entre o Goberno e os interlocutores sociais, de tal xeito que poida producirse un intercambio fluído de ideas e de propostas, e que poidamos estudar conxuntamente e, digo máis, compartir durante toda a lexislatura as principais decisións de tipo social e económico. Dito noutras palabras: converter o diálogo social nun instrumento de todos os días, na norma e non na excepción.

A segunda proposta será iniciar inmediatamente os traballos para alcanzar un pacto polo emprego no que todas as partes quedemos comprometidas para enfocar a nosa actividade con carácter prioritario cara a este obxectivo nacional. Este pacto debe partir dunhas liñas estratéxicas básicas da política económica e social, e o seu obxectivo principal será –como digo– a promoción de emprego estable e a redución da temporalidade, tanto no sector público coma no sector privado. Nel deberíamos ser capaces de deseñar o conxunto das políticas de emprego e acordar un conxunto de medidas orientadas a favorecer, na adxudicación de contratos da Administración, a aquelas empresas que lles ofrezan mellores condicións de estabilidade aos seus traballadores; loitar contra a fraude na contratación laboral, reforzando a inspección; reformar o Servizo Público de Emprego para facelo máis eficaz e máis eficiente nas súas funcións de intermediación; fomentar a incorporación da muller ao traballo en condicións de igualdade cos homes; poñer en marcha plans territoriais de emprego en colaboración cos concellos e cos axentes sociais en cada ámbito

territorial; elaborar un plan de saúde laboral e de seguridade no traballo.

En todo caso, está claro que a capacidade dunha sociedade para crear emprego depende sobre todo da calidade do seu modelo de desenvolvemento económico. O que necesitamos en Galicia é un desenvolvemento que sexa rápido e intenso para superar canto antes o noso atraso relativo respecto doutras zonas de España e de Europa; un desenvolvemento que sexa social e territorialmente equilibrado para non crear tensións internas que o fagan inviable a medio prazo; e un desenvolvemento sostible desde o punto de vista medioambiental para non comprometer o futuro de forma irreversible.

### **Piares de crecemento**

O crecemento ten que ser crecemento intelixente. E un crecemento intelixente e moderno, nun país como Galicia, ten que basearse en seis piares:

- 1º O primeiro de todos: o factor humano, a preparación e capacitación das persoas mediante a educación e a formación.
- 2º A innovación tecnolóxica e a xeneralización do uso das novas tecnoloxías en todos os ámbitos da sociedade.
- 3º A dotación de infraestruturas suficientes para canalizar toda a actividade e a mobilidade do país.
- 4º A protección do medio ambiente.
- 5º O equilibrio territorial.
- 6º A existencia de condicións de equidade social sostidas por políticas sociais activas.

Este é o modelo que queremos impulsar en Galicia. Por iso duplicaremos o gasto público en investigación e innovación tecnolóxica, para conseguir que en catro anos Galicia destine a iso o 1,5 % do seu produto interior bruto.

Tamén apoiaremos as empresas para que en catro anos cheguen a dedicar máis da metade dos seus investimentos a investigación e a innovación tecnolóxica. Crearemos centros de investigación e centros de ciencia e tecnoloxía en colaboración co Goberno central e coas universidades, incorporando novos investigadores e facilitando o retorno dos que actualmente traballan fóra de Galicia.

Poñeremos en marcha un plan estratéxico da sociedade da información para xeneralizar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas, nos centros educativos e nos fogares.

Queremos conseguir que haxa, polo menos, un ordenador en todos os fogares de Galicia; e para iso, durante os dous anos próximos, ofreceremos

unha axuda pública de 300 euros por fogar destinados á adquisición dun ordenador con acceso a Internet mediante tarifa plana e conta gratuíta de correo electrónico.

Señorías, falei das infraestruturas como un dos piares do noso modelo de desenvolvemento. Os galegos temos historicamente unha aguda sensación de que o atraso secular da nosa terra, o seu illamento e a súa marxinação, é unha consecuencia da carencia de infraestruturas que nos permitisen comunicarnos axeitadamente entre nós e co exterior. É xusto recoñecer que nese terreo se avanzou. Pero tamén é certo que Galicia segue respirando pola ferida das infraestruturas, e con razón; porque é moito o atraso acumulado e é xusto que ese atraso se compense progresivamente nos vindeiros anos, e iso debe comprometer a todos, á Xunta de Galicia, ao sector privado, aos concellos, ás deputacións e tamén ao Goberno de España.

O Goberno galego propoñerá que no Plan estratéxico de infraestruturas e transporte, do Goberno de España, e nos plans complementarios se recolla o compromiso de dotar Galicia das infraestruturas necesarias. Estimamos que iso supón, polo menos, o 8 % do investimento total previsto no dito plan e seguintes.

Quero dicir aquí que me comprometo persoalmente a facer todo o que teña que facer para conseguir que a política de investimentos públicos, tanto a nivel autonómico como a nivel estatal, responda plenamente a ese compromiso. Pero quero tamén –permitanme, señorías– que ninguén espere de min que caia na tentación de utilizar demagoxicamente este tema, que é de especial sensibilidade, para obter vantaxes partidistas, xerar sentimentos de agravio ou buscar unha popularidade máis ou menos pasaxeira provocando certa clase de enfrontamentos institucionais. O que os galegos poden esperar de min neste tema, como en todos os demais, resúmese facilmente: firmeza na defensa dos intereses de Galicia; rigor e racionalidade na procura das mellores solucións. A demagoxia nunca formou parte do meu estilo político e pretendo seguir así, aínda con máis motivo, como presidente da Xunta.

Ademais do que xa sinalei sobre o necesario esforzo en investimento público, autonómico e estatal, creo que é razoable plantexarse o obxectivo de que no horizonte do 2010 estean rematados o Corredor do Cantábrico e o do Atlántico, así como a conexión das áreas urbanas por autovía.

Traballaremos estreitamente co Goberno de España para garantir que o tren de alta velocidade chegue á rede de cidades galegas nos prazos acordados polo Congreso dos Deputados; e, ao mesmo tempo, melloraremos a nosa rede interior de ferrocarril.

Presentaremos un plan de infraestruturas do transporte, que será obxecto de debate no Parlamento, coa finalidade de concretar os investimentos e os prazos nas infraestruturas que sexan competencia da Comunidade Autónoma. Este plan terá como obxectivos garantir que todas as poboacións teñan acceso a unha vía de alta capacidade en menos de 30 minutos, así como unha rede viaria de segundo e de terceiro nivel que permita vertebrar efectivamente a eurorrexión que forman Galicia, no seu conxunto, e o norte de Portugal.

Elaboraremos tamén un plan de transporte público de proximidade nas áreas metropolitanas de Ferrol-A Coruña e de Pontevedra-Vigo que se complementará cun billete único de transporte intermodal nas áreas urbanas e metropolitanas.

A seguridade vial será unha prioridade para o Goberno, poremos en marcha plans integrais para reducir o número de vítimas nas estradas galegas.

Daremos resposta a un dos principais problemas da nosa sociedade: o acceso á vivenda. Construiranse vinte e cinco mil vivendas de protección, e sete mil en réxime de aluguer.

Señorías, o concepto de desenvolvemento sostible converteuse nun elemento que xa é esencial dos deseños de política económica en todo o mundo avanzado. Estamos dispostos a promover con todos os medios ao noso alcance unha utilización racional da enerxía, tanto na produción como na vida doméstica; a apostar polo desenvolvemento de enerxías renovables e non contaminantes; e a controlar estritamente os permisos de construción de centrais hidroeléctricas. E imos afrontar a tarefa de acabar co vertido de augas residuais nas cidades do litoral. En xeral, imos ser belixerantes na loita contra toda clase de vertidos contaminantes nos nosos mares e nos nosos ríos. En particular abordaremos a rexeneración, a preservación e o saneamento integral das rías de Galicia.

O desenvolvemento económico que necesitamos, en fin, ten que producirse equilibradamente sobre o territorio. Galicia ten un problema histórico acumulado de desequilibrio territorial que só pode corrixirse con gran vontade política e con estratexias de longo alcance.

Queremos impulsar un gran pacto polo territorio, establecendo as correspondentes directrices de ordenación territorial que permitan planificar e ordenar un desenvolvemento equilibrado en todos os ámbitos territoriais da nosa comunidade. Un desenvolvemento que faga posible o crecemento harmónico das cidades, que son o principal motor do dinamismo económico e



da innovación, e, ao mesmo tempo, o sostemento e mellora do noso espazo e medio rural; que articule axeitadamente as infraestruturas, os transportes, os equipamentos entre a Galicia do litoral e a do interior; que sirva para cohesionar o país e non para fragmentalo en realidades que deben seguir sendo distintas, pero nunca distantes nin desiguais.

Actuando sobre estes piares fortaleceremos estruturalmente a economía galega e, ao mesmo tempo, impulsaremos os sectores básicos: a industria e o comercio, a agricultura e a gandería, a pesca, o turismo.

O novo Goberno de Galicia apoiará as empresas galegas para o seu crecemento interior e para a súa proxección exterior. Comprometerémonos especialmente con todas aquelas iniciativas emprendedoras que contribúan á modernización do país. Temos a intención de mellorar os mecanismos de axuda e de financiamento público para novos proxectos empresariais.

Unificaremos todos os instrumentos de financiamento actualmente existentes nun só organismo e simplificaremos os trámites. Ademais, poñeremos a disposición dos empresarios 20 millóns de metros cadrados de solo industrial, situados sobre todo nas principais áreas metropolitanas. Traeremos á Cámara unha nova Lei de comercio, non sen antes ter dialogado sobre o seu contido cos sectores afectados e cos concellos.

Consideramos que o sector turístico ten un valor estratéxico para Galicia, o mesmo pensamos do sector audiovisual. Os dous serán obxecto de plans específicos de promoción e desenvolvemento, en contacto, en diálogo e en concertación cos correspondentes sectores de actividade.

Comprometerémonos tamén de cheo no desenvolvemento das zonas rurais, da agricultura, da gandería e da industria alimentaria. Non só apoiaremos a actividade deses sectores da nosa economía senón que traballaremos por mellorar as condicións de vida nas poboacións pequenas do medio rural, para aumentar a súa dotación de servizos e equipamentos públicos. Apoiaremos especialmente a modernización das explotacións agrarias, con incentivos á incorporación dos mozos, mediante unha Lei de desenvolvemento rural e outra Lei de ordenación agraria. Esta incluírá especialmente un marco de apoio á explotación agraria familiar, así como medidas de fomento do cooperativismo e da mobilidade de terras.

A reforma da política agraria común afecta fortemente a Galicia. O Goberno galego defenderá o mantemento do máximo nivel de vinculación das axudas que permite a normativa europea, así como a redistribución das axudas do Estado con criterios de cohesión, de protección medioambiental e de calidade na produción.



**Manuel Fraga felicita cortesmente a Pérez Touriño tras a súa elección como presidente da Xunta de Galicia cos votos dos deputados do PSDG-PSOE e do BNG, que xuntos conforman a maioría parlamentaria.**



Apostaremos a fondo polo futuro do sector pesqueiro. Galicia, pola importancia da súa actividade pesqueira, debe ter un papel protagonista nas decisións nesta materia tanto no ámbito do Estado español como na Unión Europea. En relación coa pesca, melloraremos as condicións laborais e de seguridade para os traballadores, así como a seguridade nos buques. Apoiaremos as iniciativas de modernización e renovación da frota, así como a diversificación da actividade nas zonas de pesca. Poñeremos en marcha medidas de recuperación dos bancos pesqueiros baseadas na xestión integral do litoral e no control da calidade da auga e dos fondos mariños e impulsaremos o apoio á acuicultura.

Señorías, na historia do Estado das autonomías hai un antes e un despois. A fronteira, coido, vén sinalada polo momento en que as comunidades autónomas asumiron a responsabilidade de xestionar os grandes servizos públicos esenciais de carácter universal: singularmente a educación e a sanidade.

Hai un pouco afirmei que a primeira necesidade do país, e polo tanto o primeiro obxectivo do Goberno, é a creación de emprego estable. Pois ben, agora afirmo que a outra gran prioridade do Goberno galego nesta lexislatura será a educación. Non me cansarei de repetilo, a variable estratéxica número un do desenvolvemento de cada país nos vindeiros anos non será a súa riqueza material, será a preparación dos seus cidadáns. Cando se fala de sociedade da información ou de sociedade do coñecemento estase sinalando directamente o núcleo do problema.

Na primeira metade do século XXI o capital humano é máis importante que o capital físico, é incluso máis importante que o capital a secas. Xogámonos o futuro na educación máis ca en ningún outro terreo. O Goberno será estrito e rigoroso na administración dos recursos económicos da comunidade, pero, se hai algún terreo no que estaremos dispostos a facer esforzos especiais, será na mellora do sistema educativo. Simplemente porque o considero o diñeiro mellor gastado e o investimento máis rendible para o meu país.

Ao longo deste discurso propúxenlles ás forzas políticas un pacto polo Estatuto, aos interlocutores sociais un pacto polo emprego e un pacto institucional polo territorio. Quero propoñer tamén un pacto pola educación, no que se impliquen todos os sectores, públicos e privados, da nosa sociedade comprometidos coas tarefas formativas. Incrementaremos o orzamento da educación nun 20% durante toda a lexislatura. Na Unión Europea o gasto medio en educación está arredor do 6% do produto interior bruto de cada país. Ese tamén é o obxectivo ao que queremos que chegue Galicia.

Apostaremos fortemente pola introdución das novas tecnoloxías nos nosos centros de ensinanza. Comezaremos formando os profesores neste ámbito e dotando os centros dun computador por cada dous alumnos. Tamén apostaremos pola ensinanza de idiomas estranxeiros, especialmente do inglés. Aumentaremos as horas lectivas de idioma, apoiaremos a contratación de máis profesores e daremos bolsas especiais para a aprendizaxe do inglés nos países de orixe durante as vacacións. Conseguiremos que todos os mozos de Galicia rematen o seu período de ensinanza obrigatoria cunha excelente formación xeral, manexando o ordenador e os principais programas informáticos con toda soltura e cun bo dominio do idioma inglés. E traballaremos para que as nosas universidades teñan un nivel científico e académico comparable ao das mellores universidades europeas. A nosa aspiración é que a titulación nunha universidade de Galicia sexa unha titulación de prestixio en calquera ámbito profesional. Créanme, señoras e señores deputados, nada nos fará máis fortes como país, nada garantirá mellor o noso futuro, e, se me permiten, nada me motiva máis como presidente da Xunta.

Gobernar consiste, en primeiro lugar, en facer que funcionen os servizos públicos, todo o demais vén despois. E o servizo que máis marca o nivel de benestar dunha sociedade considero que é a sanidade. O primeiro problema da sanidade pública, aquí e en toda España, é o financiamento do sistema. Actualmente saben que hai un proceso de negociación en marcha e está previsto que este tema se aborde na próxima Conferencia de Presidentes, que terá lugar no mes de setembro. A Xunta de Galicia fixará a súa posición nestas negociacións para que se teñan en conta as nosas necesidades e para que o resultado final nos asegure recursos suficientes para garantir unha asistencia de calidade para todos.

Gustaríame compartir coa oposición a reflexión previa para chegar a unha posición común, de tal xeito que o presidente da Xunta poida acudir á Conferencia de Presidentes defendendo unha posición sobre o financiamento sanitario que conte co apoio de todos. Invito, por tanto, ao Grupo Popular a abrir un diálogo sobre este tema. En todo caso, comprométome a comparecer, tras cada reunión da Conferencia de Presidentes, para informar á Cámara do seu desenvolvemento e das súas conclusións.

Polo demais, a nosa xestión sanitaria terá, entre outros, os seguintes obxectivos:

Reducir as listas e os tempos de espera para recibir atención, especialmente no que se refire ás intervencións cirúrxicas. O Goberno fará público o obxectivo

anual de redución das listas de espera e aprobará os recursos necesarios para cumprilo.

Ampliar a atención sanitaria pública. A atención primaria estenderase a toda a poboación; desenvolveremos un Plan de saúde bucodental para menores de 14 anos; todas as mulleres que o queiran poderán usar a anestesia epidural para o parto sen dor; e facilitaremos coidados a domicilio a enfermos crónicos ou discapacitados.

Mellorar a calidade da asistencia hospitalaria farémolo, entre outras medidas, reducindo o número de camas por habitación, garantindo a libre elección de médico na asistencia primaria ou aproximándonos a un tempo medio de consulta de dez minutos.

E, por último, progresar na eficiencia do sistema sanitario, en especial do gasto. Neste terreo é especialmente urxente e necesario controlar de forma efectiva o gasto farmacéutico. Farémolo, traballaremos en diálogo cos sectores afectados, pero farémolo coa firmeza que require a gravidade do problema que ben coñecen todas as súas señorías.

Señorías, o Goberno da Xunta propónse acompañar a subida das pensións do Goberno de España cun complemento autonómico para as pensións non contributivas e para as de viuvez. Intensificaremos as axudas e os servizos para que as persoas maiores poidan vivir digna e comodamente nos seus domicilios. Aumentaremos a axuda a domicilio e a teleasistencia para os maiores que viven sós e poñeremos máis medios para a asistencia sanitaria nos domicilios. O noso compromiso é chegar a atender directamente a todas as persoas que sufran unha situación de dependencia grave e a un 60 % daqueles cunha dependencia moderada. Tamén crearemos vinte mil novas prazas en residencias para maiores, vivendas tuteladas e centros de día.

O Goberno elaborará un Plan integral de atención ás persoas discapacitadas que inclúa todas as medidas que, desde os distintos ámbitos da Administración, poidan tomarse para axudar a estas persoas no seu proxecto vital de integración e autonomía social. Queremos lograr que en catro anos o 2 % dos postos de traballo estean ocupados por persoas discapacitadas; no sector público traballaremos para que esta porcentaxe suba ata o 5 %.

Poñeremos tamén en marcha un Plan especial de loita contra a pobreza e a exclusión social. Neste terreo queremos ter unha colaboración moi estreita cos concellos e coas organizacións sociais, que desenvolven un valiosísimo labor de solidariedade.

## Galicia como realidade política

Señorías, o alicerce fundamental da identidade colectiva de Galicia é a súa cultura e a súa lingua. Os galegos identifícanse como tales, antes que nada, pola identificación cunha cultura que move resortes emocionais moi profundos do noso pobo. O galeguismo, máis ca unha posición política, é un fenómeno de raíz claramente cultural. E precisamente por iso é algo que nos une e non algo que nos divide.

Non esaxero se digo que Galicia está vivindo nos últimos anos unha auténtica explosión de creatividade, que se plasma en todos os ámbitos da actividade, pero de xeito moi singular na creación cultural. Os creadores galegos son o noso orgullo, e a cultura de Galicia é a nosa primeira embaixadora no mundo. Sabemos, con todo, que a este respecto queda moito por facer. Por iso, o novo Goberno de Galicia será belixerante en tres liñas de actuación:

- En primeiro lugar, a defensa da liberdade de creación e de expresión cultural fronte a calquera presión ou interferencia.
- En segundo lugar, o Goberno galego levará a cabo políticas de protección e posta en valor do noso patrimonio cultural, histórico e artístico, pois somos moi conscientes de que ese patrimonio é tanto un valor simbólico coma unha fonte de xeración de riqueza nacional.
- En terceiro lugar, o novo Goberno apoiará e promocionará as industrias da creación, o traballo dos creadores culturais e a súa difusión en Galicia e en todo o mundo.

E, por suposto, fomentaremos que os nosos cidadáns teñan acceso aos produtos culturais de todo tipo e aumenten o seu consumo, uso, disfrute e benestar.

A lingua galega é a nosa lingua propia, é un signo de identidade que vai máis alá da identificación con calquera opción política partidaria. A lingua galega non é un elemento circunstancial na vida de Galicia nin un patrimonio detentado por uns poucos. Ao falar da lingua galega estamos falando dun dos piares do noso recoñecemento simbólico como galegos, dunha das principais manifestacións da nosa identificación afectiva con Galicia.

A lingua galega, como dixo Castelao, «**creouna o xenio inviolable do noso pobo e labrouna o amor, a dor e a ledicia de moitísimas xeracións**». É, en efecto, unha herdanza, un patrimonio, un legado de todos os que nos precederon. E é responsabilidade de todos nós coidar desa fermosísima e entrañable riqueza e transmitírllela ás vindeiras xeracións.

O cultivo e a defensa do idioma galego segue esixindo un compromiso decidido dos poderes públicos para xeneralizar o coñecemento e o uso habitual

do idioma galego en todos os ámbitos da sociedade. Temos para iso un bo instrumento, o Plan xeral de normalización lingüística, aprobado unanimemente polo Parlamento no ano 2004 e que o novo Goberno se compromete a desenvolver plenamente. E comezaremos a facelo incluíndo a correspondente dotación de recursos nos próximos orzamentos da Comunidade.

O Goberno galego empregará o idioma galego de forma sistemática en todas as súas comunicacións, e promoverá o seu uso normal nos servizos e dependencias da Administración autonómica e das administracións locais. No ámbito audiovisual, estimularemos o aumento das horas de emisión en lingua galega e a produción de programas en galego en todas as concesións de radio e de televisión. A radio e a televisión autonómicas dedicarán unha maior porcentaxe da súa programación a programas de produción propia. Buscaremos acordos cos medios públicos estatais que emiten no noso territorio para que aumenten tamén as horas de emisión en galego.

Non podó rematar a miña intervención sen lembrar os galegos que residen fóra da nosa comunidade; sei ben que todos sentimos unha inmensa débeda con todos eles. En materia de emigración, cambiaremos favores por dereitos en igualdade. Deseñaremos políticas que incentiven e promovan a incorporación dos descendentes de galegos ao mundo cultural e educativo de Galicia. Garantiremoslles ao cento por cento dos emigrantes a posibilidade de acceder aos recursos da Administración. Comprométome a crear instrumentos políticos e financeiros que permitan a incorporación do empresariado emigrante a un proxecto común para a Galicia do futuro. E, en particular, anuncio a creación dun instituto de cooperación para a promoción de Galicia no exterior.

Señora presidenta, señoras deputadas e señores deputados, analicei o contexto político no que se inicia esta lexislatura, a lexislatura na que, por vontade da maioría do noso pobo, se vai producir unha alternancia no Goberno de Galicia. Subliñei o talante co que afrontamos esta nova etapa, os trazos esenciais que caracterizarán o novo Goberno. E tamén fixei os eixos sobre os que se vai articular a acción governamental:

- O reforzamento de Galicia como realidade política e institucional, como Comunidade Autónoma.
- A presenza de Galicia en España como unha nacionalidade histórica, unha comunidade nacional comprometida co proxecto común dos españois dentro dun Estado democrático, descentralizado, plurinacional.
- A profundación da democracia e dos instrumentos de participación e de convivencia.



- O desenvolvemento económico equilibrado e sostible para a creación de emprego estable.
- Garantir a calidade e a eficiencia dos servizos públicos e a extensión das políticas sociais.
- A defensa da lingua e da cultura de Galicia.

Estes serán, efectivamente, os eixos da nosa actuación. Pero todos eles, así coma todos os compromisos concretos que fun anunciando ao longo do meu discurso, responden a tres grandes ideas e a un só propósito; tres ideas e un propósito nos que se reflicte a miña concepción, e a miña convicción profunda, do que Galicia necesita nos próximos anos para acadar os seus obxectivos como país; tres ideas e un propósito, pois, que guiarán todas as horas de todos os días a actividade e o esforzo do presidente da Xunta de Galicia se teño o honor de recibir a confianza desta Cámara. As tres ideas son tan sinxelas coma ambiciosas: modernización, autogoberno e cohesión.

Galicia necesita un forte impulso de modernización que se reflicta en todos e cada un dos ámbitos da nosa sociedade: na economía e na educación, na administración e nas empresas, na cidade e no campo, no estrutural e tamén no de cotío. O mundo vai moi de présa e nós partimos con certo atraso; así que, se queremos competir cos mellores –e eu afirmo que si, que queremos, podemos e debemos competir cos mellores–, temos que avanzar moito e de présa. Por iso, todas as accións que propuxen neste discurso teñen o común denominador de marcar unha dirección, unha tensión de signo claramente modernizador.

Galicia necesita afirmarse no seu autogoberno, non só porque a súa historia e a súa identidade lle dan dereito a iso, senón porque o autogoberno nos fai mellores e máis fortes; porque a autonomía política foi unha panca poderosa de progreso e de benestar, e ten que seguir séndoo no futuro.

Queremos unha Galicia segura de si mesma, unha Galicia capaz de esixir todo aquilo que lle corresponde e de facelo con toda a firmeza, pero tamén capaz de ofrecer e de compartir. Unha Galicia que se desenvolva a partir das súas propias capacidades –que son moitas e cada vez máis–, que non sinta que depende da axuda dos outros; unha Galicia sen complexos.

E Galicia quere ser e necesita ser un lugar para a convivencia, unha sociedade integrada e cohesionada. Un lugar no que valla a pena vivir en compañía doutros. E iso ten que ver coa nosa capacidade para estar unidos, para desenvolver obxectivos e proxectos comúns como país, para evitar divisións e enfrontamentos innecesarios. Pero tamén ten moito que ver con que todos

os que viven aquí se sintan integrados na sociedade e non excluídos dela; que todos teñan a súa oportunidade de ter unha vida razoable, que ninguén quede en Galicia abandonado á súa sorte, especialmente se esta é desfavorable.

Unha sociedade solidaria, que atenda e protexa os máis débiles, iso está ben; pero quero algo máis ca iso: quero un país integrado e equilibrado socialmente e territorialmente. Un país que se basee nos dereitos e non nas axudas e nos favores, un país no que ninguén se sinta inxustamente discriminado ou desigualmente tratado.

Tres ideas, pois, para inspirar unha acción de goberno: modernización, auto-goberno e cohesión. E todo iso para servir a un mesmo propósito: facer máis forte a Galicia.

Señorías, estou convencido de que as vindeiras décadas van traer grandes oportunidades para a humanidade; pero tamén grandes problemas e dificultades. Só as sociedades e os países fortes estarán en condicións de aproveitar as oportunidades e de facer fronte aos problemas. Países fortes significa países con institucións asentadas e respectadas por todos; con economías saudables e tecnoloxicamente avanzadas; con cidadáns conscientes e ben preparados; con sociedades integradas e cohesionadas.

Galicia sentiuse débil en moitos momentos da súa historia, pero agora non hai ningunha razón para iso. Agora este país, ao que moitas veces se lle acusou de estar adormecido, respira vitalidade e creatividade, ten fame de futuro. Por iso, a obriga do seu Goberno será aproveitar ese impulso para fortalecer as nosas estruturas en todos os terreos. Despois de todo, a liña condutora deste Goberno, o que nos propoñemos facer, resúmese nunha fermosa expresión: facer país.

Señorías, permítanme que remate cunha reflexión de tipo máis persoal. Ser presidente de Galicia non é un traballo, é un compromiso dos que marcan a vida dunha persoa. O balance dunha experiencia vital queda condicionado, sen dúbida, polo resultado dun compromiso como este.

É unha razón máis, ademais do amor que sinto pola miña terra, para que poña todo o que teño, todas as miñas enerxías e todas as miñas capacidades, en responder á confianza que depositaron en min primeiro os meus compañeiros, despois os cidadáns e espero que finalmente as súas señorías. Quero ser presidente de todos e para todos os galegos e as galegas. As eleccións xa pasaron e non volverán ata dentro de catro anos. Para min xa non hai votantes dun ou doutro partido, só hai cidadáns e cidadás de Galicia libres e iguais en dereitos e en obrigas.

É probable que durante a miña xestión cometa erros; é posible que alguén se sinta inxustamente tratado nalgún momento. Se iso ocorre, será porque quizais me equivocase, pero nunca porque tivese en conta se ese alguén é, como adoita dicirse, dos nosos ou dos outros. Porque a partir deste momento os nosos, os meus, son todos e cada un dos cidadáns e das cidadás de Galicia.

Din que a vida é o que che vai ocorrendo mentres fas plans. Os políticos e os gobernos facemos moitos plans, e está ben que os fagamos, coa condición de non chegar a crer que a vida son os plans.

Quero ser un presidente conectado coa rúa e coa vida, coa vida real da sociedade, non esquecer nunca que detrás de cada plan, de cada decisión de goberno, non hai só estatísticas senón persoas de carne e óso que cada mañá comezan un novo día da súa aventura vital. Gustaríame que todas esas persoas me visen como o que son: un cidadán ao que o resto dos cidadáns lle encargaron que se ocupe durante un tempo do que os clásicos chamaban «os asuntos do procomún»; e que o fai cheo de ledicia, de ilusión e de responsabilidade.

Dicía Nicolás Maquiavelo que «non son os títulos os que fan grandes aos homes, senón os homes aos títulos». Gustaríame poder dicir, ao rematar a miña xestión, que contribuíñ co meu esforzo persoal ao prestixio da Presidencia da Xunta de Galicia, porque iso significaría que contribuíñ a facer forte o meu país, a Galicia.

Moitas grazas.

# DISCURSO DE TOMA DE POSESIÓN DE EMILIO PÉREZ TOURIÑO COMO PRESIDENTE DA XUNTA NO SALÓN DOS REIS DO PARLAMENTO DE GALICIA

2 de agosto de 2005

Señora presidenta, señoras e señores deputados, autoridades, señoras e señores:

Fondamente emocionado, diríxome a todos vostedes para referendar cunhas breves palabras a promesa solemne que veño de facer. Quero dicirles, en primeiro lugar, que máis alá da satisfacción individual que me produce este momento, vivo a miña toma de posesión como presidente da Xunta de Galicia como a culminación dun proceso impulsado, decidido e levado adiante polos cidadáns. Este é, pois, un acto de forte dimensión colectiva e dirixido a unha sociedade que expresou de maneira inequívoca as súas arelas de iniciar un tempo novo. Estou aquí como delegado do poder democrático dos cidadáns galegos, e quero que a miña primeira mensaxe como presidente de Galicia sexa de agradecemento para todos eles e de reafirmación do meu compromiso coa democracia e coa autonomía.

A historia recente de Galicia identifícase coa historia do noso autogoberno, que foi e é posible grazas á loita do conxunto dos cidadáns pola restauración da democracia e pola elaboración dunha Constitución de todos e para todos,



**Emilio Pérez Touriño toma posesión como presidente da Xunta no Salón dos Reis do Parlamento galego ante o ministro de Administracións Públicas, Jordi Sevilla, quen representou ao Goberno central.**



A seu lado, Dolores Villarino, nova presidenta da Cámara;  
ao fondo, a dona e outros familiares do novo presidente.

unha Constitución da que emanan os dereitos dos cidadáns e a personalidade institucional dos territorios que compoñen España. É a existencia desa Constitución a que fai posible que Galicia disfrute por primeira vez na súa historia da condición de suxeito político autónomo, cun goberno propio e un sólido entramado institucional.

A Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, os documentos que encadran e impulsan a nosa convivencia democrática, son textos flexibles e inclusivos, nos que todos podemos e debemos sentirnos cómodos, adaptándoos en todo aquilo que sexa preciso, sen crispacións innecesarias nin medos inmotivados, ás novas necesidades impostas polos cambios sociais e o decorrer mesmo da historia. Constitución e Estatuto dan vida e confiren carácter nacional á Comunidade Autónoma de Galicia, e a acción do Goberno que dende hoxe presidirei discorrerá sempre, como acabo de prometer, dentro das amplas canles de liberdade e de concordia que estes textos fundamentais garanten.

Este acto simboliza a apertura dunha nova etapa na historia de Galicia. Polo menos ese é o meu desexo e esa vai ser a vocación do Goberno que presidirei. Como todos vostedes saben, é un Goberno inédito na historia da nosa autonomía no que se refire ás dúas forzas que o integran. Por vez primeira, a socialdemocracia galeguista agrupada no PSdeG-PSOE e o nacionalismo democrático nucleado arredor do BNG van dirixir Galicia. Trátase dun Goberno de coalición, unha fórmula habitual e ordinaria na maioría dos países de Europa e que tamén vai funcionar con toda normalidade en Galicia. Os que concibimos a política como un permanente exercicio de diálogo, de negociación e de acordo, é dicir, como unha actividade que precisa de actitudes similares ás que adoptamos todos e cada un de nós na nosa vida cotiá, non lle temos medo ás diferenzas nin á diversidade. Eu estou seguro de que saberemos xestionar con lealdade e confianza os nosos diferentes puntos de vista e de que saberemos privilexiar o importante e relativizar o accesorio. O acordo programático recentemente asinado por min e por Anxo Quintana é a mellor proba dunha vontade política clara de poñer os intereses de Galicia por riba das puntuais opinións de partido.

Ese acordo programático recolle as directrices principais, as bases programáticas do que vai ser a acción de goberno nos vindeiros catro anos. Artéllase arredor de grandes eixes de actuación que atinxen á renovación democrática e ao afondamento no autogoberno, á creación de emprego estable e de calidade, á aposta pola educación e a investigación, á construción dunha Galicia socialmente avanzada, á reversión do proceso de deterioro do noso territorio

e á posta en valor do noso patrimonio cultural. Este é o camiño polo que imos avanzar de cara a converter Galicia no país que todos queremos. E imos facelo co aval dunha maioría cidadá que quere un país máis libre, máis rico, máis culto e máis moderno. Pero ese aval expresado nas urnas o pasado 19 de xuño non abonda, pois queremos que a sociedade galega se implique plenamente no cambio. Queremos que a sociedade galega, a través das súas organizacións políticas, sociais, económicas, culturais e cívicas participe ilusionada e activamente do proxecto que hoxe comeza. Imos abrir entre todos un camiño novo na historia de Galicia. Non esquecemos nin menosprezamos o feito ata agora. Ao contrario, valorámolo e agradecémolo porque é froito do traballo e do sacrificio por Galicia dos que nos precederon. Imos, por suposto, apoiarnos no que se fixo ben, pero permítanme que insista en que Galicia está diante dunha xeira nova, dunha nova oportunidade histórica que non podemos desaproveitar.

Reitero o meu compromiso, que xa explicitiei no meu discurso de investidura, de gobernar como presidente de todos os galegos. Galicia é unha tarefa común e este país ten unha das súas maiores riquezas na súa pluralidade interna. Todos os cidadáns e todas as institucións, sexa cal for as súas opinións ou a súa cor política, merecerán o mesmo respecto e atención do Goberno de Galicia. A procura dos máis amplos acordos e do consenso de todas as forzas parlamentarias nos asuntos cruciais para a nosa comunidade serán unha guía imperturbable da acción do meu Goberno.

Señorías, non poucas veces tivemos que escoitar todos os aquí presentes tópicos e lugares comúns relativos a unha suposta forma de ser que caracterizaría aos galegos de xeito pouco menos que inmutable: xentes submisas e indolentes, perdidas en soños pequerrechos ou en rifas mesquiñas, incapaces de faceren da súa terra o que a súa terra merece e demanda. Eu hoxe, aquí, quero dicir que non. Quero dicir con toda claridade que esa visión é a dunha Galicia falseada, unha Galicia pouco menos que inventada e inexistente. Non hai ningunha razón, hoxe menos que nunca, para que os galegos sigamos autoavaliándonos como un pobo pobre e remoto, condenado por non se sabe ben que deuses á eterna prostración e á mera supervivencia. Nin a pobreza, nin a dependencia, nin a submisión forman parte do noso código xenético. Non son máis que derivacións inducidas no imaxinario colectivo por unhas estruturas de poder caducas e por unha historia mal feita. Pero a historia non se detén. E a historia facémola nós, os homes e mulleres que vivimos aquí e agora. Somos herdeiros dun pasado, certamente, pero é decisión nosa elixir que parte desa herdanza queremos manter viva e cal queremos desbotar.



Fixémonos, pois, no mellor da nosa historia, examinemos o noso legado e sintámonos dignos herdeiros dos construtores das nosas catedrais, dos poetas que inventaron o amor e a primavera, da intelixencia dos nosos ilustrados, do espírito combativo e refinado dos nosos mellores escritores. Este é o país do Mestre Mateo e de Martín Codax, do Padre Feijóo e de Martín Sarmiento, de Rosalía de Castro e de Curros Enríquez. Eu quero sentirme hoxe legatario dese glorioso pasado, dese magnífico tesouro de beleza, dignidade e intelixencia que se prolonga durante todo o século XX en figuras senlleiras da arte e da literatura e que nos pon á par dos principais pobos de Europa.

Tamén a nosa historia política e intelectual máis recente nos brinda exemplos nos que poderemos tracexar un debuxo de Galicia ben distinto do que deriva do tópico malversador. O Goberno que dende hoxe presidirei quere recoller dignamente o testigo deixado no aire por tantos homes e mulleres que loitaron e morreron por unha Galicia mellor e que mesmo albiscaron a posibilidade dunha Galicia gobernada polas forzas que hoxe chegan ao Goberno da Xunta. Teremos sempre en conta o exemplo ilustrado e galeguista de Daniel Castelao, de Villar Ponte, de Ánxel Casal, de Xaime Quintanilla, de Ramón Piñeiro, de Carlos Casares e de tantos outros que dedicaron o mellor das súas vidas e a flor dos seus esforzos á chegada dun día como o que hoxe estamos a vivir. Ningún deles creu nunca nesa Galicia condenada ao fracaso e ao lamento permanente, e si nunha Galicia moderna, xusta e orgullosa de si mesma. Amparándome neles, apoiándome no mellor do noso pasado, convoco a todas as forzas políticas e sociais, a toda a cidadanía, a seguir traballando con entusiasmo e convicción pola Galicia que queremos.

Remato, señora presidenta, e non quero facelo sen mostrar a miña máis fonda gratitude a todas as persoas que traballaron durante tantos anos, dende o anonimato ou dende as responsabilidades públicas, a prol dun Goberno como o que hoxe nace. Quero expresarlle tamén o meu agradecemento ao Goberno de España, hoxe aquí representado polo Ministro de Administracións Públicas, don Jordi Sevilla, e á ministra de Agricultura e Pesca, dona Elena Espinosa, pola súa presenza neste acto. Fago igualmente extensivo este agradecemento aos presidentes das comunidades autónomas de Aragón, don Marcelino Iglesias; Asturias, don Vicente Álvarez Areces, e Cataluña, don Pasqual Maragall, polo honor que me fan acompañándome nestes momentos tan importantes para min e para Galicia.

Quero ter, por último, unhas palabras de recoñecemento e gratitude para os que me precederon no desempeño da presidencia da Xunta de Galicia.

2 de agosto de 2005

Antonio Rosón Pérez, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe e Manuel Fraga Iribarne, todos eles merecen unha moi especial lembranza. En nome de Galicia, grazas aos catro, pois coa súa entrega e vocación de servizo, contribuíron a facer máis grande e mellor o país de todos.

Nada máis e moitas grazas.

# COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, POR PETICIÓN PROPIA, PARA DEBATER SOBRE A REFORMA DO VIXENTE ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

29 de xuño de 2006

Señora presidenta, señoras deputadas e señores deputados:

O feito mesmo de que celebremos hoxe esta sesión plenaria é unha clara evidencia de que Galicia, a través do seu Parlamento, está xa mergullada nos traballos e no debate que deberán conducir á reforma do Estatuto de Galicia vixente desde 1981.

Desde un primeiro momento manifestei o meu desexo de que a iniciativa desta reforma nacesse neste Parlamento, de que aquí fose debatida e finalmente defendida e aprobada por todos os grupos que conforman esta Cámara. Ese é o camiño que se está a seguir. Eu quero facer explícita a miña gratitude ao Parlamento de Galicia, á comisión creada para estes efectos, ao seu presidente, o señor Cerviño, e a todos o seus integrantes polo labor realizado durante estes últimos meses. E quero facer extensivo este agradecemento a todas as persoas que compareceron diante desta comisión creada para impulsar o debate estatutario. Foron representantes de moi diversas asociacións, entidades e colectivos de toda índole, así como persoeiros e personalidades representativas das institucións locais e provinciais. Vaia para todas elas o meu recoñecemento polas súas contribucións.

Nestas comparecencias, como é lóxico, escoitamos propostas e posicionamentos distintos sobre os contidos e a orientación do que debe de ser o novo

estatuto, e nelas viuse reflectida a Galicia plural, pero tamén é certo que practicamente ninguén puxo obxeccións ao proceso reformador que a sociedade galega ve xa como unha aposta ilusionante e necesaria para o futuro da nosa comunidade. Ninguén quere que Galicia quede atrás, entendo que esa é a mensaxe. Grazas, pois, a todas e a todos.

O proceso posto en marcha recibiu unha nova e importante contribución o 17 de xuño, cando comparecín publicamente co señor Quintana para asinar, na condición de máximos representantes das dúas forzas políticas que sustentan o Goberno da Xunta de Galicia, uns criterios básicos para o logro dun estatuto de todos e para todos. Trátase, pois, dunha convocatoria ao diálogo, dunha proposta para sumar, nunca para restar nin para dividir.

Neste contexto comparezo hoxe na Cámara por vontade propia, e o debate monográfico que agora se inicia configúrase como un paso máis, aínda que moi relevante, polo que pode ter de catalizador no proceso que deberá levarnos á elaboración do novo estatuto de autonomía, á súa aprobación polo Parlamento de Galicia, polas Cortes Españolas e, finalmente, á ratificación en referéndum polos cidadáns galegos.

O noso debate estatutario, como vostedes saben, prodúcese nun contexto máis amplo ca o da propia Galicia, pois practicamente todas as comunidades autónomas españolas están xa implicadas en procesos similares. O tempo aberto polo proceso de reformas estatutarias que está a producirse no conxunto de España é un deses momentos históricos no que Galicia ten que volver dar o mellor de si mesma. É un momento decisivo no que o país non pode permitirse o luxo de quedar atrás dependendo do que fagan ou deixen de facer os demais. É un traballo certamente difícil no que todos deberemos de actuar con xenerosidade e mirar máis alá dos nosos intereses políticos particulares –moi pequenos se os comparamos cos intereses xerais de Galicia e de toda a cidadanía–. Hoxe, como presidente da Xunta de Galicia, constitúe para min unha obriga política e moral facer un chamamento ao conxunto da sociedade, e moi particularmente ás forzas políticas, para que entre todos consigamos o estatuto que lle dea a Galicia a posibilidade de seguir desenvolvendo plenamente todas as súas capacidades; un estatuto de todos e para todos, que deberá ser o froito do diálogo aberto e franco, da vontade de acordo e do máis amplo consenso político e social.

A construción do Estado das autonomías é un éxito histórico do conxunto do pobo español, do que todos, sen excepcións, podemos e debemos sentirnos orgullosos; un éxito, ademais, que non se limita ao político, ao administrativo

ou á organización territorial. Hoxe ninguén dubida de que o Estado das autonomías foi e é un elemento clave para o desenvolvemento socioeconómico, para o afianzamento cultural das comunidades con lingua propia e para unha maior participación dos cidadáns na vida pública.

Un dos principios fundamentais, un dos principios armadores do proceso e subxacente a todas as decisións tomadas nesta dirección, veu dado pola necesidade e pola vontade de facer compatibles igualdade e diversidade. Entender iso segue sendo crucial para unha comprensión cabal non só do proceso reformador no que hoxe andamos, senón tamén unha das claves determinantes da España contemporánea. O Estado das autonomías, señorías, é, sobre todo, unha forma razoablemente exitosa para a xestión da diversidade territorial e cultural, mantendo ao mesmo tempo o principio democrático básico de igualdade entre todos os cidadáns. As visións en branco e negro empeñadas en trazar unha liña divisoria infranqueable entre individuos e territorios, en opoñer estes dous conceptos coma se fosen inimigos totalmente irreconciliables, aboca inevitablemente a unha confusión da igualdade coa uniformidade e a unha incompreensión da realidade empírica da España plural. E a este respecto creo que pode ter interese constatar unha evidencia: o potente e intenso proceso descentralizador levado a cabo durante este último cuarto de século non xerou nunca na cidadanía alarmas sociais ou sensacións de risco sobre unha hipotética e indesexable fragmentación do Estado. É certo que o proceso autonómico se iniciou entre dúbidas e temores, ata certo punto lóxicos, pois do que se trataba era, nada máis e nada menos, que de converter un Estado ferreamente unitario nun Estado descentralizado que facía da diversidade un dos seus principios fundamentais.

Hoxe, porén, podemos afirmar que o desenvolvemento do Estado das autonomías durante xa vinte e cinco anos acabou suscitando un consenso moi xeneralizado na cidadanía sobre as novas vantaxes da distribución do modelo territorial, do poder territorial. Hoxe, o sentimento autonómico e identitario está firmemente asentado entre os cidadáns, que o fan compatible, sen conflitos nin dramatismos, con sentimentos de identificación locais ou coa conciencia de pertenza a esa realidade compartida arraigada nos afectos e na historia que é España, así como ao novo espazo político e económico que é a Europa unida, a Europa en construción.

É a propia Constitución, a Constitución española, a que propicia esa posibilidade certa de compatibilización de sentimentos de pertenza e a que fai posible esa pluralidade identitaria. E ese é un dos puntos fortes da nosa

Constitución: darlle carta de natureza, de recoñecemento xurídico, e mesmo facelo obxecto de especial protección, ao respecto á diversidade, a unha realidade territorial, lingüística e cultural cuxa pluralidade non puido ser nin abafada polo franquismo nin polas súas leis uniformizadoras, e que tampouco en ningún momento entra en colisión ou pon en perigo a necesaria e irrenunciable solidariedade interterritorial entre os cidadáns e os pobos de España.

O marco de respecto e de valoración da pluralidade que establece a Constitución é un punto no que todas as forzas políticas representadas nesta Cámara están de acordo, aínda que cada unha poida interpretar ese acordo engadíndolle distintos matices lexitimamente. Pero, en todo caso, é da Constitución, tanto da súa letra coma do seu espírito, coma das posibilidades de desenvolvemento que deixa abertas, de onde temos que partir inescusablemente á hora de emprender a reforma e alumear o novo Estatuto de autonomía de Galicia. Xa o dixen moitas veces: a Constitución é o marco da reforma, e todo o que fagamos deberá acollerse e adaptarse aos seus amplos, xenerosos e flexibles límites.

A outra condición, así mesmo imprescindible, que debe de producirse para que a reforma chegue a bo porto é o consenso político. Quero reafirmar con toda claridade, señorías, que o novo Estatuto de Galicia, o estatuto que saia da reforma que leve a cabo esta Cámara, deberá ser un texto que concite o acordo das tres forzas políticas aquí representadas. Ese é o estatuto que eu quero, un estatuto de todos e para todos, un estatuto que sume, que una, non que reste nin que divida. Ese é o estatuto que nos vai demandar a sociedade galega, un estatuto de e para a unidade, un estatuto que fortaleza a Galicia, non que a debilite, un estatuto que debe de ser, polo tanto, froito do consenso, do acordo, non de imposicións nin de episódicos triunfos partidarios duns sobre outros.

### **Oportunidade histórica**

Señorías, non estamos aquí para iso. Certamente, para a súa aprobación, o estatuto necesita do acordo das tres forzas políticas representadas nesta Cámara, pero isto é así non só por unha cuestión de orde legal, senón tamén pola nosa decidida vontade política, a de todos, de que sexa así; de maneira que o Estatuto será o estatuto de todos ou non o será.

Señorías, esta é unha oportunidade histórica para que Galicia teña por primeira vez en toda a nosa historia un estatuto no que non quede fóra ninguén, ningunha forza política representativa nin ningún sector da nosa sociedade.

Todos sabemos que as dúas experiencias estatutarias consignadas na historia de Galicia, a de 1936 e a de 1981, non conseguiron nunca ese acordo unánime, e, aínda que isto non lles resta nin un chisco de lexitimidade histórica e política, creo que non está de máis recordalo hoxe para facérmonos cargo da grandeza e do interese, do reto e da oportunidade histórica que temos diante.

O Estatuto de 1936, como todos vostedes saben, foi o froito do acordo de republicanos, de galeguistas, de socialistas e en xeral das forzas políticas agrupadas na Fronte Popular. Aquel estatuto non contou daquela co apoio dunha dereita política, que cometeu o gravísimo error de optar por vías de acción alleas á legalidade constitucional republicana. O Estatuto de 1936 nunca chegou a entrar en vigor, pero, a pesar de todas as mal dadas circunstancias que pesaron sobre el, o seu plebiscito, do que onte se cumpriron 70 anos, e a súa aprobación formal nas Cortes republicanas celebradas en Monserrat en 1938, resultarían fundamentais para que Galicia puidese ser incluída entre as comunidades merecentes da consideración de nacionalidade histórica ao chegar os anos da transición á democracia e da elaboración do vixente texto constitucional. E ao rememorar episodios relevantes para a historia de Galicia producidos durante aquel triste e desgraciado trienio negro que foi a Guerra Civil española, non quero deixar de citar o nome de Alfonso Rodríguez Castelao, pois foi el en gran medida o que co seu empeño, coa súa convicción e co seu traballo conseguiu que o primeiro estatuto de autonomía de Galicia puidese adquirir estado parlamentario naquelas Cortes *demediadas* e xa camiño do exilio. Castelao, xunto con todos os deputados galegos da República, sen distinción de credos ideolóxicos, que traballaron a prol do estatuto, fanse acredores do recoñecemento e da gratitude desta Cámara, moi especialmente nun día como hoxe e nun ano en que honramos a memoria dos que sufriron por causa das súas ideas e en defensa da legalidade.

Tras a plena restauración da democracia, expresada coa entrada en vigor da Constitución de 1978, Galicia incorpórase, xunto con todas as nacionalidades e rexións españolas, ao proceso que conduciría a un novo modelo de organización territorial que coñecemos como Estado das Autonomías. Ese é o proceso no que desemboca o Estatuto de 1981, que supuxo un gran esforzo de consenso por parte da maioría das forzas políticas que daquela operaban en Galicia. Foi tamén un estatuto que tivo que atravesar vicisitudes moi variadas, como aquela da aldraxe, a dun estatuto de segunda, tristemente célebre, e múltiples negociacións que finalmente desembocaron nos pactos do Hostal e no peche dun estatuto que lle outorgou a Galicia un amplo nivel de autogoberno.



O xefe da oposición, Alberto Núñez Feijóo, intercambia impresións con Emilio Pérez Touriño e Anxo Quintana González, nun receso dunha sesión parlamentaria.





O distanciamento do texto estatutario daquela por parte dun sector do nacionalismo, que iría evolucionando co tempo cara a posturas diferentes, a escasa participación popular no plebiscito do 21 de decembro de 1980, motivada por circunstancias políticas e sociais hoxe afortunadamente superadas, non lle restaron valor, lexitimidade e capacidade operativa a un texto que marcou, sen dúbida, a andaina autonómica de Galicia ata hoxe mesmo, e que fixo posible a experiencia de autogoberno máis importante en toda a historia de Galicia. Aquel 21 de decembro de 1980, e a pesar das circunstancias que concorren nel, foi tamén un gran día para Galicia.

Pero é necesario lembrar que a celebración daquel plebiscito foi consecuencia dun dilatado e complexo proceso previo; un longo e difícil proceso de negociación política no que houbo tensións e desacordos moi importantes, pero no que primou sempre o espírito de consenso, o espírito de unión e a vontade de chegar a acordos, poñendo a Galicia por riba das diferenzas partidarias, que daquela eran moitas e quizais moito máis relevantes aínda que as que hoxe temos. Aquelas negociacións constituíron toda unha lección de espírito construtivo e de xenerosidade, firme na defensa de Galicia e do seu autogoberno, pero tamén consciente de que todo pacto en democracia implica actitudes abertas dispostas ao diálogo e á cesión a prol de obxectivos comúns.

Vistos desde a perspectiva de hoxe e das circunstancias actuais, os Pactos do Hostal simbolizan un triunfo da vontade de unidade e da capacidade política para poñer os intereses de Galicia por riba dos intereses de partido. Velaí as razóns de carácter emblemático que o paso do tempo lles foi outorgando. Velaí tamén o porqué da súa dimensión referencial para o proceso xa iniciado hoxe da reforma estatutaria na Galicia actual. Os Pactos do Hostal, señorías, foron un exercicio auténtico de galeguismo por parte de todas as sensibilidades políticas que neles participaron, e non falo dun galeguismo retórico, tantas veces mal utilizado como coartada ou como instrumento ideolóxico vantaxista, falo dun galeguismo verdadeiramente actuante, operativo e eficaz, do galeguismo que implica o recoñecemento de que o interese de Galicia e dos galegos está por riba das nosas ideoloxías, das nosas siglas e dos nosos particulares posicionamentos políticos; do galeguismo que é capaz de demostrar que sabe e pode actuar inspirado por grandes principios de converxencia cívica. O galeguismo, tal e como eu o entendo, é un concepto inclusivo no que toda a cidadanía galega pode sentirse cómoda, útil, unida, independentemente das siglas partidarias coas que cada un lexitimamente se identifique. O galeguismo como idea transversal a todas as forzas políticas galegas é esencialmente pluralista,

e permite e mesmo impulsa a convivencia democrática pacífica e non forzada de distintos modos de entender ou de definir o país. Pero a súa referencia común é Galicia, a súa realidade histórica, a súa personalidade cultural, o seu desenvolvemento socioeconómico e o seu autogoberno político, e, por iso, o seu carácter nacional. Aí está o noso himno, aí está o día 25 de xullo que queremos proclamar todos como Día Nacional de Galicia. Por iso todas as forzas políticas representadas nesta Cámara poden con toda lexitimidade reclamarse galeguistas, pois todas elas comparten, desde distintos proxectos políticos, estes factores de identificación que acabo de citar, da mesma maneira que os comparte unha inmensa maioría da cidadanía galega.

Aínda máis, as tres forzas políticas que ocupan os escanos deste Parlamento posúen tradicións políticas propias que as incardinan neste amplo espazo do galeguismo; un galeguismo que, repito, é plural por definición e no que caben sensibilidades políticas, culturais e sociais moi diferentes, desde Alfredo Brañas ata Manuel María, desde Vicente Risco a Xaime Quintanilla, desde Manuel Murguía ata Ramón Piñeiro, pasando por Aureliano Pereira, Castelao, Casares Quiroga, Rafael Dieste, Portela Valladares, Santiago Álvarez Borobó, Alexandre Bóveda, Carlos Casares, Luís Seoane ou o recentemente falecido Xohán Ledo –e vaia desde aquí a miña lembranza e a miña homenaxe–, por citar só uns poucos nomes representativos que poden dar idea da variedade de doutrinas políticas, de modelos de sociedade e de crenzas individuais que se concitan e se concilian baixo a paixón e a apelación de Galicia e do galeguismo. Socialistas e conservadores, comunistas e liberais, nacionalistas e autonomistas, federalistas e rexionalistas, crentes ou non crentes, os nomes que acabo de citar son a máis contundente proba da hospitalidade plural do galeguismo e do extraordinario potencial dunha Galicia que nos debe unir por riba das siglas e das diferenzas partidarias.

### **Galeguismo transversal**

O galeguismo é política e socialmente transversal, está presente en todos os partidos do noso Parlamento, en todos os ámbitos ideolóxicos, en todos os sectores sociais e culturais. É un fenómeno amplo, plural, estendido e aceptado. Por iso, esta lista selecta de nomes propios que acabo de citar é moi pouca cousa se a comparamos coa que podería constituírse cos nomes de miles e miles de galegos e de galegas que día a día fan galeguismo nos centros de estudo e de traballo, nas empresas, nas universidades, e fan galeguismo porque estudan, investigan, arriscan, crean, innovan e traballan

responsablemente para que cada día esta terra sexa máis próspera, porque aquí está o seu futuro e o dos seus fillos e porque saben que nada do que lle ocorre a Galicia, ao país no que viven e do que queren sentirse cada día máis orgullosos, lles é alleo.

Debo dicir tamén que a proposta presentada o 17 de xuño xorde do máis escrupuloso respecto polo labor que arredor da reforma estatutaria está a desenvolver esta Cámara, e mesmo ten en conta as achegas coas que diferentes representantes de colectivos sociais, profesionais, culturais, académicos e políticos foron contribuíndo durante estes meses ás tarefas da comisión. O primeiro punto da proposta fai referencia á necesidade de que o estatuto reformado, o novo estatuto, recolla o carácter nacional de Galicia. Non se trata de ningunha concesión primordialista senón da necesidade dun recoñecemento máis nido, dunha realidade que xa avanza a propia Constitución española cando no seu artigo 2 consagra o dereito ao autogoberno de nacionalidades e de rexións. Esa distinción entre nacionalidades e rexións non supón ningún privilexio para as primeiras, pero si constitúe o recoñecemento dunha personalidade cultural que se expresa a través dunha lingua propia así como a constatación dunha vontade de autonomía política historicamente expresada. Este é o caso de Galicia, que a este respecto acada a mesma consideración xurídico-política que Cataluña ou o País Vasco. No momento actual comunidades que noutro tempo non contemplaron o acceso á autonomía pola vía do artigo 151 da Constitución ven agora como a propia forza das súas institucións e do desenvolvemento autonómico as invita a autodenominarse como nacionalidades históricas. E con idéntica lóxica as comunidades que outrora mitigamos o recoñecemento do noso carácter nacional a prol do consenso necesario na transición reclamamos agora a explícita plasmación desa identidade nacional, dese carácter nacional nos nosos estatutos.

Non se trata en absoluto dunha fuxida cara adiante senón dun desenvolvemento, señorías, que emana da propia lóxica da Constitución e do Estado das Autonomías. Este asunto magnificado noutros ámbitos e noutros foros non debería constituír motivo para o enfrontamento en Galicia, e moito menos para a crispación, pois o carácter nacional de Galicia está implicitamente recoñecido na propia Constitución, aínda que cunha formulación matizadamente distinta. Tampouco debería ser motivo de grandes discusións, porque os cidadáns non comprenderían que os galegos renunciásemos a manter o noso actual status constitucional e aceptásemos voluntariamente rebaixar o rango xurídico-político da nosa comunidade en relación con outras.

O segundo punto desta proposta de consenso fai referencia ao status que a lingua galega debe ter no estatuto reformado que saia desta Cámara, no novo Estatuto de autonomía de Galicia. A este respecto propónse con toda claridade a equiparación legal entre galego e castelán, de maneira que ninguén poida ser discriminado, explícita ou implicitamente, en función da lingua que utilice. Non se trata de impoñerlle nada a ninguén senón de garantir que todos os cidadáns poidan exercer os seus dereitos lingüísticos en liberdade e en igualdade. Esta é a principal vocación desta proposta. Pero, por suposto, subxace tamén nela o ánimo, compartido pola gran maioría dos cidadáns, de fornecer a lingua galega de mecanismos de potenciación e de crecemento, de protección legal e de promoción social, que axuden a normalizar e a estender o uso dunha lingua que é patrimonio de todos e que o propio texto constitucional considera merecente de especial respecto e protección.

O terceiro ámbito da reforma proposto fai referencia aos dereitos e aos deberes dos galegos do século XXI. O estatuto debe proceder a unha actualización dos dereitos e deberes que se recollen no seu texto, ampliando e actualizando estes en función das novas demandas, das novas expectativas e das necesidades das galegas e dos galegos. Trátase de incorporar ao noso texto estatutario novos dereitos da cidadanía que non necesariamente incluírán garantías xurisdiccionais, pero que deberán exercer unha acción orientadora da actuación dos poderes públicos. Ámbitos como o medio ambiente e a protección da paisaxe, o consumo, a participación política, a igualdade entre homes e mulleres, o acceso á sociedade da información deberán ser, a bo seguro, algunha das áreas que o novo estatuto incorpore na súa carta de novos dereitos e deberes.

Unha das claves que impulsan a promover a reforma do noso Estatuto de autonomía é, sen dúbida, centrar a necesidade de seguir aprofundando na exitosa experiencia de autogoberno. Por iso, o cuarto punto do acordo que estamos a presentarles insiste na pertinencia de reforzar ao máximo o ámbito competencial galego.

O novo estatuto deberá incorporar o máximo teito competencial permitindo polo ordenamento constitucional, establecendo cláusulas de salvagarda das competencias exclusivas e impulsando fórmulas de xestión cooperativa e consorciada nas competencias compartidas. Queremos máis autogoberno porque a experiencia histórica nos demostra con rotundidade que deste xeito as decisións están máis próximas aos cidadáns, e a participación política, a democracia, gaña en calidade e en extensión.

Tamén queremos máis autogoberno porque desexamos asumir a responsabilidade plena de programar, de xestionar e de executar as políticas públicas que sexan da nosa competencia desde o principio ata a fin. Pero tamén queremos que queden claras as áreas de competencia do Estado e da Comunidade Autónoma, de xeito que se eviten conflitos recorrentes, disfuncións e dualidades innecesarias. Iso lévanos directamente á necesidade de establecer un novo marco de relacións entre Galicia, o Estado e a Unión Europea, que é o que se recolle no quinto punto do acordo.

### **Comisión mixta**

Apostamos por unha Galicia que teña instrumentos válidos de participación naquelas decisións políticas que, afectando de xeito directo aos nosos intereses, han de ser adoptadas noutros niveis de goberno, xa sexa polo Estado ou pola Unión Europea. Ese marco de relacións debe estar presidido pola lealdade e a colaboración institucional. Neste aspecto o Estatuto deberá contemplar a constitución dunha comisión mixta entre a Comunidade Autónoma e o Estado como marco preferente para a cooperación, a resolución de conflitos e a participación de Galicia nas decisións que a esta afectan; un mecanismo formalizado de cooperación bilateral que deberá completarse coa participación directa de Galicia nos organismos multilaterais e nas institucións estatais comúns.

En relación coa Unión Europea, o estatuto artellará a participación directa de Galicia así como a lexitimación perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea para a defensa das nosas competencias e os intereses nos termos regulados polo ordenamento xurídico europeo. Non ten sentido que as comunidades autónomas sigan véndose abocadas a implementar políticas e directrices da Unión Europea sen poder expresar os seus intereses no curso da súa elaboración, dada a inexistencia de canles de representación.

O punto sexto refírese ao financiamento autonómico, porque non hai autonomía política real sen unha autonomía financeira que a faga posible. O obxectivo dunha autonomía financeira efectiva debe recollerse no estatuto, e o sistema de financiamento debe reducir substancialmente o peso das transferencias vía participación nos ingresos do Estado por un mecanismo de cesión total ou parcial de tributos, como é o propio dun sistema federal.

Por iso o estatuto debe establecer as bases dun sistema de financiamento que aseguren plenamente a suficiencia e a autonomía financeira da Facenda galega, tendo en conta as necesidades reais de gasto da nosa comunidade e

os elementos de diferenciación, como a dispersión e o avellentamento poboacional, e a partir de aí os recursos tributarios propios e da recadación territorializada dunha porcentaxe dos impostos estatais. Esa porcentaxe será obxecto de negociación entre Galicia e o Estado, e finalmente debe ser aprobada, concertada e negociada no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira. Así mesmo, a reforma do estatuto debe incluír a creación dunha axencia tributaria propia, que xestionará os tributos xerados en Galicia en colaboración coa Axencia Tributaria estatal.

Finalmente, como saben, no acordo asinado entre as dúas forzas políticas que integran, sustentan, o Goberno galego, inclúese un punto relativo á solución do déficit estrutural acumulado por Galicia. Este déficit –aínda hoxe evidente– é a clara expresión dunhas condicións históricas de desigualdade e esixe que Galicia siga sendo obxecto por parte do Estado de políticas de solidariedade tendentes á consecución dun maior grao de cohesión territorial e de cohesión social. A reforma do estatuto deberá servir para negociar un acordo financeiro co Estado que comprometa para Galicia un 8% do investimento estatal territorializable durante a próxima década, durante os próximos dez anos.

Señorías, estes sete puntos que acabo de presentarlles de maneira concisa, pero creo que suficientemente clara, parten da dobre convicción de que o consenso sobre eles é posible e de que a Constitución española é ampla e flexible dabondo para dar cabida a unha reforma estatutaria que recolla as orientacións que acabo de formular. Estamos diante dunha oportunidade histórica para optimizar as posibilidades que nos concede o autogoberno e para seguir mellorando nos índices de calidade democrática, de benestar social e de desenvolvemento económico; en definitiva, da nosa autoestima e do noso progreso colectivo como pobo.

Teño dito moitas veces, e non me importa repetilo unha vez máis, que non concibo unha Galicia á marxe de España nin de Europa, pero tampouco entendo aos que pensan que a fortaleza de España ou de Europa pasa por non fortalecer ou renunciar ás inmensas potencialidades de contribución e de ser deste país noso que é Galicia. A nosa aposta de hoxe segue estando presidida pola convicción de que a unidade e a diversidade son termos complementarios, de que non é posible a unha sen a outra, de que o pluralismo non é un factor de disolución senón un elemento clave para a riqueza convivencial e para o afondamento da democracia, para a calidade dela.

Desde a absoluta lealdade á Constitución, os sete puntos que propoñemos como eixos vertebradores da reforma do estatuto constitúen unha aposta por

unha Galicia con maior capacidade de decisión naqueles asuntos nos que o propio texto constitucional lle recoñece esta posibilidade. Supoñen unha aposta por unha Galicia con autonomía financeira e ao tempo solidaria co conxunto de España e cos obxectivos compartidos de cohesión territorial e de cohesión social. É unha aposta por unha Galicia decididamente implicada na gobernanza de España e con presenza directa na Unión Europea, unha Galicia que afirma a súa condición nacional e a súa personalidade cultural sen mingua dos estreitos lazos que a unen e a seguirán unindo co resto de España.

### **Un texto de primeira**

En definitiva, señorías, ao facerme eco nesta Cámara da proposta que veño de comentarlles, estoulles propoñendo a consecución dun estatuto de primeira para Galicia; un texto que defina sen complexos a nosa identidade, que promova a defensa da lingua propia, que recolla os novos dereitos da cidadanía, que delimite con precisión e reforce as competencias autonómicas, que estableza un novo e permanente marco de relación con España e a Unión, que fixe un sistema de financiamento baseado na suficiencia de recursos e na solidariedade e que garanta un nivel óptimo e imprescindible de investimentos estatais.

Na miña concepción, señorías, un estatuto de primeira é aquel que atina a darlle unha resposta axeitada ás principais demandas dunha sociedade que experimentou cambios e mutacións relevantes nos últimos vinte e cinco anos; somos un pobo con fame de futuro que xa non acepta os papeis secundarios que historicamente se veu condenado a desempeñar; unha sociedade que quere protagonizar, coas demais comunidades autónomas en pé de igualdade, a construción da España e da Europa do século XXI.

Na miña concepción, señorías, un estatuto de primeira é aquel que, sen mimetismos nin importación de moldes foráneos, non admite nin un milímetro de rebaixa fronte a ningún outro texto autonómico nin ningún recorte no que se refire á definición identitaria, ao nivel de financiamento e ás competencias ou ao catálogo dos dereitos da cidadanía. Somos diferentes pero nunca menos que ninguén; diferentes pero nunca menos. Na miña concepción, señorías, un estatuto de primeira é aquel que conta co apoio da inmensa maioría da sociedade galega, o que en termos democráticos supón que chega avalado por todas as forzas políticas que teñen asento neste Parlamento.

Ese é o camiño de Galicia cara ao seu estatuto; esa é a vía galega, o noso roteiro propio, específico e non ditado polo que outros poidan facer ou deixar de facer.



Señorías, Galicia non pode desempeñar un rol subalterno, tímido, acomplegado, no proceso de reformas xa aberto en varias comunidades autónomas con gobernos de distinta cor política. Nós, desde Galicia, desde o noso peculiar e matizado punto de vista, desde a reflexión sobre os nosos intereses particulares como país e sobre as necesidades de equilibrio e de cohesión do conxunto, podemos facer contribucións moi positivas a un proceso no que é inevitable que xurdan tensións e desencontros, pero no que estou seguro de que primará finalmente a boa vontade, o sentido común e a convivencia entre todos.

Señorías, eu convido a todas as forzas políticas representadas neste Parlamento, a cada un dos representantes da vontade popular que integran esta Cámara, a que afrontemos a reforma do noso Estatuto de autonomía desde a responsabilidade, a serenidade e unha necesaria amplitude de miras; convencidos de que nos atopamos diante dunha oportunidade histórica para facer o que nin sequera se puido facer no proceso de elaboración e aprobación do estatuto actualmente vixente: que todos, sen exclusións, academos un acordo, que todos sexamos capaces de poñer Galicia por enriba dos intereses lexítimos partidarios.

A consecución dese gran acordo estou seguro de que se producirá e que dará fe da nosa madurez política, pois supoñerá, inevitablemente, que todos, todos, renunciaremos a algo e que todos faremos o esforzo necesario de xenerosidade e de comprensión das razóns doutros. Pero isto será tamén unha demostración de respecto cara á vontade da cidadanía, que foi a que determinou co seu voto a composición deste Parlamento e que non entendería que ninguén quedase excluído do novo estatuto.

Remato xa, señorías. O Estatuto de autonomía é o texto que, xunto coa Constitución, enmarca a pauta da nosa convivencia. É, coa Constitución, o noso texto legal de maior rango. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia é, pois, unha tarefa de país que nos atinxe a todos e que vai esixir de todos nós unha actitude de gran responsabilidade e unha disposición para o consenso, para o acordo e a unidade, poñendo os intereses de Galicia por riba dos intereses de partido.

Apelo, pois, para concluír, novamente, ao galeguismo das tres forzas políticas representadas neste Parlamento, a ese galeguismo que é consecuencia da fe en Galicia, do amor a Galicia, e que en razón desa condición deberá ser tamén a garantía dun diálogo franco e aberto e a chave que abra as portas da unidade e do consenso para termos un estatuto do que se poderán

29 de xuño de 2006

enorgullecer todos os galegos e as galegas, as xeracións vindeiras; un estatuto que todas as forzas políticas e, sobre todo, as mulleres e os homes de Galicia, poidan ter e sentir como propio.

Moitas grazas.

# COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

3 de outubro de 2006

Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Cando hai pouco máis dun ano obtiven a confianza da Cámara para ser investido presidente da Xunta expresaba o meu recoñecemento e confianza no pobo galego, que acababa de optar polo cambio con serenidade e con firmeza.

Transcorrido este tempo, a miña confianza en Galicia e nos galegos aumentou e, se cabe, é aínda maior. A súa actitude nos momentos difíciles, a súa responsabilidade e madurez, que fixeron modélica a transición política, representa unha forza inmensa capaz de facérmonos avanzar e acadar as mellores metas como país.

Na investidura afirmei que o resultado electoral expresaba un profundo desexo de cambio, unha forte carga de esperanza, mais tamén de esixencia. Dixen entón que dedicaría todas as miñas enerxías e capacidades a responder a esa confianza e a cumprir coa palabra dada.

Foi por iso polo que conformamos un goberno paritario por primeira vez na historia da Autonomía e unha muller preside o Parlamento de Galicia; polo que o presidente do Goberno se somete ao control parlamentario en todos os plenos; polo que aprobamos unha Lei de transparencia e un rexistro público de subvencións e convenios por lei; polo que asinamos un pacto local con todos os concellos de Galicia; polo que estendemos a gratuidade dos libros de texto e creamos axudas para a compra de ordenadores e a aprendizaxe de idiomas no estranxeiro; polo que cumprimos o compromiso de liberar as peaxes de Rande e A Barcala; polo que aprobamos o salario da liberdade para as mulleres maltratadas; polo que impulsamos o pacto polo emprego; polo que garantimos a anestesia epidural e o parto sen dolor en todo o sistema sanitario; polo que puxemos en marcha, en fin, a reforma do Estatuto de autonomía mediante a correspondente ponencia parlamentaria. Porque este, señorías, é un goberno que cumpre cos compromisos adquiridos.

Señorías, cando hai un ano o pobo galego nos outorgou a súa confianza e asumín o temón dos asuntos públicos, Galicia era un país sen pulso, orfo de proxecto e de horizonte. Os síntomas eran claros: inercia na esfera da actividade económica; resignación diante dos estragos do territorio e as eivas dos servizos sociais; e descomposición no ámbito político, como consecuencia do esgotamento do proxecto desenvolvido nos tres últimos lustros. O tren encamiñábase, renqueante e minguido, cara a unha vía morta. Convén aclarar, señorías, que este diagnóstico non é da miña autoría exclusiva senón que foi compartido pola sociedade galega no seu conxunto. Por iso decidíu, nas urnas, o instrumento máis poderoso co que contan os pobos que viven en democracia: cambiar as agullas, inverter o rumbo e responsabilizármonos de aplicar unha nova folla de ruta.

A creación de emprego estable e de calidade, a aposta polo benestar e a cohesión social, a ordenación do territorio e o desenvolvemento sostible, e a revitalización dos mecanismos de participación democrática constitúen as catro pedras angulares do cambio que iniciamos este ano. O esqueleto dun proxecto fraguado para dar resposta a vellas demandas e ás novas necesidades, en sintonía coa propia maduración da sociedade galega.

Pois ben, señoras e señores deputados, comparezo hoxe nesta Cámara para render contas deste primeiro ano de travesía, avaliar o feito e sinalar as tarefas pendentes, realizacións consumadas, iniciativas en marcha e programas de futuro que se inscriben, todos eles, no marco deses catro grandes obxectivos que definen o noso proxecto estratéxico: un país que crea emprego

e igualdade de oportunidades para todos, un país socialmente xusto, un país cun territorio ordenado, un país forte democraticamente.

Presido un Goberno que mira cara a adiante, que se propón situar a Galicia no núcleo da sociedade do coñecemento, a única arma realmente eficaz para enfrontármonos aos desafíos e aos riscos dun mundo globalizado e cada vez máis competitivo.

Todo condutor responsable coñece o destino da súa viaxe e deseñou o itinerario máis rápido ou aquel que lle ofrece máis seguridade. Se é sensato, tampouco prescindirá do espello retrovisor, que lle permite coñecer a súa posición relativa e afrontar con garantías as manobras de adiantamento.

Tamén para os responsables da conducción pública é importante sabermos onde estabamos hai un ano e onde estamos hoxe.

Permítanme, xa que logo, antes de debullar o inventario detallado das realizacións nas distintas áreas de goberno, que describa en grosas pinceladas o contraste entre o «antes» e o «agora», o claroscuro entre unha situación de sombra que nos abocaba a unha rúa cega ou os primeiros pasos dados na dirección sinalada polas catro liñas de actuación compartidas.

Recibimos unha Galicia, señorías, anémica no eido económico. As estatísticas non deixan marxe á dúbida. A nosa comunidade ocupaba o furgón de cola en crecemento e as primeiras cifras en destrución de emprego. Esa marcha renqueante traducíase en perda de peso como país no conxunto de España, hemorraxia de brazos novos e dos cerebros mellor amoblados e unha das máis elevadas taxas de paro de todo o Estado, sempre por riba de dous díxitos.

Atopamos, señorías, un país de demografía minguante e de economía estancada, no cal once de cada cen activos estaban sen traballo. A día de hoxe, a taxa de paro atópase por debaixo do 9%. Galicia, foi nos últimos doce meses, a Comunidade Autónoma que máis recortou a súa nómina de parados e unha das primeiras en creación de postos de traballo: 30.000 ocupados máis no período citado. A día de hoxe, Galicia medra a razón dun 3,9%, dúas décimas por riba do xa forte crecemento da economía española, o que supón, sen dúbida, o inicio dun camiño de converxencia coas comunidades máis avanzadas e, aínda en maior medida, coas rexións máis prósperas da Unión Europea.

Hai quen quere atribuír esa reactivación económica e do emprego a factores, dinámicas e políticas externas. Non vou comentar o que esa posición comporta de impotencia, de pasividade e de desconfianza nas forzas propias.

É certo que, no marco dunha economía cada vez máis internacionalizada, o francotirador e o corredor de fondo non poden facer milagres. As cousas son,

efectivamente, máis doadas nun contexto de expansión xeral, e moitas dificultades son as cousas máis fáciles se as economías do contorno atravesan ciclos de expansión.

Tamén é certo que os empresarios e os traballadores son os grandes protagonistas nos procesos de creación de riqueza e de benestar. Nas súas mans descansa unha porción fundamental da responsabilidade do crecemento. Mais non debemos de esquecer, se facemos unha interpretación rigorosa e de boa fe, que os axentes sociais só poden xerar riqueza e emprego nun clima de estabilidade e de confianza, e se lles facilitamos as condicións e os instrumentos axeitados. Do contrario, se lles atamos as mans ás costas, non poderán desempeñar ese papel clave e dinamizador da nosa economía.

Señorías, a excelente evolución da economía española nos últimos anos explica en gran medida os froitos recollidos en Galicia neste último ano. Pero nós medramos máis e estamos creando emprego. Cómpre, polo tanto, para sermos xustos e, aínda máis, para sabermos se seguimos a orientación correcta, analizar as causas dese diferencial que, por unha vez, agora si, nos é favorable.

Historicamente, debido a razóns estruturais específicas, a economía galega tiña un comportamento anticíclico con respecto á economía española. A renda converxía en épocas de estancamento e afastábase da media cando as caldeiras da economía española funcionaban a toda presión. Esa tendencia, que os economistas teñen ben estudada, mudou significativamente este último ano: a un forte crecemento da economía española respondeu o noso sistema produtivo con taxas aínda máis elevadas. Demos, pois, un paso adiante no camiño da converxencia.

Haberá, polo tanto, señorías, que escudriñar nas razóns dese cambio, porque as causas non ocorren ao chou máis que nas novelas de Paul Auster. Eu propóñolles á súa consideración o primeiro deses factores: unha transición política cualificada de modélica polos axentes económicos e sociais e o clima de confianza e a estabilidade que se xerou arredor dun novo proxecto político reclaman unha boa parte deses dividendos. Soubemos, entre todos, porque o clima non só o crean os gobernos, preparar ese humus axeitado que alimenta o dinamismo económico. Os primeiros pasos dunha política económica dirixida prioritariamente a xerar oportunidades de traballo, as medidas de emprego postas en marcha con abundantes recursos e o esforzo investidor do Estado sen parangón ata os vindeiros orzamentos constitúen as causas adicionais deses resultados.

De cara ao futuro, señorías, propoñémonos pisar aínda máis forte o acelerador e seguir incentivando o despegue de Galicia, propoñémonos converter esta lexislatura na lexislatura do emprego e do crecemento do noso país. Unha modernización que debe obter os seus propios apoios máis importantes na construción de novas infraestruturas, na mellora das xa existentes, pero tamén, e sobor de todo, na innovación, no desenvolvemento tecnolóxico e na educación.

Recibimos unha Galicia cun lacerante déficit social que paseniñamente ía rillando os alicerces da sociedade do benestar, ancheando as desigualdades e mirrando os servizos públicos fundamentais. A educación era a parente pobre do orzamento, especialmente o ensino público, ao que progresivamente se lle ían subtraendo recursos, ora dos gastos do profesorado ou de funcionamento, ora do transporte escolar ou dos comedores, ora da súa incorporación á sociedade do coñecemento, degradando así o dereito á gratuidade e á igualdade de oportunidades. A sanidade arrastraba unha lousa dun déficit escandaloso, ás veces encuberto por unha maraña de fundacións á marxe dun estrito control económico e financeiro, movéndose subrepticamente cara á privatización dalgunhas das súas parcelas. Esa orientación e aquel lastre repercutían na calidade do servizo de saúde e supoñían unha ameaza dos dereitos fundamentais da cidadanía. Os sistemas de protección e asistencia aos nosos maiores, sobre todo a aquelas persoas cun elevado grao de dependencia, estaban colapsados como consecuencia da demanda suscitada nun país demograficamente envellecido e a impotencia, cando non ascetismo, das políticas sociais.

Un só dato ilustra á perfección a situación herdada. Galicia ofrecía 1,8 prazas en residencias por cada 100 habitantes, a metade xustamente da que marca a lei do Estado.

Completábase o cadro cunhas políticas de vivendas esmirradas na dotación económica, regresivas na distribución dos apoios públicos e insolidarias cos colectivos máis desasistidos, especialmente os mozos e as familias con menos recursos. A día de hoxe a educación, na dura faceta dobre de fonte de liberdade na sociedade moderna e instrumento de competitividade no mundo global, é unha das grandes estrelas da nosa axenda de prioridades e dos primeiros orzamentos deste Goberno. Por primeira vez na historia gañou peso no conxunto das contas públicas, o que se traduciu nun extenso abano de actuacións que máis adiante detallarei. A día de hoxe o sistema de saúde desfíxose das dúas terceiras partes do seu lastre financeiro; reduciu un 20 % os tempos de espera das intervencións cirúrxicas, ampliou a nómina

de persoal facultativo e de apoio, incorporou novas especialidades antes non cubertas polo servizo e acometeu ambiciosos proxectos de infraestrutura hospitalaria, mesmo acurtando os prazos de realización, como é o caso do Complexo Hospitalario de Vigo.

### **Grandes obxectivos**

A día de hoxe estamos colocando as bases para adaptar a Galicia a Lei de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Unha lei que suporá, xunto coas pensións, a educación obrigatoria e a gratuíta e a universalización e mellora da sanidade, a construción dun dos catro piares que sustentarán o Estado de benestar no futuro. Neste senso estamos a poñer as bases para a creación dunha auténtica rede pública de servizos sociais que dea resposta ás necesidades dos galegos en materia de atención aos maiores, aos dependentes e aos máis pequenos.

A día de hoxe, no marco do Plan de vivenda 2005-2008, leváronse a cabo máis de 32.000 actuacións, cifra que, para que se fagan unha idea da súa magnitude, duplica a relativa ao cuatrienio abranguido entre o ano 2002 e o ano 2005.

Queremos, pois, medrar intensamente, si, para redistribuír con equidade os beneficios xerados dese crecemento. Pero, señorías, non queremos crecer a calquera prezo. Crecer máis si, pero para crecer mellor. Afirmación que me conduce directamente ao núcleo do noso terceiro grande obxectivo. Recibimos unha Galicia territorialmente desequilibrada, en caótico e desordenado proceso de urbanización, con serios problemas medioambientais e con moitos depredadores á espreita para facer un festín entre as ruínas do abandono.

Hai tempo que os expertos en demografía nos ensinaron a distinguir entre dispersión da poboación e diseminación. Todos sabemos que Galicia presenta, efectivamente, un elevado grao de dispersión demográfica, ligada ao tradicional modo de vida e de produción que subsistiu ata épocas recentes. Máis da metade dos núcleos de poboación de España aséntanse no noso territorio, o que dá ao noso país a súa fasquía específica e propia.

Pero unha cousa é a dispersión que obedecía á lóxica económica e social da Galicia tradicional e outra ben distinta é a diseminación froito recente dun crecemento desordenado, acumulativo e caótico, indiferente a leis e normativas, que ameaza con deixar hipotecado o país por varias xeracións. Esa diseminación irracional que só responde á lóxica de «todo vale» e que converte en soar calquera leira, ata esfumar a fronteira entre o terreo agrario e o solo urbano, a que estraga áreas emblemáticas, a que degrada as nosas costas e as nosas



rías, cega as fontes en que beberon tantos dos nosos poetas e esquilma a fauna e a flora dos nosos ríos.

Esa voracidade alimentada polo lucro inmediato sen reparar nos custos sociais é a que reduce a calidade de vida en vilas e cidades, tan dependente como é das políticas urbanísticas e da normativa aplicada. Non pensen, señorías, que estou unicamente a referirme aos custos que se refiren ao futuro, aos nosos fillos e netos, o que podería alimentar o cinismo dos irresponsables que afirman «despois de min o diluvio». Non, estou a falar tamén da insostenibilidade dun modelo, por chamarlle dalgunha maneira, da súa inviabilidade a curto prazo; porque as finanzas públicas, o diñeiro que é de todos, que en definitiva achegamos cada un de nós ao erario común, non pode atender os servizos básicos que leva aparelado ese crecemento caótico.

Enterrar os nosos impostos para reencher as lagoas dunha xestión irresponsable converteríase nunha modalidade máis de dilapidación que non podemos consentir.

Señorías, asegúrolles que non pretendo facer tremendismo nin debuxar un cadro esaxeradamente negativo, nin exercer de fiscal na procura de negligencias e de responsables da desfeita. Polo contrario, si poño o acento nas eivas do noso desenvolvemento territorial non me guía outro propósito que o de facerlles fronte e aplicarlles o remedio oportuno entre todos. Identificar os problemas constitúe a premisa básica que precede a busca de solucións para poderlle poñerlles couto.

Cando este Goberno decide preservar o noso ecosistema fluvial, os mil ríos que caracterizaban o país do que falaba Cunqueiro, ao reconsiderar o marco das concesións hidroeléctricas; cando este Goberno proclama a defensa da Rede Natura e dos espazos protexidos e impide coa normativa na man a destrución dese patrimonio; cando este Goberno ergue a voz contra o feísmo que escalaza a fisionomía do noso país, ou cando suspende as agresións urbanísticas que estaban a sufrir algunhas das nosas máis fermosas vilas, este Goberno está proclamando a necesidade de facernos compatible o crecemento económico coa salvagarda do ambiente e coa conservación do patrimonio natural e construído, o mellor do noso país.

Porque un crecemento ordenado e harmónico sen desigualdades territoriais e sen aberracións urbanísticas quere dicir máis e mellor crecemento. Direi aínda máis, crecemento económico e aproveitamento racional do territorio e dos seus recursos non son termos antitéticos, senón as dúas partes dun binomio que se potencian mutuamente.

Desexo transmitirilles, señorías, a relevancia nuclear deste tema. Quixera contaxialos da ilusión para acometer esa tarefa que a todos nos comparte e aprobar entre todos esa materia pendente que, como unha chave mestra, nos pode abrir as portas do futuro ou pecharnos as cancelas do porvir.

Por iso quero propoñerlles hoxe aquí nesta Cámara, que representa a vontade de todas as galegas e os galegos, de forma solemne un gran pacto polo territorio e o desenvolvemento sostible, un grande acordo que, para materializarse, debe incluír a Xunta de Galicia, os concellos da Comunidade Autónoma, os axentes económicos e sociais e o principal partido da oposición.

O cuarto gran obxectivo que inspira a acción do Executivo é o incremento da calidade da nosa democracia. Recibimos unha Galicia sumida nunha crise institucional e política. O Parlamento, a expresión máxima da soberanía popular, estaba relegado a un papel subordinado; nunca o presidente da Xunta compareceu nesta Cámara para explicar problemas ou estratexias horizontais nin para someterse ao seu control, a non ser obrigado por unha moción de censura ou no debate anual sobre o estado da Autonomía.

O necesario diálogo social foi substituído polo «orden e mando», falábase de pacto cos concellos e mesmo de redistribución competencial sen que as palabras nunca tiveran chamado en nada concreto en dezaseis anos. As relacións co Goberno central, supostamente amigo, traducíanse en cifras esqueléticas e minguantes e o escurantismo presidía a xestión e as contas públicas mentres boinas e birretes se ensarillaban nunha loita sen cuartel.

Se probablemente todo Goberno acaba por ter a súa fotografía, a icona que condensa unha maneira de entender a política, a imaxe do tardofraquismo ficou prendida na retina de miles de galegos. Non foi, señorías, a célebre da cacería, da cal non quedou constancia gráfica, senón aquela fotografía que a moitos nos permitiu descubrir a existencia de Monte Pío. Con nocturnidade e aleivosía, con nocturnidade e aleivosía tratando de evitar –botando, iso si, man da carteira pública– a descomposición do partido gobernante daquela.

Faciase preciso, e así o entendeu a maioría dos cidadáns galegos, abrir un proceso de rexeneración democrática. Devolver ás institucións atribucións e prestixio, limpar e reactivar as canles do diálogo, as redes clientelares e dotar de transparencia a xestión dos asuntos públicos.

A día de hoxe, o Parlamento recobrou o seu papel medular que lle reserva o Estatuto de autonomía, malia que algúns se empeñan en introducir na Cámara prácticas filibusteiras.

O presidente da Xunta, que aparece diante do Parlamento cada vez que as circunstancias do país o esixen, e sométese ao control parlamentario en todos os plenos. O Pacto local subscrito coa Fegamp cando o novo Goberno aínda daba os primeiros pasos. O diálogo social acordado con empresarios e sindicatos avanza a través de seis mesas sectoriais e xa está ofrecendo notables froitos.

A primeira lei aprobada nesta lexislatura foi a de transparencia e das boas prácticas, á que seguirán de contado a Lei de publicidade institucional e a Lei de subvencións, un trípede legal que sostén e avala a vontade do Goberno de situar a súa acción nunha campá de vidro.

As relacións co Goberno de España están presididas pola lealdade institucional, a cooperación intelixente e as lexítimas reivindicacións galegas. O positivo resultado desa fórmula é ben visible no acordo sobre o financiamento da sanidade, o plan integral de emprego, a liberación das peaxes de Rande e A Barcala ou as novas transferencias á Comunidade Autónoma, e os orzamentos do Estado para o ano vindeiro certifican o éxito desa leal cooperación: a media do investimento estatal en Galicia máis que duplica as cifras do período do Goberno Aznar.

Señoras e señores deputados, acabo de resumir, en grandes pinceladas, os grandes vectores da política do Goberno que presido, así como os principais logros e as tarefas pendentes que nela se enmarcan.

Na segunda parte desta exposición debullarei o inventario, necesariamente non exhaustivo, das actuacións levadas baixo esas coordenadas. Non obstante, non podo rematar esta introdución sen facer referencia a un asunto que me ocupa e preocupa, que nos ocupa e preocupa a todos; estou a falar da reforma do Estatuto de autonomía, a ferramenta básica que debe facilitármolos a forza necesaria e a capacidade para acadar aqueles obxectivos. Nesta primeira mención do tema, quixera reclamar das tres forzas políticas representadas neste Parlamento xenerosidade e responsabilidade para superar dilacións innecesarias. Propoño, señorías, alcanzar un gran Pacto pola reforma do Estatuto de autonomía que nos permita mellorar significativamente a nosa capacidade de autogoberno e de decisión e evitar que Galicia se quede atrás.

### **A título de inventario**

Señorías, o emprego é unha das cuestións que preocupan de forma principal á sociedade galega, e, en consecuencia, a min como presidente. Consciente de que a mellora do emprego é unha tarefa que atinxe a todos os axentes económicos e sociais, fixen unha clara aposta dende o primeiro día polo diálogo

social, pola concertación e a corresponsabilización de institucións, empresarios e sindicatos, para conformar ese pacto polo emprego. O resultado desta iniciativa, case inédita en Galicia, é a posta en marcha de seis mesas de diálogo social, nas cales se abordan e negocian cuestións clave para o incremento do emprego, e, polo tanto, para o progreso social da nosa comunidade.

Consciente da falta de converxencia co resto de España en termos de emprego, decidimos incrementar por riba do 18% as partidas orzamentarias no primeiro presuposto do cambio. O Plan integral de emprego de Galicia, asinado co Ministerio de Traballo, permitiunos colaborar de forma conxunta co Estado, tamén por primeira vez na historia, para destinar máis de 190 millóns de euros a políticas activas de emprego.

Neste último ano, Galicia foi a comunidade autónoma na cal máis diminuíu o número de parados. O número de parados sitúase por debaixo dos 50.000, unha cifra que non se alcanzaba dende 1982. A taxa de paro caeu en dous puntos e medio respecto ao segundo semestre do ano pasado, e cun nivel do 8,6% xa está en parámetros similares aos do conxunto de España. O plan de choque contra o desemprego xuvenil que puxemos en marcha contribúe a reducir por enriba do 18% o paro nos xóvenes dende o comezo deste ano, mentres que o desemprego feminino descendeu en máis dun 6%. A estabilidade no emprego está avanzando. O número de contratos estables asinados dende o mes de agosto do ano pasado creceu por enriba do 24%.

Señorías, todos estes datos permítenme facer un prognóstico importante: o ano que vén crearemos máis de 35.000 novos empregos entre todos na nosa comunidade. Seguiremos poñendo en marcha medidas a favor dos traballadores, como o incremento das bonificacións, das cotas da Seguridade Social, para os cotitulares das explotacións agrarias; unha medida da que nos sentimos especialmente satisfeitos porque está a beneficiar máis de 10.000 mulleres do mundo rural. Galicia atópase nunha posición competitiva dende o punto de vista fiscal respecto ao resto das comunidades autónomas.

No caso do IRPF, manteremos a liña de diminución de impostos co descenso do tramo autonómico complementario ao descenso estatal. Esta redución suporá unha diminución do IRPF en Galicia superior ao 5,5%. No caso de imposto de sucesións e doazóns, Galicia é unha das comunidades punteiras. No eido empresarial, por exemplo, hai establecidas reducións do 99%, que a sitúan por diante da maioría das comunidades autónomas, e significativamente dalgunhas como Cataluña, Madrid, Valencia ou Baleares. Neste mesmo imposto, ou no caso dos menores de 21 anos, Galicia tamén conta cun

modelo só similar en dúas comunidades; modelo que supón a práctica non tributación para este grupo.

No ámbito das novidades tributarias para o ano que vén, podo anunciar que no caso do IRPF fomentaremos o autoemprego en mozos e mulleres, cunha dedución na cota íntegra de 300 euros para aqueles que inicien por primeira vez unha actividade económica en Galicia. Aos menores de 35 anos que queiran adquirir unha primeira vivenda rebaixaremos un 95 % do imposto de sucesións e doazóns para cantidades non superiores a 30.000 euros.

Señorías, impulsamos un novo modelo de crecemento baseado na innovación, na educación e na modernización empresarial e das infraestruturas. E neste senso, por iso, aumentamos as partidas destinadas a I+D+i nun 39 %; o investimento e modernización empresarial nun 25 %; un 13 % as infraestruturas e un 9,2 % as achegas para educación.

Mais estes presupostos expansivos caracterizáronse, xunto con iso, co rigor e coa transparencia. Mostra disto foi a supresión da Lei de acompañamento e a posta en marcha do Rexistro Público de Axudas e de Subvencións. E non podó deixar de mencionar os esforzos que, en termos de consolidación orzamentaria, nos vimos obrigados a abordar. O proceso de saneamento orzamentario das contas herdadas do ano 2005 concluíu coa absorción de máis de 400 millóns de euros non contabilizados e procedentes e arrastrados de exercicios anteriores.

Estes primeiros orzamentos actuaron, pois, como unha panca do crecemento económico e da melloría do noso país.

O produto interior bruto aumentou no segundo trimestre –dicía anteriormente– un 3,9 %, dúas décimas máis que o trimestre anterior, e un rexistro superior ao do conxunto español por segundo trimestre consecutivo.

Galicia, señorías, lidera o crecemento industrial en España durante o que vai de ano 2006, rexistrando un crecemento máis de cinco puntos por enriba sobre a media española.

Señorías, en síntese: logramos inverter o modelo. Hoxe Galicia crece, e crece máis que España e que Europa. Lideramos a redución do paro, lideramos a redución do paro, creamos emprego de calidade e melloramos as oportunidades de mozos e mulleres.

A educación e a formación, ademais de ser factores determinantes para a cohesión e a igualdade, son un instrumento potentísimo para a mellora da produtividade e da competitividade. Por iso, ese incremento do presuposto en educación, por primeira na democracia, por riba do esforzo presupostario

xeral. E dígolles, señorías, que imos seguir facendo todos os esforzos necesarios para que o incremento orzamentario supere o 20 % –como comprometemos no debate de investidura–, o 20 % ao remate da lexislatura.

O meu compromiso, o compromiso do Goberno que presido, é que Galicia lle dedique á educación o 6 % do seu produto interior bruto, tal como ocorre nos países da Europa máis avanzada.

As novas tecnoloxías, o multilingüismo, son elementos que debemos garantir e potenciar para acadar a competitividade dos nosos estudantes. Podo anunciarlles que ao longo do vindeiro ano todos os centros escolares disporán de acceso ás redes de información. Destinaremos máis de dezaseis millóns de euros a dotar os centros de PC, portátiles, encerados dixitais e o acceso a Internet.

En relación coa ampliación das capacidades lingüísticas dos nosos alumnos, seguiremos a desenvolver medidas como o proxecto de inmersión na lingua inglesa para o alumnado de primaria ou a ampliación do Plan experimental de seccións europeas, que xa no curso 06-07 aumentará nun 50 % as seccións europeas do noso sistema, en francés e inglés.

Revisaremos a actual rede de escolas oficiais de idiomas, para a súa ampliación naquelas cidades ou vilas onde sexa necesario.

A mellora da formación profesional é outro dos meus compromisos. O obxectivo é poder poñer en marcha o vindeiro ano 2007 o II Plan galego de formación profesional, un plan vital que garantirá unha formación profesional adaptada ás necesidades reais de man de obra cualificada que demanda, efectivamente, o tecido produtivo.

Señorías, estamos a traballar para que as nosas universidades teñan ese nivel científico e académico, competitivo e comparable coas mellores de Europa.

Propoñémonos acadar un financiamento do ensino superior equivalente a un punto do noso PIB.

Xa neste ano duplicamos os orzamentos de programas autonómicos de bolsas para o alumnado e o profesorado do Sistema Universitario Galego, e destinamos preto de catro millóns de euros ao Programa de consolidación de unidades de investigación competitivas. O próximo ano destinaremos a este programa practicamente o dobre, sete millóns de euros, a ese mesmo obxectivo básico.

A principios do 2007 presentaremos o Observatorio Científico e Tecnolóxico do Sistema Universitario Galego integrado, que nace co obxectivo de promover un seguimento e unha avaliación continua da produción científica e das capacidades en I+D+i asociadas ao contorno universitario.

A innovación e o desenvolvemento tecnolóxico é outro dos piares deste novo modelo. Ten como obxectivo crear máis riqueza, máis emprego e máis benestar.

No ámbito da extensión da sociedade da información a toda Galicia, anuncio que poñeremos en marcha o Plan de extensión da banda ampla, co obxectivo de que a nosa comunidade se sitúe ao fronte do conxunto de España, onde nin comunidades como Andalucía, Cataluña ou Madrid teñen en marcha plans similares.

Este plan permitirá en primeiro lugar mellorar o acceso a Internet, asegurando que os accesos en banda ampla cheguen a prezos razoables á práctica xeneralidade dos fogares e das empresas, con independencia da súa radicación xeográfica en zonas urbanas ou rurais de Galicia.

E, en segundo lugar, prestar todos os servizos de banda ampla, como son a Internet de alta velocidade, telefonía, televisión dixital e servizos de datos, ás empresas en máis do 80 % dos municipios cabeceiras de comarca e en máis de medio centenar de concellos, dos cales a metade pertencen, xustamente, ás zonas de menor renda de Galicia.

O Plan Galego de I+D+i, aprobado pola Xunta, será unha importante panca para o seu desenvolvemento, xa que investirá máis de 800 millóns de euros nos vindeiros catro anos na mellora da calidade da investigación, na priorización do capital humano, ao cal dedicaremos 200 millóns, e na implicación das empresas, decisiva na súa contribución ao I+D. Propoñémonos dar o salto histórico, de que as empresas pasen a achegar do 37 % actual a un 50 %, ao gasto total e a un compromiso coa innovación e o desenvolvemento galego tecnolóxico. Deste plan, prevemos que o investimento dedicado a I+D+i pase do raquíctico 0,8 % actual a un 1,5% do PIB e que o número de investigadores se duplique, chegando no ano 2010 aos 10.000 investigadores no sistema de ciencia e tecnoloxía de Galicia.

Estamos comprometidos coa creación dunha rede de centros de excelencia na nosa comunidade. É vital que este país dea ese salto en competitividade e en tecnoloxía. Neste senso, xa asinamos co Ministerio de Educación a implantación en Galicia de catro centros de referencia: o Centro de Investigación de Tecnoloxías da Vida, o Centro de Investigacións Mariñas do Atlántico, o de Ciencias do Patrimonio Cultural e o Centro de Investigación aplicada en tecnoloxía computacional e matemática.

Esa rede completárase coa posta en marcha de plataformas científicas e tecnolóxicas de referencia, como o Centro de Investigación de *Software* na

Coruña, a Cidade do Mar e o Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes de Vigo, o Parque Científico-Tecnolóxico de Santiago, o Cetal de Lugo ou o parque tecnolóxico de Ourense.

Neste sentido, quero subliñar que a recentemente creada «Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento», da cal forma parte a Xunta coas tres universidades e as principais empresas de Galicia, deberá ser e será un instrumento fundamental para incrementar o atractivo e a capacidade de sedución económica e tecnolóxica da nosa terra.

Por suposto, outro elemento de vital importancia para o desenvolvemento económico son as infraestruturas; un ámbito no que é aínda necesario realizar esforzos de envergadura para garantir plenamente a mellor accesibilidade e a mobilidade no noso territorio.

O Plan de infraestruturas de transporte de Galicia 2007-2013 será o elemento central que permita xerarquizar a rede de estradas de Galicia, afrontando as necesidades da comunidade a curto, medio e longo prazo. Este exercicio de planificación, señorías, non se realizaba neste país dende o ano 1990, e permitíranos cumprir o obxectivo comprometido de cada cidadán de Galicia se encontre a menos de 30 minutos dunha vía de alta capacidade.

Os obxectivos deste Plan de infraestruturas xa se ven reflectidos nas actuacións levadas a cabo ao longo deste mesmo ano. Estanse a reformular proxectos para lograr redefinir unha rede de alta capacidade homoxénea, segura e de futuro, como ocorre agora coas vías de alta capacidade que se poñen en marcha na Costa da Morte, a vía de alta capacidade Nadela-Sarria-Monforte, a vía de alta capacidade Brión-Noia ou a Tui-A Guarda. O noso obxectivo, dito con toda claridade, é que non se repitan casos como os lamentablemente famosos da vía rápida da Barbanza, nin homoxénea nin segura nin de futuro, pero que precisamente estamos comezando a transformar.

Por primeira vez, nos últimos anos, crece, e crece substancialmente, un 70 %, o presuposto destinado á conservación de estradas e multiplícase por seis o gasto na redución de tramos de concentración de accidentes.

A Xunta de Galicia aborda por primeira vez de cheo, dando a cara, fai súa a loita pola seguridade vial, porque é unha loita pola cidadanía. Neste sentido podo anunciar a presentación do Plan galego de seguridade viaria para finais deste ano. Por certo, que xa empezamos a conseguir dobrar esa tendencia, e hoxe os datos que nos proporciona a Dirección de Tráfico nos permiten subliñar que xa logramos reducir nos dous últimos meses da intervención a fondo nun 25 % o número de falecidos nas nosas estradas.



En materia de planificación de infraestruturas, estamos a elaborar o Plan estratéxico de plataformas loxísticas, co obxectivo de superar a nosa debilidade de ser periféricos e operar coa vantaxe estratéxica de contar cun sistema portuario, que é unha porta de saída cara aos mercados internacionais.

O potencial de actividade económica dos nosos portos é enorme, por iso dende o primeiro momento promovemos a coordinación estreita e a colaboración de todos os portos galegos e traballamos agora nunha ampliación e remodelación básica e de futuro dos portos de Vigo, da Coruña, de Ferrol, de Marín e de Vilagarcía.

Por outra banda, o Plan director de portos deportivos definirá as necesidades actuais e futuras, as súas localizacións máis axeitadas para a creación e dotación de instalacións náutico-deportivas, dende unha perspectiva de desenvolvemento sustentable e de máximo respecto polo noso borde litoral.

Sen lugar a dúbidas, outro dos elementos claves, dentro do noso sistema de transportes, é o transporte ferroviario. Seguimos apostando pola mellora das conexións ferroviarias en Galicia, así como polo ferrocarril de alta velocidade, tanto na conexión con Madrid como con Portugal. Con Portugal pasamos a ter un papel activo no grupo de traballo de alto nivel para impulsar a conexión ferroviaria Vigo-Porto, potenciando ao máximo a implicación do Goberno portugués e do propio Goberno de España.

O AVE experimentará un avance significativo durante o ano 2007, pois todos os tramos entre Ourense e Santiago e entre Madrid e Valladolid estarán ou ben en obra ou ben en servizo. Tamén estará totalmente en obras o tramo central entre Medina e Lubián, e o Lubián-Ourense estará licitado no próximo ano. Igualmente estarán licitadas todas as obras do Eixo Atlántico entre Santiago e Vigo, como xa o están, en obras ou en servizo, as de Santiago-A Coruña.

Grazas ao asinamento do convenio entre o Ministerio de Fomento, a Xunta e o Concello de Vigo para definir as condicións da integración do Eixo Atlántico nesta cidade, o proxecto da saída Sur de Vigo, que facilitará os tráxicos cara a Portugal e que, polo tanto, ten unha importancia estratéxica para o conxunto do país, pódolles dicir que sairá inmediatamente a información pública.

En materia de estradas de competencia estatal, referireime só á actuación máis relevante na conexión de Galicia co exterior, a autovía do Cantábrico, para confirmar que cumprimos e que estará en obras ou en servizo na súa totalidade, na conexión con Galicia, ao longo do ano 2007.

Respecto á actuación na mellora da mobilidade nas áreas urbanas, cuestión básica para o noso país, desenvolveremos actuacións en materia de estradas

como a terceira ronda da Coruña, a ronda leste de Lugo, a circunvalación leste de Ourense, as variantes de Vilagarcía e de Marín, o novo acceso de Pontevedra, o plan sectorial de Vigo, e ademais traballamos no impulso de novas alternativas de transporte colectivo, de transporte público, cos estudos do metro da Coruña e Vigo ou a mellora do transporte ferroviario na área metropolitana A Coruña-Ferrol.

O Plan integral de transportes de Galicia, a Lei de transportes de pasaxeiros por estrada, actualmente en redacción, serán as ferramentas de planificación global que terán como finalidade principal a plena consolidación dun sistema integrado de transportes intermodal, tanto nos ámbitos metropolitanos como os comarcais ou os rurais.

Continuamos a aposta decisiva pola mellora do transporte público colectivo no ámbito metropolitano, rebaixando os prezos –transportando e facendo crecer a demanda a favor do transporte público– en cada billete e mellorando a calidade. En Ferrol, A Coruña e Santiago xa dispoñen deste servizo e estase a traballar no resto das cidades da nosa comunidade.

Finalmente, gustaríame destacar, aínda que sexa brevemente, que, coa colaboración co Ministerio de Fomento, a demanda permanente, fixemos posible o cumprimento dunha promesa reiteradamente incumplida por todos os gobernos anteriores do Partido Popular –teño que dicilo–, que tiveron unha oportunidade clara para resolver o problema cando venderon a AP-9. Privatizaron o maior patrimonio de infraestruturas de Galicia, pero non o solucionaron.

Agora si, agora hai un goberno que cumpre, que logrou liberar a peaxe dos tráfico cativos de Rande e A Barcala cunha solución para todos, para todos e para sempre. Unha solución da que xa se benefician máis de 10 millóns de desprazamentos.

Señorías, en materia de solo industrial faremos, por primeira vez, unha planificación de solo industrial e tecnolóxico para os vindeiros anos, cun criterio global, cun criterio de xerarquización do país e das súas necesidades.

Co programa *Galicia suma*, crearemos máis de 20 millóns de metros cadrados de solo industrial, o que nos permitirá consolidar e impulsar a actividade empresarial de Galicia, crear emprego e apostar polo reequilibrio territorial, ao tempo que frear as tendencias á deslocalización. O orzamento total do programa achégase aos 2.000 millóns de euros, e neste momento xa se están desenvolvendo 13 proxectos de diversas características nas catro provincias galegas.

En materia enerxética, os obxectivos da Xunta de Galicia céntranse na mellora da eficiencia e na diversificación imprescindible das fontes de enerxía. Nesta dirección, a estratexia ENERGOS constitúe un ambicioso programa de actuacións nos ámbitos da xeración de infraestruturas e na eficiencia enerxética, cun investimento próximo aos 400 millóns de euros para o período 2006-2009.

O Goberno que presido aspira a poder recuperar parte dos beneficios que a enerxía produce. Por este motivo estamos a dialogar coas empresas para a próxima implantación dun canon de utilización de auga que nos permita reverter en Galicia parte dos beneficios que se xeran pola explotación dos nosos recursos, sen que repercuta nas tarifas.

Galicia, que foi pioneira no desenvolvemento de fontes de enerxía renovable, como a enerxía eólica, na cal temos a vocación de seguir mantendo esa posición de vangarda, á vez que queremos potenciar a enerxía solar, os biocombustibles e a biomasa.

Señorías, a dinamización económica e social de Galicia pasa tamén por un mellor aproveitamento do noso potencial endóxico. O turismo e o comercio forman parte, sen dúbida, deste potencial propio. Queremos levar a cabo unha profunda mutación, axeitada aos novos tempos e demandas, en materia turística; un cambio que aposte pola renovación e a cualificación da imaxe de Galicia como un territorio con enormes valores paisaxísticos, culturais, patrimoniais, e como un país acoledor.

Este cambio estará baseado en catro grandes eixos: a promoción, a desestacionalización, a formación e a innovación e a aposta pola calidade. Para desenvolver estas medidas poremos en marcha unha nova lei de turismo de Galicia, que ordene, diversifique, mellore e promova a promoción dos nosos inmensos recursos.

Crecer en igualdade. A aposta social. Señorías, o noso obxectivo prioritario é avanzar na consecución dunha sociedade máis cohesionada, máis segura e tamén máis xusta. Neste obxectivo desempeñan, pois, un papel clave áreas como a educación, a sanidade, os servizos sociais e a vivenda. A calidade é o lema arredor do cal queremos artellar o sistema educativo público en todos os seus niveis, moi especialmente nas primeiras etapas da educación, que marcan definitivamente a conformación do noso alumnado; e nese segmento é onde temos que facer un esforzo moi importante de apoio ás familias.

Medidas como as axudas económicas por fillo a cargo, de 360 euros; ou programas como a atención ás familias monoparentais, expresan o compromiso

do Goberno galego no apoio ao labor das familias. Estamos facendo un importante esforzo para a mellora dos comedores escolares. A nosa meta é que ao rematar xa este ano o 40 % dos centros escolares de Galicia teñan un servizo de comedor.

Quizás unha das medidas con maior e máis xeneralizada repercusión pública, entre as moitas levadas a cabo polo Goberno en materia de política social, foi a relativa ao Programa de gratuidade dos libros de texto. Xa neste curso, os libros de texto de toda a educación primaria e a metade de secundaria son gratuítos. Esta medida está a beneficiar a máis de 100.000 familias galegas. E o meu compromiso é que, no vindeiro curso, os libros de texto sexan gratuítos en todo o ensino obrigatorio, o que beneficiará preto de 140.000 familias galegas.

A gratuidade, señorías, é unha medida progresista e xusta, como o son as axudas de 300 euros para que as familias de rendas baixas poidan adquirir un ordenador e incorporarse á sociedade do coñecemento. Este ano convocaremos unha nova liña de axudas para que 5.000 novas familias se poidan ver beneficiadas.

Señorías, desenvolver medidas de apoio ás familias supón avanzar na dirección dunha conciliación imprescindible entre a vida familiar e a vida laboral. Medidas como a incorporación da figura do acompañante no transporte escolar van xustamente nesa dirección, e este curso incorpóranse 607 novas rutas, e podo adiantarlles que o obxectivo é que ao remate deste curso escolar 2006-2007 estean implantadas o 93 % das rutas con acompañante escolar.

Na etapa de educación infantil –dicía– temos que redobrar esforzos para converxer, que estamos lonxe nos índices esixibles de atención, e iso require unha atención especial. Este mesmo curso contrataremos 80 profesores de apoio aos centros de educación infantil nas catro provincias, co obxectivo de mellorar as ratios de profesor por alumno.

As medidas relacionadas coa aprendizaxe de idiomas estranxeiros van continuar e incrementarse nos próximos anos. Pretendemos mellorar a formación dos nosos rapaces nun aspecto no que a sociedade galega presenta tradicionalmente importantes déficits. Estas medidas están tamén concibidas dende a perspectiva do avance na igualdade de oportunidades. Foron familias con rendas baixas as que se beneficiaron este pasado ano das 300 prazas destinadas a alumnado da ESO e do bacharelato, e dotadas con 2.000 euros por persoa, para que realizasen estadias formativas en idioma no estranxeiro. Este ano duplicaremos o número de rapaces e rapazas que poderán optar a pasar un mes no verán, nun país estranxeiro, aprendendo idiomas.

Estamos, pois, a poñer en valor o traballo, tantas veces mal comprendido, que desenvolven os profesionais da educación con medidas como o incremento da oferta pública para funcionarios docentes, aumentándoa case nun 50% respecto ao ano anterior; ou mediante un acordo estratéxico –un auténtico pacto pola docencia– que significa a mellora retributiva de 32.000 docentes e a súa homologación cos traballadores das comunidades autónomas con mellores percepcións.

A redución do fracaso escolar tamén está a ser obxecto de medidas específicas, como o Programa Proa, en que este ano participarán xa 76 centros da rede educativa de Galicia.

### **Servizos públicos**

Señorías, gobernar consiste, en primeiro lugar, en facer que funcionen, e que funcionen ben, os servizos públicos. E o servizo que máis marca o nivel de benestar dunha sociedade teño para min que é a sanidade.

Quixen, quixemos outorgarlle ao dereito á saúde e á atención sanitaria un lugar senlleiro nas ordes de prioridades do Goberno. Convén lembrar, por certo, que os resultados da segunda conferencia de presidentes, na que participei activamente, permitiron que o Sergas reducise a súa débeda en dous terzos, de 325 millóns de euros a 109. Paralelamente, dende o Goberno apostamos claramente por políticas sanitarias proporcionando o maior incremento das transferencias, cunha suba de case un 12%, que equivale a 330 millóns de euros máis.

Queremos reformular o sistema sanitario galego. Queremos ir a un modelo onde os conceptos de planificación, de xestión, de calidade e de participación sexan realidades constatables diariamente polos usuarios, pola cidadanía. Esas ideas, esas catro grandes, son as guías do noso proxecto para a sanidade.

Podo anunciarlles, neste senso, a presentación da Lei de saúde de Galicia no Parlamento a finais deste ano 2006, e que o anteborrador, o borrador do anteprojecto dunha nova Lei galega en materia de drogas, será remitido ao Parlamento no primeiro semestre do ano 2007. A este paquete de medidas súmaselle o Programa de saúde mental e o Plan integral de atención á saúde das mulleres, que estarán xa en funcionamento o vindeiro ano.

Sen dúbida, o establecemento efectivo do dereito á segunda opinión médica, a declaración da vontade vital anticipada, amplían os dereitos dos usuarios da cidadanía galega sobre as actuacións sanitarias. E cumpriremos co

compromiso de crear a figura do Vedor do Paciente, que xa está redactado o seu anteproxecto, polo que podo anunciarlles que será unha realidade o ano próximo.

Xestionar eficientemente é unha das directrices básicas da política sanitaria. Desenvolvemos un programa de compras integrado para o Sergas, así como un plan de uso racional do medicamento, que están a permitir a redución de custos a través dunha prescrición que ten que avanzar en ser máis razoable e máis eficiente.

A modernización e o rigor na xestión permitiunos elaborar un Plan de xestión de listas de espera e de uso dos recursos hospitalarios, no que por primeira vez se fixa transparentemente un obxectivo de redución de listas de espera. Logramos reducir o tempo medio de espera en 27 días, e marcámonos como obxectivo que a final deste ano a media de espera sexa de 95 días. Cando chegamos era de 137. Investiremos 150 millóns de euros no Plan de tecnoloxías da sanidade galega, na rede de saúde, para poñer en marcha a historia clínica única electrónica e a receita electrónica. Ademais, neste primeiro ano cumprimos cos nosos compromisos: a dispensación gratuita da pílula poscoital, a anestesia epidural, o parto sen dolor –que hoxe é xa unha realidade nos hospitais públicos galegos, cun porcentaxe dun 60 % de petición–, ou o Programa de asistencia bucodental infantil, que ampliaremos ata a idade de 14 anos.

Remato xa este breve repaso á sanidade, pero non quero sen referirme antes ao que é, sen dúbida de ningún tipo, o principal activo do noso sistema sanitario: os profesionais da sanidade. A loita contra a precariedade traducíuse na redución nun 5 % da taxa de interinidade e no compromiso efectivo e cumprido de convocar bianualmente concursos oposición para as prazas vacantes. Mellorar a calidade do sistema sanitario galego, dos profesionais, vai en beneficio de todos. Por iso estou seguro de que o proxecto de integración do persoal das fundacións públicas sanitarias e empresas públicas no réxime estatutario do persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Sergas vai ser unha medida amplamente valorada e recoñecida nos próximos meses.

Por certo, iniciamos melloras nos principais centros hospitalarios e de saúde de Galicia; continúa a construción dos que estaban, como o Hospital de Lugo, e aprobamos –dicíao anteriormente e reitéroo– o que será o gran novo hospital de Vigo, no que o Goberno galego investirá un mínimo de 600 millóns de euros. Do mesmo xeito, están en execución obras de ampliación, mellora ou construción de 39 centros de saúde e planifícase a construción doutros 41.

O desenvolvemento de políticas de benestar e de igualdade é a base da construción do social dun país cohesionado, dun país xusto, onde non haxa lugar para a exclusión, para a marxinação nin tampouco para a discriminación por razóns de xénero. Quero empezar o repaso deste capítulo reafirmando unha vez máis o compromiso do Goberno galego, o meu propio como presidente, na loita contra a violencia de xénero, unha loita longa e difícil que debe implicar a toda a sociedade, unha loita na que non existen medidas milagrosas, pero que vai seguir sendo unha prioridade para un goberno paritario como o que presido.

Este compromiso vai ter inmediata expresión neste Parlamento, xa que o próximo mes de novembro chegará á Cámara o Proxecto de lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Un proxecto que incorpora medidas que van dende a sensibilización social ata programas de asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica e medidas de formación e de inserción sociolaboral ás mulleres vítimas de malos tratos. Un proxecto legislativo que, por certo, vén precedido polo acordo interinstitucional para a mellora na atención ás vítimas, pola implementación dunha liña de axudas económicas de ata 600 euros mensuais para as mulleres maltratadas, pola creación de nove unidades xudiciais de valoración forense ou polos trámites xa realizados para a implantación en Vigo do primeiro xulgado dedicado aos delitos contra as mulleres.

De forma inmediata someteremos tamén a debate nesta Cámara a Lei galega para a inserción laboral das mulleres, que establecerá medidas concretas para o avance na consecución da igualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral, na conciliación da vida familiar e profesional e na participación das mulleres nos órganos de dirección das empresas.

O compromiso do Goberno coas políticas sociais reflíctese no obxectivo de duplicar no curso desta lexislatura o gasto social ata chegar a o 7% do gasto público total. Comezaremos por sentar as bases da Rede Galega de Escolas Infantís para asegurar a ampliación dun servizo educativo, ou propiamente das chamadas tamén garderías públicas. No que vai de ano comezaranse a tramitar 59 convenios de construción de escolas infantís con 56 concellos de Galicia.

O Goberno márcase o obxectivo de construír máis dun centenar de escolas infantís en toda Galicia, para o cal cuantificamos un investimento de 29 millóns de euros, que permitirán crear 6.000 novas prazas para nenos e nenas menores de 3 anos. Estamos, pois, a poñer as bases dun novo modelo de

xestión na prestación dos servizos sociais que supere o ata hoxe vixente, caracterizado por unha oferta insuficiente e polo seu carácter fragmentario tanto na xestión como na cobertura territorial.

O reto é converter nun dereito dos cidadáns o acceso ao sistema público de benestar. Este é o espírito da nova Lei de servizos sociais que trasladaremos ao Parlamento no primeiro trimestre de 2007. Esa lei será unha peza fundamental no avance cara á creación dun sistema integrado de servizos sociais en Galicia. Permitirá tamén abordar os retos da aplicación da chamada Lei de dependencia, para a que recibiremos, grazas ao acordo alcanzado co Ministerio de Trabaño e Asuntos Sociais, un financiamento suplementario de 60 millóns de euros.

Consecuentemente, a creación da Sociedade Galega de Servizos Sociais, en alianza coas dúas grandes caixas e o Consorcio de Servizos Sociais, estruturas pioneiras no novo modelo de xestión que propugnamos, son pasos importantísimos para a creación desa auténtica rede pública de servizos que de resposta ás necesidades dos galegos e das galegas.

No vindeiro ano poremos en marcha un servizo de transporte adaptado para que as persoas maiores dependentes poidan seguir vivindo nas súas propias casas, sen necesidade de seren trasladadas a unha residencia. Con este servizo, que se denominará 065 –en referencia á idade do colectivo ao que vai dirixido–, aquelas persoas que precisen acudir ao médico, a un centro de día ou achegarse a unha administración disporán dun medio de transporte axeitado para poder facelo.

O noso obxectivo –como dicía– é ambicioso, é reverter unha situación herdada na que soamente existían 1,8 prazas en residencias para maiores por cada 100 habitantes. Comprometémonos a aumentar as prazas nas residencias para maiores. Para iso crearemos un total de 45 novos centros de maiores en toda a comunidade, que ofrecerán servizo a 1.350 persoas, xunto con 11 centros de día específicos para o tratamento e atención de pacientes de alzhéimer, que se situarán nas capitais de cada provincia e nas principais cidades da comunidade. Esta rede pública completárase coa creación de 77 novos centros nos próximos tres anos, en colaboración cos concellos galegos, a través do Consorcio Galego para as Políticas de Benestar, no que xa están integrados 88 municipios, e que permitirá crear 4.000 postos de traballo. Esta medida contará cun esforzo inversor nunca feito, de 130 millóns de euros.

O acceso á vivenda segue a ser unha preocupación importante para un bo número de cidadáns; sobre todo para a xente nova e para as familias con recursos máis escasos. Para facilitar o acceso á vivenda, o Goberno galego



traballou durante este ano fundamentalmente en catro liñas: a posta en funcionamento de superficie de solo residencial nas principais cidades de Galicia, a construción de vivendas de promoción pública, a compra de inmobles para rehabilitación e alugamento e a elaboración do Plan de vivenda 2005-2008. A través deste plan –diciá antes– leváronse só neste ano máis de 32.000 actuacións –cantidade que dobra o do cuatrienio anterior– destinadas á xuventude, ás persoas maiores de 65 anos e aos cidadáns con rendas baixas. O 2007, señorías, será o ano da vivenda. Dedicaremos 50 millóns de euros á construción de máis de 2.000 vivendas de promoción pública.

Respecto ao alugamento modificamos as axudas existentes para axustalas á legalidade e evitar que o sistema permitira abusos como permitía e distorsións como existían coas que se viñan producindo. O novo programa de alugamento desenvolverá con todas as garantías os obxectivos de facilitar o acceso á vivenda a persoas que máis o necesitan.

### **O activo da cultura**

O Goberno galego entende que a cultura e as múltiples actividades que se desenvolven arredor dela é un dos grandes activos do país, dun país que queremos construír, e está chamada a fortalecer aínda máis ese papel –teño a convicción– nun futuro inmediato.

Contamos cun extraordinario patrimonio histórico e artístico, que este Goberno se compromete a protexer e a poñer en valor. Evidentemente, neste campo foi a Cidade da Cultura o primeiro e máis importante expediente herdado co que nos atopamos tan pronto tomamos posesión. Realmente co que nos atopamos, señorías, foi cunha infraestrutura de extraordinarias dimensións, practicamente rematada en catro dos seus contedores, cos seus custos descontrolados e cun deseño de contidos máis propio do século XIX que do século XXI, decidido sen ningún tipo de consulta cos axentes culturais e sen ningunha participación da sociedade; un auténtico despropósito na súa concepción e na súa descontrolada xestión.

A vixente decisión do Goberno de suspender temporalmente as obras dos dous únicos edificios pendentes de execución deste gran complexo arquitectónico discorreu en paralelo á decisión de abrir un proceso participativo sobre a redefinición do futuro da Cidade da Cultura. Un proceso que é tamén de reflexión e de traballo e no que están a tomar parte significados representantes de distintos sectores culturais co obxectivo de fornecer esta importantísima infraestrutura de contidos apropiados a un proxecto de futuro.

O noso obxectivo, o meu, como presidente, é poder converter a Cidade da Cultura en algo útil para toda a sociedade, rendibilizar ese gran investimento público. Traballamos para darlle a volta á situación, e converter un desastre nun éxito, involucrando as mellores enerxías e iniciativas da nosa sociedade, públicas e privadas, para facer deste complexo arquitectónico un referente internacional e unha plataforma de posicionamento de Galicia na industria cultural.

Entre os proxectos culturais relacionados co patrimonio, que impulsaremos durante o próximo exercicio, quero destacar a elaboración da Lei de arquivos e da Lei de museos de Galicia. E entre os proxectos máis significativos, a recuperación e posta en marcha do valor do camiño primitivo de Santiago.

Outra importante iniciativa no ámbito cultural foi a elaboración do Proxecto de lei do libro e da lectura, xa a tramitación nesta Cámara. É unha norma que deberá ter notables efectos dinamizadores nunha comunidade como a galega que segue a presentar déficits considerables en canto aos seus hábitos lectores.

O mundo do audiovisual foi tamén obxecto da atención do Goberno. Destinamos axudas por valor de cinco millóns de euros a unha variada gama e potenciación das producións audiovisuais. Incrementaremos o apoio ás artes escénicas e ás compañías profesionais de teatro, e racionalizaremos e reordenaremos o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Estas actuacións van a ser complementadas coa reforma da Lei do IGAEM e coa creación do Centro Coreográfico Galego.

Durante este primeiro ano de lexislatura marcamos un rumbo distinto na política deportiva. Esas novas directrices tiveron tres grandes obxectivos: potenciar o deporte de base, fomentar o deporte feminino e facilitar o acceso á práctica deportiva de colectivos con necesidades especiais. O Goberno prepara para o ano vindeiro ano un gran proxecto para o potenciamento do deporte escolar e traballa xa no que será a Lei do deporte de Galicia.

Quero pechar este bloque da Galicia social facendo referencia á inmigración, un fenómeno que en Galicia non está a alcanzar as dimensións cuantitativas nin tampouco as connotacións trxicas que presenta noutras comunidades autónomas. Pero debemos de estar alerta e traballar en positivo co obxecto de facilitar a integración social das persoas inmigrantes que están a vivir ou a chegar a Galicia nos próximos anos e que deberán chegar. O Goberno da Xunta de Galicia está a elaborar o Plan galego de inmigración, que terá un horizonte temporal de catro anos e que se aplicará durante o cuatrienio 2007-2010.

Queremos crecer, crecer en igualdade e crecer mellor. Medio ambiente e territorio, señorías. A Xunta de Galicia opta inequivocamente polo crecemento e polo desenvolvemento económico, polo progreso. Velaí están os primeiros resultados. Queremos un desenvolvemento económico intenso e sostido, pero tamén sustentable e equilibrado en termos ambientais e territoriais. Quero dicir con isto que o crecemento non pode facerse a conta da destrución do territorio, da contaminación das rías e do deterioro paisaxístico. Durante este primeiro ano de lexislatura temos dado mostras máis que suficientes do carácter prioritario que ten para o Goberno que presido a protección do noso medio ambiente e da calidade de vida dos nosos concidadáns.

No marco da supervisión de aproveitamentos hidroeléctricos procedemos á suspensión de trinta e dúas concesións de minicentrales hidroeléctricas, co fin de preservar, tanto o contorno fluvial como os propios leitos, do impacto e a sobreexplotación á que viñan estando sometidos.

Puxemos en marcha o Plan de apoio ao desenvolvemento sustentable dos parques naturais e da Rede Natura, creamos o Centro de Investigación e Información Ambiental de Galicia en Lourizán, e o próximo ano imos poñer en marcha a Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

Cúmprense, señorías, quince anos dende que a Unión Europea estableceu a obriga de depurar as augas residuais das poboacións de máis de 2.000 habitantes, quince anos. O 31 de decembro do pasado ano remataba o prazo para o cumprimento desta directiva europea, pero cinco anos antes, en decembro do 2000, remataba o prazo con respecto ás poboacións de máis de 15.000 habitantes.

A situación coa que nos atopamos, ademais de incumprir gravemente a directiva, afecta tamén gravemente a calidade das augas das rías e, polo tanto, aos cultivos mariños do noso país. Estamos plenamente comprometidos para rematar esta situación que herdamos.

Podo anunciarlles a posta en marcha do Plan de saneamento integral das rías e da depuración das augas, polo que se licitarán, nos dous próximos anos, vinte e dúas novas estacións depuradoras, cun investimento de 330 millóns de euros, e que sanearán, entre outras, as rías de Pontevedra, Vigo e Arousa, A Coruña, Ferrol e Betanzos, a Costa da Morte e a Mariña luguesa.

En relación co tratamento de residuos, estase a redactar o borrador da Lei de xestión integral dos residuos.

Como xa levo dito varias veces, facer compatible o crecemento económico coa protección ambiental pasa por unha corresponsabilización de todos os

actores sociais, económicos e políticos da nosa comunidade. Experiencias como a recentemente vivida no río Umia non deben volver repetirse, polo que o Goberno da Xunta vai intensificar a inspección de instalacións potencialmente perigosas e vai proceder a endurecer as sancións pertinentes.

Por certo, quero dende aquí solidarizarnos en nome da Cámara e do Goberno cos afectados polas torrenciais chuvias de onte, que saiban e que teñan a seguridade que dende o Goberno tomaremos todas as medidas necesarias para paliar e recuperar esa situación.

Teño a seguridade de que no empeño de seguirmos desfrutando dun medio natural saudable e xerador de riqueza para o país imos contar –estou convencido– co apoio da inmensa maioría dos cidadáns, como xa ocorreu neste ano, cando tivemos que trasladar diversos proxectos de elevado custo ambiental e paisaxístico que poderían poñer en perigo ou introducir graves riscos en espazos emblemáticos ou protexidos pola lexislación comunitaria.

Queda, sen dúbida, moito por facer neste campo. Aprobaremos de modo inmediato a Lei de protección de paisaxe, que permitirá poñer en valor e preservar o mellor dos nosos recursos naturais. Crearemos a marca de calidade Parques Naturais de Galicia, e redactaremos os estudos para a futura declaración como parques naturais de Ancares, Courel e o Macizo Central Ourensán, e a ampliación dos espazos da Rede Natura 2000.

A conservación do noso medio natural e a preservación do territorio esixen tamén de actuacións claras e decididas no ámbito da ordenación territorial e do urbanismo. A ordenación do territorio non pode ser vista como un freo ao desenvolvemento da nosa comunidade, todo o contrario. Digo sempre que queremos crecer máis e de forma ordenada. Trátase de asumir a responsabilidade que temos para garantir un desenvolvemento territorial equilibrado. Non podemos esquecer que o urbanismo é unha responsabilidade pública que debe servir para construír cidades máis habitables, para garantir o acceso á vivenda dos cidadáns e para mellorar a súa calidade de vida. Ese é o sentido do urbanismo.

Ademais, a sociedade galega debe ter claro que este Goberno está comprometido a garantir o cumprimento da legalidade en relación co urbanismo. Queremos poñerlles fin aos comportamentos que teñen como regra a infracción da lei ou a excepción ao seu cumprimento.

### **Territorio e sostenibilidade**

Por iso quero hoxe propoñer aquí –dicía antes–, nesta Cámara que representa a vontade de todos os galegos e as galegas, de forma solemne, un gran

pacto polo territorio e o desenvolvemento sustentable. Un gran acordo que, para materializarse, debe incluír –dicía– a Xunta de Galicia, os concellos da comunidade autónoma, os axentes económicos e sociais e o principal partido da oposición

Todos somos imprescindibles nesta tarefa:

A Xunta de Galicia, porque lle corresponde liderar e deseñar o proceso, propoñer as liñas estratéxicas e as pautas de actuación, e plasmar, nos correspondentes proxectos de lei, o contido dese pacto nacional.

Os concellos de Galicia, porque son as institucións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, ademais de depositarios de amplas competencias en materia de ordenación territorial e urbanística.

Os axentes sociais, pola transcendencia económica que implican a reordenación do territorio e as regulacións sobre o uso do solo.

E o principal partido da oposición, porque estou propoñendo, señorías, un modelo sustentable, estable e duradeiro, que non dure unha ou dúas lexislaturas, senón que ten vocación de permanencia a través das próximas xeracións e, xa que logo, non pode estar sometido aos vaivéns da alternancia no poder.

Ese pacto que lles propoño debe partir de tres condicións previas.

A primeira premisa consiste na convicción de que a ordenación do territorio, o reequilibrio, non son só compatibles co crecemento, senón que configuran a panca do desenvolvemento sustentable e as mellores ferramentas para a mellora da competitividade.

Nunca interpretaremos a protección da paisaxe, o coidado do ambiente, a preservación dos recursos, como unha parálise, un freo ou unha rémora da actividade económica. Todo o contrario, a riqueza dese legado é a mellor plataforma para mellorar as rendas e satisfacer as demandas do benestar social.

A segunda condición estriba no deseño dunha política urbanística ao servizo da calidade de vida na cidade e no medio rural, non suxeita a movementos especulativos ou a intereses inmobiliarios que, incluso sendo lexítimos, non teñen por finalidade última mellorar a vida cotiá da cidadanía. O urbanismo ten que estar, exclusivamente, ao servizo dos cidadáns e transformar as cidades e as vilas en espazos auténticos de convivencia social.

O terceiro requisito que debe cumprir ese pacto polo territorio consiste en asumir o imperio da lei, en respectar escrupulosamente a normativa actual ou a que decidamos aprobar entre todos democraticamente. Unha normativa que, en todo caso, debe ser absolutamente transparente e clara nos seus

preceptos, sen buratos legais nin posibilidades de dobre lectura que permitan interpretacións fraudulentas ou subterfuxios para esquivala.

Este pacto estará sustentado, señorías, en tres piares: as Directrices de ordenación do territorio, o Plan territorial integrado do litoral, que estarán presentados ambos no ano 2007, e a inmediata Lei de medidas urxentes de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O Plan de inspección urbanística, xa en funcionamento, que dará orixe á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no ano 2007, construírá un dique de contención dos abusos e converterase nunha guía da reordenación territorial e dun potente crecemento.

Estou convencido de que estes textos e instrumentos, xunto coas iniciativas e as propostas que xurdan das institucións, dos axentes e das forzas políticas que antes mencionei, serán unha boa base para o debate que debería callar nese gran acordo polo territorio e o desenvolvemento sustentable do país.

Señorías, estoulles a falar dun crecemento sustentable, si, pero dun crecemento equilibrado.

O Goberno que presido non vai persistir nun modelo de crecemento que parte Galicia en dúas, que abre un abismo entre unha Galicia próspera e dinámica e outra Galicia pobre e envellecida. Ese compromiso ten unha expresión de gran calado no Plan de reequilibrio territorial de Galicia, que incorpora só para este ano investimentos por valor de 200 millóns de euros e que terá continuidade no período 2007-2013.

A finalidade deste Plan de reequilibrio é promover o desenvolvemento económico e a cohesión nas áreas máis desfavorecidas de Galicia, con actuacións concretas nos ámbitos das infraestruturas, o equipamento de servizos e a dinamización económica.

Algunhas zonas de Galicia que presentan problemáticas específicas, marcadas por numerosos déficits, necesitan tamén dunha atención particularizada para impulsar o seu desenvolvemento. A Costa da Morte é un bo exemplo do que lles estou a dicir. Isto é o que levou ao Goberno a elaborar un plan de carácter anual e integral que destina 524 millóns de euros para actuacións na Costa da Morte no período 2006-2010.

A dinamización social de Galicia pasa por modernizar a súa base produtiva. A pesca segue a ser un dos sectores máis importantes da nosa economía. O Goberno galego está a favorecer o emprego e o mantemento da actividade pesqueira, de acordo cunha consideración integral dos aspectos biolóxicos, económicos e sociais da xestión pesqueira.

Estamos a redactar o anteproxecto da Lei de pesca, unha norma básica, xusta, axeitada ás necesidades do sector e á protección dos recursos, que dará resposta á realidade social e ás inxerencias de futuro do sector. Esta lei chegará ao Parlamento este ano e substituirá a lei do ano 1993.

Outra das prioridades no eido pesqueiro é a aprobación do Plan galego de acuicultura, que ten como obxectivo apoiar o desenvolvemento do sector, compatibilizando a actividade empresarial co respecto ás políticas ambientais.

No medio rural temos que pór en valor as terras con vocación agraria. Este é o obxectivo do anteproxecto de Lei de conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras, que vai a fornecer dun novo valor boa parte das 800.000 hectáreas que agora mesmo se atopan abandonadas ou infrutilizadas dentro do territorio galego.

A revalorización do medio rural, da súa base económica e produtiva, é tamén o obxectivo do Plan de investimentos e infraestruturas no medio rural, modificado polo Goberno con criterios de transparencia e de eficacia.

Asináronse xa preto de 180 convenios con concellos, por un montante investidor de 40 millóns de euros para o próximo período 2006-2007.

### **Loita contra o lume**

Non quero estenderme sobre o carácter excepcional e inusualmente virulento da vaga de lumes forestais que entre o 4 e o 14 de agosto se estendeu por unha boa parte de Galicia. Lembrarei, iso si, uns poucos e moi significativos datos que dan unha idea clara e precisa da magnitude da crise á que nos tivemos que enfrontar este verán.

Durante eses once días, producíronse 1.651 incendios, unha cifra que triplica a rexistrada nos mesmos días do ano anterior, cunha media de cinco focos de lume por cada un deles. Moitos destes lumes, como saben, centráronse en zonas costeiras, urbanas e semiurbanas, zonas moi habitadas e cunha poboación tamén diseminada.

Tampouco me vou estender sobre a resposta inmediata dada pola Xunta de Galicia a esta crise. Abonda con dicir que a forza humana e material mobilizada para atallar o ataque incendiario non ten parangón na recente historia de España: 8.562 bombeiros, axentes e soldados –sen contármolos con varios miles de voluntarios–, 946 vehículos diversos e 72 avións e helicópteros.

Tampouco vou entrar, por suposto, no xogo das descualificacións e das culpabilizacións. A este respecto só lles quero dicir que o Goberno galego asume as súas responsabilidades, do mesmo modo que outros terán que

indagar nas súas e asumilas con valentía. Pero non ten xa sentido seguir mirando atrás, se non é para analizar, para estudar e para investigar o que pasou e, sobre todo, para dispoñer as medidas necesarias para que nunca máis volva ocorrer. Esa é, agora mesmo, a actitude construtiva que a sociedade estou seguro que demanda ás forzas políticas, tanto das que apoian o Goberno como das que ocupan os escanos da oposición.

Quero reiterar formalmente o meu convite ao Partido Popular para que se una, sen máis dilacións, aos traballos da Comisión de Incendios constituída nesta Cámara, para que faga alí as súas críticas, esixa toda a información que estime necesaria e achegue todas as propostas e alternativas que considere pertinentes; o Parlamento é o seu sitio.

Se houbo algo que se fixo plenamente evidente nos lumes deste verán é que o modelo, señorías, ata agora vixente para afrontar este problema xa non vale. É un modelo baseado exclusivamente na extinción, de resposta diante do lume, pero que deixa intactas, absolutamente intactas, as raíces dos incendios, as súas causas estruturais e permanentes.

Este Goberno vai cambiar ese modelo. E imos empezar a cambialo negándonos a aceptar, como unha fatalidade irremediable, que Galicia arda cada verán. Imos ir directamente atallar as causas estruturais que fan posible que Galicia se queime un verán tras outro.

Queremos desenvolver un modelo que nos permita combater os incendios cando estes se producen, e combatelos coa máxima rapidez e coa máxima eficacia. Pero queremos tamén eliminar as causas que lle serven de mecha e de combustible aos lumes.

O obxectivo do Goberno é artellar unha estratexia de loita contra o lume fundamentada en tres eixos: a reformulación dos sistemas de extinción, o deseño dunha nova política forestal que poña en valor o monte e avanzar cara a un modelo territorial alternativo ao crecemento difuso, desordenado e moitas veces caótico que caracteriza o urbanismo en moitos lugares de Galicia.

Quero reafirmar de novo o compromiso que xa expresei nesta Cámara cando comparecín a petición propia, en nome do Goberno, para informar sobre a vaga de incendios. Durante o próximo exercicio Galicia disporá, para afrontar eses tres obxectivos, doutros tantos mecanismos legais: unha Lei de emerxencias, unha Lei de montes e unha Lei de medidas urxentes de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

E mentres eses textos legais, que desenvolven o novo modelo, non estean aprobados e sexan efectivos, lémbrolles que o Consello da Xunta aprobou



xa recentemente un Plan de recuperación forestal e ambiental, dotado con 126 millóns de euros, e que actuará nos próximos tres anos sobre 200.000 hectáreas de territorio galego en áreas como a planificación forestal e a ordenación; a revalorización do monte queimado; a rexeneración de hábitats e o investimento en infraestruturas e equipamentos para a actuación en casos de emerxencia.

Xuntamente con esta actuación sobre o territorio damnificado polo lume, a Xunta aprobou tamén un decreto de axudas urxentes, por valor de 13 millóns de euros, a engadir aos 53 millóns de euros que o Consello de Ministros aprobou na mesma dirección. Por certo, teño que lembrar que é a primeira vez que o Goberno de Galicia aproba axudas con motivo dos lumes, a pesar de que Galicia arde cada ano.

Non nos confundamos, a loita contra o lume é unha loita de país; unha batalla na que todos os galegos e as galegas nos xogamos moito; unha batalla que Galicia ten que gañar e que vai gañar. Non podemos nin queremos, señor Núñez Feijóo, prescindir nesta loita do Partido Popular.

Esta loita tamén é a súa, e os cidadáns non van entender que vostedes se neguen a participar nela. É necesario un gran pacto galego en defensa do monte e contra os incendios forestais. E aí teremos que estar todos: a Xunta, a Fegamp, as deputacións, os partidos políticos, as organizacións cívicas e os cidadáns, poñendo todos, por riba dos nosos intereses particulares, a defensa do bosque, da natureza e do paisaxe de Galicia; a defensa das nosas árbores e deste vello territorio noso, que segue a ser unha peza clave do noso futuro.

### **Diálogo e interacción**

No meu discurso de investidura dixen que a renovación democrática de Galicia ía constituír un dos principais eixos da acción política do Goberno saído das eleccións do cambio. A vontade do Goberno é que Galicia se converta nun exemplo de sociedade democraticamente avanzada. Un país onde o diálogo e a interacción entre o Goberno e a sociedade sexan continuos; onde o Parlamento ocupe, efectivamente, un lugar central na vida pública; un Goberno e un presidente que comparecen habitualmente, e con total normalidade, diante dos representantes da soberanía popular.

Este Goberno non lle ten medo ao Parlamento nin menospreza a súa función principal no autogoberno de Galicia, e así o testemuñan as numerosas comparecencias, tanto do presidente como de todos e cada un dos integrantes do Goberno, e a ampla actividade desenvolvida pola Cámara.

Non vou dar máis que dous datos, que xulgo elocuentes dabondo: no que vai desta lexislatura, un ano, o presidente da Xunta compareceu en cinco ocasións a petición propia; o anterior presidente non compareceu nin unha soa vez en dezaseis anos; e no que vai do goberno, a Xunta contestou 2.498 preguntas por escrito, é dicir, máis da metade, nun ano, das 4.415 que se contestaron durante os catro anos anteriores.

Os datos da actividade parlamentaria desacreditan por si sós –creo que é un camiño incerto– calquera intento de transmitirle á opinión pública unha imaxe falseada sobre o comportamento da maioría nesta Cámara. Hai unha maioría respectuosa e negociadora, que escoita á oposición e que se mantén aberta ás súas propostas. Non ten sentido, hoxe menos que nunca, o enfrontamento institucional gratuito nin o abandono de funcións para as que os deputados foron comisionados polos seus electores.

Ten unha dimensión especialmente significativa que a primeira lei aprobada por esta Cámara durante a lexislatura fora a Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública. A través desta norma, estamos a afondar nunha concepción máis democrática das relacións entre a Administración e os cidadáns, rematando con prácticas opacas e garantindo que os cidadáns teñan acceso directo e capacidade de control sobre as actividades e os salarios de gobernantes e altos cargos.

Anúnciolles, así mesmo, que antes de que remate o ano presentaremos nesta Cámara o Proxecto de lei de subvencións, co obxectivo de garantir que as concesións de axudas públicas se axusten a criterios obxectivos e transparentes, e o Proxecto de lei de publicidade institucional, que limitará a publicidade ás súas estritas finalidades informativas e eliminará os contidos propagandísticos de carácter partidista.

Señorías, estou orgulloso, como presidente do Goberno da Xunta, de que os galegos non tivesen que recorrer maioritariamente ás cadeas privadas ou estatais para recibir información veraz, obxectiva e completa sobre a vaga incendiaria do mes de agosto. E non o fixeron porque sabían que a información que lles estaban a ofrecer os profesionais da Radio e da Televisión de Galicia era froito dun traballo libre e profesional, polo que deben ser felicitados todos os traballadores deste servizo público.

Queremos cambiar esa situación kafkiana tantas veces instalada na nosa Administración, en particular, poño por exemplo, coas persoas afectados polos procesos de expropiación. Afrontamos o pagamento das expropiacións anteriores a decembro de 1998, cidadáns que seguían esperando. Destinamos



O presidente Touriño expón o seu diagnóstico sobre a situación galega desde a tribuna do Parlamento.

máis de 14 millóns de euros para saldar unha débeda que a Administración mantiña con máis de 3.200 propietarios, e coa posta en marcha do Xurado de Expropiación evitaremos que as demoras nos pagamentos contribúan a facer máis custosas todavía as obras públicas nin a minguar os dereitos da cidadanía.

Unha das medidas máis temperás, das que me sinto máis satisfeito, é o pacto local, asinado coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Ese acordo abre unha etapa radicalmente nova, necesariamente nova, na relación da Administración autonómica cos concellos galegos; unha etapa que debe ser para afondar a colaboración e o diálogo institucional entre a Xunta de Galicia e a Administración local, para o recoñecemento efectivo e consecuente da problemática financeira dos concellos, e por unha firme vontade de cooperación, respectando os principios de subsidiariedade, de autonomía e de solidariedade.

Hai avances importantes noutros ámbitos: nos decretos de agrupación das secretarías de paz; na apertura de novas oficinas do Rexistro Civil; o Servizo do 112, o Centro de Atención de Emerxencias de Galicia, que é un exemplo dun ámbito de traballo abnegado e eficaz, un exemplo de coordinación. Presentaremos o Proxecto de lei de emerxencias de Galicia, que terá como liñas básicas o dereito do cidadán á protección e á información diante de catástrofes, que regule a potestade do Goberno galego para a declaración de situacións de emerxencia e que estableza a asunción, por parte do presidente da Xunta de Galicia, do mando único que poida afrontar con maiores garantías todas as situacións.

Presentaremos diante da Cámara, no ano 2007, dúas leis de gran relevancia: a Lei de coordinación de policía e a Lei da Policía autonómica.

Quen lles fala quere facer dúas grandes consideracións en torno á lingua galega. A primeira é que o galego constitúe unha parte importantísima do noso patrimonio histórico e cultural, e a segunda é que a lingua galega, por circunstancias históricas de todos coñecidas, asumiu un papel subordinado que a colocou nunha situación de inferioridade fáctica en relación co castelán. Ese proceso de inferiorización e de negación histórica comezou a se inverter coa promulgación da Constitución e do Estatuto e co desenvolvemento lexislativo a que estas grandes leis-marco deron lugar. A cooficialidade entre o galego e o castelán –supoño que ninguén o dubida– é un extraordinario avance histórico para a lingua galega.

Pero tamén é certo que o galego precisa de políticas proactivas, que fagan real e efectiva a igualdade que as leis promulgan. Por iso, xunto ao principio

de transparencia e á promoción da igualdade entre homes e mulleres, o uso do galego como lingua primeira e preferente na relación cos cidadáns é un criterio transversal nas actuacións da Xunta de Galicia, tal e como se recolle na Lei de transparencia recentemente aprobada nesta Cámara. Tamén por iso a plena equiparación xurídica entre o galego e o castelán é un dos puntos máis relevantes que as forzas políticas que sustentan o Goberno desexan introducir na reforma en curso do Estatuto de autonomía.

A política lingüística ten unha guía moi clara: o Plan xeral de normalización aprobado unanimemente por este Parlamento. O ensino segue a ser unha das áreas de acción onde máis necesarias son as accións de coordinación e de apoio á normalización do galego. Entre estas múltiples accións quixera destacar, polo valor especial que cobra, o programa piloto posto en marcha pola Consellería de Educación para a implantación do ensino en galego en centros de educación infantil, que xa está a funcionar en 17 escolas e que será continuado e ampliado o próximo curso a partir do consenso social.

A Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno de España, participou en Bruxelas nas reunións e negociacións que conduciron, non sen dificultades, e a pesar das actitudes obstrucionistas dalgúns deputados conservadores, á aceptación do galego como idioma de comunicación dos cidadáns nas institucións europeas. Persoal e institucionalmente, constituíu para min unha gran honra ser o primeiro presidente da Xunta que utilizou a lingua galega nunha reunión oficial dun órgano comunitario, en concreto no Pleno do Comité das Rexións celebrado en novembro de 2005.

Quero anunciarlles a creación dun consorcio de programación lingüística e de impulso da planificación lingüística, integrado por Presidencia, Secretaría de Política Lingüística, as deputacións e a Fegamp, cuxo obxectivo será a unificación e coordinación de accións para o impulso e o coñecemento do uso do galego dende as institucións nos diferentes sectores sociais.

Señorías, para concluír, a chegada á Xunta de Galicia do novo Goberno supuxo –teño a convicción– un cambio substantivo na percepción da nosa comunidade no resto de España. Ademais das razóns obvias que concorren nesta apreciación, debo dicirlles que a súa xustificación responde ao novo papel que Galicia está a desempeñar nas súas relacións co Goberno central. Unhas relacións que están a discorrer presididas pola colaboración leal, esixente, e polo diálogo permanentemente aberto. Como froito desta cooperación leal, conseguimos que o investimento do Estado en Galicia, neste ano, fose do 8%, tal e como tiña comprometido este Goberno, o que supón un 60% máis

que o noso peso no PIB, ou un 30 % por riba da nosa participación en poboación; pero, ademais, señorías, o investimento por habitante pasou de estar 25 puntos por debaixo da media nacional no cuatrienio anterior a situarse en máis de 28 puntos por enriba.

Conseguimos recuperar o pulso anteriormente perdido no tocante ás negociacións co Goberno central en materia de transferencias e de autogoberno, e fixémoslo sen aspaventos, sen conflitos innecesarios e sen actitudes efectistas.

É moi importante sinalar a reactivación da Comisión Mixta de Transferencias, que xa levaba demasiado tempo paralizada e que está agora a desenvolver negociacións efectivas sobre o traspaso de competencias, como son as correspondentes ao tráfico. Tamén está avanzando a negociación sobre o traspaso á Comunidade Autónoma da titularidade e a xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas. E neste curto período de tempo, un ano, conseguimos o traspaso das competencias de formación e emprego do ISM e parte das competencias en formación continua.

### **Acción exterior**

Galicia gaña peso en España e relanza tamén a súa dimensión exterior, nas relacións con Portugal, nas relacións coa Unión Europea e cos países iberoamericanos. Neste sentido, antes de que remate o ano presentaremos as liñas estratéxicas na acción exterior de Galicia.

A relación con Portugal ten para min unha importancia estratéxica. Dende a Presidencia da Comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal que represento, queremos encher de contido a Eurorrexión. O obxectivo máis ambicioso que temos por diante é a constitución dunha Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza, un organismo de novo cuño que faga posible que os representantes da Xunta e do Norte de Portugal desenvolvamos as nosas tarefas en conxunto, no mesmo espazo físico, é dicir, desenvolver unha cooperación de segunda xeración.

Propoñémonos aumentar a nosa presenza en Europa mediante o desenvolvemento do Plan estratéxico 2006-2009. O Goberno galego traballa nestes momentos na elaboración dun decreto que, no marco das nosas competencias, vai permitir que a Xunta de Galicia, Galicia, abra delegacións no exterior co obxectivo de institucionalizar a presenza internacional de Galicia e xestionar e coordinar a defensa das nosas accións e intereses nos países onde se creen estas delegacións. O decreto estará para antes de que remate o ano e

preveremos a apertura da primeira destas delegacións no vindeiro 2007 en Bos Aires, tal e como comprometín na miña viaxe a Arxentina.

América Latina, e dentro dela os países que acollen os grandes continxentes de galegos emigrados, foi tamén obxecto prioritario da nosa atención exterior. Na visita oficial realizada a Arxentina e Uruguai tiveron ocasión, como presidente da Xunta, de estreitar lazos en nome de Galicia con moitos galegos que seguen a manter viva a chama da galeguidade e a transmitila aos seus fillos e netos.

Máis alá das políticas asistenciais, cuxa dotación incrementamos amplamente este ano, pois seguen a ser necesarias, queremos que os emigrantes sexan galegos de primeira e facilitar o exercicio dos seus dereitos. Nesta dirección oríntase a modificación da Lei de galeguidade, a creación da figura do Valedor do Emigrante e a posta en marcha do Plan estratéxico da emigración, que desenvolverá a actualización necesaria da política de emigración da Xunta de Galicia.

Galicia volve ser unha comunidade activa e capaz de xogar un papel de relevo na España plural. O novo Goberno activou e foi capaz de trasladar á sociedade o debate sobre a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

Agora, cada vez máis, a cidadanía é consciente de que nos xogamos algo importante nese proceso, que non corresponde a un capricho de políticos aburridos ou desocupados, senón a unha necesidade profunda de reformar o instrumento que fixo posible, nunha considerable medida, o avance e o desenvolvemento de Galicia nestes últimos vinte e cinco anos, e que hoxe cada día se demostra que é máis imprescindible e urxente a súa reforma.

### **Reforma estatutaria**

O conxunto das comunidades autónomas están inmersas en procesos parecidos, xa culminados no caso de Cataluña ou de Valencia, e nun grao moi avanzado de desenvolvemento nos casos de Baleares ou Andalucía. As reformas estatutarias son, por tanto, unha necesidade sentida nas autonomías españolas.

Os grupos políticos que sustentan o Goberno deron un importante primeiro paso nesa dirección co acordo asinado e presentado publicamente o pasado mes de xullo.

Ese acordo, no cal se establecen sete grandes consensos arredor da reforma estatutaria, foi o resultado dun esforzo intenso de diálogo entre dúas forzas políticas que, sen ocultar –como non– as súas diferenzas nin as súas

ópticas distintas sobre cuestións substantivas, están a ser capaces de traballar xuntas e de poñer os intereses de Galicia por riba dos seus lexítimos intereses partidarios. Unha proposta feita para sumar, unha proposta para acadar un estatuto de primeira.

A Ponencia do Estatuto segue a traballar, quizais a un ritmo menos intenso do que se podería estimar como óptimo, pero, en todo caso, están a producirse avances que debemos saudar como importantes, e tamén como demostrativos na práctica de que o consenso é posible, mesmo en asuntos que en momentos xa superados do proceso se presentaban antes como atrancos dificilmente superables.

Vou lembrar rapidamente algúns, como a inclusión no novo texto estatutario dun catálogo de dereitos e deberes dos cidadáns que amplíen os previstos na Constitución nos ámbitos que son de competencia autonómica; a posta ao día do tecido institucional autonómico; a creación dun Consello do Poder Xudicial en Galicia; o deseño da organización territorial; a necesidade de regular a participación de Galicia na formación da vontade da Unión Europea no que atinxe a nosos ámbitos competenciais. E hai avances importantes, aínda que non definitivos, na necesidade de ampliar e definir con precisión o abano competencial da Comunidade Autónoma, e no redeseño da Facenda galega e do modelo de financiamento da comunidade.

A ponencia, sen dúbida, deberá entrar a fondo en cuestións importantes que seguen a ser obxectivo de diverxencia. E os seus integrantes deberán facelo co ánimo de chegar a acordos, non de retardar o proceso, nin de extraer vantaxes partidistas pensadas para o curto prazo, nin de favorecer estratexias que se disputan noutros terreos moi lonxe de Galicia.

Dende o inicio do debate sobre a reforma estatutaria, fixen unha oferta permanente de consenso aos tres grupos políticos representados na Cámara. Aínda máis: fixen do consenso, xunto co respecto ao marco constitucional e xurídico vixente, a única esixencia para a reforma.

Hoxe quero reiterar de novo esa oferta e esa esixencia. Porque, como xa dixen moitas veces durante estes meses, o Estatuto que queremos é un Estatuto en que se poidan recoñecer todas as forzas políticas e sociais, un Estatuto para toda a cidadanía, un Estatuto de todos, sen exclusións.

E neste marco, propoño un pacto para a reforma do Estatuto de autonomía, sobre os seguintes oito eixos:

A reforma axustarase, en todo caso, a dous criterios básicos de partida: o pleno respecto á Constitución e o consenso entre todas as forzas



políticas, e aspiramos a que estea concluída no Parlamento de Galicia antes de finalizar o ano.

O camiño da nosa reforma estatutaria responderá exclusivamente ás necesidades e ás aspiracións propias da comunidade, comprometéndonos, en calquera caso, ao obxectivo de que Galicia e os galegos non quedemos nin un milímetro por debaixo, en autonomía, competencias, capacidade financeira e recursos, e no recoñecemento da nosa identidade ou carácter nacional, do acadado por ningunha outra comunidade autónoma.

A reforma deberá supoñer a mellora da calidade do noso autogoberno, un ámbito competencial reforzado para Galicia, reforzar os dereitos da cidadanía, o papel do Parlamento e dos instrumentos de control da acción do Goberno.

A reforma recoñecerá a dimensión exterior de Galicia e reforzará a nosa identidade lingüística e cultural e as bases dunha ampla autonomía financeira.

En cuarto lugar, o galeguismo que todas as forzas políticas profesamos, asume, dende sempre, o carácter nacional de Galicia. A nosa identidade nacional, os nosos trazos principais de lingua e cultura propia que a definen, constitúen un elemento de unidade e non de división entre os galegos, por iso podemos afirmala con serenidade e sen dramatismos.

En consecuencia, o mesmo que hoxe se recolle a nosa identidade nacional en termos constitucionais de nacionalidade histórica, aspiramos a que o noso carácter nacional sexa expresado e recollido no Estatuto baixo unha fórmula de consenso e que garanta que os galegos e Galicia non perdamos o status que hoxe posuímos en relación cos demais.

A reforma do financiamento autonómico deberá asentarse nos obxectivos básicos de autonomía financeira e corresponsabilidade fiscal, suficiencia de recursos, solidariedade e cohesión. Deberá considerarse como referencia básica de partida a estimación das necesidades de gasto de cada comunidade. En particular deberán ponderarse axeitadamente, xunto coa poboación, os factores de maior custo que nos son propios: o envellecemento, a dispersión e a poboación residente no exterior.

O Fondo de Suficiencia, que actuará como elemento de peche do sistema, deberá permitir o equilibrio entre a descentralización tributaria e a suficiencia, entre a corresponsabilidade fiscal e a cohesión e a solidariedade. Por iso, asúmese unha revisión substancial do Fondo de Suficiencia para que, en condicións de igualdade de esforzo, quede garantida plenamente a igualdade dos territorios na prestación dos servizos públicos aos cidadáns.

Sétimo, debe reformarse o Fondo de Compensación Interterritorial, aumentar o seu papel e a súa contía, para facer posible unha auténtica política de desenvolvemento rexional.

E oitavo, por último, en canto aos investimentos do Estado na comunidade, debe actuarse en función de dous criterios básicos: a introdución en calquera caso de cláusulas de garantía de salvagarda respecto á evolución do investimento total territorializado do Estado; e, en segundo lugar, o establecemento de obxectivos cuantitativos de investimento territorializado, vinculado quer a porcentaxes sempre superiores á achega do noso PIB e ao peso poboacional, quer en termos de stock de capital público, de tal xeito que ao longo dun amplo período de dez anos poidamos recuperar ese déficit histórico das nosas infraestruturas.

Hoxe máis que nunca apelamos á responsabilidade de compartir unha estratexia como país, de sumar e de non dividir, para que Galicia avance e poida contar canto antes con ese Estatuto de primeira que necesitamos.

Teño a profunda convicción de que os galegos non soportarían unha segunda aldraxe estatutaria, unha autonomía de segunda. Propoño, pois, un Estatuto de encontro, unha aspiración que significará inevitablemente renuncias e a xenerosidade de todos. Non caben, pois, posturas numantinas nin enrocamientos en posicións inmovilistas.

Aspiro a que Galicia sexa realmente un modelo de España que conxugue o recoñecemento do seu carácter nacional coa plena garantía da cohesión e da igualdade. Estou convencido de que a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia constitúe un desafío e ao mesmo tempo unha oportunidade histórica. Un dobre reto de país que afecta a fibra das dúas grandes aspiracións que albergo para Galicia: acadar un consenso histórico, ata agora inédito, entre todas as forzas políticas –o que nos daría unha fortaleza e unha enerxía incalculable como país– e acadar a meta da converxencia real con España e con Europa no horizonte próximo.

Señorías, remato xa. Cando fun nomeado por este Parlamento presidente da Xunta de Galicia, dixen que tres ideas bastarían para resumir e inspirar a acción do Goberno: a modernización, a cohesión social e o autogoberno. Tres instrumentos para un mesmo e único fin: facer máis forte a Galicia.

Hoxe, un ano despois daquelas palabras, teño a seguridade de que o traballo feito avala aquel propósito. Sei, porén, que se pode facer máis, e sei tamén que se pode facer mellor. Agardo escoitar durante o debate as críticas, as suxestións e as indicacións, das cales prometo tomar nota. Á fin e ao cabo,

Galicia é unha tarefa de todos, é a mellor e a máis fermosa tarefa que temos por diante, unha tarefa democrática á que todos debemos contribuír, dende o Goberno e dende a oposición.

Moitas gracias.

**COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, A PETICIÓN PROPIA, PARA INFORMAR Á CÂMARA SOBRE O CONTIDO E AS CONSECUCIAS DOS ACORDOS ACADADOS POLOS DIRIXENTES DOS GRUPOS POLÍTICOS GALEGOS O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2007 EN RELACIÓN CO PROCESO DA REFORMA DO VIXENTE ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA**

**COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, POR PETICIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA, PARA DEBATER SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO PROCESO DE REFORMA DO VIXENTE ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA**

7 de febreiro de 2007

Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Prácame de novo subir a este estrado para dar brevemente resposta á solicitude de comparecencia solicitada polos deputados do Grupo Popular. Quero contestarlles á afirmación que eles mesmos asinan no seu documento de comparecencia, referida á existencia de crise política, e dicirllas que non houbo crise política.

Comparezo nesta Cámara unha vez máis para facer balance do proceso de reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Ábrese, sen dúbida, unha paréntese nese esforzo compartido, que de momento non foi coroado polo éxito, mais négome a pensar que este aprazamento sexa un punto e final, resístome a crer que o traballo realizado fose improdutivo, baldío e inútil. Estou seguro de que, malia o traspés e a perda dunha grande oportunidade, a semente non caeu en terreo ermo e ha de agromar noutras condicións políticas. Non interpreten as miñas palabras como un optimismo esaxerado ou voluntarista; nacen, polo contrario, da firme decisión de recuperar o paso e a presenza de Galicia na España plural e da responsabilidade que me conferiron os cidadáns galegos de liderar a marcha do país cara á modernidade. Non haberá, pois, cesantías nin desercións nese empeño, acudo a esta tribuna cun afán clarificador. Antes de mergullarnos en diatribas ou reparto de responsabilidades, convén repasarmos a lección, porque é un axioma que da decepción tamén se aprende.

Se algo quedou claro nestes meses de febril actividade é que Galicia necesita redeseñar a súa arquitectura político-xurídica. Xa se superou aquela etapa na que a demanda dunha reforma estatutaria formulada dende os escanos da oposición batía unha e outra vez contra o valado mudo e insensible da maioría daquela gobernante. Xa ninguén se atreve neste país a proclamar, polo menos en público, que a rehabilitación da casa común é innecesaria ou que non obedece a un sentimento da maioría do pobo galego. Esa expresión pública e unánime da vontade reformista supón sen dúbida, señorías, un paso adiante.

O proceso de reforma impulsado polo novo Goberno de Galicia e desenvolvido neste Parlamento serviu, polo menos, para demostrar a necesidade de revisar e actualizar o noso Estatuto de autonomía. Mesmo podería dicir que as reaccións tras o parón que hoxe nos ocupa, á marxe de puntuais desmesuras ou saídas de ton, significa que a día de hoxe ninguén quere apandar coa responsabilidade da demora. Así como a transición española produciu unha auténtica eclosión de demócratas de toda a vida, aquí tamén apareceron por debaixo das pedras non votos, señorías, como sostíña o señor Fraga, senón paladíns a esgalla da reforma estatutaria. Como dixen no seu día nesta mesma Cámara, non se trataba de esfarelar o Estado –un fantasma que se sacou a pasear máis do debido– nin de revolucionar o modelo de organización territorial, consagrado pola Constitución. En ningún caso se plantexou isto no proceso; máis ben ao contrario, tiñamos a obriga de afondar nese modelo, avaliar ese funcionamento durante os anos, realizar axustes e modificacións para que o seu funcionamento fose máis eficaz.

Á vista dos feitos, eses criterios, por certo, foron asumidos pola xeneralidade das comunidades autónomas do noso país. Algunhas remataron xa as súas

respectivas reformas e outras atópanse nunha fase moi avanzada do proceso. Para superar ese atraso, dende o novo Goberno, o Goberno da Xunta, e cunha nova maioría parlamentaria, deseñamos e puxemos en marcha unha axenda de traballo que nos permitise atallar o camiño, queimar etapas e chegar ao fin desexado. Unha axenda que tiña –sábeno ben as súas señorías– unha primeira anotación no mes de febreiro do 2006, o inicio dos traballos encomendados á ponencia parlamentaria, que debería culminar coa aprobación do texto do Parlamento de Galicia a fins de ano ou inicios deste curso. Esa axenda cumpriuse na súa maior parte do seu percorrido, falou a sociedade civil, a través de distintas institucións locais, provinciais, asociacións, entidades colectivas. Como é lóxico, escoitamos propostas e posicións distintas sobre os contidos e as orientacións que debería seguir o novo estatuto.

Pero gustaríame salientar a liña de fondo: houbo unanimidade arredor da necesidade dun proceso reformador que a sociedade galega percibe como un proxecto ilusionante de futuro. A ponencia parlamentaria –débooo dicir– creada ao efecto tamén respondeu, traballou arreo, achegou posicións nos asuntos máis espiñentos e avanzou na redacción dun texto que permitía albergar esperanzas sobre o acordo final. Quero dende aquí, dende esta tribuna, recoñecer o traballo de todos os membros da ponencia e dos grupos no seu esforzo común e compartido por realizar a tarefa encomendada pola Cámara.

Desbrozou o camiño e logrou un notable grao de conciliación en temas como a organización territorial, os novos dereitos, as competencias, o financiamento autonómico ou o compromiso investidor do Estado. Paralelamente, como presidente de todos os galegos, máis que como máximo dirixente do Partido Socialista, centrei a miña tarefa nun obxectivo que permítame que o signifique ou que o defina como de alcance histórico: enrolar no proxecto estatutario as dúas forzas tradicionalmente enfrontadas, buscar o común denominador que a todos nos une como galegos e levantar sobre o sólido trípode da unanimidade o gran manifesto da galeguidade sen fisuras. Ese esforzo continuado, que non sei se foi valorado aínda en toda a súa ambición, na tarefa que pretende alcanzarse, tivo dous fitos decisivos. Permítanme que me refira a eles brevemente.

### **Dúas datas determinantes**

Coinciden con dúas datas determinantes: as do 17 de xuño e as de 15 de novembro. Na primeira delas, 17 de xuño, asinei co máximo dirixente do Bloque Nacionalista Galego os sete principios básicos que ao noso entender

deberían vertebrar a reforma. Na segunda, en diálogo franco e aberto co máximo dirixente do Partido Popular, constatee unha prometedora aproximación, un principio de acordo sobre o status que lle correspondía a Galicia; pero, tamén é certo, a raia, a fronteira que o partido conservador, polas razóns que fose, non estaba disposto a sobrepasar. Hanme de permitir unha moi breve referencia, sen violar a discreción que esixe todo diálogo a tumba aberta, a eses dous momentos que encheron de esperanza o corazón de quen lles fala.

A posición do BNG, expresada polo seu voceiro nacional, don Anxo Quintana, respondeu ás premisas de xenerosidade e de renuncia imprescindibles para atopar os elementos de acordo. Quen lle bote unha ollada ás sete bases programáticas, asinadas con luz e taquígrafos, e as cotexe coa proposta previa e difundida polo propio grupo nacionalista, decatarse axiña do que estou a afirmar.

A entrevista co señor Núñez Feijóo tamén nos moveu cara ao optimismo, aínda que neste caso os resultados non se plasmaran, e ben que me arrepiñto, nun documento concreto. Expuxéronse con claridade as diferenzas que nos separaban en materias como lingua, organización territorial ou financiamento. Exploráronse vías de entendemento, e incluso fórmulas específicas, para superar o desacordo. Pero, sobre todo, selamos un principio que daquela me pareceu decisivo: que Galicia en ningún caso ía ter unha autonomía rebaixada con respecto a Cataluña ou Andalucía. Na miña interpretación, ese acordo supoñía exactamente iso, nin un paso atrás, nin en capacidade de autogoberno nin en nivel de competencias nin en carta de dereitos nin en autonomía financeira nin en suficiencia de recursos nin en investimentos de Estado nin en definición identitaria.

Na miña interpretación –insisto– ese acordo significaba que o Partido Popular comprometéase a asumir un dos principios irrenunciáveis para o presidente da Xunta de Galicia, o de construírmos un estatuto de primeira división que, sen caer no mimetismo –porque é o noso–, non desmerecese de ningún outro.

Eu non tiña, señorías, á marxe da súa estreita vinculación co trío de Génova, ningunha razón para desconfiar do novo líder do Partido Popular. Lembraba, por certo –e víñame á memoria e ségueme estando nela–, o periódico galego, en decembro de 2005, no que recordaba a súa primeira votación en democracia. Disque foi na consulta sobre o actual Estatuto, cando estudaba, ao parecer, a súa señoría, segundo de Dereito en Santiago de Compostela. E dicía o señor Feijóo: «Votei coa idea de que Galicia tería os mesmos dereitos que Cataluña e o País Vasco, pero de verdade, non porque o dixese a Constitución».

¿Que queren que lles diga?... Logo do vivido no mes pasado asáltanme serias dúbidas acerca da sinceridade desas afirmacións.

Hoxe xa ninguén ousa dicir que a reforma é innecesaria e que non aporta ningún beneficio. Avanzamos nese sentido, debo recoñecelo; pero sospeito que hai conversos recentes que, entre golpes de peito e reiterados autos de fe, seguen a conservar as vellas doutrinas, a torpedear o proceso, sabedores que de momento –subliño que «de momento»– non hai reforma posible sen o seu concurso.

Despois dun ano de traballo chegou o impasse, esta parálise transitoria que estamos obrigados a superar, á que me hei de referir decontado. Pero déixenme antes que debulle un par de reflexións sobre unhas cuestións de principio que informaron a posición socialista, e en todo caso deste presidente, na primeira e frustrada fase do proceso de reforma do Estatuto.

Dende o primeiro día manifestei que a nosa flexibilidade no debate só tiña dous límites ou condicións, dúas liñas vermellas que marcaban a fronteira daquilo que era aceptable: o texto pactado debía converterse nun estatuto de encontro e nun estatuto de primeira. Fóra de ambos os compromisos, todo era negociable. Non eran lemas para a galería nin argalladas de márketing, eran e son a plasmación en síntese da miña posición.

Os principios que garantían a mellora e impedían a involución, o compendio do mínimo esixible de nós por parte do pobo galego. Porque eu aínda non o sei, señoras e señores deputados, se repararon detalladamente na extraordinaria fortaleza que suporía para Galicia un estatuto de encontro, un estatuto baseado na integración, na confluencia de todas as forzas representativas da Galicia actual; ou, pola contra, o que suporía de retroceso, de salto atrás, de regresividade, de desandar o camiño andado, co falaz argumento de que o estatuto tamén pode ser cousa de dous.

Tratarei de explicalo unha vez máis nesta Cámara: ninguén nega nin pode negar os froitos acadados durante o último cuarto de século no marco estatutario actual. O Estatuto de 1981 permitiunos alcanzar cotas elevadas de autogoberno e mudar drasticamente para ben a fisionomía e as entrañas deste país. Facilitou un espazo axeitado de convivencia social para varias xeracións de galegas e de galegos, mesmo superou as expectativas máis optimistas, logo do escaso respaldo popular que obtivo no referendo. Pero hai un aspecto actual do Estatuto que non foi máis salientado, ao meu entender, como se merece, que é a súa capacidade integradora. Unha vez suprimidas as cláusulas aldraxantes do primeiro proxecto, o Estatuto converteuse nun paraugas



capaz de acoller progresivamente, logo de vencer notables resistencias, as diversas voces e tons que expresan, señorías, a pluralidade política deste país. Cómpre non esquecer a historia.

Aqueles que cuestionaban o título oitavo da Constitución e o rango de nacionalidade histórica que lle concedía a Galicia, como ao País Vasco e a Cataluña, foron os mesmos que, ao amparo dese instrumento, Constitución e Estatuto, rexeron os destinos deste país durante vinte e tres anos, dezaseis deles de forma ininterrompida. E aqueles que refugaron o texto comparten hoxe as tarefas de goberno enmarcadas e fixadas por aquel Estatuto. Velaí dous principios incuestionables, méritos desa ferramenta xurídico-política que naceu arrincada con fórceps hai un cuarto de século neste país.

Ese espazo de encontro propiciado polo Estatuto constitúe unha conquista irrenunciable da nosa comunidade autónoma, ao meu entender, señorías. As tres grandes correntes ideolóxicas e políticas da Galicia actual, a dereita conservadora, o nacionalismo e o socialismo, irreconciliables en 1931, aceptaron na práctica, con máis ou con menos entusiasmo, as regras de xogo definidas no ano 1981, e agora, cando nos propoñemos reformar unha casa común e adecuar esas regras aos novos tempos, ¿estaría algún de vostedes, señoras e señores deputados, disposto a tirar pola borda o logrado en vinte e cinco anos? ¿Asumiría algún de vostedes un Estatuto coxo, eivado, excluínte dalgunha desas formacións que en conxunto expresan a vontade colectiva do pobo galego? Eu non, señorías, esa decisión significaría despedir unha gran parte de obra colectiva, a unha parte da plantilla, e expulsar do terreo de xogo a unha parte deste país, de Galicia; recuar, en definitiva, cara a etapas felizmente superadas.

Por iso antonte na oposición, hoxe dende a Presidencia do Goberno, reclamo que o Estatuto sexa un Estatuto de todos, a casa compartida, cada unha cos seus hábitos específicos e coas súas ideas particulares, pero un lugar de encontro da galeguidade, de todos aqueles que levamos a Galicia no corazón e arelamos o seu desenvolvemento político e cultural, social e económico.

Xa que logo, cando reclamo renuncias e xenerosidade para edificar un Estatuto de todos, non me refiro a imperativos legais para sacar adiante a reforma, non me refiro á necesidade tan sequera de maiorías cualificadas ou non cualificadas, non falo da aritmética parlamentaria, falo da política coa ambición, da política con maiúsculas, daquela que vale verdadeiramente a pena, desa política que nos permita reconstruír todos a unha o marco legal da nosa convivencia, o código de dereitos e deberes da nosa cidadanía, a carta

que define e amplía as nosas competencias, o instrumento que nos facilite, certamente, a autonomía e a suficiencia financeira, a catapulta para situar a Galicia entre as comunidades autónomas máis desenvoltas do Estado. Un estatuto de todos permitiríanos consolidar esa integración traballosamente conquistada polo esforzo de todos.

Hai outros tres aspectos desa formulación que convén poñer de manifesto: o extraordinario pulo que proporciona a unanimidade ao redor dun proxecto de país, a garantía de permanencia e de lonxevidade que conleva o consenso e a cohesión social, que implica o compartirmos todos as mesmas regras do xogo.

A segunda gran condición da reflexión que lles quero pór enriba da mesa de novo, que propuxen para acadar un acordo, era o que chamei, a falla de mellor definición, «un Estatuto de primeira».

Ese concepto implicaba dúas esixencias: por unha banda, que o novo texto debía de reforzar o autogoberno, corrixir lagoas e responder ás novas demandas sociais que eran impensables vinte e cinco anos atrás. Por citar algún aspecto concreto, o novo texto debía de matizar e ampliar o abano competencial da Comunidade Autónoma, redeseñar a facenda galega, o modelo de financiamento e a inclusión dun catálogo de dereitos e deberes da cidadanía, debería poñer ao día o tecido institucional, crear o Consello do Poder Xudicial en Galicia, o Consello das Comunidades Galegas no Exterior, establecer as bases da organización territorial e regular a participación de Galicia na formación da vontade da Unión Europea; en definitiva, acadar plenamente a autonomía política e financeira ata esgotar todas as posibilidades que ofrece a Constitución.

Por outro lado, un Estatuto de primeira significa manterse no pelotón de cabeza, señorías, conservar a posición nese pelotón de cabeza que, como nacionalidade histórica, nos conferiu unha Constitución de 1978. Tratábase de non perder o paso, de non quedar relegados ao furgón de cola. De aí a miña insistencia en non quedarmos nin un milímetro por debaixo de ningunha outra comunidade autónoma. Diferentes si, como corresponde á nosa propia singularidade histórica e cultural, inferiores nunca, por responsabilidade e porque non nolo perdoaría o pobo ao que representamos.

En xaneiro do ano pasado, cando a dereita se erguera alporizada contra o proxecto da Generalitat, o señor Núñez Feijóo, que se estreaba daquela como máximo dirixente dos populares galegos, aseguraba publicamente que a reforma do Estatuto catalán rebaixaba a autonomía galega.

Eu comparto o fondo desa declaración porque, se os demais avanza, a nosa parálise non nos deixa no mesmo lugar senón que recuamos. Pero resulta ben significativo que desa afirmación o señor Feijóo e mais eu extraeramos consecuencias e modelos de actuación absolutamente contrapostos. El suxería como solución, alentada polos mandatarios de Génova, rexeitar o proxecto catalán, dar carpetazo á vontade expresada por aquela comunidade autónoma e conxelar o proceso de reformas estatutarias no Estado. Eu, pola contra, propoñía tensar a musculatura da sociedade galega, motivar aos seus representantes e encabezar un proceso de reforma do Estatuto que nos permitise manter, señorías, o noso status no contexto da España plural.

### **Dúas posturas contrapostas**

Certamente, son dúas posturas manifestamente contrapostas e diferentes, distantes: a de quen se empeña en conservar o vello traxe, aínda que as chichas acumuladas lle rebosen as costuras, e a de quen se propón adaptar a súa feitura aos cambios que co tempo experimenta, sen dúbida, o corpo, o corpo social; a de quen opón teimuda resistencia ao cambio, a de quen opón resistencia permanente ao cambio, e a de quen propicia a mellora e o avance dun país. Dúas posturas contrapostas que se reflectiron descarnadamente, señorías, no Cumio do Monte Pío do pasado 17 de xaneiro. Unha reunión de traballo tan cordial na esfera persoal como decepcionante polos seus malos resultados, máis decepcionante se cadra porque a brecha que nos separaba sobre o papel semellaba superable. Cando non se pode recoller un froito esplendoroso que case se roza cos dedos haberá que pensar en motivacións alleas a esta ou aquela outra formulación das que se discuten realmente na mesa.

Convoquei a Monte Pío os máximos dirixentes do Partido Popular de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, logo de que os tres grupos da Cámara rematasen, practicamente, cun notable grao de encontro, os seus traballos na ponencia parlamentaria. A xuntanza, pois, tripartita tiña unha finalidade clara: desenlear os tres nós fundamentais que aparentemente impedían o acordo. Con sentido da responsabilidade, con vocación de atopar un texto de consenso e de acadar un estatuto de máximos no marco constitucional, presentei unha proposta para cada un dos tres puntos nucleares do desencontro: o preámbulo, o título preliminar e o financiamento da Comunidade Autónoma.

Recoñecerán os meus interlocutores naquela xuntanza que a proposta sobre financiamento, tanto no relativo ás fontes de recursos da Comunidade

Autónoma como no compromiso investidor do Estado nesta comunidade, aproximou en gran medida as diversas posicións.

Déixenme que explique, sen carácter exhaustivo, sucintamente, os tres eixes desa proposta.

En materia de suficiencia financeira, propuxemos e aceptouse o criterio para determinar as necesidades de gasto da Comunidade Autónoma. Todos sabemos que determinadas características da nosa comunidade, que lle son específicas ou que están máis acentuadas no noso territorio respecto a outras comunidades, encarecen de forma notoria a prestación de servizos públicos no noso país. Xa que logo, se queremos –e queremos– gozar dun nivel semellante de servizos públicos básicos en toda España, é preciso dispoñer de recursos adicionais para afrontar ese sobrecusto. Nesta dirección fixamos os factores básicos que, ademais do número de habitantes, deben de ser tidos en conta na revisión do modelo de financiamento: a enorme dispersión da poboación, o elevado grao de envellecemento demográfico e a nutrida nómina de galegos residentes no exterior.

Fomos aínda máis alá ao determinar que dous deses elementos diferenciais, a variable dispersión e a atención aos emigrantes, ademais de baremos do novo modelo, deberían de dar orixe a recursos perfectamente cuantificados e adicionais ao sistema de financiamento.

En materia de autonomía financeira, propuxemos asumir como mínimo o 50% dos rendementos do IRPF e mais o IVE, o 58% dos impostos especiais que gravan os combustibles, o alcohol, o tabaco e os produtos intermedios.

Para favorecer o acordo, na xuntanza abrimos a posibilidade de eliminar esas porcentaxes, para que non nos limitaran, establecendo, entón, criterios de avance e de garantía na senda da autonomía financeira. Finalmente, para compensar o déficit histórico acumulado en materia de infraestruturas que padece a Comunidade Autónoma, ciframos no 8% a participación de Galicia no investimento territorializado do Estado durante os dez anos vindeiros, porcentaxe que debería supor, en todo caso, como mínimo, 2.000 millóns de euros en cada ano do decenio. A maiores establecíase na proposta unha salvagarda de mínimos no acceso da Comunidade Autónoma aos fondos de cohesión e aos fondos de converxencia. Sobre esa base, na xuntanza podo testificar e testemuñar que producimos avances importantes e susceptibles de chegar a acordo.

Formulei igualmente unha proposta específica sobre o tema da lingua, un dos principais atrancos que se interpuñan no camiño do acordo. Os tres grupos

asumimos que o galego é a lingua propia e oficial de Galicia, que todos temos dereito a usala e que ninguén pode ser discriminado por razóns lingüísticas. Asumimos que os actos xurídicos teñen validez en calquera das dúas linguas oficiais e que os poderes públicos se comprometen a potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, ademais de poñer os medios para facilitar o seu coñecemento.

A discrepancia fundamental, señorías, xiraba ao redor de establecer ou non o deber de todo cidadán de coñecer a lingua galega. As posicións sobre este asunto estaban a priori distanciadas. O BNG defendía a inclusión dun mandato imperativo de coñecemento do galego. O PP nin sequera admitía unha cláusula que traducise previamente ese deber nunha obriga xenérica que non fose coactiva e non tivese efectos xurídicos. A fórmula que propuxen aquel día axudou, certamente, a abrir o camiño para desfacer o nó. Establecía que para o seu uso e coñecemento ambas as linguas, ou sexa, o galego e o castelán, estarían en condicións de igualdade xurídica. Non sen reticencias e pendente de ser matizada e modulada, a proposta foi acollida como base para limar as diferenzas.

Malia as evidentes aproximacións no conxunto do articulado, o preámbulo ergueuse finalmente como a muralla infranqueable que impedía sacar adiante o Estatuto consensuado. Os repetidos intentos de concordar un texto esnafráronse unha e outra vez contra o inmovilismo intransixente do señor Núñez Feijóo, e agardo que en aras de respecto á verdade así o recoñeza neste pleno.

Presentei un texto breve, conciso, coa finalidade de non enguedellarnos na gramática nin extraviarnos nun rosario de obviedades. Non se trataba de esbozar unha peza literaria nin unha tese doutrinal senón de buscarmos con intelixencia e sutileza o punto posible de confluencia. Ofertei, en consecuencia, unha proposta de preámbulo de mínimos que, ao meu entender, tiña os tres requisitos irrenunciáveis: ser susceptible de aceptación polas tres forzas políticas, manter o status da nosa comunidade no seo da España das Autonomías e ofrecer finalmente unha definición inequívoca de Galicia.

Con obxecto de propiciar o acordo, a miña proposta foi beber ás fontes do consenso. Non foi pródiga a Comunidade Autónoma nestes vinte e cinco anos en leis de consenso. Debemos de facer esa reflexión. Nin sequera o actual Estatuto, como dixen, contou co respaldo unánime do Parlamento de Galicia. Pero entre a media ducia de excepcións, atópase a Lei de símbolos de Galicia, promovida polo Goberno de Fernández Albor e aprobada por todos os deputados autonómicos, incluído don Mariano Rajoy. Dela, pois, botamos

man. Tratábase de reproducir o consenso do ano 1984 nesta Cámara. ¿Como ía eu supoñer que alguén estaba arrepentido vinte e dous anos despois do que votou daquela? Desa Lei de símbolos dicíase na proposta que formulei en Monte Pío que recolle a formulación do sentimento galeguista e do pasado compartido. ¿Pode alguén non compartir esta afirmación?

Tamén se dicía que se fala nesa lei, simplemente que se fala, de fogar e de nación. ¿Pode alguén negar esa evidencia? ¿Pode alguén cun mínimo de sentido común asegurar que estamos a definir a identidade de Galicia? Non se está definindo nada, señorías, faise unha mera constatación dun dos dous termos que, efectivamente, aparecen na letra do himno de Galicia, plasmado na Lei de símbolos, votada unanimemente polo Parlamento deste país.

Co obxecto de manter a posición relativa de Galicia, a mesma que lle concedeu a Constitución ao diferenciar entre nacionalidades históricas e rexións, era preciso, pois, fraguar un estatuto á altura do máis esixente en todos os aspectos: dereito, financiamento e competencias. Pero tamén reafirmar a nosa forte e singular identidade. E fixémoslo na nosa proposta subliñando ese sólido carácter nacional que nos une, froito da vontade da cidadanía, pero tamén como expresión de pertenza a un territorio diferenciado, de donos dunha cultura senlleira e dunha lingua propia. Era o mínimo esixible para non perder o status que temos.

Repárese no feito, señorías, de que Andalucía, facendo pé a unha cita de Blas Infante, decidiu proclamarse e se proclama no estatuto aprobado como realidade nacional; por certo, co respaldo do Partido Popular. Non obstante, na contraproposta do señor Núñez Feijóo identificase a Galicia –cito– como unha das rexións históricas do mundo occidental. Véxase e compárese o andalucismo do señor Arenas co galeguismo do señor Feijóo.

Finalmente, co obxecto de plasmar unha inequívoca definición de Galicia, presenteí unha fórmula –debo recoñecelo– escasamente orixinal: é a mesma que figura na Constitución española e no Estatuto de 1981, sen unha vírgula de máis nin de menos. Na miña proposta, Galicia defínese como nacionalidade histórica que se constitúe en Comunidade Autónoma. Esa era xa a definición acordada, por certo, na ponencia para o artigo número 1 do novo Estatuto, pero, a maior abundamento, propuxen reiterala no preámbulo.

### **Porta pechada**

Hei de confesar que, diante dunha proposta que non teño prendas en cualificar de moderada, o saco rachou xustamente pola costura máis inesperada, señorías. Don Anxo Quintana demostrou a súa vontade de reforma e, nun exercicio

de xenerosidade que lle agradezo, aceptou a fórmula. Don Alberto Núñez Feijóo mantívose inflexible ata varar o buque da reforma. Esa é a verdade do que pasou o 17 de xaneiro en Monte Pío. Quen repase en detalle a contraoferta escrita do líder do PP de Galicia decatárase axiña de que chegou a Monte Pío decidido a pechar a porta da reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Señorías, no miolo do seu texto –por certo, un prolixo relato histórico, permítame que llo diga entre parénteses, de dubidosa consistencia– cóntanos que en Galicia houbo federalistas, rexionalistas, solidaristas, galeguistas e nacionalistas que arelaron, todos, a autonomía política. Iso si, acláranos que no caso específico dos nacionalistas, como o señor Quintana, esas arelas xorden como manifestación do seu sentimento nacional. E iso é todo, está escrito.

Esa actitude de bloqueo nace, sen dúbida, da submisión aos ditados de Génova, a interpretación máis plausible, porque eu resistome a crer que o señor Feijóo perdera en poucos meses a febra galeguista do seu partido, señor Núñez.

¿Como explicarnos, se non en función da obediencia debida, as súas piruetas, francamente circenses, que lle permiten dicir nun só día dúas cousas contradictorias: pola mañá en Andalucía loa o Estatuto de Andalucía porque defende a unidade de España; pola tarde, xa de volta en Galicia, di que é un estatuto españolista? ¿Como casarnos a súa postura obstrucionista con esas esixencias dun estatuto de primeira que tanto proclamou durante os primeiros meses do ano pasado? Dígollo con agarimo, señor Feijóo: creo firmemente que desperdiciou unha oportunidade de facerse valer, non só como unha alternativa seria de goberno en Galicia, senón como dirixente con peso e con voz propia dentro do seu partido. E iso, francamente, non é bo nin para o seu partido –me temo–, nin para vostede, nin para Galicia.

Estou convencido, señorías, de que en Monte Pío vostede sufriu de vertixe e perdeu pé. Non se atreveu a dar o paso adiante, ese paso de alcance histórico necesario. Faltáronlle folgos, señoría, para baixar a Génova, si, cun pacto histórico, sen precedentes, debaixo do brazo. Faltoulle o valor político necesario para presentarlle ao seu xefe de filas o estatuto de encontro de todos os galegos. A realidade é que o que temía era ser excomulgado por chegar alí na herética compañía de socialistas e de nacionalistas. Antonte mesmo lin unhas declaracións súas nas que aseguraba que aínda se está a tempo de pechar a reforma. Neste momento, formalmente, señor Núñez Feijóo, só lle pido que non se dedique a marear máis a perdiriz, xa enredou

vostede dabondo, xa demostrou serlle máis leal a Mariano Rajoy que a Galicia. Xa o demostrou vostede.

Se algo ten que rectificar, se dispón dunha proposta que non sexa trillada nin mercada nas rebaixas, fáganola chegar e evitemos a revenda e os fogos de artificial. A porta do diálogo seguirá sempre aberta, a man segue tendida, pero vostede diga dunha vez se onde onte dixo «non» está en disposición de dicir «si», de xogar por este país e santas pascuas. Mentres non estea en disposición de remover os atrancos que a vostede lle impiden ou lle impediron votar este proxecto, báixese do barullo e da intoxicación, non o merece este país, señor Núñez Feijóo, ese barullo, ese enredo permanente pola súa parte.

Un partido como o que vostede representa, señor Feijóo, non pode instalarse na indefinición acomodaticia e oportunista, na política do rédito a curto prazo ou na contradición permanente. Un partido como o seu, señor Feijóo, que gobernou durante a maior parte da nosa historia democrática, que axudou a construír esta autonomía, non pode responder responsablemente freando con forza, coa forza dos seus votos, o avance e o desenvolvemento do autogoberno de Galicia. Non asuma, señor Feijóo, o penoso papel que lle asignaron os seus xefes de filas. Non se converta no xestor da desgaleguización do Partido Popular de Galicia. Non sexa –reitérollo, señor Núñez Feijóo– máis leal a Mariano Rajoy, a Génova, que a Galicia, ás galegas e aos galegos.

E ¿agora que? –para concluír–, ¿agora que? Como máximo responsable do Goberno galego nin me resigno nin imos regatear esforzos para colocar a Galicia en pé de igualdade coas comunidades que agora mesmo nos avantaxan. O Goberno de Galicia que eu presido teno claro, seguiremos a traballar cos mesmos criterios que defendemos no debate estatutario. Comprométome a manter o rumbo esbozado nesta xeira. Promoveremos iniciativas legislativas que, como a Lei de transparencia ou a Lei de igualdade de xénero, garanten dereitos que quixemos consagrar no Estatuto. Pelexaremos euro a euro o investimento da Administración do Estado para que, igual que nos presupostos estatais dos dous últimos anos, a dotación para Galicia non sexa inferior a ese 8 % que reclamamos e necesitamos. Acudiremos a negociar o novo modelo de financiamento autonómico cos criterios acordados. Defenderemos unha a unha as 75 transferencias que no seu día reclamamos. En vez do paso de xigante que supoñía o estatuto de encontro de primeira, andaremos o camiño paso a paso pero exactamente na mesma dirección que propuxemos. Seguiremos a traballar coa mesma ilusión e coa mesma intensidade de sempre.



7 de febrero de 2007

Non é tempo, señorías, nin de resignación, nin de posturas claudicantes, nin de frustracións colectivas. Abrollou o tempo dunha esperanza inesgotable nos obxectivos ambiciosos para unha Galicia que, malia os reveses puntuais que ten toda gran empresa, vai conquistar –teño a convicción e a seguridade– o porvir para saciar a fame acumulada de futuro que o noso pobo ten.

Moitas grazas.

# COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

2 de Outubro de 2007

Señora presidenta, señorías:

Hai un ano, dende esta mesma tribuna, remarcaba eu o profundo desexo de cambio, o enorme caudal de esperanza e o elevado nivel de esixencia que os galegos e as galegas manifestaron inequivocamente nas últimas eleccións autonómicas e que deu paso a unha nova e ilusionante etapa da historia de Galicia.

Esgotado o vello modelo fraguista, que se prolongou en exceso ata desembocar nunha penosa agonía con reberetes grotescos, Galicia arelaba o cambio para seguirmos conquistando, paso a paso, golpe a golpe, os eidos do futuro. Alcanzado o ecuador da lexislatura, o momento volveuse propicio para avaliar o camiño percorrido nestes dous anos e comprobar se o rumbo seguido, o grao de realizacións e os obxectivos propostos para o seguinte bienio responden axeitadamente ás expectativas dos nosos cidadáns e á confianza que nos encargaron administrar.

Houbo quen considerou o proceso de transición política vivido en Galicia como o do cambio tranquilo. Non me desgusta esa definición, sempre que non

se cometa o erro de confundir a tranquilidade co continuísmo ou a estabilidade coa baixa intensidade da dinámica transformadora. Sabedores, como ben dixo Castelao no Sempre en Galiza, de que o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeos en realidade e as ideas en feitos, ese foi e será o noso principal empeño. Acometemos un cambio tranquilo, si, pero profundo. Un cambio que se inspira nos principios da igualdade e da transparencia e que se propón como metas irrenunciabes construírmos unha Galicia economicamente máis rica e competitiva, socialmente máis xusta e solidaria e territorialmente máis equilibrada e ordenada.

Dous anos despois de asumir a xestión dos asuntos públicos podo afirmar con rotundidade que o meu Goberno seguiu fielmente a folia de ruta anunciada no debate de investidura e cumpriu máis da metade dos compromisos que tanto naquela ocasión como no pacto de Goberno asumimos con luz e taquígrafos. O balance deste bienio, apoiado por datos incuestionables, reflicte que Galicia avanza.

Avanzan as súas institucións, avanza a súa economía, avanza o seu territorio e avanza a súa lingua; avanza as galegas e os galegos en emprego e benestar.

Avance na revitalización das institucións autonómicas e no fortalecemento do sistema democrático, restaurando a centralidade do Parlamento de Galicia como casa de todos, implantando unha nova cultura política baseada no diálogo e na transparencia, implicando a sociedade civil plenamente nesta tarefa colectiva.

Avance na senda do desenvolvemento sustentable e da converxencia, reflectido nunha economía que medra máis e mellor, a maior ritmo que a media española e europea, que se achega aos niveis de renda da cabeza do pelotón e que crea máis e mellor emprego.

Avance de xigante na educación e na innovación, ata converter a volta ao colexio en Galicia na menos gravosa de España para as familias, incorporando ás aulas os métodos e as técnicas da sociedade do coñecemento, apostando polo multilingüismo, potenciando as universidades, definindo cinco centros de excelencia científica.

Avance no catálogo de dereitos de cidadáns e no seu exercicio, co despregue de ambiciosas políticas sociais que poñan énfase nas familias que máis o necesitan e nos colectivos máis desasistidos, coa ampliación de nóminas de médicos e de prestacións do noso sistema de saúde, coa apertura das portas de acceso a unha vivenda digna, coa devolución aos nosos maiores dunha parte daquilo que nos deron co seu traballo e que hoxe nos aportan coa súa experiencia.

Avance na ordenación do territorio e na protección do medio ambiente, poñendo fin á presión especulativa, que ameazaba con estragar as nosas costas; freando os proxectados encoros, que ameazaban con estragar os nosos ríos; iniciando o saneamento integral das rías; impulsando as grandes infraestruturas de transporte que vertebran Galicia.

E avance na superación das desigualdades territoriais, coa posta en marcha dun Plan de equilibrio territorial; un instrumento potente pola magnitude da súa actuación financeira e ambicioso no seu obxectivo de superar os estrangulamentos e dinamizar un extenso territorio no que se asenta nada máis nin nada menos que o 37 % da poboación galega.

Nestes dous anos de Goberno de progreso Galicia rompeu a inercia que paseniñamente, cada día máis a modo, a conducía fatalmente a unha vía morta. Pero o cambio non significou só un punto de inflexión; dous anos despois, sen caer nos triunfalismos que desmobilizan, pero tamén sen falsas modestias que conducen á melancolía, podo presentarlle nesta Cámara un extenso catálogo de anxeios feitos realidade, de compromisos cumpridos e de proxectos en marcha. Froitos recollidos, froitos en sazón e froitos que axiña agromarán.

### **Decálogo do cambio**

Hanme de permitir que, antes de debullar polo miúdo as mazarocas da colleita e os froitos que agromaron, sinteticamente describa dez logros que expresan a intensidade da transformación que experimenta Galicia e certifican a vontade de cumprirmos cos compromisos adquiridos. Velaí o decálogo do cambio:

Comprometinme a desenvolver unha acción de goberno baseada na transparencia e no diálogo. Galicia mellorou nestes dous anos a calidade da súa democracia, o presidente rende contas en todos os plenos do Parlamento, as leis de transparencia e subvencións garanten o control na xestión dos recursos públicos e sobre o terreo fertilizado polo diálogo agroman froitos tan espléndidos como o pacto local, asinado cos concellos, ou o pacto polo emprego, asinado con empresarios e sindicatos.

Comprometinme a converter esta lexislatura na lexislatura da economía e do emprego. Galicia conta hoxe, señorías, co maior volume de traballo, coa menor cifra de desempregados e coa máis cativa taxa de paro dende hai vinte e cinco anos. Cada día do último bienio, 72 galegas e 42 galegos atoparon un posto de traballo. Cada día do último bienio, 13 mulleres e 10 homes da nosa terra abandonaron as axudas do paro.

Comprometinme a transformar a educación en garante de igualdade de oportunidades, en chave mestra para ir á sociedade do coñecemento. Galicia é hoxe a Comunidade Autónoma onde a volta ao colexio público resulta máis barata para as familias, e en xusta simetría sitúase entre as comunidades autónomas con maior gasto público por alumno: 6.200 euros, un 37,7% máis que no último curso xestionado polo Goberno do Partido Popular.

Comprometinme a remover os atrancos tradicionais que condenaban Galicia ao illamento periférico. Galicia está hoxe gañando a batalla da accesibilidade exterior e da vertebración interna coa chegada da alta velocidade ferroviaria no horizonte do ano 2012, a supresión das peaxes de Rande, A Barcala, Dozón e Ourense, e a posta en marcha de 556 quilómetros de vías de alta capacidade, actualmente en obras ou en fase de licitación, que triplicarán a rede de alta capacidade.

Comprometinme a reordenar o territorio, preservar os recantos emblemáticos, rescatar as illas atlánticas, sanear as nosas rías e impedir o «todo vale» en materia urbanística. Galicia é hoxe un país que defende o seu litoral fronte á depredación especulativa, que está a sanear todas as súas rías, que protexeu a Costa da Morte, que impediu que os encoros cegasen os seus ríos, que vela pola legalidade e incentiva os plans de ordenación urbana, que estende a superficie dos seus parques naturais, que rexeita as aberracións urbanísticas que pretenden invadir os seus montes e que recuperou para o dominio público as illas de Sálvora e de Cortegada.

Comprometinme a promover 2.000 vivendas protexidas no marco dunha política social de vivenda dirixida ás familias con menos recursos e aos mozos que desexan emanciparse para forxar o seu propio proxecto de vida. Galicia conta hoxe co seu propio modelo de vivenda, que atopará a súa consolidación definitiva na lei de medidas para impulsar a vivenda pública, unha lei que multiplicará a oferta de vivenda protexida na comunidade autónoma nos anos vindeiros.

Os concellos que superen os 20.000 habitantes deberán reservar máis do 40% do solo para a construción de vivenda a prezo taxado, o que supón ademais importantes axudas a fondo perdido e créditos preferentes. A lei significa a culminación dun impulso que supuxo xa o ano pasado a cualificación de 6.632 vivendas protexidas, un 47% superior á media anual dos últimos tres lustros.

Comprometinme a restablecer a saúde financeira da sanidade, esmagada por unha débeda esixible de 326 millóns de euros, a implantar novos servizos,

frear a súa progresiva privatización e mellorar a súa calidade. Galicia dispón hoxe dun sistema financeiramente equilibrado, que recibiu en dous anos unha inxección de 978 millóns de euros e incorporou 144 novos médicos de atención primaria, que estendeu a todos os hospitais a anestesia epidural, estableceu a gratuidade da pílula do día despois e ampliou o programa de saúde bucodental a todos os nenos e nenas este ano hasta os 12 anos. Un sistema que está a obter avances importantes na batalla por unhas listas de espera razoables ao recortar a media de espera cirúrxica en case un 42%.

Comprometinme a situar no núcleo da acción do Goberno a atención dos maiores, o coidado das persoas dependentes, a formación dos nenos, a igualdade entre homes e mulleres e o benestar dos colectivos máis desfavorecidos. Galicia é hoxe un país socialmente máis cohesionado, máis xusto e máis solidario.

A implantación da Lei da dependencia repercutirá directamente e de maneira inmediata nos 16.500 grandes dependentes que hai en Galicia, cuxa valoración estará tramitada antes de que remate o presente ano. A rede de 48 escolas infantís acolle a 3.000 nenas e nenos. O salario da liberdade facilita a independencia económica a centos de vítimas de malos tratos. E a creación en tres anos de 3.000 prazas de titularidade pública en residencias de maiores reducirá o déficit social que arrastramos de antigo.

Para construírmos esa Galicia social e igualitaria que soñamos, forxamos os instrumentos legais como a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que incidindo de xeito directo no ámbito laboral tamén promoverá novas estratexias que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral, ou a Lei galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, aprobada no mes de xullo no Parlamento de Galicia.

Comprometinme a incorporar ao noso país á sociedade do coñecemento a través dunha decidida aposta pola investigación e innovación. Galicia atópase hoxe mergullada nun esforzo sen precedentes nesta materia, co desenvolvemento do Plan galego de I+D+i, que se propón duplicar o número de investigadores co deseño e a definición de cinco centros de excelencia científica, coa posta en marcha da Fundación Galega da Sociedade do Coñecemento, que integra a algúns dos emprendedores máis lúcidos e experimentados de Galicia, as empresas punteiras, as universidades e as principais entidades financeiras.

E, décimo –e conclúo o catálogo–, comprometinme a defender diante das máis altas instancias do Goberno de España un volume de investimento estatal

cifrado no 8% do total, para superar, señorías, o déficit histórico que padeceu a nosa terra en materializar infraestruturas estratéxicas tantas veces aprazadas. Galicia disporá no 2008, por terceiro ano consecutivo, de 8 de cada 100 euros investidos no conxunto do territorio español; cifra que triplica a destinada naqueles anos do Goberno amigo do señor Aznar. Neste trienio Galicia é a única Comunidade Autónoma que recibe do Estado máis recursos dos que lle correspondían por razón do seu peso económico ou demográfico.

Nestes dous anos desenvolvemos unha iniciativa legal sen precedentes ao promover nada máis nin nada menos que un total de trinta e dous novos textos legais, que contrastan coas dezasete leis promovidas no mesmo período da anterior lexislatura cando gobernaba o Partido Popular.

Ao tempo, puxemos o Parlamento no centro da vida pública. Quen lles fala, como presidente da Xunta, comparece dúas veces ao mes nos plenos da Cámara durante as sesións de control para dar conta da acción do Goberno.

Temos promovido accións legais novidosas: a Lei de transparencia e boas prácticas, a Lei de subvencións, que establecen medidas importantes como o Rexistro de Actividades e Bens Patrimoniais dos Altos Cargos da Xunta ou a creación do Rexistro Público de Subvencións e Convenios.

Xunto á aposta pola transparencia na forma de dirixir a acción do Executivo temos reforzado nestes dous anos o autogoberno, coa consecución de novos trasposos competenciais ao reactivar a Comisión Mixta de Transferencias, anteriormente paralizada. Nestes momentos estamos a negociar directamente con Madrid a consecución dunha axenda de setenta novas competencias para Galicia, que se sumarán ás recentemente adquiridas pola Comunidade Autónoma, como as que teñen que ver coa formación continua e o Instituto Social da Mariña.

Na axenda pendente e máis inmediata da negociación figuran seis trasposos relativos ao salvamento marítimo, á inspección de traballo, á transferencia de titularidade de inmobles da Seguridade Social, aos centros de investigación ou titularidade de arquivos, museos e bibliotecas.

### **Obxectivo de país**

Hai un ano exactamente expresei a vontade, compartida polas dúas forzas políticas que comparten o Goberno, de acometer unha reforma substancial do noso Estatuto de autonomía. Entendiamos que a actualización do noso marco xurídico-político ía dotarnos dunha eficaz ferramenta para ensanchar o autogoberno e ampliar o catálogo de dereitos cidadáns. A reforma non foi

posible. As razóns que frustraron ese primeiro intento son dabondo coñecidas e non as vou debullar de novo. Lembrarei simplemente que non se cumpriu a premisa básica que establecemos: que fose un proxecto de todos e asumido por todas as forzas políticas.

É de salientar, non obstante, que, unha vez constatada a imposibilidade do acordo unánime, despreguei todo o meu esforzo para evitar que o traspés conducise á resignación, ao inmovilismo ou á parálise.

De feito, soubemos aproveitar moitas das vías que nos abría parte do texto xa pactado. Por exemplo, dereitos cidadáns que ían ser plasmados no novo Estatuto cobraron xa rango legal a través de leis ordinarias aprobadas por este Parlamento ou que axiña entrarán nesta Cámara. Ou o que era unha aspiración, unha demanda, como a porcentaxe do 8% de participación galega nos investimentos do Estado, que se trocou nunha espléndida realidade durante tres anos consecutivos malia non ter o amparo estatutario.

¿E a partir de agora que? Quero ser claro e contundente na resposta a esta cuestión. A reforma do Estatuto de autonomía é un obxectivo de país que segue vivo, e hai determinación nas forzas que apoian o Goberno para levar a bo porto esa actualización da nosa carta de autogoberno. Hai vontade de sacar adiante a reforma, sempre condicionada ao cumprimento de dúas premisas irrenunciáveis: que o novo Estatuto sexa un estatuto de encontro, de todos e para todos, e que o novo Estatuto sexa un estatuto de máximos no que se refire ao recoñecemento da nosa identidade específica, ao sistema de financiamento e ao nivel de competencias.

Mentres non sexa posible reabrir ese proceso cunhas mínimas garantías de éxito, eu propóñolles, arroupado pola solemnidade desta tribuna, un acordo de impulso de autogoberno. Trátase, señorías, de explorar e de esgotar coa forza da unanimidade todas as posibilidades de autogoberno que nos ofrece o Estatuto vixente.

Galicia medra a un ritmo sen precedentes nos últimos lustros, Galicia avanza na senda da converxencia coas comunidades autónomas e as rexións máis prósperas de Europa, Galicia lidera en España a creación de emprego e a redución de paro, Galicia incrementa a súa produtividade e mellora a súa posición competitiva nos mercados internacionais, Galicia está demostrando unha importante capacidade de sedución sobre os emprendedores e de atracción de proxectos de investimento.

A nosa comunidade vive un período de expansión económica que nos leva a crecer –datos do último trimestre– a un ritmo do 4,3%, tres décimas por riba



da taxa media de crecemento da economía española, que saben que é á súa vez a economía máis dinámica de toda Europa. Xa son seis os trimestres consecutivos nos que Galicia rexistra unha taxa interanual de crecemento superior á economía española e superior ao 4%.

Os datos de contabilidade nacional precedentes ao ano 2006 certifican que Galicia integrou con Murcia e o País Vasco a avanzada do crecemento económico español. O produto interior bruto xerado en Galicia nos últimos oito trimestres, que coinciden xustamente co mandato do Goberno que presido, é 7,6 puntos superior á riqueza xerada en Galicia, ao PIB, dos dous últimos anos de goberno do Partido Popular. Estas cifras expresan ben ás claras a fortaleza da nosa economía e o cambio a unha evolución vigorosa e sostida. Ese crecemento é sólido, é sectorialmente equilibrado, impulsado polo tirón da industria, a construción e os servizos.

O forte crecemento está tendo un formidable impacto na creación de postos de traballo. Malia o noso escaso dinamismo demográfico, Galicia dispón neste momento do maior volume de emprego, do máis activo mercado laboral de toda a súa historia. Nunca, señorías, tivemos tantos cerebros e brazos involucrados na tarefa de crear riqueza neste país. Medrou o número de activos, lideramos en España a creación de postos de traballo e rebaixamos a taxa de paro en dous anos en 3,6 puntos, deixándoa nun nivel descoñecido nas últimas décadas, o que nos permite abrigar fundadas expectativas de conquistar o pleno emprego nun prazo de tempo razoable.

Son case 83.000 empregos máis, un 7,4% de incremento, o que significa que cada día nada máis nin nada menos 114 persoas atopan un posto de traballo. De cada dez creados neste período, seis son ocupados por mulleres, o que indica unha clara tendencia de igualar as oportunidades laborais de todos os galegos con independencia do seu sexo.

O Goberno galego ten previsto pór en marcha neste ano en curso unha serie de pactos territoriais de emprego que supón esencialmente unha folla de ruta que planifique e xestione de xeito coordinado o conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego en zonas concretas da nosa xeografía. E pódolles anunciar que no ano 2008 iniciaremos o ano cun novo acordo social: o acordo pola competitividade e a cohesión, que debe actuar de dinamizador do noso crecemento.

Galicia é cada vez máis competitiva, cada vez máis sólida nos mercados esixentes. Nos últimos dous anos, os comprendidos entre agosto do 2005 e xullo do 2007, o valor acumulado das exportacións medrou un 41,3% con

respecto ao bienio precedente. Este impulso permitiunos chegar a unha cobertura do noso comercio do 97 %, trinta puntos por riba da media española. O ritmo mantense neste ano. No primeiro semestre as vendas ao exterior medraron por enriba do 20, tres veces máis que o crecemento do conxunto das exportacións españolas.

Todos os indicadores dispoñibles certifican así o que me parece máis relevante: o clima de confianza que inspira Galicia, e a confianza –sábena vostedes moi ben– é un dos activos máis valiosos en economía. Hai confianza nas familias, que se transmite a través do consumo, un compoñente da demanda que está medrando a un ritmo do 4,5 %. Hai confianza nas empresas, que se transmite a través do investimento, porque crece a formación de capital nun ritmo do 7 %. E hai confianza nos emprendedores, que se transmite na posta en marcha de novas iniciativas, reflectida na creación de 13.500 sociedades en dous anos, un 20 % máis que no bienio anterior.

### **Forte pulo económico**

Con seren significativas dabondo as cifras que acabo de mencionar, parécese máis relevante a interpretación que suxiren. Os datos constatan que Galicia está medrando, medrando sobre bases sólidas, e ofrece serios indicios de que estamos transformando o noso modelo de desenvolvemento.

É unha reflexión importante, dun fondo contido histórico. Hai cinco indicadores que abondan nesta dirección:

O primeiro deles fai referencia á produtividade. Ese factor crucial que, en palabras de Paul Krugman, non é o todo, pero a longo prazo é case todo.

A diferenza do estancamento que se percibe no resto de España, en Galicia estase incrementando a produtividade ao ritmo dun punto por ano, hai máis traballadores que nunca, pero ademais están mellorando a súa capacidade individual para crear riqueza. Este feito denota que as empresas están mellorando os seus sistemas produtivos e que Galicia marcha cara a unha especialización en ramas e sectores de maior valor engadido.

En segundo lugar, unha boa parte dos novos proxectos empresariais estanse materializando en sectores que tradicionalmente consideramos estratéxicos: a automoción, o téxtil, as enerxías renovables.

En terceiro lugar, as exportacións que están amosando maior dinamismo son xustamente as de máis elevada compoñente tecnolóxica. Por exemplo, as vendas exteriores de manufacturas de contido tecnolóxico medio-alto aumentaron máis do 25 % nos últimos doce meses.

En cuarto lugar, o emprego que se está creando é de maior calidade que no pasado. O forte incremento da contratación indefinida e a revisión da precariedade corroboran esa impresión. No último bienio formalizáronse 185.000 contratos fixos, exactamente un 40 % máis que nos dous anos precedentes.

E, finalmente –pero non menos relevante–, Galicia está crescendo cunha reducida taxa de inflación interanual, cifrada no 1,8 %; a menor dende a implantación da nova base de cálculo no ano 2002. Esa taxa, que é medio punto inferior á de España, converte a Galicia nunha das tres comunidades autónomas onde menos se encarece a vida e anula o diferencial de inflación con respecto aos países da zona euro cos que competimos directamente.

O forte pulo que experimenta a economía galega responde, sen dúbida, a un triplo estímulo: a confianza social, a estabilidade política e a estratexia de crecemento, que sitúa no seu epicentro o territorio como activo económico e soporte de infraestruturas e o coñecemento e a educación como elemento de innovación.

Queremos evitar o risco dun crecemento conxuntural, baseado no consumo intensivo, cando non nun malgasto, dos recursos non-renovables. Tampouco queremos liderar un crecemento apoiado nas muletas dos baixos custos, dos salarios raquíuticos, a precariedade laboral, a lasitude na aplicación da regulación medioambiental.

Galicia quere competir, e compite, na «liga das estrelas», con empresas punteiras e innovadoras e con produtos diferenciados nos mercados máis esixentes. Non queremos resignarnos á especialización en gamas baixas, onde o custo acaba converténdose nun factor de competitividade decisivo.

Nesa dirección, o Goberno acometeu unha reformulación en profundidade da estratexia económica, baseada no abandono da política da subvención practicada polo Goberno anterior para implicarse nun modelo de acompañamento e fomento do emprendemento e da asunción do risco empresarial. Para fortalecer esa estratexia podo anunciarlles que as prioridades nos orzamentos do Goberno galego que remitirá esta Cámara están centradas no investimento produtivo, con especial énfase na educación, na innovación e nas infraestruturas, e no reforzamento das políticas sociais. E podo adiantar, por certo, que serán uns presupostos equilibrados que por vez primeira na autonomía non recorrerán ao endebedamento.

En materia impositiva, o Goberno introducirá reformas de fondo calado. Promoveremos o canon hidroeléctrico, que gravará o dano ambiental ou os prexuízos producidos pola existencia no territorio de encoros utilizados en distintas actividades produtivas. Trátase dun tributo propio da Comunidade

Autónoma, de natureza real e de finalidade extrafiscal, que será de aplicación aos encoros situados no noso país. A tributación realizarase en función da capacidade volumétrica do encoro, modulada por factores correctores como a altura das presas e a potencia instalada, no caso de seren encoros de aproveitamento hidroeléctrico.

Asemade, o Goberno revisará o imposto de sucesións e doazóns o ano que vén. Esta revisión pivotará sobre catro aspectos: nove de cada dez familias –o 90%– deixarán de tributar por este concepto. Quedarán exentas de imposición as transmisións de vivenda habitual entre cónxuxes e pais e fillos. Tampouco tributarán o 99% das pequenas empresas e das empresas de carácter familiar.

E, finalmente, a modificación do imposto comportará unha importante simplificación normativa do tributo, que suporá menos tramos impositivos e unha redución significativa da tarifa.

Manter Galicia como un dos primeiros países do mundo en canto á potencia eólica é un dos grandes desafíos que ten o Goberno que preside quen lles fala. É por iso que, nos últimos tempos, vimos traballando na elaboración dunha norma que regule o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia.

Queremos acadar un modelo de xestión profesional que nos permita obter, no horizonte do ano 2012, un total de 6.500 MW de potencia eólica para Galicia. Temos como obxectivo, así mesmo, preservar o medio ao limitar a instalación de novos xeradores en zonas que sexan de interese natural. Queremos asegurar a viabilidade económica e financeira dos parques eólicos, evitando a especulación neste terreo e procurando unha tramitación transparente nas novas concesións.

Esta aposta por facer de Galicia unha terra punteira na produción de enerxía eólica enmárcase nunha estratexia máis ampla, no denominado Plan enerxético galego 2007-2012, tamén coñecido como Estratexia Energos. Este plan é a ferramenta básica da política enerxética galega para que nos vindeiros cinco anos se procure garantir unha subministración eléctrica de calidade a todos os cidadáns. Ao tempo, pretendemos reducir a dependencia enerxética de Galicia do exterior, promover e diversificar as distintas fontes de enerxía mediante o potenciamento das enerxías renovables. Paralelamente, o plan fomenta o I+D+i no eido enerxético, e pretende conseguir que a maior parte dos beneficios da xeración eléctrica queden por primeira vez no noso país.

Xunto a isto, a política gasística cobra tamén para nós unha importancia fundamental. Neste sentido, temos comprometido o apoio do Goberno central,

a través do Ministerio de Industria, para a construción dun novo gasoduto na comunidade autónoma, que ha de estar operativo entre o 2012 e o 2013. Este gasoduto terá dous obxectivos prioritarios: dar maior seguridade á subministración a Galicia e poder insuflar gas dende Galicia ao resto do país. Cunha extensión de 550 quilómetros, contará cun investimento superior aos 400 millóns de euros, o que significará que será unha das pezas angulares da política enerxética de Galicia para os vindeiros anos, posto que permitirá achegar dúas veces e media máis a subministración que recibe Galicia na actualidade.

A nosa estratexia de desenvolvemento sustentable xira ao redor de dous grandes eixes. O primeiro consiste na xestión do territorio e o aproveitamento racional dos seus recursos. O segundo, na extracción dun uso intensivo da principal enerxía renovable que move os motores do desenvolvemento no século XXI: o coñecemento.

Nos dous últimos anos convidei repetidas veces a todas as forzas políticas, e en especial á oposición, a selar un pacto sobre o territorio. Unha vez máis reitero o meu ofrecemento: propóñolles un grande acordo de país sobre as liñas mestras da ordenación do territorio: o aproveitamento racional dos seus recursos e a protección do litoral e dos lugares máis emblemáticos e fráxiles do país.

Un pacto que impregnará o contido de leis fundamentais, como as Directrices de ordenación do territorio, e que suporía unha garantía de permanencia dunha política de país allea á alternancia política. Porque o territorio, nun sentido amplo, como eu o entendo, é o espazo económico e o espazo para vivir e convivir, e o espazo para preservar. Será a xestión desas tres funcións entrelazadas a que dilucide se o territorio representa unha rémora da actividade económica ou se, polo contrario, constitúe, xunto co capital humano, o principal activo do que dispoñen os emprendedores.

### **Completar as infraestruturas**

Desa xestión, un dos eixes cardinais da acción do Goberno que presido, quero ofrecerlles unha somera referencia. O noso primeiro empeño consiste en completar o mapa de infraestruturas de transporte, que facilitarán a articulación interior do noso espazo económico e a súa accesibilidade exterior.

O esforzo do Goberno neste terreo non ten precedentes na historia da autonomía. O investimento autonómico en estradas, autovías e outras vías de alta capacidade, actualmente en fase de execución, ascende a 2.282 millóns de euros, e permite desenvolver 556 quilómetros e triplicar a rede de alta capacidade.

A comparación deste esforzo co realizado nos dezaseis anos de Goberno do Partido Popular ofrece un contraste escandalosamente elocuente:

Nos dezaseis anos anteriores construíronse 94 quilómetros de autoestrada e autovía, deles unicamente 34 quilómetros libres de peaxe; nestes dous anos puxemos en obras 175 quilómetros de autovías, todos eles sen peaxe. Unha vez rematada a súa construción teremos duplicada a rede de autovías que herdamos e multiplicado por cinco os quilómetros libres de pago.

En dezaseis anos construíronse 134 quilómetros doutras vías de alta capacidade; en só dous anos atópanse en fase de execución 356 quilómetros, case o triplo do período anterior.

En dezaseis anos estableceuse o pago de peaxe en 60 quilómetros de autoestradas e autovías; en dous anos liberamos as peaxes de Rande e A Barcala, feito do que xa se beneficiaron máis de dez millóns de tránsitos, e suprimimos igualmente o pago proxectado sobre o tramo Dozón-Ourense.

Esas infraestruturas proxectadas e en execución completáanse coas que desenvolve a Administración central. Delas convén salientar tres tipos de actuacións: a culminación da rede que pechará a interconexión entre as cidades galegas, as tres novas arterias de acceso exterior e o reforzamento da A-9, a columna vertebral da Galicia atlántica.

Finalmente, marcámonos o obxectivo de acrecentar a capacidade desa espiña dorsal que vertebra a Galicia occidental e que conecta as grandes áreas metropolitanas do norte e do sur da comunidade.

O proxecto máis inmediato estriba en dotar dun terceiro carril a autoestrada do Atlántico ao seu paso por Santiago, circunvalación de Pontevedra e dende O Morrazo a Vigo. Esta proposta inclúe a ampliación da ponte de Rande, a cada paso máis conxestionada, ofrecendo unha solución singular, tecnicamente complexa e viable, financeiramente ambiciosa, viable en todos os seus termos, respectuosa co medio ambiente e esteticamente depurada; unha proposta, por certo, que, segundo me consta, foi acollida moi positivamente pola cidadanía e polos axentes económicos de Vigo e a súa área de influencia.

En paralelo coa actuación de estradas, estamos impulsando proxectos estratéxicos vitais para Galicia, como o tren de alta velocidade. Os compromisos, os prazos e os investimentos non son papel mollado. Están aí, escritos con tinta indeleble nos presupostos xerais do Estado, que é o ámbito da verdade, o espazo de actuación onde se verifican os compromisos. Galicia terá AVE no ano 2012 e comunicación ferroviaria de alta velocidade con Portugal no ano 2013.

Señorías, quero invítalos a visitar, nun exercicio de imaxinación certamente lixeiro, porque o trazado está deseñado e as obras en marcha, a Galicia da próxima lexislatura. Daquela, as sete grandes cidades galegas estarán unidas entre si por autovía ou por autoestrada, formando un cuadrilátero que terá por vértices as áreas urbanas da Coruña-Ferrol, Pontevedra-Vigo, no oeste, e Lugo e Ourense, no leste.

Dos catro lados deste polígono, atravesado á súa vez por senllas diagonais que conectarán Lugo e Ourense coa capital compostelá, arrancarán tres autovías cara ás rías galegas e a Costa da Morte, outras cinco grandes arterias que garantirán a accesibilidade exterior de Galicia: dúas cara á Portugal, por Tui e por Verín, outras dúas de conexión coa Meseta e a quinta que discorrerá pola cornixa cantábrica. Nesa Galicia que se aveciña, as sete cidades estarán igualmente conectadas por tren de alta velocidade con Madrid e co Porto.

Con esa viaxe a un inmediato futuro –próxima lexislatura– só pretendo lembrarllas que Galicia está en vésperas de abandonar definitivamente a periferia, esa situación excéntrica á que tradicionalmente nos condenaron a xeografía, a orografía e os gobernos anteriores. E farao non só polo desenvolvemento das grandes vías de comunicación terrestres e marítimas, por aeroportos e portos en potente expansión, senón tamén polas autoestradas do aire –falaremos logo diso– trazadas polas novas tecnoloxías da información e da comunicación.

De feito, este lenzo que, en grosos trazos, acabo de bosquejar estará no Plan de infraestruturas de transporte de Galicia, que a Xunta de Galicia, dende a Consellería de Política Territorial, está a ultimar e que será presentado antes de que remate o ano. Este documento vai ser unha guía que nos permitirá xerarquizar a rede de estradas e afrontar as necesidades da comunidade en materia viaria para os vindeiros anos. Dará resposta a tres factores que singularizan a nosa realidade territorial: a nosa posición xeograficamente periférica, a multipolaridade do noso sistema urbano e a dispersión nun complexo sistema de asentamentos integrados por múltiples vilas, núcleos urbanos e aldeas.

A mellora da mobilidade e da seguridade que comporta a entrada en funcionamento das infraestruturas viarias ten necesariamente que complementarse coa regulación axeitada e o impulso decidido, señorías, do transporte público. O 2008 vai ser un ano crucial na política de impulso do transporte público. Comprométome a que esta lexislatura se sitúe como punto de inflexión histórico, como un antes e un despois, nas políticas de promoción do transporte público.

Esa aposta, que terá o seu oportuno reflexo orzamentario, vai significar unha contribución relevante á modernización do país, á desconxestión do tráfico

nas grandes cidades, á loita contra a contaminación e ao cambio climático e á mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns. Esa decidida vontade de converter o 2008 no ano do transporte público vaise plasmar na esfera da planificación e no ámbito normativo.

En primeiro lugar, antes de que finalice o ano, verá a luz o Plan integral de transportes de Galicia, o Pitgal, un instrumento inédito ata agora de planificación global que abrangue a totalidade dos sectores e dos modos de transporte de Galicia.

O primeiro froito normativo do Pitgal, coa finalidade de afondar na consecución dese servizo de transporte público, será a Lei de fomento do transporte público, que prevé o pulo ao dito transporte tanto nas áreas metropolitanas e urbanas como no eido rural, coa creación dos consorcios de transporte. O meu compromiso é que este proxecto de lei comece a súa tramitación interna neste trimestre e chegue a esta Cámara a principios do ano que vén.

O impulso ao transporte metropolitano é un dos grandes eixes de actuación da consellería correspondente, co propósito de configurar na comunidade un servizo de transporte público moderno e de calidade. Propomos como obxectivo incrementar en máis dun 50 % a súa utilización e reducir as tarifas nun 40 %.

Todas as cidades disporán, en 2008, dun billete único de transporte público, que se aboará unha soa vez e que non penalizará os transbordos de transporte urbano e interurbano, ou viceversa.

A instalación da tarxeta moedeiro sen contacto como medio de pago que facilitará os transbordos será unha realidade nesta lexislatura.

Estenderemos o Noitebús, iniciativa dirixida a reducir o risco de accidentes nas noites de movida dos xóvenes.

O Tes + Bus, un sistema que permite a diversos usuarios ocupar prazas de transporte escolar baleiras, verá duplicada a súa oferta a partir deste mes de outubro a máis de setenta rutas do rural.

O Chama ao Bus, transporte á demanda, que reforzará a mellora do transporte en cincuenta concellos da Galicia rural.

No camiño de facilitar a comodidade de vida dos galegos, de mellorar a súa mobilidade, acabamos de solicitar ao Goberno de España a creación inmediata dun servizo ferroviario de cercanías na nosa comunidade autónoma nas súas áreas metropolitanas.

Certamente, xunto á creación deste servizo, demandamos tamén do Ministerio de Fomento a súa transferencia, a xestión para Galicia, xa que consideramos que o transporte ferroviario de cercanías debe ser xestionado







O presidente Touriño felicita a Benigno López González despois da súa toma de posesión como terceiro Valedor do Pobo, co apoio unánime de toda a Cámara galega.

directamente dende a Comunidade para darlle plena capacidade e garantir a súa operatividade.

Tan importante como garantir a mobilidade dos cidadáns ao longo e ancho do noso territorio é conseguirmos que esta mobilidade se realice en condicións de seguridade. Esa é a finalidade do Plan galego de seguridade viaria, no que estamos a investir 2.800 millóns de euros ata o ano 2010. O ano pasado, neste debate, comprometínme á realización deste plan. Hoxe é unha realidade. O documento saben que establece setenta e seis medidas concretas, conta cun carácter transversal e aglutina as accións procedentes de todas as áreas do Goberno.

Galicia non pode permitirse o índice de sinistralidade viaria que sufrimos, e por iso, con toda solemnidade, quero facer un chamamento a todos os grupos da Cámara para aglutinar esforzos, para sumar, na procura de solucións a este problema. Dende a Xunta de Galicia propuxemos ao Goberno central o compromiso de despregar, ademais, 1.050 axentes de tráfico nas nosas estradas neste ano 2008, o que suporía incrementar en 225 os 822 existentes na actualidade.

Paralelamente, aínda que Galicia persiste na intención de conseguir nun horizonte de tempo razoable o exercicio das competencias de tráfico, demandamos con urxencia ao Ministerio do Interior a posta en marcha dun plan de tráfico específico para Galicia, que teña en conta as nosas características singulares á hora de abordar este grave problema.

Xunto ás comunicacións, a promoción de solo industrial constitúe outra das nosas grandes prioridades na esfera das infraestruturas de apoio á actividade empresarial. Galicia padecía, padece aínda, carencias de solo dispoñible para novos emprazamentos e para a ampliación das industrias xa establecidas, especialmente nos núcleos máis dinámicos, que son tamén os máis conxestionados.

A nosa política de solo industrial obedece a dous criterios fundamentais: atender a demanda real das empresas e favorecer o reequilibrio territorial.

Eses son os dous principios que inspiran o Plan Galicia Suma, elaborado pola Consellería de Vivenda e Solo e no que participan todas as administracións públicas, que se marca o ambicioso obxectivo de acondicionar 20 millóns de metros cadrados nesta lexislatura e deixar programados outros 20 millóns para o período 2009-2013, cun investimento total de 2.000 millóns de euros.

Esas son as previsións, pero ao día de hoxe, señorías, podemos ofrecer resultados. Velaquí as cifras do cambio:

Neste bienio investimos 200 millóns de euros no desenvolvemento de oito millóns e medio de metros cadrados de solo empresarial. A cifra cobra toda a súa dimensión se reparamos no feito de que nos dezaseis anos anteriores só se construíron 10.

Pero o cambio non é meramente cuantitativo. É un cambio na propia concepción do solo empresarial, que agora si está sometido a criterios de planificación estratéxica, de eficiencia e de sustentabilidade.

Ao remate desta lexislatura, podo dicirlles que ningunha empresa deixará de instalarse en Galicia por falta de solo.

As infraestruturas cumpren, ademais, a función de vertebrar o territorio. Son, por así dicilo, a osamenta dese espazo para vivir e convivir que estamos permanentemente reconstruíndo e ordenando. Esa intervención sobre o territorio, a redefinición dos seus usos, inscribírase en breve no contexto das Directrices de ordenación do territorio. Trátase dun poderoso instrumento de planificación estratéxica, actualmente en elaboración pola Consellería de Política Territorial, e do que teremos un avance a finais deste ano, que enmarcará con carácter de permanencia as distintas políticas que inciden sobre o territorio.

Esas directrices definirán as dúas grandes áreas metropolitanas:

A Coruña-Ferrol, no norte, e Vigo-Pontevedra, no sur; as tres áreas urbanas de Santiago, de Lugo e de Ourense, e as zonas supracomarcais. Quedarán delimitados así, señorías, espazos funcionais para a planificación estratéxica, a concertación e a programación das grandes infraestruturas e servizos nas devanditas áreas.

Esas directrices arbitrarán a figura do consorcio, que, pola súa flexibilidade, constitúe a mellor fórmula de cooperación na aplicación dunha xeometría variable que permita optimizar a prestación de cada servizo ao seu ámbito territorial óptimo.

Ademais de fixar o marco das actuacións públicas e privadas, as directrices deben promover o desenvolvemento sustentable e equilibrado, reforzar a colaboración entre o medio rural e o medio urbano, facilitar unha maior equidade no acceso aos servizos, ás infraestruturas e ao coñecemento, e permitir unha xestión máis eficiente do patrimonio natural e cultural.

A ninguén se lle escapa a transcendencia dun documento desas características, que marca as coordenadas nas que deben moverse os cidadáns de Galicia na súa relación co territorio. Custa crer que en vinte e cinco anos de autonomía Galicia permanecese orfa dunhas mínimas directrices de ordenación territorial.

## **Defensa do medio natural**

Hai algúns meses, adoptamos unha decisión estratéxica que levantou certamente ronchas nas filas da oposición pero da que me sinto especialmente orgulloso. Refírome á suspensión cautelar e transitoria de novos desenvolvementos urbanísticos a menos de 500 metros da costa galega; unha moratoria vixente durante dous anos ata que se aprobe o Plan integral de protección do litoral. A medida tomouna o Goberno para deter a galopante degradación da franxa costeira, para pór fin ao «todo vale», para afrouxar a presión especulativa que ameazaba con estragar, de forma irreversible, algúns dos espazos máis fráxiles e emblemáticos do noso país.

Esa Lei de medidas urxentes de protección do litoral, xunto con outras decisións de calado en materia urbanística, expresan a nosa firme decisión de ordenar o territorio con criterios de sustentabilidade, de racionalidade, administrar os recursos naturais e históricos de xeito eficiente e defender os principios dun urbanismo sustentable, harmónico e ao servizo da cidadanía.

A posta en marcha do Plan de inspección urbanística 2006-2007 avanza, con carácter xeral, na mesma dirección. Esta mesma medida, señorías, complementarase antes de fin de ano coa creación da Axencia da Legalidade da Protección Urbanística, consensuada coa Fegamp, que exercerá o necesario labor de control para todas as normas, que se cumpran, e para que a actividade urbanística se desenvolva nas necesarias condicións de seguridade xurídica.

Estamos promovendo, pois, un cambio radical na consideración do territorio, pero, señorías, quero reafirmar e subliñar: queremos atraer os concellos de Galicia á esfera dun urbanismo responsable, non agresivo, feito á medida das persoas, para que cada municipio de Galicia se transforme nun entrañable espazo para vivir e convivir.

Por iso, anúnciolles que proximamente poremos en marcha o Instituto de Estudos do Territorio, que lles prestará asesoría e recursos en materia urbanística aos gobernos municipais. Con ese mesmo obxectivo aprobamos un potente paquete de axudas que garante que ningún concello de Galicia non execute o seu planeamento por falta de recursos, e en particular aos 196 concellos de menos de 5.000 habitantes e todos os que teñan anulado ou suspendido o plan.

O respecto e a posta en valor do territorio é inseparable da planificación ambiental, da protección do medio natural; un ámbito no que o Goberno está a actuar de maneira decidida, outorgándolle unha prioridade que ata agora

nunca tivera. Herdamos unha Galicia gravemente deteriorada no tocante ao saneamento das rías, na limpeza dos ríos, sen estratexias propias diante do cambio climático, inerme diante da progresiva degradación da paisaxe e dos ecosistemas, ferida e salferida por innumerables vertidos incontrolados.

Señorías, un só dato: cando chegamos ao Goberno ningunha das nosas rías contaba cun sistema de depuración de carácter terciario, aqueles que permiten garantir a calidade das augas para a cría de moluscos, en grave incumprimento das directivas europeas. Só existía, e con carácter testemuñal, na ría de Vigo, se ben altamente deficiente, como se comprobou coa sanción imposta polas autoridades comunitarias.

O noso compromiso consiste no cambio radical desa situación, que é intollerable, nun prazo que chega ata o ano 2009, agás o caso da depuradora de Vigo, prevista para o 2011, a través de actuacións nas que estamos investindo 650 millóns de euros. Deles, arredor de 200 millóns corresponden –como digo– a actuacións encamiñadas ao saneamento integral da ría de Vigo.

O Plan integral prevé a construción de 20 estacións depuradoras de augas residuais, 13 das cales estarán radicadas nas nosas rías. Neste momento, están xa licitadas 10 depuradoras; prevemos licitar as 10 restantes antes de que remate o ano, unha vez que os concellos poñan á disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios, ademais de ampliar e mellorar outras 51 estacións actualmente en funcionamento pero con graves incapacidades. O noso obxectivo é que, ao final da lexislatura, ningunha poboación de máis de 2.000 habitantes verta as augas sen depurar.

E na mesma dirección de lograr unha Galicia limpa e verde inscríbese o Programa de rexeneración de espazos degradados. É o plan destinado a selar e clausurar vertedoiros e puntos de vertido incontrolados, substituíndoos polas infraestruturas necesarias para a recollida selectiva de residuos, puntos limpos e contedores soterrados. No que vai de lexislatura foron xa clausurados definitivamente 75 vertedoiros de residuos sólidos urbanos.

Hai menos dun mes, a Unesco declaraba «reserva da biosfera» a área integrada pola cunca do río Eo, os Oscos e as Terras de Burón. Falamos dunha zona de 150.000 hectáreas, integrada por 14 concellos –sete e sete de cada comunidade autónoma– e habitada por case que 33.000 persoas. A distinción da Unesco supón unha conquista –froito da estreita cooperación que mantemos co Goberno do Principado–, pero tamén un desafío de xestión, pois é a primeira vez que se recoñece como reserva da biosfera un territorio integrado por dúas comunidades diferentes.

Hoxe conmemoramos tamén unha data de forte simbolismo: hai exactamente un mes celebramos a devolución da illa de Cortegada ao patrimonio público. A recuperación da illa, como antes a de Sálvora, exemplifican o compromiso do Executivo co patrimonio natural, co territorio e cun axeitado ordenamento de sustentabilidade.

Para mellorar a xestión dos nosos parques creamos o Consello Reitor dos Parques Naturais de Galicia, un ente colexiado que traballa para acadar o equilibrio entre a defensa do valor ambiental e o desenvolvemento económico do contorno das áreas, potenciando a súa imaxe de marca, e convertelos nun instrumento auténtico de desenvolvemento local.

O seguinte paso na posta en valor dese tesouro natural integrado polo conxunto das illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada reviste, señorías, gran relevancia. Antes de que remate o ano en curso esperamos asumir a transferencia á Comunidade Autónoma dese parque de enorme valor ecolóxico e referente no ámbito da educación ambiental e da investigación.

A Rede Natura 2000 é a rede máis grande e coherente de zonas protexidas no mundo, sabémolo. Na actualidade a Rede Natura ocupa un 12,4 % do territorio galego, o que implica que a nosa comunidade se sitúa nuns niveis inferiores respecto doutras comunidades do Estado, para variar. Podo reafirmar o compromiso da Xunta de Galicia de ampliar nun 50 % os espazos acollidos a esta figura de protección do noso país nesta lexislatura. Deste xeito, Galicia será unha das comunidades españolas cun maior porcentaxe de superficie protexida. Así mesmo, vanse crear catro novos parques naturais: Os Ancares, O Courel, Macizo Central e Pena Trevinca, que se virán sumar aos existentes, contando o Parque das Illas Atlánticas, e constituír, pois, cinco novos lugares de interese comunitario e ampliar catorce dos existentes.

Asemade, antes de que finalice este ano en curso, entrará nesta Cámara a Lei da protección da paisaxe de Galicia. Trátase dunha iniciativa novidosa, sen dúbida, de importantes consecuencias, que ten como finalidade protexer a xestión e a ordenación da paisaxe da nosa terra. Entendemos a paisaxe como un valor de interese xeral nos aspectos ambiental, patrimonial, cultural e socioeconómico. Será unha lei con efectos transversais sobre o conxunto da acción do Goberno. Ao tempo, o Goberno remitirá a esta Cámara unha nova Lei de augas, para a que queremos e agardamos contar co consenso de todos os grupos políticos. E tamén impulsamos a Lei de residuos, actualmente en trámite de información pública.

Convén salientar que o medio rural galego experimenta hoxe síntomas inequívocos de reactivación e –para min, o que quizais é aínda máis importante–

síntomas importantes de esperanza. Iniciativas como o Banco de Terras de Galicia, Bantegal, chamadas a imprimir dinamismo a un mercado de terras tradicionalmente inactivo, forman parte dunha política nova destinada a devolverlle ao campo galego o valor que nunca debeu perder, a súa capacidade certa de poder xerar riqueza, actividade económica, calidade de vida e atractivos que desincentiven o seu abandono. Neste cuarto trimestre do 2007 decretáranse cinco zonas piloto para pór en marcha o Banco de Terras, co obxectivo de acadar este ano 10.000 hectáreas e mobilizar 100.000 no horizonte da lexislatura.

No eido rural propuxémonos dende a Xunta de Galicia consolidar unha política claramente alternativa á do Partido Popular, que abocou ao abandono e á resignación á actividade agraria e gandeira en Galicia, sen un modelo político concreto que propiciara a competitividade e o futuro destes sectores. O Goberno, en cambio, ten o firme compromiso de pór en valor a actividade agrogandeira, de devolver a dignidade aos homes e mulleres que desenvolven a súa tarefa laboral no noso campo, involucrándose e facéndose partícipes ao mesmo tempo, e incorporando novas xeracións para garantir a sustentabilidade do medio rural que necesitamos.

Grazas ás políticas recollidas no denominado Plan de desenvolvemento rural, dotado con 1.500 millóns de euros de investimento no período 2007-2012, conseguimos xa nestes dous primeiros anos de goberno que máis de 1.600 mozos e mozas se incorporaran á actividade agraria, o que supón nada máis nin nada menos que o dobre das persoas por ano con respecto ao que acontecía cos gobernos do Partido Popular.

Por iso dende aquí quero ratificar o compromiso do conselleiro de Medio Rural de impulsar axudas directas anuais polo valor de 3.200 euros de media ata o ano 2013, destinadas aos titulares das explotacións agrícolas e gandeiras que plantexen un proxecto sustentable. Con esta medida, que subvencionará instalacións que –como digo– fomenten os criterios de sustentabilidade agrogandeira, beneficiáranse aproximadamente un total de 7.500 explotacións galegas.

A loita contra os incendios forestais, na que este ano estamos a obter excelentes resultados, á que non é allea, señorías, en absoluto a Lei de prevención de incendios, forma parte dunha política de revalorización do monte galego, do sector forestal, que ten un importantísimo punto de inflexión no decreto regulador de instalacións tamén de centrais de aproveitamento enerxético a partir da biomasa forestal. Este decreto leva incorporado un prazo de actuación que inclúe noventa municipios.



A Xunta de Galicia contribuirá cun investimento de 171 millóns de euros, dotación que corresponde coa nosa aspiración de converter Galicia na comunidade líder na produción española de biomasa; unha fonte enerxética renovable e escasamente contaminante da que imos facer un dos nosos aliados principais na reconversión do monte nun espazo produtivo e xerador de riqueza e de traballo. Esas medidas de revalorización do monte galego complementaranse coa creación de unidades de xestión forestal previstas para os meses vindeiros e culminará cunha nova Lei de montes que se someterá a esta Cámara no primeiro semestre do ano 2008.

A creación, o pasado mes de abril, da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, en Lira, é un dos expoñentes desa política de desenvolvemento sustentable, neste caso das comunidades pesqueiras. Supón un claro exemplo de protección do medio ambiente e como iso pode converterse nun elemento dinamizador da economía do litoral e unha fonte xeradora de novos empregos vinculados ao mar.

Baixo esas mesmas premisas de estimular o desenvolvemento e potenciar os sectores estratéxicos e respectar o medio natural, elaboramos o Plan galego de acuicultura. O novo texto recolle, señorías, todos os emprazamentos que poden dedicarse á cría de peixes na comunidade galega. Destaca o feito de que ningunha das novas instalacións ocupará espazos da Rede Natura ou doutros ámbitos protexidos por figuras ambientais, en contraste co 27 % da Rede Natura do plan anterior. O novo Plan galego de acuicultura prevé como obxectivo alcanzar un volume de produción anual de 25.000 toneladas de peixes planos, o que supón que poidamos manter o liderado mundial de Galicia no sector, con investimentos de máis de 390 millóns de euros e unha previsible creación de máis de 2.000 postos de traballo. Ademais, acabo de presentar o Plan estratéxico da conserva, co obxectivo de consolidar as estruturas empresariais existentes e de consolidar asemade a posición de liderado de Galicia neste ámbito con 150 millóns de euros.

Podemos e queremos revalorizar os produtos do mar de Galicia. Así o fixemos no caso do mexillón de Galicia, que dende o pasado 28 de decembro é o primeiro produto do mar con denominación de orixe protexida na Unión Europea. Nunha dirección semellante móvense as xestións que está a levar a cabo a Consellería de Pesca para pór en funcionamento unha marca de calidade que identificará, certificará e diferenciará os produtos da pesca artesanal e do marisqueo de Galicia.

Non quero perder –para concluír no eido da pesca– a ocasión de mencionar tres medidas, que son significativas polo seu contido social: a primeira, a ampliación do seguro colectivo de accidentes marítimos aos inmigrantes que traballan nos buques con base en Galicia; a segunda, a implantación do seguro de mal tempo, que entrará en vigor este mesmo mes, que cubrirá o risco de perdas económicas derivadas da inactividade ocasionada polas condicións meteorolóxicas –o seguro pretende, pois, evitar accidentes marítimos como consecuencia de que os mariñeiros, para manter os seus ingresos, se ven obrigados en ocasións a faenar en condicións moi adversas–; a terceira é a posta en marcha dun plan de pensións para as mariscadoras, coa finalidade de garantirlles unha xubilación digna que remate definitivamente cunha situación que saben discriminatoria con respecto a outros colectivos profesionais.

A Xunta de Galicia non pode permitir que exista unha fractura interior no territorio da Comunidade Autónoma, que se xere un abismo entre a Galicia próspera e dinámica e a Galicia máis carente de recursos e avellentada poboacionalmente.

Co fin de dar resposta a este desafío e construír entre todos un país cohesionado, o Goberno deseñou un potente conxunto de actuacións aglutinado no denominado Plan de reequilibrio territorial de Galicia. Incorpora ata o horizonte do ano 2010, horizonte inmediato, recursos por valor de 3.657 millóns de euros, destinados –como digo– a evitar que se consolide unha Galicia dual con territorios e cidadáns de primeira e con territorios e cidadáns de segunda como ata agora.

A articulación deste plan permite superar, dunha vez por todas, esa tradicional política de choiva fina e apostar por unha estratexia que define núcleos dinamizadores en cada área que prioriza.

O plan nace como a resposta a unha diagnose en profundidade da realidade de Galicia, é froito dunha estratexia de dinamización e ha partir, así, dun enfoque integral. O plan complementábase con plans como a dinamización económica da Costa da Morte ou o Plan de desenvolvemento integral de Ferrol, Eume e Ortegal.

Antes resumín o segundo eixe da nosa orientación estratéxica nunha soa palabra: o coñecemento. Responde á evidencia de que cada vez con maior intensidade o proceso de internacionalización, de globalización, se queren, está desprazando do centro do escenario a industria tradicional, vaina substituíndo cada vez con máis intensidade por ese carburante intanxible da información e do coñecemento, aplicable transversalmente a todos os sectores

e convertido no factor determinante da competitividade de empresas e de produtos. Con ese obxectivo trazamos as claves de bóveda da nosa política económica e industrial, o reforzamento do sistema educativo e a formación continua, o impulso das políticas de investigación e innovación, e a dinamización da actividade privada mediante o estímulo da cultura emprendedora e da iniciativa empresarial.

### **Osíxeno da liberdade**

A educación é sen dúbida o osíxeno da liberdade, os individuos e os pobos con máis formación, con máis cultura, son os individuos e os pobos máis libres, máis donos de si e do seu destino. Unha educación pública de calidade é ademais unha ferramenta de equidade para avanzar na igualdade de oportunidades, para cegar a fenda das diferenzas sociais, para superar a distinción entre o berce do pobre e o berce do rico. A educación é tamén un factor produtivo de primeira magnitude. Sabíano, por certo, ben xa os ilustrados do século XVIII cando reclamaban «pan y luces», luces que indefectiblemente conducen al pan.

Cando asumín o temón da Xunta de Galicia comprometinme a incrementar a dotación do sistema educativo nun 20% durante esta lexislatura. En só dous anos o crecemento foi do 18%; o compromiso, pois, será amplamente superado cando este Parlamento xa este mesmo ano aprobe os terceiros orzamentos do Goberno que presido. Todas as medidas financiadas con estes recursos adicionais responden a catro orientacións ben definidas: avanzar na igualdade de oportunidades, promover o multilingüismo, introducir novas tecnoloxías nas aulas e impulsar o éxito escolar no noso sistema educativo.

Os logros neste ámbito, señorías, son –digoo dende a humildade– espectaculares. O programa de gratuidade dos libros de texto completou xa os dez cursos que suman a educación primaria e a secundaria. No curso que acaba de principiari todo o ensino obrigatorio, seis cursos de primaria, catro de ESO, así como o alumnado de educación especial, estanse a beneficiar da gratuidade dos libros de texto. Son 145.000 familias, 217.096 rapaces, que se benefician da gratuidade dos libros de texto, o que supón un investimento, un esforzo público de 26,4 millóns de euros. Tamén xa neste curso, preto de 60.000 rapaces e rapazas teñen asegurado o dereito a disfrutar de comedores escolares; comedores que, por certo, comezarán a funcionar o mesmo día en que se inicien as clases e rematarán o último día das mesmas.

Pódolles confirmar que antes de rematar a presente lexislatura todos os colexios públicos de ensino infantil e primario das oito grandes cidades terán completo servizo de comedor. E todos os colexios estarán abertos fóra do horario lectivo para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Implantamos a figura do acompañante no transporte escolar como un servizo complementario e necesario para afianzar estratexias que fagan compatibles a vida persoal, familiar e laboral. Neste ámbito pasamos só en dous anos dun 6% de implantación ao 100% do que esixe a norma; un total de 2.102 rutas cubertas, adiantándonos nun ano aos prazos marcados pola normativa estatal.

Temos firmemente asentadas as bases para garantir o dereito á gratuidade da educación infantil, cun plan que permitirá nesta lexislatura crear 121 novas escolas infantís, cunha dotación de 6.000 novas prazas. Un total de 23 novas abriron as súas portas este curso que comeza, asegurando xa 1.000 novas prazas públicas para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Innovación e modernización son os principios que acompañan o gradual incremento da calidade do sistema público de Galicia. No vindeiro 2008 ampliaremos este esforzo, ofertando 2.500 bolsas para estudantes de ESO e bacharelato, o que suporá o incremento do 66,6%. Preto de 21.000 rapaces na idade temperá de 6 anos comezarán o presente curso escolar a estudar unha lingua estranxeira no primeiro curso de educación primaria.

Estamos transitando o camiño no que nos anticipamos no segundo ciclo de educación infantil, ou sexa, aos 3 anos, á posibilidade de recibir unha información nunha primeira lingua estranxeira. Pois o ensino de idiomas, o multilingüismo, convértese nun obxectivo central e estratéxico e nun esforzo –como digo– inédito con esa oferta de 2.500 bolsas para estudantes que irán estudar este verán aos mellores centros de idioma nos países estranxeiros.

Modernizar o sistema educativo é tamén promover accións para introducir os nosos rapaces plenamente na sociedade do coñecemento. Articulamos liñas de axudas para favorecer a implantación destas tecnoloxías no eido educativo. Máis de 20.000 familias benefíciáanse de axudas para mercar ordenadores. En dous anos, 2006 e 2007, dotamos os centros de ensino con 30.000 novos equipos informáticos. O 100% dos centros de primaria e secundaria contan con canles básicas de acceso a Internet. O 65% dos centros de secundaria contan cun cableado en todas as súas dependencias.

Cando no ano 2005 asumimos a xestión do sistema educativo había un ordenador por cada 12 alumnos. Logo do esforzo acometido nestes dous anos, pódolles asegurar que ao rematar este curso o ratio será dun ordenador por

cada seis alumnos, e antes de que remate a lexislatura conseguiremos que todos os centros de primaria e secundaria conten con acceso a Internet, ben a través de cableado ou de wifi, en todas as súas dependencias. Como digo, son tamén accións encamiñadas a promover a excelencia, a procura do éxito escolar. Reforzáremolo investindo máis de 13 millóns de euros no curso escolar 2007-2008 en diversos programas para a mellora do éxito nos preto de seiscentos centros educativos nos que se levarán a cabo.

O Goberno galego ten claro que as universidades de Galicia son unha prioridade, por iso marcámonos para esta lexislatura un obxectivo de crecemento moi ambicioso que pretende chegar ao 1 % do PIB nesta materia. Hai dous anos propuxémonos aproximar os recursos económicos do noso sistema universitario á media europea, e hoxe pódolles asegurar que estamos a dar pasos moi significativos. En só dous exercicios incrementamos nun 95 % a contía dos programas de axudas e bolsas de alumnado e de profesorado, na procura da mobilidade estudantil e da excelencia académica e docente.

Paralelamente, case que duplicamos o número de bolsas destinadas a alumnos universitarios, ao pasar de 1.759 a 3.177 no 2007. A aposta polas universidades tradúcese en concreto nun incremento nos dous últimos anos dun 27 % dos seus recursos.

Xunto a isto, e co fin de fortalecer o sistema universitario galego, temos previsto a nova Lei galega de universidades, consensuada con todos os entes implicados. Esa nova lei está chamada a coordinar, cohesionar e optimizar o sistema universitario galego no marco do Espazo europeo do ensino superior e da propia Lei de ordenación universitaria.

A outra vertente de atención preferente céntrase na investigación, na innovación e no progreso tecnolóxico. A posta en marcha do Plan galego de I+D e do Plan estratéxico da sociedade da información, cunha dotación conxunta de 1.600 millóns de euros ata o ano 2010, permitirá incorporar Galicia definitivamente ao tren do coñecemento.

Con ambos os dous instrumentos conseguiremos incrementar o investimento en I+D+i ata o 1,5 % do PIB, alcanzar a cifra de 10.000 investigadores ao final do seu período de vixencia e lograr que as empresas aporten a metade do gasto total en investigación e desenvolvemento, que hoxe está moi lonxe dese obxectivo.

Neste mesmo contexto, e en sintonía coas estratexias de Lisboa, inscríbese o deseño e a definición deses cinco centros de excelencia científica que, en estreita conexión coas universidades e as empresas, conformarán a punta de lanza da investigación en Galicia.

Paralelamente, logramos a inclusión de dous centros tecnolóxicos no Mapa estatal de infraestruturas científico-tecnolóxicas singulares.

Entre o conxunto de factores estratéxicos para o desenvolvemento de Galicia as telecomunicación son, sen dúbida ningunha, un dos elementos clave para o avance tecnolóxico, para a mellora da calidade de vida. Gustaríame destacar algúns deles polo impacto que terán na cidadanía e no tecido produtivo, polo nivel, por certo, de compromiso que requirirán para facelo realidade e por seren determinantes para superar o que todos coñecemos como a fenda dixital. Estou a falar do despregue da televisión dixital, do despregue da banda ampla e da mellora da cobertura de telefonía móbil.

Para afrontar o chamado apagón analóxico previsto para o ano 2010 estamos a substituír os máis de cen centros emisoros e reemisoros e os máis de seiscentos microrreemisoros espallados pola xeografía de Galicia para despregar un número de centros aínda máis importante de tecnoloxía dixital ao termos que proporcionar cobertura aos novos operadores privados autonómicos e locais de nova creación.

Practicamente nunha lexislatura imos facer un despregue de infraestruturas de telecomunicación dixitais que, no seu equivalente analóxico, levou máis de vinte anos realizar.

No que respecta ao desenvolvemento da banda ampla, o Plan estratéxico da sociedade da información desenvolvido pola Consellería de Industria e Innovación marca o obxectivo de que 90 de cada 100 galegos teñan acceso á banda ancha no 2009. Traballamos para que xa no ano que vén todos os núcleos de 500 ou máis vivendas dispoñan dunha dobre infraestruturas para conectarse co fin de fomentar a competencia e o benestar.

### **Benestar e coñecemento**

Por último, quero salientar que as primeiras decisións da Fundación Galega da Sociedade do Coñecemento camiñan na mesma dirección. A aprobación dun ambicioso plan de racionalización enerxética coa creación dun fondo de investimento para iniciativas de alto valor estratéxico, dotado inicialmente cun mínimo de 100 millóns de euros, certifican sen dúbida o seu rotundo compromiso co país.

Neste ámbito anúncialles que no próximo ano 2008 entrará na Cámara o Proxecto de lei de televisión de Galicia comprometido polo pacto de goberno e o Goberno que presido.

## O marco da saúde

Unha peza esencial da sociedade do benestar é o dereito á saúde, garantido por un sistema sanitario universal e gratuito, financeiramente sólido, profesionalmente cualificado e cun abano de prestacións que dea cumprida resposta ás crecentes necesidades dos usuarios.

Os avances nesa dirección nos últimos anos son apreciables e significativos. Por certo, suprimíuse a lousa do déficit que esmagaba o sistema; reforzouse a atención sanitaria coa súa mellora, a incorporación de novos profesionais, a introdución de novas prestacións; puxéronse as bases para unha xestión transparente e máis eficiente, e complementariamente púxose couto á precariedade laboral intensa neste ámbito.

Na escena do financiamento do sistema, incrementamos o esforzo presupostario nun 20 %, preto de 980 millóns de euros adicionais, e saldouse a débeda esixible, que ascendía nada máis nin nada menos que a 326 millóns de euros. Fixemos da transparencia unha esixencia, unha obriga social, ao pór á disposición da cidadanía os indicadores de calidade da actividade. Reducimos nun 34,6 o tempo medio de espera na atención sanitaria, pasamos de 137 a 80 días de media de espera cirúrxica, o que supón neste caso un recorte do 41,6 %.

Mes a mes acrecentouse o catálogo de dereitos para dar resposta ás históricas demandas dos cidadáns. Estendemos a anestesia epidural a todos os hospitais, aseguramos a disposición gratuita da pílula do día despois e ampliamos o programa de saúde bucodental. Pódolles dicir que a partir do ano que vén a idade para ter dereito á atención bucodental por parte do Sergas ampliase hasta os 14 anos. Anticipamos así en Galicia o recoñecemento dun dereito que, neste momento, é unha reclamación case unánime máis aló das nosas fronteiras.

No marco do Plan de atención integral de saúde á muller, nos meses vindeiros iniciaremos a vacinación contra o papiloma humano de todas as adolescentes galegas, para protexelas da infección vírica que ocasiona sete de cada dez casos de cancro de colo uterino. Por certo, o programa que se desenvolverá en tres anos comeza no ano 2008 coa vacinación de 10.000 adolescentes.

Igualmente, o mesmo ano, poranse en marcha as primeiras catro unidades para a atención do parto natural, con espazos específicos para o devandito parto nos hospitais galegos; unha decisión que permitirá ás mulleres decidir libremente sobre un dos momentos máis importantes, sen dúbida, da súa vida.

Finalmente, de acordo co decreto aprobado polo Consello da Xunta o pasado xoves, acaba de entrar en vigor o dereito a unha segunda opinión médica no caso de enfermidades de gravidade.

En materia de atención primaria alcanzamos un pacto pioneiro coas centrais sindicais, as organizacións profesionais e as sociedades científicas de médicos e pediatras; un paso que suporá un salto cuantitativo e cualitativo sen precedentes en Galicia e en ningunha outra comunidade autónoma de España. Ese Plan de mellora da atención primaria, que comprende cinco anualidades do ano 2007 ao ano 2011, prevé un investimento nada máis nin nada menos de 62,5 millóns de euros e a creación de 144 novas prazas de profesionais.

O esforzo en materia de infraestruturas sanitarias está a ser singular. O investimento no Plan estratéxico de infraestruturas de hospitais que se desenvolve ata o ano 2011 ascende a 778 millóns de euros e beneficiará a todos e cada un dos hospitais das sete cidades de Galicia. A construción certamente dos novos hospitais de Lugo, Vigo e Pontevedra ampliará o mapa de infraestruturas sanitarias que Galicia demandaba e permitiranos contar con 2.892 camas novas.

Asemade, neste momento que falo, están en construción 23 novos centros de saúde e estanse a facer obras de reforma e de ampliación importantes noutros 39. Do mesmo xeito, o Plan de axeitamento da infraestructura chega este ano a outros 94 centros, xa que o plan de obras en atención primaria supón un investimento neste mesmo ano de máis de 23 millóns de euros.

Aumentamos, por certo, o cadro de profesionais que prestan asistencia primaria ou especializada á cidadanía galega. Convocamos a maior oferta de emprego público de moitos anos no ámbito sanitario, máis de 3.500 prazas, e o próximo ano culminaremos a integración de todo o persoal estatutario no Servizo Galego de Saúde.

A fins deste ano ou comezos do ano 2008 remitiremos ao Parlamento o Proxecto de lei de saúde de Galicia; un texto que xa se atopa no Consello Económico e Social e que vai constituír a pedra angular do ordenamento do noso sistema. A lei articulará un auténtico código de dereitos en materia de saúde, establecerá o aseguramento único e o financiamento público do sistema, integrará o tratamento das drogodependencias e de saúde mental por primeira vez na nosa historia dentro do Sergas e creará a figura do Valedor do Paciente, incardinada na institución do Valedor do Pobo, entre outras relevantes novidades.

Este Goberno quere expresar a súa clara vocación e acentuado sentido social no establecemento dun sistema ata o de agora –hai que dicir– practicamente



esquecido e nulamente desenvolvido: o sistema galego de benestar. E como o piar básico deste novo sistema, o sistema galego de atención á dependencia e promoción da autonomía persoal, que desenvolve a Lei de dependencia promovida polo Goberno de España, configura un verdadeiro código social que permite afianzar o noso compromiso.

Falo dun sistema público como garantía de protección e de resposta aos dereitos, dun sistema que promova o reequilibrio territorial en clave de consello social, dun sistema que, na procura da excelencia, prime a eficiencia e a calidade na prestación dos servizos e dun sistema innovador que promova o uso de novas tecnoloxías e faga uso das mesmas; dun sistema, en definitiva, equitativo, digno, edificante, promotor de dereitos e liberdades.

Estamos a crear o embrión dunha auténtica rede pública, social, que permita acadar niveis mínimos de cobertura. Neste sentido, no presente mes de outubro –este mes–, comezarán a funcionar quince novos centros cos servizos de atención diúrna e residencial: cinco deles na provincia da Coruña, dous na de Lugo, tres na de Ourense, cinco na de Pontevedra. Supón, en conxunto, 429 prazas de atención diúrna, 116 de atención residencial, e xerarán 130 postos de traballo. A curto prazo, outros novos cinco centros sumaranse a esta rede pública.

Convén lembrar que, dende o comezo da lexislatura, se triplicou o número de prazas públicas en centros de día, pasando de 220 a 772 en outubro deste ano. Deste xeito, o nivel de cobertura pasa de 0,4 prazas por cada mil maiores ao inicio da lexislatura a 1,3 prazas actuais; porcentaxe que xa se empeza a aproximar a dúas prazas por cada mil maiores que recomenda o Plan xeronolóxico estatal para os centros de día.

Complementariamente, o Plan de mellora integral de centros residenciais afonda na optimización e na adaptación de equipamentos, de forma que catro dos centros residenciais de titularidade pública xa están en obras, outros catro atópanse en fase de licitación e sete en fase de redacción de proxectos. O plan supón un investimento de 20 millóns de euros, facilitará a creación de 1.100 novas prazas para persoas dependentes: 700 de nova creación e 400 como resultado do axeitamento e adaptación.

No horizonte desta lexislatura construíranse catro grandes centros de referencia supracomarcal. Contarán, entre outros servizos, con comedor social, xantar, lavandería sobre rodas, así como asistencia a domicilio. Deste xeito, estamos en condicións de prever que, a finais do ano próximo, dispoñemos de mil novas prazas en residencias e centros de día.

A esta rede pública engadiranse certamente once centros de día especializados no tratamento do alzhéimer. Contarán con 40 prazas cada un. Radícanse nas sete grandes cidades e nos concellos de Moaña, Ribeira, O Porriño e Monforte. E, neste sentido, quero lembrar, por certo, que a finais deste mesmo ano entrará en funcionamento en Vigo o primeiro destes centros.

Neste momento, preto de 27.000 solicitudes de grandes dependentes xa foron rexistradas, e en catro meses tramitáronse xa preto de 3.400 propostas de valoración. O compromiso, saben, é rematar o proceso antes de final de ano.

Un sistema de atención á dependencia como o configurado en Galicia prevé –quero subliñalo– e necesita de elementos complementarios que permitan distribuír ese servizo ao longo do territorio. Neste sentido, a creación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade, o coñecido como 065 social, acrecentará sen dúbida a liberdade individual das persoas que polo seu grao de dependencia ou de discapacidade elevada non poden utilizar o transporte público colectivo.

O Goberno galego, o primeiro goberno paritario da historia, fai do compromiso coa igualdade e a non discriminación por razón de xénero un eixe básico e irrenunciable da súa concepción do que debe ser unha sociedade máis democrática, máis plena, máis xusta cada día. A igualdade de xénero é unha política que impregna o conxunto da acción política.

Dúas leis, porén, destácanse neste novo escenario de loita pola igualdade, ambas aprobadas neste curso político, inéditas na historia da autonomía:

A primeira lei é a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que ten como grande obxectivo conseguir que as mulleres teñan as mesmas oportunidades laborais que os homes, eliminando as discriminacións que penalizan a maternidade, que as condenan a interminables xornadas laborais, que lles impiden unha maior e mellor participación no mercado de traballo e que coutan o acceso das mulleres a postos de responsabilidade directiva e á toma de decisións.

A lei, certamente, incide tamén nunha área fundamental: medidas destinadas a conciliar a vida familiar e a vida laboral, e incorpora como importante novidade a creación dos chamados «bancos de tempo».

A segunda iniciativa lexislativa que quero salientar –¿como non?– é a Lei galega contra a violencia de xénero, aprobada por unanimidade neste Parlamento o pasado mes de xullo. Trátase dunha lei que aborda este problema de xeito transversal e integral, que implica ao Goberno, ao Parlamento, ás administracións públicas tanto como á propia sociedade na prevención da violencia e na protección de asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

A nosa estratexia en política de vivenda ten un obxectivo claro, empezarei por enunciálo: facer efectivo o dereito constitucional de acceso a unha vivenda digna para todos os cidadáns. Ese é o horizonte que nos marca a Constitución e ese é o camiño que queremos percorrer e que estamos percorrendo. Convén aclarar que non seremos quen de andar ese camiño de non mediar unha potente intervención dos poderes públicos sobre un mercado que sabemos que está suxeito a fortes presións, a condicionamentos e a intereses.

En materia de vivenda están absolutamente contraindicadas as receitas que pretenden a liberalización do solo, unha política adoptada polos gobernos da dereita e que só conduciu a agravar o problema.

A concepción da vivenda, entendida como un dereito dos cidadáns e como un ben de uso, non como un obxecto de consumo ou especulación, é o principio que inspira o Proxecto de lei de medidas de impulso da vivenda pública en Galicia, xa ultimado, e que traeremos ao Parlamento este mesmo trimestre.

Esta nova lei vai introducir un cambio fundamental na errática política –por dicilo suavemente– de vivenda pública protexida seguida na Comunidade Autónoma, para constituír, agora si, un modelo que incide na reforma estrutural do mercado. Centramos aí o noso esforzo porque sabemos que a causa última do encarecemento da vivenda reside na escaseza de solo urbanizado a prezo taxado. En boa parte, a forte alza do prezo da vivenda é consecuencia da lei liberalizadora do solo do PP, que aprobou cando gobernaba con maioría absoluta; unha medida que permitiu á «man invisible» –xa se sabe de quen– do mercado multiplicar, ata a estratosfera, os prezos do solo.

A nova lei vai corrixir drasticamente esa situación con catro preceptos que atacan o problema dende a vertente da oferta de solo:

En primeiro lugar, incrementa ata o 40% a porcentaxe de solo reservado para vivenda protexida en concellos de máis de 20.000 habitantes. Duplicase deste xeito a superficie municipal destinada á vivenda protexida.

En segundo lugar, establece para os promotores a obrigatoriedade de construír ao mesmo tempo, de forma simultánea, a vivenda libre e a vivenda a prezo taxado.

En terceiro lugar, crea unha bolsa de solo que se nutre coa cesión obrigatoria á Xunta do 5% non lucrativo de todos os solos de novo desenvolvemento. Nese solo cedido construírase vivenda protexida para alugueiro, que sempre será de titularidade pública.

E, finalmente, pauta aos concellos a destinaren polo menos o 50% do seu patrimonio municipal de solo a vivenda protexida, quedando prohibida a venda de solo para outros fins.

Fomento da vivenda a prezo taxado é a nosa meta, e a decidida actuación sobre a oferta, a nosa estratexia.

Esta lei representa un modelo pioneiro e innovador que situará a Galicia á cabeza de España na procura de solucións ao problema común da vivenda.

Tampouco esquecemos, sen embargo, a necesidade de actuar sobre a demanda, aínda que aplicando criterios distintos e distantes dos que prevalecían en tempos pasados. Refugamos –dígoo con claridade– aquel sistema de axudas irregular e caótico que o PP nos deixou en herdanza; un sistema que non garantía que as axudas chegaran ás familias ou ás persoas que as necesitaban e que provocou, por mor dun uso irregular das subvencións públicas, un incremento medio dos prezos do alugueiro nun 20 % nas cidades galegas.

Substituímos esa errada iniciativa por un programa de vivenda en alugueiro, e a día de hoxe financiamos o alugueiro a 3.000 familias en toda Galicia. Neste ano 2007 dedicamos a este cometido case 10 millóns de euros. Este programa permitiunos, ademais, mobilizar a vivenda baleira, unha peza clave no mercado.

### **O eido cultural**

Tal e como dixeran, o Goberno que presido complementa a promoción de vivenda protexida con medidas de axudas ao alugueiro, como acabo de referirme, pero tamén a través doutras iniciativas, como a rehabilitación de vivendas en cascos históricos ou a promoción nos campus universitarios, cito como exemplo o de Elviña, na Coruña, no que se están construíndo máis de trescentas vivendas para ofertar aos mozos en alugueiro e a prezos razoables.

O Goberno galego está a definir tamén novos marcos e novas orientacións no eido cultural. Está a executarse neste terreo un importante programa de reformas, que ten como principais guías a posta en valor do patrimonio, o reforzamento do tecido profesional e industrial dos diversos sectores culturais e unha mellora substancial dos procesos de difusión, de comercialización, de distribución dos produtos, que fan posible unha maior visibilidade dos creadores de Galicia tanto no interior como no exterior.

Un dos instrumentos xurídicos máis importantes cos que conta a Xunta de Galicia para unha eficaz potenciación do patrimonio é a declaración de ben de interese cultural, recentemente aplicada, por certo, a unha vintena de castros galegos, que xa teñen os seus expedientes en marcha con vistas a esa declaración.

Como apuntaba hai un momento, nestes dous anos e pico de lexislatura abordáronse dende o Goberno, dende a Consellería de Cultura e Deporte,

importantes iniciativas reformadoras que teñen esa finalidade de fortalecer –subliño– o tecido dos diferentes sectores que forman o entramado cultural do noso país.

Se hai pouco menos dun ano aprobabamos nesta Cámara a Lei do libro e da lectura, que abre novas perspectivas para o sector editorial, neste ano vai ser o turno da Axencia Galega de Industrias Culturais; un instrumento especializado e ao servizo do desenvolvemento empresarial e profesional da cultura galega, que incrementará os recursos destinados á cultura, reforzará o papel dos seus creadores e o posicionamento das súas creacións no mercado, a súa capacidade de oferta e proxección.

Señorías, non debo rematar esta intervención sen facer referencia a ese espléndido patrimonio, o que nos identifica como galegos, o que constitúe o ADN da nosa identidade colectiva e que supón un tesouro, transmitido polo río da nosa historia, que enriquece a nosa cultura e que anhea os nosos horizontes. Estoume a referir, obviamente, á nosa lingua, a lingua propia de Galicia.

Ata agora, a política lingüística en Galicia camiñou sempre amparada polo consenso entre as grandes forzas políticas. Este consenso político reflectía, en primeiro lugar, as posicións dunha ampla maioría social, amplísima maioría das galegas e dos galegos. En segundo lugar, era a manifestación dunha decisión sensata das forzas políticas, consistente en deixar fóra da loita partidaria a cuestión lingüística.

Non obstante, nestes dous anos rexistrouse unha anomalía notable, só unha, señorías, pero preocupante: o Partido Popular rachou o consenso político sobre o decreto que asegura unha maior presenza e a promoción da lingua galega no ensino non universitario.

Foi unha ruptura –téño que dicir– estraña, ordenada no último minuto do desconto e despois de que o PP participase na negociación do decreto e dese a súa aquiescencia ao seu articulado, por ser este plenamente coherente coas liñas e coas medidas trazadas no Plan xeral de normalización lingüística, consenso deste Parlamento. Ese mesmo plan que o Partido Popular trouxo a esta Cámara –por certo, na pasada lexislatura– e que apoiamos todas e todos os deputados.

Eu non sei que cálculo de hipotéticos beneficios electorais fixeron para romper o consenso lingüístico, se é que fixeron algún e non se limitaron meramente a seguir instrucións. O que si lles podo asegurar, e vostedes tamén o saben, é que a gran maioría dos cidadáns galegos, os cidadáns galegos sen limitación, son conscientes de que o idioma galego é un feito distintivo e

propio, un factor de unidade, de identificación e de singularidade colectiva, un patrimonio de todas e de todos.

Por iso propóñolles solemnemente, sinceramente, volver ao consenso, recuperar un acordo unánime sobre a lingua galega, no camiño de estar nesa Galicia plurilingüe, diversa, tolerante, pero tamén orgullosa de saber coidar os tesouros, como ese idioma milenario que nos singulariza no concerto mundial de pobos e de culturas do mundo.

Quixen deixar para o final unha reflexión sobre a nosa acción exterior. Comprenderán que referirme hoxe á proxección internacional de Galicia ten para min unha especial significación, porque esta comparecencia prodúcese a tres días antes de que inauguremos en Bos Aires a primeira delegación da Xunta de Galicia.

Ese feito simboliza un novo impulso e unha nova dimensión que lle queremos imprimir ás relacións exteriores. Ata o día de hoxe, a presenza de Galicia alén das nosas fronteiras limitábase en exclusividade a esas extraordinarias embaixadas que encarnan os nosos emigrantes e ás activas sociedades que eles mesmos promoveran. Pero Galicia enteira estaba orfa de presenza institucional no exterior, e os nosos emigrantes desasistidos de representación cercana e oficial. Unha lagoa, señorías, que iremos cubrindo paseniñamente, a medida que nolo permitan os recursos dispoñibles.

As funcións que lle encomendamos á nova delegación en Bos Aires son idénticas ás atribuídas ao conxunto da acción exterior: o apoio aos cidadáns galegos que residan fóra do país; a promoción da nosa lingua e da nosa cultura, en fértil simbiose coas culturas do mundo; o fomento das relacións económicas e comerciais, e a cooperación ao servizo do desenvolvemento.

Baixo estas premisas era preciso definir o mapa de prioridades da acción exterior. Dentro desta axenda, o obxectivo do Goberno para esta lexislatura pasa por fortalecer cada día máis a cooperación con Portugal, co mundo da lusofonía en sentido amplo, e coa propia Europa. Sen lugar a dúbidas, Portugal ocupou nestes dous anos de goberno un lugar privilexiado no deseño da política exterior da Xunta de Galicia. Tivemos como obxectivo conseguir unhas relacións entre Galicia e Portugal de segunda xeración, aproveitando ao máximo ese espazo de oportunidade que supón a cooperación no ámbito da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Galicia é hoxe pioneira en Europa na solicitude dunha agrupación de cooperación transfronteiriza, unha figura xurídica nova e fundamental para conseguir unha cooperación cualificada, sólida, estable, mellor articulada institucional e xuridicamente.

En segundo lugar, cómpre fortalecer a presenza de Galicia en toda a área iberoamericana, onde xa temos desenvolvido unha presenza exterior importante, que se ampliará proximamente en México e en Cuba, tamén noutros países como Estados Unidos e na área asiática, en particular en China e Xapón, de grande interese para a apertura de novos mercados.

Estas son as previsións da axenda exterior da Xunta, do seu presidente, que iremos debullando a curto, medio e longo prazo.

Hoxe en día Galicia ten que aspirar a un plano cada vez máis activo no plano internacional, non só no eido político-económico, senón tamén no ámbito cultural, e cremos que a Cidade da Cultura pode e debe xogar un papel estratéxico neste campo.

Máis alá dos erros do pasado, derivados dunha xestión impropia dun goberno serio e responsable, e diagnosticados de xeito claro e irremediábel polo Consello de Contas, a redefinición da Cidade da Cultura levada a cabo polo Goberno que presido abre un novo espazo de oportunidade como proxecto estratéxico para este país.

Tras a conversión do monte Gaiás nun proxecto de Estado, a Cidade da Cultura debe e pode xogar un papel de enlace, de ponte cultural entre España, Europa e Iberoamérica, como se porá –espero– con motivo do bicentenario da independencia dos países latinoamericanos, cando os edificios do Gaiás acollan actos conmemorativos de tan significado evento.

A Cidade da Cultura será, sen dúbida, un icono visual da Galicia do século XXI. As liñas mestras deste proxecto son claras: a Cidade da Cultura será a promotora da presenza e da visibilidade internacional a través dun amplo desenvolvemento de acordos con outros centros internacionais que permitan incluír o complexo do monte Gaiás nos circuitos internacionais e promover a cultura galega no exterior.

A Cidade da Cultura será un axente promotor de creación cultural, apostando pola mellora da súa calidade, a través da innovación, da experimentación, ofertando os recursos necesarios e favorecendo o intercambio coa creación de calidade do ámbito internacional.

A Cidade da Cultura será un dos eixes de vertebración do sistema cultural galego, con liñas de actuación que sirvan para coordinar os recursos e as actividades presentes, e que teñan un carácter complementario e enriquecedor.

A Cidade da Cultura será un activo para o desenvolvemento socioeconómico, alentando a xeración de tecido económico e de emprego de calidade arredor da cultura que reforce a nosa industria cultural, vinculando a cultura

con outros sectores económicos e operando como un atractivo turístico para diversificar e incrementar o perfil e a procedencia dos visitantes, consolidando Galicia como un destino cultural de calidade.

Como presidente dos galegos, quero reafirmar que Galicia se debe aos seus emigrantes. Eles son a mellor antena da galegitude dos cinco continentes. Galegos de plenos dereitos; dereitos de cidadanía que se recollerán na reforma da Lei de galegitude que estamos levando a cabo. Esta lei erixirase na guía normativa que regule as relacións entre o Goberno autonómico coas comunidades galegas no exterior, adaptando aos novos tempos as novas demandas. O texto chegará ao Parlamento antes de que remate o ano, para que se estude e se fagan achegas que nos permitan aprobar antes de xuño do ano 2008 unha nova lei de consenso.

Neste ámbito, podó adiantar que presentaremos o vindeiro mes de decembro en Cuba o primeiro Plan director do patrimonio galego no exterior, que se desenvolverá durante o período 2008-2009 en dúas fases: catalogación e inventario e creación do portal no que se difundirá o patrimonio catalogado.

Por outra banda, non quero deixar de referirme á atención á poboación inmigrante, que require de novos impulsos, de estratexias de acción que promovan espazos de acollida de integración que se reflectan nunha integración e nunha convivencia harmoniosa e intercultural na nosa comunidade. Este ano investimos 1,2 millóns de euros en axudas destinadas a entidades locais para realizar actividades xustamente de integración de inmigrantes, e reforzámolo o ano que vén a través dos plans locais de inmigración, destinando 2 millóns de euros a esta finalidade.

Levamos adiante o segundo Plan anual de cooperación para o desenvolvemento 2006-2009, e destinamos máis de 5 millóns de euros a axudas para proxectos de ONG.

### **Cambio intenso e profundo**

Ata aquí remarquei a intensidade e a profundidade do cambio que estamos acometendo. Cambio intenso e profundo, si, pero instrumentado no diálogo aberto, na transparencia da acción transformadora, na coparticipación da sociedade civil e dos axentes sociais, na procura da complicidade de todos os galegos e galegas, na forza motriz que é destinataria deste proceso.

Cambio intenso e profundo porque proclama a primacía dos intereses públicos, porque sitúa os intereses dos cidadáns e do país no núcleo da acción do Goberno, porque nos obriga a traballar para todos, a gobernar ao servizo do conxunto da cidadanía e non de grupos ou sectores privilexiados.



Cambio intenso e profundo porque implica unha nova maneira de entender o crecemento, unha nova formulación de crecer máis pero crecer mellor. Non queremos unha Galicia enladrillada, co seu mar amurallado, co seu futuro hipotecado, nin unha Galicia ategada de emprego precario, queremos un país ordenado, atractivo e sustentable, un país europeo onde o crecemento económico se retroalimente coa conservación do medio ambiente, co valor do territorio e coa calidade de vida dos cidadáns.

Cambio intenso e profundo porque comporta unha nova orientación estratéxica, en consonancia co mundo global e a sociedade do coñecemento, que converte a educación e a innovación nos motores propulsores do porvir, porque sabemos que as persoas son o noso mellor capital para afrontar os desafíos e son as chaves do desenvolvemento futuro.

Cambio intenso e profundo porque incorpora unha nova cultura política, un novo concepto de administración dos asuntos públicos, para que Galicia sexa, en crecente progresión, un país máis democrático, máis transparente e máis libre; un país no que todos teñan as mesmas oportunidades, os mesmos dereitos, e aberto á participación activa dos cidadáns na vida pública.

Hai dous anos eramos a esperanza do cambio, hoxe somos o cambio da esperanza. Este é o triunfo da cidadanía, da confianza que depositou nun proxecto que só en dous anos rendeu notables dividendos ao país e aos seus habitantes. Galicia é hoxe un país en marcha, que converxe con Europa; un país con máis proxección exterior, que comeza a institucionalizar a súa presenza máis alá das súas fronteiras; un país innovador que marca pautas e referencias a outras comunidades en materia de protección do territorio, da atención sanitaria, na esfera educativa ou na política de vivenda; un país que conta máis e que pesa máis.

Galicia pesa máis na economía española, porque medrou en dous anos por enriba do intenso crecemento da media nacional; pesa máis no emprego español, na nómina da Seguridade Social, e, en xusta correspondencia, rebaixamos a lacra do paro. Galicia pesa máis no conxunto das exportacións españolas, un 9,3%, máis de catro puntos por riba da nosa participación na economía. Galicia duplicou o seu peso no investimento do Estado, ao pasar dos 3.000 millóns de euros do último cuatrienio de Aznar aos 6.400 millóns durante o mandato de Rodríguez Zapatero.

O investimento por habitante é hoxe un 30% superior á media española; daquela estabamos dez puntos por debaixo. Galicia pesa máis no conxunto de España, pero sobre todo o que máis me importa: as familias galegas pesan máis e teñen máis dereitos no conxunto do Estado do benestar.

As familias galegas gañaron peso no sistema educativo, máis de 300 millóns de euros para o bienio. As familias galegas gañaron peso no sistema de saúde, 1.000 euros por cada un dos 970.000 fogares estimados en Galicia. As familias galegas, especialmente as de menos recursos, gañaron peso no acceso á vivenda, cun substancial incremento da oferta de vivenda protexida.

Señorías, teño plena confianza, absoluta, nos homes e mulleres de Galicia. Nestes dous anos puiden corroborar canta sensatez, canta xenerosidade e canto tesón atesouran. Se Galicia funciona, e funciona ben, débeseles sobre todo a eles, ao seu traballo calado e responsable, á súa capacidade de discernir a anécdota efémera da iniciativa transformadora que vai á raíz dos problemas para apoiar a Galicia poderosa e solidaria que todos soñamos.

Os cimentos fraguados neste último bienio son sólidos; os logros, significativos, e o horizonte, despexado. Aspiramos a construír un país economicamente competitivo e, ao mesmo tempo, socialmente cohesionado, o país do superávit social. Aspiramos a ser un país cada vez máis forte, máis unido e tolerante, coa diversidade que nos enriquece; un país, por certo, orgulloso da súa cultura, da súa historia, da súa identidade e da súa lingua; un país disposto a reforzar día a día as súas institucións de autogoberno para marcar o noso rumbo específico na España e no mundo do século XXI.

Por iso quero rematar esta intervención coa formulación sintética do noso proxecto de país. O soño resúmese na imaxe dunha Galicia economicamente máis próspera, socialmente máis xusta e territorialmente máis equilibrada. E todos vostedes saben que entre o soño e a realidade só se interpón a ponte da vontade; unha ponte que as galegas e os galegos, coa súa identidade firmemente enraizada na súa historia, pero ávidos de conquistar o país, se dispoñen a cruzar con decisión e firmeza.

Moitas grazas.

# **COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, POR PETICIÓN PROPIA, PARA DAR CONTA DO ACORDO POLA COMPETITIVIDADE, ASINADO POLO GOBERNO DE GALICIA E OS AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS, E, ASÍ MESMO, DA SITUACIÓN ECONÓMICA**

9 de setembro de 2008

Señora presidenta, señoras e señores deputados

Comparezo nesta Cámara a petición propia para dar conta da situación económica que atravesamos Galicia, das súas fortalezas e as súas debilidades para afrontar esta etapa de serias dificultades e dar conta tamén da estratexia deseñada polo Goberno para atenuar o impacto da crise e, de maneira moi especial e moi singular, do acordo pola competitividade da nosa economía asinado no pasado mes de xullo.

E quero empezar por dicirlles, señorías, que comparezo dende unha ilimitada confianza en Galicia e nas súas xentes. Confío na súa iniciativa e na súa probada capacidade por superar os obstáculos, fraguada cos nobres metais, ao longo da nosa historia, da coraxe e da determinación. Teño plena fe na súa ambición de futuro.

Acudo a esta tribuna desde a responsabilidade de presidir un goberno que no momento en que se prenderon as alarmas sen perda de tempo se puxo

mans á tarefa. Dun goberno que sabe actuar ás duras e ás maduras, que nin escorre o vulto nin se cruza de mans.

Acudo a esta tribuna, señorías, para apelar ao traballo común e compartido. Todos debemos de sacar músculo e apertar o pedal para anticipar a recuperación da nosa economía. O Goberno de Galicia, dende logo, en primeira liña, pero tamén os entes locais e os empresarios, os axentes sociais..., en definitiva, todos os axentes que día a día tecen o pano da nosa economía. E por iso precisamente cobra especial valor engadido o acordo pola competitividade recentemente acordado.

Cando digo todos non esquezo á oposición, tamén a inclúo. Benvidas as súas propostas –se as houberse–, benvido o seu compromiso –se este existise–.

Todos debemos asumir a porción do custo que nos corresponde, arrimar o ombreiro. A lealdade co país esixe que cada grupo, que cada colectivo, asuma a súa carga, cada un segundo as súas forzas pero evitando a tentación de trasladar o fardo ao conxunto da sociedade, porque iso aumentaría a factura total.

Son consciente plenamente de que a situación desencadeada polo desastre financeiro de Estados Unidos é certamente complexa e adversa. Trátase dunha crise de carácter global, con especial incidencia nos países europeos máis desenvolvidos. Ata o punto de que parou en seco os poderosos motores económicos de Alemaña, de Francia e do Reino Unido. Ata o punto de que a sombra da recesión planea sobre o conxunto da Unión Europea. Basta ver os datos recentes do último trimestre do ano 2008.

Cómpre dicir, señorías, que todas as causas que concorren son alleas a Galicia. Todos os factores que convulsionan o escenario son externos á economía galega. Hai causas que se inscriben na esfera da economía internacional, principalmente o terremoto ocasionado nos mercados financeiros, esa crise profunda do sistema financeiro internacional, o vertixinoso crecemento do petróleo, doutras materias primas e dalgúns elementos básicos que crean tensións inflacionistas de alto grao, que distorsionan rendas familiares, que ocasionan sen dúbida perdas importantes de competitividade.

E hai causas que se corresponden con desequilibrios propios da economía española. Resultados eu diría de excesos probablemente, de pasados excesos. Como o boom inmobiliario das últimas décadas, que agora pasa recibo en forma dun axuste severo, ou como o forte endebedamento privado, amantado polos baixos tipos de xuros dos últimos anos.

Todas elas, causas esóxenas que contrastan cun crecemento equilibrado da economía galega. Velaí unha primeira razón para concluír que Galicia sufrirá –e,

por certo, xa está a ser así– en menor medida o recorte da actividade do emprego. As causas non son galegas pero as consecuencias tamén son galegas.

Nunha economía altamente internacionalizada non hai espazos de autarquía, nos tempos de bonanza importamos crecemento e nos tempos convulsos importamos dificultades. Por iso, no marco da nosa responsabilidade debemos, botar man –e estamos a botar man dende o primeiro momento– daquelas iniciativas e estratexias que minimicen os custos; extremar a austeridade e utilizar todos os resortes para temperar o impacto sobre a nosa cidadanía e sobre as nosas familias.

Afrontar a freada con todos os instrumentos dos que dispoñemos. Velaí o fundamento das prioridades da acción do Goberno que presido. Esa é a fonte de inspiración do Goberno neste momento de incerteza, cun triplo obxectivo.

Primeiro e por enriba de todo, o emprego. Porque a creación de postos de traballo estables e de calidade é o elemento central da nosa estratexia de desenvolvemento sostible.

Segundo, intensificar o investimento produtivo para compensar a caída de actividade no sector privado. En definitiva, tentar de recuperar canto antes o crecemento.

E terceiro, reforzar a Galicia social. Por enriba de todo, a principal preocupación ten que estar e está nesa rede de seguridade, que debemos de seguir mantendo, coa que contan as familias e os colectivos máis vulnerables.

Señorías, o contexto é difícil, non serei eu quen minimize a complexidade da situación. Pero nese marco –xa o estamos a constatar– Galicia resiste, sen dúbida, mellor os embates; os ventos adversos chegan máis atenuados. Non é Galicia inmune porque non é unha illa, felizmente; non pode selo porque forma parte da economía global, pero si que estamos en mellor posición para dar unha mellor resposta e ofrecer un mellor grao de resistencia.

É menos vulnerable porque as causas que están no transfondo da crise son exógenas. É menos vulnerable porque en tres anos de expansión non só reforzamos a nosa musculatura económica senón que temos modificado substancialmente o patrón e o modelo de crecemento do país.

É menos vulnerable Galicia porque foi a primeira entre todas as comunidades autónomas en adoptar unha batería de medidas de resposta de contención, todo o modestas que se queiran na apreciación dalgúns, pero complementarias e acumulativas ás arbitradas polo Goberno de España.

E, sobre todo, é menos vulnerable porque coa argamasa do diálogo social soubemos construír un acordo pola competitividade que involucra o Goberno,

os empresarios e os sindicatos na tarefa de xerar confianza, afrontar unidos as incertezas desta etapa e acometer as reformas estruturais de longo alcance que precisamos.

Máis aló do alarmismo e do catastrofismo interesado –que sen dúbida o hai e en abundancia– non teño albiscado, señorías, un só dato nin un mínimo argumento que nos faga pensar que ese inevitable contaxio adquira máis gravidade en Galicia que en España e en Europa. A falta de datos e de argumentos, hai quen reduce o diferencial –nesa tradición dunha parte de, en fin, opinática e de creadores de opinión e, dende logo, da oposición–... que nos permite pensar que o diferencial favorable a Galicia é, en todo caso, unha mera cuestión cronolóxica.

### **O impacto no tempo**

Difiren o impacto no tempo, tan simple como iso. A crise chegará con atraso, pero, como mínimo, con igual virulencia ás nosas praias. Esa é a tese, efectivamente, que sosteñen algúns. Pero esa tese, señorías, sostén, como mínimo, dous buracos importantes.

Esquece, en primeiro lugar, que o hipotético atraso do impacto constitúe un valor económico en si mesmo. Porque eu me pregunto, ¿ou é que alguén está interesado en que se anticipen as dificultades e que madruguen os datos negativos? ¿Como se pode despachar dun plumazo o feito de que Galicia siga aínda agora creando emprego e postos de traballo –aínda que sexa con taxas máis modestas–, mentres outros están estancados ou con números negativos? Teremos ocasión de certificar estes datos.

En segundo lugar, aínda máis importante. Ese prognóstico, señorías, padece unha coxeira argumental relevante. Tiña sentido esa lería, esa cantilena de que Galicia, como sempre na súa historia, a Galicia resignada, antiga, atrasada, inmóbil, vai atrasada incluso para as dificultades, mira ti por onde, nunha economía que se mantiña relativamente illada do contexto español e europeo e onde as súas conexións cos mercados exteriores eran débiles. Pero este país ten cambiado, hai outra Galicia.

Tiña sentido cando a nosa estrutura económica, caracterizada polo sobredimensionamento do sector primario e polo raquitismo da industria e dos servizos, era notablemente distinta na composición sectorial da España avanzada. ¿Pero con que argumentos se pode prognosticar hoxe que os vaivéns da economía mundial e, sobre todo, europea van chegar con atraso a unha economía tan internacionalizada como é a economía galega, a unha economía, si, a unha

economía na que o seu comercio exterior, a suma de importacións e exportacións supón o 58,3% do noso produto interior bruto? A unha economía que presenta un grao de apertura exterior que supera en 14 puntos a economía española. Polo tanto, máis interdependente e máis internacionalizada.

Eses datos permiten máis ben defender, en todo caso, se tiveramos que considerar esa hipótese, que calquera alteración económica no escenario europeo debería ter eco antes en Galicia que en España.

Señorías, hai agora tres anos que asumimos a responsabilidade do goberno de Galicia. Asumimos o compromiso dende o Goberno de dirixir e encauzar un proceso de modernización, de progreso e de cambio na nosa comunidade. E nese breve período de tempo teño a certeza de que demostramos que queremos e podemos ser motores e titores do noso propio progreso, de que recuperamos a vitalidade como sociedade e gañamos peso e presenza dentro de España.

Un trienio, sen dúbida, é pouco tempo para recoller todos os froitos dunha estratexia de longo alcance, de desenvolvemento sostible, que busca aproveitar racionalmente os nosos recursos, capitalizar o país e construír unha Galicia moito máis próspera, equilibrada e competitiva. Non obstante, os froitos maduraron axiña. O resultado son tres anos consecutivos de crecemento e de cambio, de emprego e de avance, do que é difícil rastrear, moi difícil atopar precedentes, coa mesma intensidade e duración no tempo, na nosa historia recente.

Mudaron, sen dúbida, as actitudes resignadas, iso si. Estableceuse o diálogo social, medrou a confianza e implantamos un novo modelo. E velaí os froitos.

Na análise da economía galega durante estes tres anos convén distinguir, sen dúbida, dúas fases, en función do cambio de contexto que constitúe o motivo central desta comparecencia. A primeira abrangue, grosso modo, os dous primeiros anos completos do mandato. A segunda, por problemas estatísticos, limitareina ao primeiro semestre do ano en curso, ao conxunto da primeira metade do ano que estamos a vivir. Corresponde cos meses nos que a crise xa nos golpea con forza nas economías occidentais.

Na primeira desas fases, no marco dun contexto favorable, as caldeiras da economía galega funcionaron a toda presión. Galicia creceu a maior ritmo que España durante todos os trimestres de todos estes anos. Máis a ritmo que España e a maior ritmo que os demais países desenvolvidos. Avanzamos decididamente pola senda da converxencia con Europa. Lideramos a creación de emprego, tense incrementado a produtividade das nosas empresas

e mellorado a competitividade exterior, e despregamos unha forte sedución das iniciativas emprendedoras. Non hai indicador que non reflecta a expansión rexistrada nos anos 2006 e 2007, malia que nos últimos meses de bienio xa se percibiron os primeiros síntomas da situación de crise.

Cos incrementos reais do produto interior bruto do 4,1 e do 4 % –dúas e tres décimas por riba da media española, respectivamente– a nosa economía demostrou que era quen de incorporar un plus adicional relevante e significativo ao xa forte crecemento da economía española. Produciuse, señorías, un feito inédito e, dende logo, pouco frecuente na traxectoria da nosa economía. Galicia demostrou que tamén era capaz de converxer, de achegarse aos promedios de renda de españois e europeos cando os demais medraban a forte ritmo. O forte crecemento económico traducíuse nunha intensa xeración de emprego e nunha drástica redución do paro.

En cada día do bienio creáronse de promedio 86 postos de traballo, e dous de cada deses tres novos empregos foron ocupados por mulleres. A taxa de paro, que foi sempre notablemente superior á media española durante os seis primeiros anos do século en curso, tivo un continuado descenso ata situarse o ano pasado nun mínimo histórico: 7,6 % da poboación activa. Aínda se rexistrou no ano 2007 outro fito tamén histórico, paralelo á masiva incorporación da muller ao mercado laboral: a taxa de desemprego feminina colocouse 8 décimas por debaixo da media española cando, tradicional e historicamente, estiveramos sempre moi por enriba.

Ben, no último trimestre do ano 2007 asistimos aos primeiros impactos das turbulencias desatadas nos mercados financeiros de Estados Unidos. Foi, sen dúbida, un momento de inflexión que empezaba a anunciar o cambio de ciclo e a apertura dunha nova fase. O dinamismo da economía galega empeza a perder gas pero sempre en menor proporción, con menor intensidade que nas economías veciñas. Os datos, elocuentes, expresan con precisión tanto a perda de pulso xeneralizada na nosa economía, ao fío do mesmo fenómeno en toda a economía mundial, como a maior resistencia de Galicia. Rapidamente, no segundo trimestre do ano 2007 a economía galega medraba aínda un 4,1 % en taxa interanual.

Un ano despois –segundo trimestre deste ano– o ritmo era do 2,4 %. A caída, polo tanto, é de 1,7 puntos. No mesmo período a economía española rebaixaba a súa taxa interanual de crecemento en 2,1 puntos, ao pasar do 3,9 ao 1,8 do segundo trimestre. En definitiva, 6 décimas máis aínda de ritmo de crecemento da economía galega sobre a española. Ese positivo comportamento diferencial,



aínda na crise, da economía galega ten o seu reflexo na evolución do mercado laboral. Neste ano, neste ano de crise, ao longo de todo o que vai de ano 2008 a economía galega segue a crear emprego no primeiro semestre, concretamente 11.000 ocupados máis.

No conxunto de España perdéronse nese mesmo período 52.000 das ocupacións. Tamén no primeiro semestre o paro medrou en España en máis de 453.000 personas, 12.600 delas en Galicia. Iso supón un 2,9% do total nacional. Dito doutra maneira, o 8% de crecemento en Galicia, o 24% de crecemento do paro en España. É dicir, tres veces menos. A conclusión é ben evidente. A diferenza do que ocorre no resto de España, en Galicia aínda non houbo, señorías, destrución de emprego, nin un significativo crecemento do paro. E como consecuencia, ademais diso, está significativamente a crecer aínda o noso ritmo de converxencia. Neste momento de dificultades, Galicia achégase aínda a maior velocidade ás economías, ás rendas medias de España e da Unión Europea.

Señorías, enténdanme ben, se é posible para algúns: non estou suxerindo que Galicia vaia atravesar este temporal sen sacrificios. En ningún caso. A crise non tocou fondo aínda e é evidente que teremos por diante algúns meses particularmente difíciles. O noso mercado laboral e as nosas economías familiares non poderán eludir algunha dentellada propiciada polo menor crecemento. Tamén son plenamente consciente de que ir menos mal que os demais non supón ir ben.

Así como nunca me amedrentaron as dificultades tampouco nos consola e me consola o mal de todos. Pero como nin eu nin o meu goberno podemos incidir nos factores esóxenos que minan o crecemento, a nosa tarefa consiste en minimizar os efectos negativos en Galicia e en protexer as familias máis vulnerables. O ámbito da miña responsabilidade como presidente estriba nese plus adicional que lle permita a Galicia crecer máis cando os demais decrecen e xestionar mellor as dificultades cando todos temos dificultades.

Señoras e señores deputados, non é casualidade que Galicia encaixe mellor os golpes da crise. En economía non existe azar nin as cousas existen porque si. Hai causas e hai consecuencias. Por iso, cando as políticas pretenden corrixir os impactos negativos ou agrandar os efectos positivos, é tan importante acertar co diagnóstico. Se Galicia ofrece unha maior resistencia haberá razóns que o expliquen, causas do seu comportamento diferencial.

É hora de que neste Parlamento as analicemos, convén coñecer, certamente, a situación para eliminar lastres e para reforzar os elementos de resposta

positiva e os elementos de resistencia. E o mellor comportamento comparativo do noso país ten, ao meu entender, como mínimo, catro razóns de peso: en primeiro lugar, a nosa sólida posición de partida, logo dun bienio dun intenso dinamismo económico; a configuración dun novo modelo de crecemento, con diferenzas significativas co patrón de crecemento e comportamento da economía española que agora tratarei de explicar; a batería de medidas de contención aprobadas polo Goberno; o marco de estabilidade e confianza, que tivo a súa máxima expresión no acordo social logrado este mes de xullo e que prorroga, dá un novo valor, ao pacto de diálogo social que temos emprendido dende o inicio da lexislatura.

### **Catro razóns de moito peso**

Hanme de permitir que lle dedique uns minutos de atención a cada un deses aspectos.

Os primeiros ventos das turbulencias financeiras atoparon en Galicia un tecido económico funcionando a pleno rendemento, crecendo a taxas superiores ao 4%, liderando a creación de emprego en España. Como o seu dinamismo era superior ao que mantiñan as economías veciñas, o efecto de freada debería ser e foi previsiblemente menor. Valoren vostedes, póñanse por un momento nesta circunstancia. Valoren, a contrario sensu, a repercusión que tería unha crise das mesmas características na economía galega no período 2000-2004, o impacto sobre unha economía ao ralentí, anémica, cun crecemento substancialmente inferior á media española e con 12, 13 ou 14 puntos de cada 100 activos en paro, persoas de cada cen activos en paro. Non estou a falar da historia.

Estou a falar de antonte, do noso recente pasado, da profunda transformación que experimentou a economía galega en só catro anos, dese período que separa o ano 2004 –último ano completo do goberno do Partido Popular– do día de hoxe.

Deixemos fóra, se queren, o ano 2005, ano de transición e de cambio, e vexamos algunhas imaxes da Galicia de antes e da Galicia de agora. Onde estabamos e onde estamos.

un momento non precisamente doce da nosa economía; corresponde, como digo, ao segundo trimestre da época de crise.

No segundo trimestre do 2004 había 177.600 parados en Galicia. Agora, en plena crise, hai 68.500 menos. Un 38,6% menos. Daquela, oito de cada 100 parados que había en España eran galegos e galegas. Hoxe son cinco. No

segundo trimestre do ano 2004 a taxa de paro en Galicia acadaba o 14,2%, 3,1 puntos por riba da taxa media española. Agora, o índice de desemprego é de 8,3%, 2,1 puntos por debaixo da media española. No ano 2004 había 444.000 mulleres ocupadas e a taxa de paro feminina alcanzaba, señorías, en Galicia o 19,3%. Hoxe hai 521.000 e a taxa é xa inferior en 1,6 á media española, e a taxa é do 10,7%. Reducimos practicamente en nove puntos a taxa de paro feminina. No 2004 asináronse 64.000 contratos indefinidos. No 2007 –obviamente, agora cito datos do 2007 porque o 2008 non o podemos computar aínda– hai xa preto de 100.000. Un 53,6% máis. No 2004 Galicia exportou mercancías por importe de 10.499 millóns de euros. No 2007 as vendas ao exterior alcanzaron os 16.000 millóns de euros. É dicir, un crecemento do 52% nas nosas exportacións. No ano 2004 o poder adquisitivo dos galegos situábase no 81,4% da media europea. No 2007 alcanzamos o 88,7%, logo de avanzar en tan curto período de tempo 7,3 puntos. Paralelamente, a renda media dos galegos achegouse en 4,1 puntos á renda media española ata situarse no 84,6.

Os remuíños da crise atoparon en Galicia unha economía funcionando en pleno rendemento. Pero tratábase, sobre todo –e queroo destacar–, dun crecemento baseado en fundamentos sólidos, impulsado pola transformación de fondo do seu modelo de desenvolvemento. Hai varios indicadores, como mínimo, que denotan ese cambio de modelo. En primeiro lugar, a propia produtividade da economía galega, que se ten acrecentado no último bienio a un ritmo anual próximo ao 1%. Unha mellora de eficiencia que duplica a rexistrada en España no mesmo período. Resulta, por certo, especialmente significativo que esa mellora da produtividade se producira nun momento de elevada intensidade de creación de emprego. Non só creceu o número de traballadores senón que tamén aumentou a capacidade de xerar riqueza por cada traballador, que iso é a produtividade. O dato suxire, pois, que as empresas están mellorando os seus sistemas produtivos e que Galicia se está especializando en sectores de maior valor engadido.

O forte aumento da contratación indefinida e o feito de que o emprego xerado sexa de maior calidade que no pasado corrobora xustamente esa avaliación. Por certo, no primeiro trimestre deste ano, cando xa se deixaban sentir os efectos do menor crecemento, a taxa galega de produtividade acadaba o valor do 1,3%.

Ese incremento, totalmente previsible, reflicte, pois, os axustes que a desaceleración económica está a provocar xustamente nos sectores menos



Membros do grupo parlamentario socialista, cos deputados Rego González e Fernández Leiceaga á fronte, aplauden unha intervención do presidente Touriño.

eficientes. En segundo lugar, unha boa parte dos novos proxectos empresariais desenvolvidos nos últimos dous anos dirixíronse a sectores estratéxicos como o de automoción, o téxtil ou as enerxías renovables. Finalmente, constatamos que as exportacións que máis medran en Galicia son as de máis elevado compoñente tecnolóxico. Por exemplo, as exportacións de manufacturas de tecnoloxía alta e media-alta medraron máis do 25 % nos últimos doce meses.

Ese novo patrón de crecemento que se abre camiño en Galicia presenta, ademais, notables singularidades co modelo de crecemento de España, porque é sectorialmente máis equilibrado e menos dependente do consumo da construción residencial e menos lastrado polos sector exterior. De feito, hai que dicir que foron os servizos e a industria os sectores que mellores resultados acadaron nos últimos anos. O seu ritmo foi notoriamente superior ao rexistrado no conxunto do Estado. O exemplo do sucedido no último ano, o 2007, eu creo que é paradigmático. O PIB de Galicia medrou nese ano, como saben, un 4 %. Pois ben, o sector terciario e a industria foron responsables do 80 % dese incremento. A construción só aportou ao redor do 9,5 % da taxa de crecemento, aínda que o seu peso no PIB alcanza un 14 %, semellante ou paralelo ao peso na economía española.

¿Que é o que confirma isto? Que a economía galega está menos exposta que a do seu entorno aos cambios de ciclo no sector da construción, porque o noso crecemento, como resulta obvio e evidente ao analizar os datos, é moito menos dependente do aporte, xustamente, e do dinamismo do sector construtor.

Pero hai máis: o extraordinario esforzo investidor en infraestruturas despregado nos últimos anos –agora que está tan de moda falar dos presupostos que veñen, o cal cerebro profundamente, créanme–, ese extraordinario esforzo investidor que tivemos nos últimos anos fai que o sector galego da construción dependa, en maior medida que o español, dese osíxeno que lle estamos a facilitar dende o esforzo público.

O SEOPAN botou as contas. Permítanme que utilice os datos sectoriais –non, pois, os da Administración–: a licitación de obra civil en Galicia, segundo o SEOPAN, alcanzou no último cuatrienio a cifra de 9.606,5 millóns de euros, o dobre exactamente que nos catro anos anteriores. Dese importe, máis de cinco mil millóns de euros foron licitados, di o SEOPAN, pola Administración central durante a primeira lexislatura de Rodríguez Zapatero, que multiplicou exactamente por 2,5 veces a licitación do cuatrienio precedente. Son, como digo, datos do SEOPAN, para non encerellarnos, a ser posible, en discusións baladís sobre números e porcentaxes.

Se a ese impulso se engade o realizado pola Administración autonómica, a realización dos proxectos que están plasmados no Plan de infraestruturas de transportes de Galicia, os novos programas de promoción de vivenda protexida e de rehabilitación, todo fai pensar que a construción galega capeará o temporal algo mellor que noutras latitudes.

### **Ordenación do territorio**

Señorías, chegado a este punto non quero deixar de mencionar –porque me parece que pode resultar útil para a reflexión de fondo, que creo que é importante– unha das iniciativas do Goberno das que me sinto especialmente orgulloso, unha decisión que, non obstante, me converteu no seu día –para algúns, aínda agora– en obxecto de duras descualificacións. Estoume a referir á Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que aprobou este Parlamento, a coñecida coloquialmente como a lei dos cincocentos metros.

Cando chegamos ao goberno atopamos enriba da mesa proxectos para duplicar en cinco anos o solo urbanizable que historicamente este país tiña nas nosas costas, pasar dos 220 millóns de metros cadrados a 440 millóns e incrementar nun 80 % o parque de vivendas. Un fenómeno que os medios de comunicación describían como a «marbellización» do noso litoral. Aí estabamos. Cualifiquei esa política de disparate e mandei parar. Erguemos, señorías, unha bandeira de dignidade para impedir a depredación do litoral, para evitar que se estragara o noso patrimonio máis emblemático. E o tempo veunos dar a razón. ¿Imaxínanse vostedes, que se remexen nos asentos, como sería o noso litoral nesta etapa de turbulencias económicas?, ¿imaxínanse as grúas varadas no noso litoral, promotores en suspensión de pagos e máis paro na construción?

Pero o importante, señorías, sobre todo, o que quero, a ser posible, é que aprendamos a lección. Porque esa experiencia dinos que non é o bo o crecemento conxuntural a curto prazo nin o crecemento a calquera prezo, porque non é sostible no tempo, nin económica nin socialmente. Que o crecemento, para ser sostible, para manterse no tempo, para traducilo en calidade de vida, non se pode edificar sobre o malgasto de recursos e sobre a degradación do territorio. Que debemos aproveitar os recursos de maneira racional, compatibilizar sempre crecemento e protección do medio ambiente.

Señorías, o crecemento equilibrado da nosa economía constitúe, pois, unha das nosas fortalezas, fronte ao recorte de actividade. E ese equilibrio tamén se

demostrou no sector exterior. Xa dixen antes que contamos cunha economía máis aberta, máis internacionalizada que a economía española. Direi agora, ademais, que a forte expansión das exportacións galegas no último bienio indica que está a mellorar a competitividade das nosas empresas e dos nosos produtos nos mercados exteriores.

A taxa de cobertura do comercio exterior galego situouse o ano pasado no 96,5%. Iso significa, nada máis e nada menos, que mantemos un 30%, un diferencial de 30 puntos con respecto ao conxunto do Estado.

Certamente, o comercio exterior non é alleo aos embates do maior crecemento, sen dúbida, con maior razón no caso de Galicia, porque os nosos principais clientes son os países europeos máis afectados, xustamente, pola crise. Aínda así, no primeiro semestre deste ano 2008 a taxa de cobertura ten chegado a acadar o 100,3%, máis do 100%. Por primeira vez na nosa historia temos superávit comercial, as exportacións superan as importacións. Iso que-re decir que, nun momento de graves dificultades, cando se está a contraer o comercio, os produtos que vendemos ao exterior resisten mellor que os produtos que importamos. Velaí un dato que convén valorar.

E permítanme, para completar ese cadro diferencial no que veño de insistir, cal é o outro aspecto relevante. Galicia, ademais, non padece o acusado desequilibrio entre aforro e investimento que afecta a economía española. O nivel de endebedamento privado, alimentado polos baixos tipos de interese da etapa precedente, é máis baixo na nosa comunidade. Un dato extraído do mercado hipotecario é ben ilustrativo ao respecto, como saben: o importe total das hipotecas rexistradas en Galicia durante o 2007, a pesar do forte crecemento rexistrado ese ano, non representaba máis do 3,5% do volume contratado en toda España.

Señorías, o dinamismo do último bienio e a configuración dun novo modelo explican, pois, en gran medida esa maior capacidade de Galicia fronte ás convulsións provocadas por factores externos. Se o corpo goza de boa saúde, porque se adoptaron políticas preventivas, sempre será menos vulnerable aos virus. Pero cando o contaxio se estende, aínda que sexa de forma máis benigna, cómpre tamén aplicar medidas paliativas. E iso foi o que o Goberno fixo dende que se detectaron os primeiros síntomas.

Dende o primeiro intre, lonxe de permanecer de brazos cruzados, a Xunta foi a primeira entre todos os gobernos autonómicos en arbitrar medidas de choque para axilizar o impacto do axuste na construción, paliar a crise de liquidez con novas liñas de financiamento, de investimento empresarial, e en

reforzar a protección social. Hoxe podemos constatar que ese programa de acción está a desenvolverse a bo ritmo e deixa sentir un notorio efecto amortecedor sobre os problemas económicos.

O primeiro eixe do programa que se marcaba como obxectivo: acelerar a licitación de infraestruturas, a construción de vivenda protexida e a rehabilitación, está a desenvolverse satisfactoriamente.

A finais do pasado mes de agosto a licitación autonómica de obra pública acadaba os 842 millóns de euros, unha cifra que supón o 53% do importe estimado para o conxunto do ano. Téñase en conta, á hora de valorar esta porcentaxe, que normalmente, como saben, o proceso administrativo fai que tradicionalmente a maior parte do volume de licitación se concentre, ademais, nos últimos meses do ano. Nesa mesma data do mes de agosto contabamos xa con obra contratada por valor de 402 millóns de euros –un 20% máis que un ano antes– e o importe do crédito disposto para novos procesos de licitación ascendía xa a 978 millóns de euros.

Polo que respecta ao impulso da vivenda, ao rematar o mes de xullo xa se entregara solo a iniciativa privada para construír 3.600 vivendas protexidas nas principais áreas urbanas de Galicia, especialmente naquelas onde existe un maior nivel de demanda. Paralelamente procedíase á rehabilitación de 6.300 vivendas, 948 máis que no mesmo período do ano anterior. Iso significa un incremento do 18% sobre as elevadas cifras do ano 2007.

O segundo eixo do programa de dinamización busca contrarrestar o cerne do problema, busca contrarrestar as dificultades de financiamento empresarial, motivado, sen dúbida, pola debilidade financeira, o endurecemento das condicións de crédito. Con tal fin, como saben, abríronse novas liñas de financiamento que perseguen, en síntese, que ningún proxecto emprendedor viable e de interese quede sen materializar en Galicia por falta de liquidez. O primeiro balance desa iniciativa, datado a finais de xullo, é prometedor: o apoio ao investimento empresarial facilitado polo IGAPE e por SES Galicia alcanzaba nesa data a cifra de 344 millóns de euros para apoiar un investimento superior aos mil millóns de euros.

O desglose da liña de funcionamento que ten interese é o seguinte: subvencións por importe de 38 millóns de euros a proxectos que permitiron realizar un investimento de máis de 328 millóns; préstamos a través do IGAPE por importe de 255 millóns de euros vinculados a investimentos no entorno de 490 millóns de euros; reforzamento dos fondos propios das sociedades de garantía recíproca e avais por importe de máis de 15 millóns de euros; e,



finalmente, financiamento de proxectos empresariais a través das entidades de capital-risco (SES Galicia e Sepides) por un importe de casi 37 millóns de euros, impulsando un investimento de 224.

O terceiro eixo do programa xira no que eu denominaría protección social e empregabilidade, en definitiva, a política de protección no sentido máis amplo. Responde a ese compromiso que anunciei desde o primeiro momento: o compromiso de reforzar a solidariedade, de atender as partes máis vulnerables da sociedade, de reforzar a política social, a principal defensa que teñen as familias e os colectivos desfavorecidos. Nese marco inscríbese o apoio á creación de autoemprego, que inclúe axudas directas e actuacións de orientación e asesoramento. A cuantía da subvención para aquelas persoas que deciden establecerse por conta propia aumentouse ata 16.400 euros por autónomo, cifra que se eleva a algo máis de 27.000 cando estamos ante persoas con discapacidade. Ben, no que vai de ano tramitáronse xa máis de 6.373 solicitudes.

A protección aos colectivos máis vulnerables plásmase –tamén o sabennese compromiso que adquirimos como complemento das pensións non contributivas. Neste mes de setembro será aprobado o decreto que permitirá aprobar a paga anual de 200 euros a máis de 50.000 galegos, cun custo de medida que ascende aos 10 millóns de euros.

A intensificación do programa de vivenda en aluguer constitúe outra peza clave da política social, nun momento, xustamente, en que se endurecen as condicións de acceso á vivenda en propiedade. E as cifras corroboran esta apreciación: nos primeiros oito meses deste ano concedéronse 1.760 axudas a familias e inquilinos por un importe superior aos 3,3 millóns de euros. Iso supón exactamente un incremento do 53 % con respecto ao mesmo período do ano anterior. Ademais, como é sabido, está o programa que se complementa coa renda de emancipación no ámbito estatal, no que Galicia é unha das primeiras comunidades beneficiarias.

E non quero esquecer, senón situalo no lugar central que lle corresponde, o desenvolvemento e a aplicación da Lei da dependencia, que está a desempeñar e debe desempeñar un elemento atenuador da crise no seo das familias. A finais de xullo xa recibiran resolucións positivas máis de 20.000 persoas das case 55.000 solicitudes realizadas, o que garante o acceso desas persoas xa ao sistema de dependencia. Das resolucións aprobadas, 7.825 xa contan co informe que determina o grao preciso de asistencia para cada unha desas persoas. E hai ademais xa 4.638 expedientes de recoñecemento de pago de figuras de coidador.

Non quero finalizar esta breve síntese das medidas aprobadas polo Goberno para afrontar as incertezas sen mencionar a lei de reforma do imposto de sucesións e doazóns. Unha lei aprobada por esta Cámara o pasado mes de xullo e que está en vigor xa dende o primeiro de setembro. Debo mencionala porque contribuirá a reforzar a posición de Galicia, tanto no ámbito económico como no eido familiar. Na esfera económica porque elimina riscos de deslocalización, facilita os procesos de sucesión; no eido familiar porque, entre outros aspectos, facilita o acceso á vivenda para mozos e mozas e incentiva a transmisión de pais a fillos; e no conxunto da sociedade porque elimina a tributación para o 90 % das herdanzas do noso país, que son a inmensa maioría das herdanzas de pequenos e medianos patrimonios.

Señorías, quixen deixar para o final –e conclúo– da miña intervención, para así salientalo e para outorgarlle un lugar preeminente, a mención dun acordo que no seu día cualifiquei de fito na nosa historia democrática. Estoume a referir ao acordo pola competitividade que asinamos Goberno, empresarios e sindicatos a principios de xullo. Gustaríame trasladarlles con precisión a relevancia extraordinaria que lle concedo a este pacto. Non se trata dun documento nacido nun laboratorio nin o produto do voluntarismo individual; non é o mero fruto dun exercicio oficial de planificación. Edificouse con algo que é fundamental, máxime nunha sociedade cando está en circunstancias difíciles e de crise, que é o diálogo social, o consenso responsable e o compromiso solidario. Aí reside esa forza inmensa para xerar confianza e a súa capacidade transformadora.

O pacto pola competitividade é o resultado de tres anos continuados de diálogo permanente e de interlocución construtiva. Complementa o acordo polo emprego asinado cos mesmos interlocutores en febreiro do ano 2007 que puxo a base para un novo marco de relacións laborais e que, sen dúbida, é tamén corresponsable da excelente evolución do mercado laboral durante este tempo.

Pero hoxe eu quero poñer en valor un feito singular: o acordo pola competitividade xestouse e rubricouse en plena sacudida no corazón das convulsións económicas que describín nesta comparecencia. Ese é precisamente un dos seus grandes valores. Porque todos sabemos que sempre é máis doado repartir beneficios durante o ciclo expansivo que distribuír custos en etapas de dificultade económica. Ser quen de concertar, de consensuar, de compartir, nun contexto de atonía e de incerteza económica, constitúe un mérito, sen dúbida, da sociedade civil galega que quero publicamente recoñecer en sede parlamentaria, dos nosos empresarios e dos nosos sindicatos. Certifica que

as organizacións sociais non só se moven en defensa dos seus lexítimos intereses senón que están animadas nun espírito cívico, de compromiso común e solidario e que asumen a súa cota de corresponsabilidade no avance e na modernización deste país.

O pacto pola competitividade érguese así, ademais de en folia de ruta e de transformación estrutural a medio prazo, como un auténtico dique de contención da crise; é unha contundente e positiva resposta a aquela apelación ao esforzo compartido que eu facía no inicio da miña intervención.

Conclúo, señoras e señores deputados. O economista e premio Nóbel Joseph Stiglitz advertía nun artigo publicado o pasado domingo que o crecemento non pode reducirse a un mero aumento do produto interior bruto, do PIB; debe ser, se quere ser crecemento, sostible, non baseado no malgasto de recursos renovables e na degradación do medio ambiente. Debe ser inclusivo, ou sexa, debe beneficiar a maioría da sociedade. Debe complementarse cunha potente rede de seguridade nacida da rede de servizos públicos. Porque a protección social –afirmaba Stiglitz– é moito máis eficiente que o proteccionismo. E escribía algo máis o prestixioso premio Nóbel: como os mercados non se autocorrixen, polo menos a curto prazo, e esta crise nacida da desregulación financeira e, en fin, de todo o tema en Estados Unidos, como os mercados, digo, non se autocorrixen, polo menos a curto prazo, ningún goberno pode permanecer de brazos cruzados mentres un país entra en recesión ou entra en depresión.

Nin sequera cando esas crises –como é a actual– foron causadas –dicía Stiglitz– pola avaricia dos banqueiros ou polos erros na avaliación de riscos nos mercados. Unha brillante e sintética lección de economía aplicada que, se lle quitamos as alusións aos trazos específicos de Estados Unidos, podemos traducila ao galego e colocala como colofón desta intervención. Porque esa é, xustamente, señorías, a axenda que, xunto cos homes e mulleres de Galicia, estamos a seguir nesta terra. Queremos transitar por esa senda, afrontar as dificultades con determinación, con responsabilidade e realismo; restablecer canto antes as elevadas cotas de crecemento, pero sen hipotecar o patrimonio; estender a protección social e incluír a todos os galegos e as galegas no reparto de cargas e de beneficios.

Nesa estratexia empeñei a miña palabra e nesa dirección, como presidente, como cidadán que ama o seu país, encamiño cada día os meus pasos e os do conxunto da acción do Goberno.

# COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

7 de Outubro de 2008

Señora presidenta, señoras e señores deputados

En xuño do 2005 a maioría dos galegos abriu as portas ao cambio político na nosa terra e encomendáronme presidir un goberno de progreso, introducir en Galicia unha maneira nova de gobernar e desenvolver durante catro anos un proxecto de avance e modernización do noso país.

Asumín o compromiso con ilusión e dedicación plena, sen regatear sacrificios. Empeñei a miña palabra en converterme no presidente de todas as galegas e de todos os galegos, calquera que fose o seu voto ou as súas circunstancias persoais. Administrei a confianza que depositaron en min co único propósito de servir a Galicia, de antepoñer os intereses do país a calquera consideración de tipo partidario: Galicia, e só Galicia, como norte da miña acción de goberno.

Superadas as tres cuartas partes da lexislatura, comparezo nesta Cámara para dar conta da transformación experimentada polo país neste último trienio. Un cambio, señorías, tranquilo, meditado e responsable; pero tamén

un cambio intenso e profundo, que rexenerou as institucións e as prácticas políticas, que vitalizou a nosa sociedade, removeu os obstáculos que freaban o avance e puxo os alicerces dunha Galicia plenamente incorporada ao século XXI.

Foron tres anos valiosos, porque Galicia agrandou a súa dotación de capital humano, de capital físico e de capital tecnolóxico do país. Temos, en definitiva, unha Galicia máis forte, con máis musculatura e con máis peso; unha Galicia mellor preparada que hai tres anos.

Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis próspera. A renda media das galegas e dos galegos alcanzou este ano, por primeira vez na súa historia, os 20.000 euros por habitante. Medrou en tres anos máis do 11 % en termos reais; nese mesmo período a masa salarial da comunidade autónoma creceu notablemente por riba da media estatal. No último trienio, o noso poder adquisitivo, o dos galegos e das galegas, achegouse 7,3 puntos á renda media da Unión Europea e 4,1 puntos á renda media española.

Temos unha Galicia máis forte porque temos máis traballadoras e traballadores. No segundo trimestre deste ano, cando xa se sentían claramente con intensidade os efectos da crise económica, alcanzamos o maior volume de emprego da nosa historia: 1.200.000 ocupados.

En tres anos creáronse unha media de oitenta postos de traballo cada día, e dous de cada tres novos empregos foron ocupados por mulleres. No último trienio a taxa de paro rebaixouse en 2,8 puntos, ata situala no 8,3 % da poboación activa, malia o repunte do primeiro semestre deste ano. Cando chegamos ao Goberno a taxa de paro estaba dous puntos por riba da media española; agora estamos dous puntos por debaixo.

Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis competitiva. O valor das exportacións galegas medrou nun billón das antigas pesetas no último trienio. Trátase dun incremento superior ao 50 %. Contamos hoxe, señorías, cunha economía máis aberta, máis internacionalizada, que a economía española, pero tamén máis competitiva, a xulgar pola evolución dos nosos produtos nos mercados estranxeiros.

Temos unha Galicia máis forte, porque temos unha Galicia con máis capital físico. En tres anos, o investimento en termos de formación bruta de capital creceu por enriba do 15 %; 4,3 puntos por enriba do crecemento medio da economía galega. O peso no PIB da capitalización alcanzou no trienio o 34,3 %, 1,3 puntos superior ao do trienio precedente, o que reflicte, sen dúbida, o proceso acelerado de capitalización do país.

E temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis accesible e máis vertebrada. Temos un país en vésperas de abandonar definitivamente a periferia, unido a España, a Portugal e ao resto do mundo por cinco autovías, tren de alta velocidade, tres aeroportos e un reforzado e ampliado sistema portuario. Estamos a construír unha malla interna de comunicacións que está a mudar a fisionomía interna de Galicia, articulando plenamente o seu territorio.

A nova cartografía do país recollerá un sistema de cidades unidas entre si todas por autovías e por AVE; todas as cabeceiras municipais situadas a menos de 30 minutos dunha vía de altas prestacións e un espazo perfectamente vertebrado.

Do ritmo de realización, vou darlles simplemente un dato: en dezaseis anos do Goberno do Partido Popular puxéronse en servizo 27 quilómetros de autovía. Durante o meu mandato, e antes de que acabe este ano, abrimos 80 quilómetros de autovías libres de peaxe, e no ano 2012, no horizonte da próxima lexislatura, a rede autonómica de autovías libre de peaxe terase multiplicado por dez. Dos 27 quilómetros herdados pasaremos a 281 quilómetros de autovías libres de peaxe.

Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia que aposta pola innovación. Propuxémonos no horizonte do ano 2010 duplicar o número de investigadores e situar o gasto de I+D no 1,5 do noso PIB. Deseñamos e puxemos en marcha para lograr este obxectivo dous potentes instrumentos: o Plan galego de I+D+I e o Plan estratéxico de acceso á Sociedade da Información. Os primeiros resultados desa política, aínda parciais, son significativos e positivos. Nos dous últimos anos o emprego no sector das tecnoloxías da información e da comunicación –sector básico, estratéxico e de futuro– medrou nun 35 % o número de empresas, que alcanzou xa o número de 1.500. Os servizos da sociedade da información xa acaparan preto do 12 % do volume de negocios do sector terciario da nosa comunidade, cunha achega á economía superior aos 1.500 millóns de euros. E paralelamente, señorías, en tres anos multiplicamos por 2,4 o financiamento da investigación nas nosas universidades.

Temos unha Galicia máis forte, porque a temos máis preparada, conscientes de que investir en educación é investir e comprar futuro. O gasto por alumno medrou nun 35 %, ata situalo nos 6.200 euros por alumno. Aumentamos en 1.137 o número de profesores –e, por certo, convertemos a volta ao cole na menos onerosa de toda España para as familias–.

Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis habitable. En tres anos impedimos a privatización da nosa costa coa Lei dos 500 metros. Desbotamos os encoros que ameazaban os nosos ríos. Iniciamos a rexeneración das rías. Devolvemos ao patrimonio público illas emblemáticas para o seu uso colectivo. Implantamos un urbanismo responsable e deseñamos, a través das Directrices de ordenación do territorio, as coordenadas da Galicia do futuro.

Temos unha Galicia máis solidaria, porque un país máis solidario é aquel que se constrúe desde a infancia, garantindo a formación desde os primeiros anos da vida. En tres anos incrementamos nun 65 % as prazas públicas en escolas infantís. Acadamos hoxe unha cobertura do 17,5 %, procediamos de apenas un 11 %; o ano que vén alcanzaremos o 22 % e no 2010 chegaremos ao 33 % de cobertura, que é a ratio recomendada pola Unión Europea. No ano 2005 só 85 municipios dispoñían deste servizo; hoxe téñeno 166 concellos da nosa comunidade.

Un país máis solidario é aquel que facilita e favorece a emancipación de mozas e mozos, que lles abre oportunidades para desenvolver o proxecto de vida e lles facilita o acceso a unha vivenda digna a un prezo taxado. En tres anos iniciamos a construción de 11.539 vivendas protexidas, sumando a promoción pública e a concertada, e acometemos a rehabilitación de case 22.000 inmobles. Este ano puxemos en mans privadas 540.000 metros cadrados de solo para construírmos 4.000 vivendas protexidas nas principais cidades de Galicia.

Un país máis solidario é aquel que respecta e protexe os seus maiores e as familias máis vulnerables. En tres anos asentamos os piares do Sistema Galego de Benestar Social: aprobamos un complemento de pensións non contributivas para máis de 50.000 familias; creamos unha rede de 55 centros de día e iniciamos o desenvolvemento pleno da Lei de dependencia, da que xa se benefician 10.800 persoas.

Un país máis solidario é aquel que reforza o dereito universal á saúde. En tres anos, señorías, eliminamos a débeda de 400 millóns de euros que asfixiaba o sistema; establecemos novas prestacións do sistema público de saúde, pioneiras en todo o Estado; recortamos nun 40 % o tempo de espera cirúrxica e aumentamos o cadro de persoal con 2.748 novos profesionais; unha cifra, por certo, superior a toda a ampliación realizada nos oito anos anteriores.

Temos unha Galicia mellor que hai tres anos, e temos, en consecuencia, un país máis forte, máis resistente, con máis confianza e con máis capacidade de resposta ás arremetidas da crise que atravesamos a economía mundial. Pero

hanme de permitir que, antes de internarme na análise das turbulencias económicas, das súas repercusións en Galicia, e sobre todo da forma en que este Goberno lle está a plantar cara, debulle os aspectos máis relevantes do traballo desde que asumín a Presidencia da Xunta e que avalan este diagnóstico.

Refírome, en primeiro lugar, a unha nova maneira de gobernar. Propúxenme desde o primeiro momento da miña toma de posesión establecer un novo tipo de relación entre Goberno e sociedade; unha nova maneira de entender a acción do Goberno, un novo estilo, que se asenta en tres principios básicos: a transparencia, o diálogo social e a cooperación institucional.

O primeiro destes principios é o que inspirou iniciativas inéditas na nosa comunidade como as leis de transparencia e de subvencións, o Rexistro de actividades e bens patrimoniais dos altos cargos e a posta en marcha do Rexistro público de subvencións e convenios. E podo adiantarlles que completaremos este exercicio de transparencia e proximidade coa aprobación, no vindeiro Consello da Xunta do xoves, do Proxecto de lei de publicidade institucional, e dispoñemos tamén, antes de que remate o ano, do Proxecto de reforma do Consello da Radio-Televisión Galega.

### **Diálogo coa sociedade**

Esta lexislatura está a establecer un fito no impulso dunha nova cultura parlamentaria en Galicia. Só lles vou dar un dato: quen lles fala compareceu once veces diante desta Cámara nestes tres anos; o anterior presidente, tres veces en dezaseis anos. Despregamos unha intensa actividade lexislativa; promovemos corenta e nove novas leis, boa parte delas destinadas a reorientar e reordenar actividades en sectores básicos do noso país.

Diálogo no Parlamento e diálogo coa sociedade.

O primeiro que fixen cando fun elixido presidente da Xunta de Galicia foi apelar e convocar os axentes sociais e económicos. A iniciativa do diálogo social neste tempo foi un instrumento de extraordinario valor para crear un clima de confianza na nosa comunidade, para atraer investimentos, para mellorar as condicións laborais dos traballadores, para combater o desemprego e a precariedade, para incrementar finalmente a produtividade e a competitividade da nosa economía. Entre os moitos froitos derivados dese acordo polo diálogo social e polo emprego, o recentemente asinado Acordo pola competitividade.

Por certo, ningún deses acordos foi tarefa doada, e o seu valor por iso é aínda maior. Como do máximo valor son tamén o conxunto das leis aprobadas en materia laboral, como consecuencia dese acordo social.



Transparencia e diálogo social e tamén unha nova maneira de entender a cooperación institucional. Seis meses despois da chegada ao Goberno asi-nabamos coa Fegamp o inédito e sempre reclamado Pacto local e inaugu-rabamos unha canle de diálogo permanente coas administracións públicas galegas. Outro trato, outra relación, outra concesión. O Pacto local supuxo en tres anos un incremento dun 42 % na participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

Cooperación cos concellos e cooperación e diálogo co Goberno de Espa-ña e o seu presidente. Un diálogo, por certo, esixente; un diálogo leal para aumentar as cotas de autogoberno da nosa comunidade. Nesta lexislatura acordamos coa Administración central transferencias en ámbitos cruciais como a sanidade, o benestar social ou o medio ambiente. Hoxe xestiona-mos o Hospital Naval de Ferrol e liberámonos da débeda que esmagaba a nosa sanidade pública grazas ao financiamento que conseguimos pechar co Estado. Hoxe contamos con máis de 60 millóns de euros adicionais para saldar o déficit histórico acumulado no país en materia de servizos sociais. Hoxe a xoia da coroa dos nosos parques naturais, o Parque nacional das Illas Atlánticas, é xestionada desde e para Galicia.

Porén, pola actitude pechada e inmovilista da dereita, Galicia non puido avanzar no seu autogoberno a través da reforma do seu Estatuto de auton-omía. Quen lles fala, en nome da maioría que sustenta a acción do Goberno, só puxo daquela unha condición: lograr un estatuto de primeira; un estatuto nin un milímetro por debaixo do resto das comunidades; un estatuto que tiña que ser de todos e para todos; un estatuto que, respectando os límites constitu-cionais, outorgase ao pobo galego o máximo nivel competencial, o máximo recoñecemento identitario e os instrumentos necesarios para garantir novos dereitos e maiores niveis de progreso e benestar social.

Señorías, confío plenamente en que o pobo galego, a través do seu man-dato nas urnas, relanzará na vindeira lexislatura este proxecto; un proxecto que –quero reafirmar na Cámara hoxe unha vez máis– constitúe hoxe unha aspiración irrenunciabile do presidente da Xunta de Galicia.

Un diálogo esixente e leal –dicia– co Goberno de España para garantir o investimento do Estado en Galicia. Por esa vía, o Goberno que presido con-seguiu nos últimos catro exercicios que fluíse cara ao noso país un caudal de recursos como nunca fluíu na nosa historia, señorías. Desde que asumín a Presidencia da Xunta, durante catro exercicios orzamentarios consecutivos o Estado destinou a Galicia o 8 % do seu investimento. Trátase dun esforzo de

reequilibrio e de cohesión inédito, que se traducirá certamente, o ano que vén, en máis de 2.000 millóns de euros para realizar os grandes proxectos estratégicos que o país demanda. Só convén lembralo para as memorias fráxiles, 1.000 millóns de euros é o dobre que o consignado nos últimos orzamentos do Partido Popular, cando gobernaba con maioría absoluta aquí e alá.

Nos tempos do «Goberno amigo», señorías, o investimento por habitante situábanos 25 puntos por debaixo da media do Estado. Hoxe estamos exactamente en 33 puntos por riba desa media. Un diálogo esixente e leal co Goberno de España para lograr un sistema de financiamento autonómico xusto, eficiente e solidario.

A ninguén lle escapa que estamos a afrontar un dos asuntos capitais e cruciais para o devir da nosa comunidade: a revisión obrigada, polas súas insuficiencias, do actual modelo de financiamento económico. Estámolo a facer –quéroo resaltar– desde a transparencia e o diálogo cos grupos da Cámara, e invítoos a seguir buscando xuntos unha posición consensuada e de país que reforce a nosa entidade negociadora.

A postura de Galicia é clara e coñecida. Así llela transmitimos ás forzas parlamentarias da Cámara e ao Goberno do Estado. O novo sistema debe garantir e compatibilizar a autonomía financeira e a suficiencia de recursos para a prestación dos servizos, a corresponsabilidade á que aspiramos e queremos e a necesaria solidariedade. O novo modelo debe ter en conta os factores diferenciais que encarecen a prestación de servizos na nosa comunidade: a dispersión da poboación e o avellentamento demográfico nomeadamente. E debe, en definitiva, garantir máis recursos para o exercicio de todas as nosas competencias. Neste sentido –subrayo– quero salientar un avance: que o Ministerio de Economía se pronunciase xa co conselleiro de Economía a prol de incrementar a ponderación dos baremos que reflicten a nosa singularidade, e tamén que no novo sistema se vaia incluír a totalidade dos servizos públicos que as comunidades prestan aos seus cidadáns, contravindo criterios procedentes doutras comunidades.

Se houbera unha balanza para medir o peso institucional dun país, eu non albergaría dúbidas de que certificaría o incremento do noso peso e presenza na esfera internacional. E queroo dicir, unha boa parte dese peso crecente débémolleslo aos nosos emigrantes.

Esa é a razón pola que, desde que asumín a responsabilidade de gobernar o país, marquei o obxectivo de cambiar a política de favores pola política de dereitos, porque os nosos emigrantes son cidadáns de pleno dereito, e por iso

me comprometín e impulsei o cambio normativo necesario para que poidan votar en urna. Puxemos en marcha, ademais, un programa de axudas asistenciais para atender aquelas persoas en situación de precariedade económica, duplicando contía e número de beneficiarios. Nunha iniciativa tamén inédita logramos que o Goberno arxentino adscribise unha obra asociada ao Hospital do Centro Galego de Bos Aires, o que nos permitiu o que non estaba conseguido, garantir a viabilidade económica e, polo tanto, as prestacións sanitarias para miles e miles de galegos residentes en Arxentina. Doutro xeito, o Hospital estaba condenado a esmorecer, como o estaba tamén o Hospital Casa Galicia de Montevideo, co que asinamos un convenio para modernizar e renovar os seus equipamentos e garantir así a asistencia sanitaria que presta a máis de 21.000 galegos e galegas residentes en Montevideo.

Apostamos por afondar nas relacións cos descendentes dos nosos emigrantes en Galicia, para o que impulsamos bolsas de estudos na nosa terra, tanto universitarios como agora, por primeira vez en España, señorías, de formación profesional de grao superior.

Abrimos en Bos Aires a primeira delegación oficial da Xunta de Galicia no exterior. E podo anunciarlles que neste mes abriremos a nova delegación en Montevideo e no ano 2009, a sede en Bruxelas, porque esa é a forma de defender, con transparencia e institucionalmente, a Galicia, ao país, á Comunidade, no exterior; lonxe, por certo, de Florianópolis varias.

O cambio é patente na nosa acción exterior. Intensificamos as relacións coas institucións europeas, onde por primeira vez Galicia asiste aos consellos de ministros e se escoitou, por certo, o idioma galego. Estreitamos lazos cos países irmáns de Latinoamérica e Portugal. As relacións co país veciño fortalecéronse coa constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial co Norte de Portugal. Comunidade pioneira no ámbito ibérico e europeo, Vigo convértese así na capital da eurrrexión e podemos iniciar unha cooperación de segunda xeración.

Abrimos as portas, ademais, a comunidades fronteirizas nos cumios entre España e Portugal. Foi alí, en Évora, en Badajoz, en Braga, onde acadamos o compromiso de ambos os estados de concederlle ao AVE Vigo-Porto a mesma prioridade ca á conexión con Lisboa. E foi tamén neses cumios –e conclúo– onde se decidiu reforzar a cooperación científica e tecnolóxica e sentar as bases do futuro Laboratorio Internacional de Nanotecnoloxía de Braga, un centro de vangarda e de referencia mundial dirixido por un investigador das nosas universidades.

## **Educación, innovación e progreso**

Señorías, saben que nos comprometemos a incrementar o presuposto educativo nun 20% nesta lexislatura. En só tres anos incrementamos o orzamento nun 25,5%, 5,7 puntos máis que o Goberno do PP en catro anos. O compromiso, pois, a falta aínda dun orzamento, está máis que cumprido. Demostramos así a nosa convicción de que a educación é o maior investimento de futuro, garante da igualdade de oportunidades e a fonte de competitividade nun mundo cada vez máis global.

En materia educativa foron tres anos útiles. Estendemos o programa de graitude de libros de texto a todo o ensino obrigatorio; del beneficiáanse este ano 165.000 familias. Así é que se explica que a volta ao cole sexa a menos gravosa de toda España. Ampliamos o servizo de comedores escolares. Tres de cada catro centros de infantil e primaria, máis de 60.000 alumnos, acceden a este servizo.

En colaboración cos concellos decidimos abrir –tamén nunha iniciativa inédita e inexistente– os centros fóra do horario escolar. Facilita, ademais, a conciliación da vida laboral e familiar. Do éxito desta iniciativa recente dan conta os datos: 700 centros de 175 concellos participan nel.

Adiantamos, por certo, o límite para establecer a normativa de acompañamento no transporte escolar. Só basta recordar que no ano 2004-2005 tiñamos soamente 69 rutas cubertas; co Goberno actual, a totalidade das que o precisan: 2.012 rutas en toda a Comunidade Autónoma.

Útiles para renovar o equipamento tecnolóxico e a incorporación das novas tecnoloxías ás aulas. Investimos en tres anos o 90% máis que en toda a lexislatura anterior. Aprobamos 23.300 axudas de 300 euros ás familias con menos recursos para a compra de ordenadores. E nos centros educativos pasamos de ter unha aula con ordenadores a ter ordenadores nas aulas. En tres cursos, duplicamos os equipos informáticos da rede de centros públicos. Tiñamos un parque de 30.000 ordenadores –32.000 exactamente– e agora temos 68.000. Cando chegamos ao Goberno, a ratio era de 12 alumnos por ordenador. Hoxe estamos na ratio requirida por todos os analistas expertos: un ordenador por cada 5 alumnos.

Propoñémonos –e así o comprometo– que neste curso o 100% dos institutos de Galicia estarán cableados e con acceso a internet en todas as dependencias. O meu compromiso é que no ano 2010 todos os centros de primaria de Galicia teñan tamén acceso a internet en alta velocidade. Todas estas accións, señorías, significan que hoxe os ordenadores, as pizarras electrónicas



**Pérez Touriño e Quintana González,**  
máximos responsables do goberno bipartito PSdG-BNG, seguen atentamente  
desde os seus escanos o desenvolvemento do debate sobre o estado da autonomía.



ou os videoproxectores xa non son artigos de luxo, no mellor dos casos, almacenados nunha aula, senón que son instrumentos de uso cotián incorporados na formación dos nosos mozos e mozas. Significa, por outra parte, situar a Galicia no grupo de cabeza entre as autonomías con maior implantación das novas tecnoloxías.

E foron tamén tres anos útiles para unha débeda histórica da nosa comunidade: a aprendizaxe de linguas estranxeiras. O alumnado galego pode empezar a aprender a primeira lingua estranxeira, por primeira vez, desde os tres anos, grazas aos programas de anticipación que puxemos en marcha; este curso son xa máis de 800 os centros de ensino infantil que ofrecen esta opción. Ademais, saben que incrementamos a posibilidade de estudar con beca –tamén nun programa inexistente–, con máis de 4.300 bolsas para estadias no estranxeiro nos tres últimos exercicios. Fixemos un grande esforzo, e o imos seguir facendo, coas seccións bilingües, das que se benefician na actualidade 10.000 alumnos.

E finalmente quero sinalar un dato en materia educativa. Galicia hoxe está na cabeza do grupo de autonomías con índices máis baixos de fracaso escolar –sí, a partir de aí, podemos discutir por que e como–, e concretamente seis puntos por debaixo da media española. É un dato bo, pero non me sinto –e o Goberno non se sente– aínda satisfeito. O obxectivo que perseguimos é seguir reducindo os índices de fracaso escolar e o abandono temperán ata lograr situarnos proximamente na media da Unión Europea. Tamén nos esforzamos no obxectivo de mellorar o índice de poboación con estudos postobrigatorios, e impulsamos a matriculación na Formación Profesional. Presentamos o II Plan galego de Formación profesional 2008-2011, como saben. Vai ser un instrumento de gran importancia para ordenar esta materia estratéxica da nosa oferta educativa, a sempre esquecida e olvidada FP, co establecemento de mecanismos de colaboración con empresas e coa necesaria adaptación da FP ás necesidades precisas do mercado laboral.

Por último, non quero deixar de referirme ao ensino universitario, porque o Goberno que presido apostou igualmente pola universidade. A mellor proba do que digo foi a decisión de incrementar os recursos destinados ás universidades por riba do que sinala o plan de financiamento vixente establecido para o período 2005-2010.

Eses fondos medraron un 50% en tres anos. Neste curso último investimos 140 millóns máis que no ano 2005. O gasto por estudante medrou en Galicia o dobre que no conxunto do Estado durante o período 2004-2006.

O financiamento público das universidades alcanza hoxe en Galicia o 0,77% do PIB, 11 décimas máis que a media estatal. Se temos unha ratio baixa e unha posición non doada na relación de financiamento público aínda, hai que preguntarse o que sucedeu anos atrás co financiamento universitario.

A miña decisión é manter e incrementar ese compromiso e ese esforzo; nos vindeiros orzamentos do Goberno galego así será. Inxectaremos fondos adicionais para que as universidades non paguen a crise. Porque o que sucede, señorías, e debémolo saber todos, é que, de seguir co modelo vixente, as universidades recibirían o ano que vén 4 millóns de euros menos que o ano anterior. Non obstante, a nosa decisión está tomada, incrementaremos en 11 millóns de euros o presuposto do ano próximo, o que supón máis de 15 millóns que o que nos obriga o plan vixente.

Porén, cremos necesario reformular canto antes o sistema de financiamento vixente, e así o faremos no primeiro semestre do ano próximo. O novo modelo, cuxa revisión –como digo– se adiantará á primeira parte xa do ano que vén, debe incorporar necesariamente obxectivos de competencia científica, de eficiencia na docencia, de inserimento laboral, de internacionalización e de transferencia de tecnoloxía que actualmente non están previstos e que lastran o financiamento e o funcionamento das nosas universidades.

Atopamos unha sanidade pública descapitalizada en recursos económicos, humanos e dotacionais. Esa situación, por certo, inducía a que moitos cidadáns tiveran que buscar axuda fóra do sistema público sanitario. Servía, por certo, tamén, como elemento crucial, que aínda segue na intención de moitos, de deslexitimar o sistema público sanitario da nosa comunidade.

O endebedamento superaba os 400 millóns de euros; o período medio de pago das facturas situábase nos centros en 142 días; o pago obrigado dos intereses de demora gravaba cada ano con 10 millóns de euros; as fundacións hospitalarias estaban en creba técnica; a transparencia nos procedementos de contratación era inexistente, só un 5% das compras se facían por concurso público.

Diante deste panorama –lamentable– o que fixemos foi o seguinte: saneamos a sanidade con 413 millóns de euros, acadando nos últimos orzamentos, xa no 2006, unha débeda esixible de cero euros. Inxectamos case 23 millóns de euros para sanear as fundacións hospitalarias que integramos no sistema. Incrementamos o orzamento sanitario nesta lexislatura un 43%; un esforzo que supera o feito nos nove exercicios anteriores por parte da maioría popular. Reducimos o período de pago aos provedores de 142 a 56



días, e hoxe realizamos mediante concurso público integrado o 45 % das compras hospitalarias.

En canto aos recursos humanos, ¡que dicir! Durante quince anos, señorías, nunca houbo unha oferta pública de emprego na sanidade. Non había emprego estable e os contratos eran precarios; os efectivos eran escasos e nulas as necesidades de previsión. ¿Que fixemos? No ano 2006 ofertamos 3.084 prazas, e este ano convocaremos, como está comprometido, 1.400 para consolidar o emprego en enfermería, auxiliares, celadores e persoal de cociña. Señorías, unha vez rematada esta oferta, a taxa de estabilidade no Servizo Galego de Saúde elevarase ata o 96 %, unha das máis altas de España. Incrementamos en só tres anos o número de efectivos reais en 2.748 prazas, unha cifra –como digo– superior, tamén en persoal, aos oito anos anteriores de exercicio do Partido Popular.

No ámbito asistencial, un modelo descoordinado, actos clínicos illados, escasamente racional e pouco eficiente. Tivemos que dar, señorías, un xiro copernicano, de raíz, de fondo, ao sistema público sanitario.

Este é o obxectivo do Plan de atención e mellora da atención primaria 2007-2011 acordado cos sindicatos e coas sociedades médicas, dotado cun orzamento de 63 millóns de euros, que vai supoñer un incremento de 1.061 novas prazas en todos os niveis profesionais da atención primaria, da porta de entrada ao sistema sanitario público.

Señorías, puxemos tamén en marcha un plan integral de mellora da eficiencia hospitalaria e da xestión dos tempos de espera. Non estamos aínda satisfeitos en case nada da nosa acción, porque queremos ir a máis, estamos obrigados a ir a máis. Pero, señorías, hai que dicir tamén que recortamos o tempo de espera cirúrxica, de 137 días cando herdamos o sistema, a 84 días, con datos de decembro de 2007. Ampliamos o abano de prestacións sanitarias con iniciativas pioneiras en España moitas delas: o Programa de saúde bucodental para nenos e nenas ata os 14 anos, o Plan de atención integral da saúde da muller, o Plan sobre drogas, o Plan de saúde mental, os coidados paliativos nos sete grandes centros, a vacinación contra a meninxite ou as tecnoloxías da información e da comunicación.

Quero tamén mencionar, para concluír o aspecto sanitario, que estamos na tarefa de ampliación e renovación profunda das infraestruturas sanitarias galegas que estamos a levar a cabo, recollidas no Plan director de infraestruturas 2008-2013, unha tarefa de gran calado e envergadura, a ninguén lle pode escapar. Tiñamos un déficit e unha obsolescencia profunda en moitas áreas de

infraestruturas do noso sistema sanitario, nomeadamente no sur, en Vigo e en Pontevedra. Durante ese período remataremos a construción de dous novos grandes hospitais, en Vigo e en Lugo, o Hospital Único en Pontevedra, as grandes obras de reforma e ampliación dos hospitais de Ourense, A Coruña, de Ferrol, de Santiago, do Salnés, da Costa da Morte e da Barbanza, ademais da creación de 66 novos centros de saúde e obras de ampliación noutros 22.

Estamos introducindo –e non se nos esquecerá nunca que ese debe ser o norte de actuación– o que respecta a dereitos dos pacientes. Creamos a figura do Vicealedor do paciente; establecemos o dereito á segunda opinión médica; aprobamos a Lei da saúde, que recolle un auténtico código de dereitos dos usuarios, regulando, entre outros, o dereito á intimidade, ao acompañamento, á confidencialidade e á información.

En suma, foron tres anos de profundo cambio, mellora e renovación no sistema sanitario público, que camiñaba por si só, tal e como viña, a un colapso financeiro, profesional e asistencial.

Poderíamos dicir o mesmo case, *mutatis mutandis*, se falamos –como imos falar– dos servizos sociais que recibimos hai tres anos, caracterizados pola fragmentación, pola desigualdade territorial e por uns niveis de protección que situaban, con todos os indicadores recoñecidos, unha vez máis a Galicia no furgón de cola de España. O noso reto foi construír un Sistema Galego Público de Servizos Sociais. O desafío no que estamos é configurar unha rede de protección social, articulada desde os principios de igualdade de oportunidades, de equidade e reequilibrio territorial, e orientada a mellorar as condicións de vida dos nosos cidadáns.

O Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, do que forman parte xa 261 concellos, obviamente de todos as cores políticas, foi a fórmula escollida para lograr unha xestión áxil, moderna e eficaz destes servizos. Entre os seus obxectivos para o ano 2008 atópase o de crear 1.351 novas prazas en 38 centros de atención á dependencia. A través da Sociedade Galega de Servizos Sociais, o Goberno autónomo e as Caixas de Aforros poranse en marcha este ano seis novas residencias e asumírase a xestión doutras dúas. En total, 1.000 novas prazas residenciais.

Quero referirme tamén a esa radical transformación que neste trienio experimentou o Sistema Galego de Benestar, co deseño, ampliación e implantación da rede de atención pública á terceira idade e á dependencia. Isto comprende basicamente a Rede galega de centros de día, o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, o Programa de axuda no fogar e a Teleasistencia.

Hai tres anos, señorías, non existía un só centro de día na rede pública. Na actualidade contamos xa con 30 centros, que ofrecen máis de 90 prazas, cifra que nos achega ao obxectivo para esta lexislatura, consistente no ano 2009 en ter 55 centros operativos e 2.200 prazas para persoas maiores.

Outra novidade valiosa e positiva desta lexislatura é a posta en marcha da Rede galega de centros de alzhéimer, que en menos dun ano de existencia conta xa con 7 equipamentos de atención diúrna que ofertan 204 prazas. A rede debe complementarse no ano 2009 con 6 novos centros.

### **Loita contra a pobreza**

No ámbito específico da implantación da Lei de dependencia, na actualidade presentáronse 50.105 valoracións, das cales están realizadas o 90%. Das persoas valoradas, máis de 28.182 teñen o dereito xa recoñecido ás prestacións que a lei marca. Destas, 10.800 xa teñen asignado un recurso específico para garantir a atención da súa situación de dependencia, e concretamente 7.212 xa se benefician das diferentes libranzas da dependencia, que establece pagas mensuais –como saben– que van desde os 500 aos 1.300 euros.

A construción desa Galicia social e solidaria pasa, sen dúbida, tamén polo esforzo da loita contra toda forma de exclusión social, a loita contra a pobreza. Ao chegarmos ao Goberno había, como en case todo o déficit social, un dato demoledor: un 14,8% da poboación galega, uns 130.000 fogares, estaban en situación de risco, de pobreza, especialmente no medio rural, coas mulleres como as principais afectadas. A combater esta situación vai dirixido xustamente o II Plan galego de inclusión social 2007-2010, e, dentro del, as chamadas Oficinas de Igualdade e Benestar.

Nos últimos meses, puxéronse en funcionamento 11 oficinas en toda Galicia, que prestan servizo a máis de 200 concellos xustamente para bater e combater as situacións de exclusión. Así mesmo, saben que máis de 50.000 persoas –o 70% delas, por certo, mulleres– percibirán antes de que remate este ano a paga única, que complementará as súas pensións coa aportación autonómica. Beneficiaranse deste complemento autonómico os perceptores de pensións non contributivas. Saben que o complemento desa paga única de 200 euros significa unha dotación de 10 millóns de euros para poder acadar ese obxectivo aprobado na Lei de orzamentos pasada.

Señorías, queremos un transporte público que ten que ser o que non é ata agora: un transporte atractivo, un transporte fiable, un transporte alcanzable por todos os cidadáns. O transporte público ten que desempeñar un papel

fundamental, debe ampliar a seguridade, mellorar e abaratar a mobilidade, desconxestionar as áreas urbanas, reducir as taxas de polución e contaminación acústica e, en definitiva, ceder o paso ás persoas, que son as únicas propietarias do espazo e da praza pública.

Esas consideracións son as que inspiran o novo transporte metropolitano de Galicia que vimos de presentar hai poucos días. Este plan, este programa, permitirá duplicar en cinco anos o número de usuarios do transporte público, ata chegar aos 225.000 diarios, así como retirar da circulación 56.000 vehículos das nosas estradas.

Trátase dunha proposta, en definitiva, que imos implantar de acordo cos 56 concellos das áreas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol. Unha proposta atractiva e fiable para responder a unha demanda intensa que ten hoxe a nosa cidadanía: a esixencia dun sistema de transporte que permita de maneira integral, en toda Galicia, en todas as súas áreas urbanas, superar os problemas de mobilidade e a conxestión nas grandes áreas urbanas do país.

Catro vectores, rapidamente os enuncio.

O primeiro deles estriba no establecemento dunha política nova tarifaria. Unha nova política tarifaria que significa unha tarifa única zonal para toda Galicia, para todas as áreas urbanas. Significará, entre outras cousas, que o prezo do usuario frecuente dese servizo verá rebaixada a tarifa nun 52%. Utilizando as novas tecnoloxías dispoñibles, implantaremos unha tarxeta de contacto única para o transporte metropolitano na comunidade, que permitirá ademais os transbordos e que será válida para todas as áreas que configuran o sistema.

O segundo consiste na mellora da coordinación entre as redes urbanas e interurbanas. Crearanse os puntos de transbordo metropolitano urbano cando a demanda así o requira, o que debe permitir incrementar a funcionalidade e a eficacia das liñas, a mellora da oferta de transporte.

Estableceranse en cada área metropolitana corredores de altas prestacións para aqueles servizos máis demandados, para aqueles percorridos máis empregados polos cidadáns.

E, finalmente, melloraremos as infraestruturas de transporte metropolitano: marquesiñas, mellora da información ao usuario, creación de plataformas exclusivas para o transporte público e os intercambiadores necesarios. Anúncio-lles que o Goberno asumirá o 80% do custo de funcionamento do transporte metropolitano. Para ese fin habilitaremos a consignación orzamentaria de 15

millóns de euros para reducir as tarifas nas cantidades que precisei, e a esa cantidade hai que sumar outros 5 millóns para mellora das infraestruturas do transporte.

Este é o plan, o programa, do novo transporte metropolitano, que quedará implementado nos próximos meses coa colaboración leal e activa que estamos tendo dos concellos das áreas metropolitanas e dos operadores de transporte, cos que firmaremos os correspondentes contratos programa.

Non é posible construír unha Galicia social, esa que soñamos, se non somos capaces de conseguir un acceso razoable á vivenda a un prezo digno e taxado.

Cando aprobamos nesta Cámara a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, fun consciente de que estabamos a dar un gran paso histórico no camiño do cumprimento dun auténtico mandato constitucional. Coa Lei de medidas urxentes demostramos que se podía facer política de vivenda pensando nas persoas e que a política de vivenda podería ser, e é, un poderoso instrumento de cohesión social. Esta é a lei, ademais, que vai dar un gran balón de osíxeno a un sector fortemente afectado pola actual crise inmobiliaria e que ten en conta a realidade e as demandas dos concellos. Sobre todo, por enriba de todo é unha lei que facilita o acceso a unha vivenda digna ás familias e individuos con rendas medias-baixas e aos máis novos da nosa comunidade.

O establecemento por lei dunha porcentaxe do 40 % da reserva do solo nos concellos de máis de 20.000 habitantes para vivenda protexida e a un prezo taxado representa un avance decisivo cara á constitución dunha sociedade máis xusta. Como avance constitúe a posta en marcha de 33.351 vivendas nestes tres anos. Desas vivendas, 10.280 corresponden á colaboración entre a Administración e o sector privado; outras 1.259 foron construídas directamente pola Autonomía e 21.992 foron rehabilitadas.

Estamos a poñer á disposición do sector da construción, como dixeran, 540.000 metros cadrados de solo residencial para a edificación dunhas 4.000 vivendas protexidas nas grandes áreas urbanas de Galicia. E, como saben, esta ofensiva complétase coa próxima adxudicación do Plan sectorial de solo residencial de Galicia. Trátase dunha iniciativa pioneira no Estado, coa que poderemos cualificar solo residencial nos concellos polo interese supramunicipal do mesmo. Esta decisión permitiranos, antes do ano 2017, cualificar máis de oito millóns de metros cadrados como solo residencial en toda Galicia, fundamentalmente nas zonas de máis elevada demanda, o que permitiría erixir nese período 45.000 novas vivendas protexidas, mobilizar investimentos por

5.200 millóns de euros e crear un elevadísimo número de empregos. Trátase, polo tanto, dun plan que contribúe de maneira decisiva a crear cohesión e igualdade no seu territorio.

O Goberno está a impulsar tamén novos marcos e novas orientacións no eido da política cultural. Un dos principais obxectivos acometidos no trienio, como saben, señorías, consistiu na redefinición do proxecto da Cidade da Cultura. Nesta fase última, próxima a constituírse a correspondente fundación, involucramos as grandes empresas do país no redeseño e na xestión do complexo cultural. O noso propósito é converter o Gaiás nun proxecto estratéxico que sitúe a Galicia nos grandes circuitos internacionais da cultura e que sexa unha palanca motor da cultura da nosa terra.

Logramos a elección da Torre de Hércules como candidata española ao Patrimonio da Humanidade. Temos posto en marcha o Plan de delimitación e protección dos camiños de Santiago, un instrumento imprescindible para lograr a súa ampliación como patrimonio da humanidade. Iniciamos o proceso para declarar bens de interese cultural 48 xacementos megalíticos espallados por todo o país. Integraranse na Rede galega de patrimonio arqueolóxico. Así mesmo, realizamos os traballos de delimitación previos á declaración individualizada como BIC dos 45 principais conxuntos de petróglifos da provincia de Pontevedra, aos que seguirán no futuro os das outras provincias.

Son tamén iniciativas importantes ese Plan da lectura; a posta en marcha do Plan galego das artes escénicas; a creación dos premios nacionais da cultura; a preparación e organización dos investimentos necesarios, con carácter integral, de todas as consellerías integradas do Plan de investimentos para a celebración e organización do próximo Xacobeo Galicia 2010.

### Lingua e patrimonio

Señorías, convirán comigo –espero– en que, como dicía Ramón Piñeiro, unha das grandes realizacións do pobo galego é a nosa súa lingua, a lingua propia de Galicia: «Froito da loita do espírito por fornecer á súa propia identidade colectiva da expresión verbal xenuína», a mesma que nos dá, como dicía o mestre, «conciencia da nosa identidade e da nosa unidade».

Hai un ano, máis ou menos, nesta mesma tribuna emprazaba á oposición a regresar ao consenso necesario en materia lingüística, aquel que nos permitiu aprobar unanimemente o Plan de normalización lingüística; un consenso, así o creo, que é o reflexo dunha amplísima maioría social.

Lamento ter que dicir que no tempo transcorrido non foi posible. E, desde logo, teño a convicción, como eu a teño, de que non foi posible por falta non precisamente de vontade do Goberno que presido. Primeiro, o Partido Popular rachou o consenso ao rexeitar o decreto que asegura unha maior presenza e promoción da lingua propia de Galicia no ensino non universitario. O mesmo decreto en cuxa negociación participou e cuxo articulado, con carácter previo, apoiou por ser plenamente coherente co Plan de normalización, ata que, por motivos nunca aclarados pero sempre intuídos, á hora de votar o fixo en contra. Logo converteuse no altafalante de grupos minoritarios que importan a Galicia falsas polémicas alleas á realidade do país, caracterizada sempre polo respecto e a convivencia entre linguas.

Non obstante, quero reiterarlles o ofrecemento. Volvan ao consenso, deixen fóra das leas partidarias a nosa maior creación como pobo. Traballemos xuntos na creación dunha Galicia plurilingüe, diversa e tolerante.

Defendo, como presidente, unha Galicia como é a súa xente, respectuosa e defensora das dúas linguas, galego e castelán, castelán e galego, que enriquecen o noso patrimonio e a nosa común visión do mundo.

Galicia sufriu, desgraciadamente, a despreocupación durante anos e anos pola preservación do seu patrimonio natural, por unha ocupación razoable do territorio, pola sustentabilidade da nosa actividade económica e pola explotación dos nosos recursos naturais. Esta situación deu un xiro copernicano nos tres anos que levamos gobernando. Primeiro, porque o Goberno que presido converteu en obxectivo do país a posta en valor do territorio como un escenario económico, como un espazo de convivencia e como un patrimonio que convén preservar. Segundo, porque presentamos unha perspectiva integral da acción política. Unha acción que en cada medida, en cada lei, en cada actuación, se enmarca nunha estratexia definida de desenvolvemento sustentable.

Quero, sen pretensión de exhaustividade, referirme a algunhas desas iniciativas, as máis senlleiras, para ilustrar o profundo cambio de perspectiva, de acción e de dirección.

Hai un ano e medio promovemos a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral, unha norma que garante, señorías, un desenvolvemento urbanístico sustentable e ordenado na franxa costeira. Con esta lei evitamos nada máis e nada menos que se estragara irreversiblemente unha das partes máis emblemáticas do noso territorio.

Esta medida, que como saben supuxo a suspensión preventiva de novos desenvolvementos urbanísticos en terreos situados a menos de 500 metros

do mar, quedará derogada o ano vindeiro, cando xa sexa superada polo Plan integral de ordenación do litoral, no que estamos traballando.

Paralelamente, asumimos o reto de abordar unha das grandes tarefas pendentes do país: a ordenación do territorio para deseñar a Galicia do futuro. Certamente houbo, en tres décadas de autogoberno anteriores, algunha convocatoria extraordinaria para superar esta materia. Así, a Lei de ordenación do territorio do ano 1995 recollía o mandato de elaborar as directrices. Non obstante, os gobernos do PP non compareceron ao exame do mandato legal, que só se cumpre agora coa chegada do novo Goberno.

Este ano aprobamos e sometemos a exposición pública as Directrices de ordenación do territorio. É a primeira vez, polo tanto, que se constata a vontade política de converter a ordenación do territorio nunha liña estratéxica da acción do Goberno. É a primeira vez, señorías, que Galicia conta cunha folla de ruta, cun libro que define entre todos o modelo do país, o modelo territorial que necesitamos. As directrices inclúen 197 determinacións para lograr unha maior cohesión social, un maior equilibrio territorial e unha dinámica económica sustentable a través da potenciación das áreas urbanas e da consolidación dun sistema policéntrico de cidades.

As directrices, pois, definen os ámbitos óptimos de infraestruturas, servizos e equipamentos; consolidan unha rede de vilas que han de servir de base para a extensión dos servizos a todo o territorio; contemplan a planificación con criterios de supramunicipalidade, de cara a conseguir unha maior eficiencia.

Nese marco a concepción integral do deseño das infraestruturas é imprescindible para construír esa rede. Precisamente, como documento marco de planificación integral xorde o Plan director de estradas de Galicia, que deseña o desenvolvemento da nosa rede viaria, ou anticipaa, ata o ano 2020.

O obxectivo é desenvolver unha rede viaria funcional, eficiente, ao servizo da cidadanía e do desenvolvemento do país. Este plan xa foi publicado no *Diario Oficial de Galicia*, está en fase de información pública, prevé un investimento de 16.000 millóns de euros e permitirá actuarmos sobre as tres cuartas partes da rede autonómica. Deste xeito, a rede de estradas de alta capacidade multiplicarase por máis de catro nos próximos catro anos, pasando, señorías, dos 149 quilómetros que temos agora a 624 quilómetros de rede de alta capacidade. Así mesmo, a rede de autovías sen peaxe multiplicará por dez a súa extensión, para pasar en catro anos de 27 a 281 quilómetros. Todas estas actuacións débennos permitir mellorar as comunicacións cos territorios



que rodean Galicia, a accesibilidade dos portos, os aeroportos e redes de ferrocarril, co que supón isto de intermodalidade.

### **O ano da alta velocidade**

Señorías, quero confirmar e reafirmar que no ano 2012 Galicia poderá ver como o eterno déficit de infraestruturas que determinou en gran medida a nosa condición de periferia é substituído por unha rede de comunicacións por estrada e ferrocarril que estará á altura dos territorios europeos máis avanzados. O 2012 será –esa é a miña palabra de garantía– o ano da alta velocidade en Galicia e será tamén o ano en que vexamos enormemente melloradas as nosas conexións por estrada coa Meseta e con Portugal. Un país, por certo, co que mantemos unha estreitísima colaboración, na que teño un empeño persoal, para o desenvolvemento dese outro gran proxecto en marcha que é o tren de alta velocidade entre Vigo e Porto, comprometido para o ano 2013; conexión, por certo, que se verá potenciada co enlace Vigo-Ourense, por Cerdedo, directo, liña á que en ningún caso renunciaremos.

O esforzo conxunto e solidario do Goberno central e do Goberno da Xunta fará posible que nese ano 2012 as sete grandes cidades galegas estarán unidas por autoestrada e por autovía, en canto se culminen os enlaces Santiago-Ourense, Lugo-Santiago e Lugo-Ourense. A Autoestrada do Atlántico, de peaxe, a auténtica columna da fachada occidental, proxectarase cara ao mar a través dunha serie de autovías e vías de alta capacidade que proporcionarán, no horizonte de catro anos, un acceso novo en alta capacidade e unha autovía, áxil e segura, a todas e cada unha das rías galegas, desde Bares ata A Guarda, nun esforzo investidor que supera os 1.300 millóns de euros.

En paralelo á AP-9, esa columna vertebral que será ampliada –non o dubiden– no contorno das cidades –Rande incluído, coa súa ampliación–, estase a configurar unha nova espiña dorsal do noso país, unha nova alternativa de comunicación paralela á anterior. Esa nova espiña dorsal une Ferrol con Lugo, con Ourense e con Portugal, como unha autovía libre de peaxe e que estruturará e permitirá un eixo novo norte-sur de desenvolvemento e organización da Galicia interior, da Galicia rural. O debuxo completárase coa mellora da accesibilidade cara ao leste, coas autovías de conexión coa Meseta e a Transcantábrica, que facilitarán os accesos aos mercados da Unión Europea a través de Asturias, Cantabria e o País Vasco.

Saben que esta última semana –sábeno ben– vimos de inaugurar unha obra de enxeñería senlleira como a Ponte dos Santos. Dous de cada cinco

quilómetros desa autovía do Cantábrico en Galicia estarán en servizo antes de que remate este ano. Non fai falla que lles lembre que ao chegarmos ao Goberno os galegos non podíamos percorrer nin un só quilómetro da mesma, nin cando as anteriores eleccións xerais do ano 2004 estaba contratado nin un só quilómetro desa autovía.

A realidade que perciben as galegas e os galegos –teño a convicción– é que se avanza cada día co ruxir das máquinas pola xeografía de todo o país. Quen teña oídos e ollos pódoo ver e escoitar, case a podemos tocar coas mans; e vainos permitir, por primeira vez na nosa historia, unha auténtica malla de infraestruturas de comunicación que dará comunicación tamén aos enclaves portuarios, aos portos exteriores en construción, de Ferrol e da Coruña no norte, ou de ampliación do de Vigo no sur, que serán auténticas portas de entrada dos tráficos procedentes de América e cara a Europa.

Ese deseño dunha Galicia vertebrada complétase con tres aeroportos que deben intensificar, sen dúbida, ese traballo en rede que ofrecerá a Galicia unhas posibilidades de transporte ata o de agora descoñecidas.

Non quero deixar de mencionar unha política central –non o foi nunca, desgraciadamente; foino desde que hai o Goberno que presido–: a loita contra os accidentes de tráfico, un obxectivo central e de país. Por iso promovemos o primeiro Plan galego de seguridade viaria de toda España, do que xa temos posto en marcha o 80 % das iniciativas. Un plan pioneiro que debe contribuír, aínda que sexa modestamente, a ir diminuíndo o número de falecidos nas nosas estradas. O obxectivo é alcanzar o 40 % de diminución.

En tres anos, investimos máis de 300 millóns de euros en iniciativas encamiñadas directamente a reducir a sinistralidade. Admito que todo esforzo é pouco nesta materia, ¡claro que si! Non pode haber satisfacción ningunha mentres as estradas continúen cobrándose vidas. Pero é certo que eses recursos supoñen un 83 % máis do que se tiña investido na lexislatura anterior. As cifras de falecidos nas estradas galegas vanse reducindo, no que vai de ano, por encima do 32 %; no caso dos motoristas, por enriba do 50 %.

Hoxe pódolles anunciar, precisamente, como unha medida extraordinaria, que imos colocar máis de 120 quilómetros adicionais de dobre bionda para a protección de motoristas. Estes 120 quilómetros adicionais, como ben digo, súmanse aos máis de 80 quilómetros lineais que xa estamos colocando –e hai que dicilo–, fronte aos cero quilómetros do Partido Popular. Cero.

Outra das iniciativas, o imposto do transporte público alternativo. Non quero deixarme de referir, por exemplo, ao Noitebús, que se está a consolidar como

unha alternativa de transporte nocturno en zonas de ocio nun sector que paga coa súa vida dramaticamente este problema. Lévano empregado xa máis de 250.000 mozos desde a súa posta en marcha no verán do ano 2006. De feito, este verán triplicouse o número de usuarios, ata alcanzar máis de 60.000.

Son medidas, sen dúbida, decisivas as tomadas polo Goberno de España: modificación do Código penal, implantación do carné de puntos e reforzo potente –como comprometéa o ministro do Interior co presidente da Xunta– dos medios humanos e materiais da Garda Civil en Galicia. Ese esforzo, sen dúbida, será baldío se non logramos unha concienciación social ampla, colectiva, porque esta é unha loita de toda a sociedade e, desde logo, non debe ser nunca, de agora en diante, o traballo dun partido, nin tan sequera dunha parte da sociedade; por iso convoco a todos, en particular a oposición, a incorporarse sen fisuras neste obxectivo de país.

En Galicia houbo, durante moitos anos, unha falta de atención ao medio, á preservación dos nosos recursos naturais. Saben ben as súas señorías –sei que o sabe toda Galicia– que un dos principais activos cos que conta a nosa comunidade son as nosas rías, ese grande tesouro natural e tamén económico co que gañan a vida miles e miles, centos de galegos e de galegas. A preservación das rías debería ser un dos puntos centrais da acción de calquera goberno.

Teño que lamentar unha vez máis que isto non fora así e que soamente recibamos unha situación de negligencia e abandono prolongada durante demasiados anos, que estivo a piques de conducirnos á perda dunha parte irrenunciable do noso ecosistema e do noso patrimonio natural. Non falo do accidente do Prestige, falo de algo máis de fondo, que é o abandono e a falta de cumprimento de todas as normativas europeas, que, como saben, nos ten producido ameaza de sanción sobre Galicia e España por parte da propia Unión Europea.

Este Goberno, desde o primeiro momento, comprometeuse á recuperación destes espazos. Por iso puxemos en marcha un Plan de saneamento integral das rías, que ten unha visión de conxunto, que define actuacións e contempla os recursos económicos necesarios para afrontar os problemas de contaminación das rías e as súas repercusións sociais, ambientais e económicas.

O noso obxectivo é mellorar a calidade das augas, diminuír a carga microbiolóxica nas zonas de produción de moluscos bivalvos que tantos e tantos problemas nos están a dar. Estamos a falar, señorías, dun investimento de máis de 650 millóns de euros na construción real e efectiva de 35 estacións depuradoras e actuacións de saneamento.

Desas grandes EDAR, 10 están en plena obra, outras 10 xa foron contratadas, e os proxectos das únicas 3 restantes atópanse en tramitación por problemas de solo. Estamos a falar, tamén, do saneamento integral dos núcleos de poboación máis pequenos, aqueles de máis de 2.000 habitantes. Un programa que ten un esforzo adicional de 286 millóns de euros. Con el damos resposta a un mandato europeo, á directiva que foi reiteradamente incumprida polo anterior Goberno e a piques estivo –como digo– de causarnos importantes multas á cidadanía galega.

Esta ofensiva por unha Galicia sustentable ímola completar coa aprobación de dous documentos estratéxicos: a Lei integral de residuos de Galicia, que está en trámite parlamentario, e o novo Plan de residuos 2008-2016, que debemos de aprobar previsiblemente xa no primeiro trimestre do ano. Medidas que, en definitiva –politicamente quero dicilo– abordan por primeira vez unha visión integral e a fondo da problemática dos residuos, que rexeitan a incineración e promoven a compostaxe, en liña exactamente coas directivas e as prescricións máis avanzadas da Unión Europea.

O vindeiro ano aprobaremos a ampliación da Rede Natura 2000, o Plan de ordenación dos recursos naturais e do medio físico dos espazos nela integrados, e declararemos seis novos parques naturais: Ancares, Pena Trevinca, Caurel, Macizo Central, Xurés e Corrubedo-O Son.

Dentro da aposta pola sustentabilidade –quizais única garantía para un crecemento económico inclusivo e estable– representa un papel central, sen dúbida, a política enerxética. O Goberno galego aposta decididamente pola diversificación enerxética a través das renovables. O noso obxectivo, recollido na Estratexia Energías, é que Galicia dispoña de 125 megavatios de biomasa, ademais de 30.000 metros cadrados de paneis solares térmicos e de 200 toneladas de biocombustibles por ano. En definitiva, unha potente acción buscando a diversificación e a sustentabilidade do noso modelo, pioneira en España.

En canto á enerxía eólica, en breve coñeceremos os adxudicatarios dos 2.325 megavatios sacados a concurso público, que permitirán uns investimentos directos e inducidos de 5.500 millóns de euros, a creación de máis de 3.000 empregos ata 2012, e sobre todo e por enriba de todo, que responden a un proxecto de país e ao fortalecemento do núcleo industrial da nosa Comunidade Autónoma.

Podo anunciarlles tamén que pasadomañá o Consello da Xunta, o xoves, dará luz verde ao Proxecto de lei polo que se crea o canon hidroeléctrico.

## A senda da converxencia

Galicia está avanzando e progresando. Nesta lexislatura, e máis alá dos momentos de grave dificultade económica global que estamos a vivir, Galicia puido empezar a recoller os froitos dunha nova estratexia económica que implantamos ao chegar ao Goberno.

Nos últimos anos, Galicia avanzou pola senda da converxencia con España e con Europa, é indiscutible. Espero ter ocasión no debate posterior de afondar no tema. Galicia apertou o paso do crecemento. Tanto é así que nos anos 2006 e 2007 ocupamos, señorías, as primeiras posicións entre as maiores comunidades con crecemento de toda España e moi por riba do crecemento rexistrado en toda Europa. Ese liderado, escasamente frecuente na nosa historia, por non dicir descoñecido, permitiunos reducir as diferenzas cos territorios máis avanzados. O noso PIB pasou do 81,7% da media ao 84,6% só en dous anos. Indica unha converxencia de tres puntos por bienio. Galicia foi a terceira comunidade autónoma que máis avanzou na senda da converxencia, é dicir, en renda e en benestar dos nosos cidadáns.

O forte dinamismo económico converteuse nunha auténtica e intensa creación de emprego. Só lles vou dar un dato: Galicia tiña, a mediados do ano 2005, cando iniciamos a tarefa de goberno, 1.113.400 persoas ocupadas. Hoxe, tres anos despois, temos 1.200.800 ocupados, e iso é exactamente o máis importante volume de emprego e de ocupación laboral da historia da comunidade.

A taxa de paro, malia o repunte da crise do primeiro semestre, atópase nos mellores niveis de hai vinte e cinco anos. Sitúase por primeira vez 2,1 puntos por debaixo da taxa española, sempre estivemos por enriba. O índice de paro feminino, que hai tres anos superaba o 15%, está hoxe no 10,7%. Son 4,5 puntos de redución nesta lexislatura, crise incluída.

Galicia, é indubidable, creceu máis e xerou máis emprego neste trienio. Os datos reflicten así –e impórtame máis ca o anterior– unha mellora substancial no nivel de vida dos cidadáns. Quéroo resaltar por un minuto, porque é moi importante. Os prezos claro que creceron de forma significativa nestes tres anos, medraron un 3,4% de media anual. O encarecemento do petróleo, dos alimentos, das materias primas, no ámbito internacional repercutiron intensamente. Pero a alza dos prezos non se traduciu nunha perda de poder adquisitivo nin para os asalariados nin para os pensionistas de Galicia, e iso é o que me preocupa. Os salarios medraron a un ritmo medio interanual do 4,1%. Xa que logo, as nóminas dos nosos traballadores e traballadoras creceron sete

décimas máis que os prezos. Os traballadores gañaron sete décimas anuais de poder adquisitivo.

E outro tanto podemos dicir das pensións. O crecemento medio neste tempo foi do 5,8%; polo tanto, en síntese, a mensaxe é clara. O poder adquisitivo de cada pensionista medio medrou en 2,3 puntos anuais, e as pensións baixas, por certo, aínda en maior proporción. Nesta lexislatura Galicia creceu, e creceu o emprego, e os froitos dese crecemento e dese emprego tradúcense, como non pode ser doutra maneira, nunha mellora xeral das condicións de vida das galegas e dos galegos. Crecen os salarios, crecen as pensións e medra o emprego; ese é o mellor resumo, o que máis me gusta, deste balance económico.

O desenvolvemento empresarial require solo produtivo, por iso dedicamos un notable esforzo á súa promoción e creación. Estamos a pór remedio á carencia histórica de solo produtivo nas áreas de maior desenvolvemento económico de Galicia. Nos dous últimos meses, como saben, unha ducia de proxectos de parques empresariais e de nodos loxísticos recibiron un impulso definitivo. É o caso da Plisan, o caso do Parque Tecnolóxico de Galicia, que xa superou un novo trámite administrativo e vai ver culminada a súa ampliación; lémbrolles que a comezos do mes de setembro foi xa licitada a redacción do proxecto de urbanización. Este proxecto de ampliación, por certo, fará que a primeira tecnópole galega duplique practicamente a súa superficie.

A medio prazo a oferta de solo en Galicia crecerá en 29 millóns de metros cadrados, pero o máis importante é que, a curto prazo, neste momento en adxudicación e en trámite, entrarán en servizo trece millóns de metros cadrados, unha superficie que se corresponde –como digo– cos recentemente executados ou que están en obras, unha cantidade que sobrepasa amplamente a cifra deixada polo anterior Goberno ao longo da súa historia de gobernación en Galicia.

A innovación é a base da sociedade do futuro; a aposta por I+D é unha das prioridades do Goberno galego, como se pon de manifesto nos notables incrementos orzamentarios destinados a investigación, a desenvolvemento e a innovación. Este instrumento do Plan galego de I+D+i saben que conta cunha dotación de 800 millóns de euros ata o ano 2010, que a vimos mantendo orzamento a orzamento e que ten, polo tanto, o obxectivo de acadar un gasto de I+D ata o 1,5% do PIB no ano horizonte e de acadar un número de 10.000 investigadores. Trátase, nada máis e nada menos, de que duplicamos os que existían ao inicio da lexislatura. Nestes tres anos estamos a levantar unha

sólida rede de centros de excelencia científica, de centros tecnolóxicos e de plataformas tecnolóxicas e cluster, que son os que dan soporte á extensión e interpenetración e á conxunción entre a Administración, as universidades e os empresarios do I+D.

O pasado 21 de xullo presentamos a rede de parques científicos e tecnolóxicos de Galicia. Estará formado por cinco parques: o xa falado Parque tecnolóxico de Galicia, tecnópole de Ourense, a cidade tecnolóxica de Vigo (Citecvi), o parque tecnolóxico de Lugo e os parques tecnolóxicos e científicos de Santiago e da Coruña.

A rede irá ampliándose progresivamente ata o ano 2012. Significará, nada máis e nada menos, que a mobilización de 435 millóns de euros en 2 millóns de metros cadrados de solo tecnolóxico, que acollerá máis de 500 empresas e supoñerá unha importante inxección de emprego. Pola súa banda, o Plan de acceso á Sociedade Estratéxica da Información, dotado con 800 millóns de euros, tamén ata o ano 2010, permitirá –e quero reiteralo ou comprometelo diante desta Cámara– que o ano que vén todos os núcleos de poboación con máis de 500 vivendas teñan conectividade en banda ampla, e o obxectivo é lograr que no 2010 o 90 % da poboación galega teña acceso a este tipo de servizos.

Como saben, Galicia sufriu durante moitos anos un proceso de desvertebración e desestruturación territorial; estoulles a falar dunha situación ben coñecida. O 88 % do territorio concentra apenas o 37 % da poboación e a renda per cápita non chega dentro de Galicia, en boa parte do territorio, ao 85 % da renda media do país. Temos, pois, un problema de converxencia interior, de converxencia con Europa e de reequilibrio e cohesión social interior. Por iso naceu un plan ambicioso, que o Plan de reequilibrio territorial 2007-2010 inclúa actuacións en 254 concellos, cun investimento que supera os 3.600 millóns de euros. Pero xunto a iso, e tan importante como iso, que está de substrato soportando iso, son unha serie de políticas que son vitais e decisivas de maneira moi peculiar para o medio rural. Por iso a aposta polo fortalecemento do medio rural con políticas atractivas, capaces de fixar poboación vinculada a elas, constitúe o principal obxectivo da nosa actuación en medio rural.

A aposta polo futuro das zonas rurais ten unha das súas principais ferramentas no Plan de desenvolvemento rural: 1.500 millóns de euros. Este plan vai fomentar, está a fomentar, o relevo xeracional coa incorporación de mozos e mozas á titularidade das explotacións agrarias. No que vai de lexislatura, por riba de 1.400. E o 51 % do total desa incorporación –queroo citar–, as

mulleres, xa superan aos homes en novas incorporacións, o que demostra o cambio de tendencia nesa dirección. É un dato que é resultado directo das liñas como as axudas aos cotitulares das explotacións para a súa incorporación á actividade, e de medidas como a redución dun 20% na base de cotización no réxime especial.

Outra iniciativa vital nesa dirección é a posta en marcha do Plan de infraestruturas estratéxico do medio rural. No plano legal, aprobamos unha medida que considero de profunda transcendencia na súa ampliación e desenvolvemento, é a creación do Banco de Terras de Galicia, que está destinado a superar esa eiva estrutural histórica, que á a insuficiencia da base territorial das nosas explotacións agrarias, que é a condición sine qua non para poder ter unha agricultura competitiva, unha condición imprescindible.

A valoración deste instrumento xa é altamente positiva. Pódolles dicir que desde a súa entrada en funcionamento conseguimos incorporar 6.200 parcelas para o seu arrendamento, co obxectivo de diminuír costes e ampliar esa base territorial. Aprobamos a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que permitiu tomar medidas preventivas para loitar contra o lume. Ao mesmo tempo, serviu para pór en valor a aposta produtiva, ecolóxica e social do monte. Saben que estamos traballando –xa de maneira moi avanzada– no borrador do Anteproxecto de lei de montes de Galicia, que pretende marcar un punto de inflexión cara a unha liña política forestal nova en Galicia que facilite a xestión sustentable do monte, a súa conservación, protección e restauración.

E, por último –e moi importante neste momento, en calquera caso–, estamos a dar un novo impulso ás relacións interprofesionais, á transparencia e á estabilidade na compravenda de produtos agrarios a través de iniciativas como os contratos homologados. Son, probablemente, a única alternativa á estratexia de fondo, especialmente agora no caso do leite, que está –como sabemos– sufrindo unha difícil conxuntura neste estratéxico sector. Só a incorporación no ámbito galego e español das industrias deses contratos de compravenda deben permitir, con outras miras complementarias, afrontar unha situación estrutural certamente complexa e difícil.

Xunto co medio rural, o medio primario galego, establecemos tamén unha política pesqueira e de recursos mariños que traballa no fondo e na mesma dirección.

No último ano entrou en vigor un novo marco de apoio comunitario. O novo Fondo Europeo da Pesca vai permitirnos investir máis de 1.000 millóns de euros no sector pesqueiro galego no período 2007-2013, e aí terá un papel



moi importante a Lei de pesca, que será debatida tamén en breve neste Parlamento. A lei debe facilitar un instrumento áxil, sinxelo e flexible para xestionar o sector pesqueiro de Galicia, tendo en conta as persoas, a súa empregabilidade e o respecto a unha pesca sustentable.

No último ano continuamos a traballar na orientación estratéxica dos sectores produtivos básicos: o Plan estratéxico da industria conserveira e o do sector dos produtos do mar conxelados en Galicia, que supoñerá un investimento maior de 300 millóns de euros, que presentaremos xustamente mañá mesmo. E mención especial merece, desde logo, o Plan galego de acuicultura, aprobado no Consello do 28 de agosto.

O novo plan é sustentable medioambientalmente, respecta integramente a Rede Natura, ofrece seguridade xurídica e garante a titularidade pública dos terreos fronte á especulación.

A acuicultura convértese nunha oportunidade para xerar riqueza e emprego en Galicia. De feito, teño que dicirlles que o novo plan espertou o interese dos empresarios, que xa presentaron 19 proxectos entre ampliacións e novas instalacións.

A aposta no sector reflíctese tamén, igual que no medio rural, no esforzo por mellorar as condicións de traballo e de vida dos profesionais do mar. Estamos a mellorar o seguro do mal tempo, e en materia de salvamento e loita contra a contaminación contamos, agora si, cun plan integrado de continxencias por contaminación mariña e a renovación e a ampliación constante dos medios e dos recursos postos á disposición da nosa comunidade.

### **Resposta á crise**

Señorías, entro –e deixei para o final– na parte da exposición que ten que ver coa resposta á crise. Hai poucos días comparecí nesta Cámara para explicar a situación de Galicia neste momento de crise da economía mundial e dar conta das nosas fortalezas para afrontala.

Os periodistas dinme que contabilizaron naquela intervención quince mencións da palabra «crise» pola miña parte. Supoño que pretendía eu daquela resaltar a clara conciencia de que, indubidablemente, atravesamos momentos ben difíciles, e non vou ser eu quen minimize a gravidade da situación.

Nin son inxenuo –nunca fun– nin moito menos irresponsable. Ese terremoto que tivo o seu epicentro na desfeita do sistema financeiro estadounidense, con especial incidencia no mercado hipotecario, estende as súas ondas, con maior ou menor intensidade, cada vez con máis, a todas as economías do

mundo global. Xa non se pode negar a orixe e o epicentro da crise, a sintomatoloxía e as causas da mesma, tanto tempo calada por inútiles debates establecidos pola oposición e hoxe recoñecidos por todos os analistas e todos os economistas.

A crise é profunda, porque sacode os alicerces mesmos do modelo conservador, do modelo neoliberal, levado ao paroxismo nos Estados Unidos. Asistimos á quebra literal e profunda daquilo que os expertos bautizaron como Consenso de Washington e que entre outras medidas neoliberais receiptaba –como saben– a desregulación do mercado de capitais. Unha fórmula que deixaba ao capital especulativo liberdade para campar ás súas anchas por todo o globo terráqueo. Iso, a cobiza especulativa, a ausencia de regulación, está na xénese da crise, ao restrinxir e cegar o crédito. Por iso, ao tempo que o Tesouro norteamericano trata de taponar o burato cunha multimillonaria inxeción de recursos públicos, érguense voces en todo o mundo, desde posicións de progreso, que reclaman máis control e unha reformulación a fondo do sistema financeiro internacional. Por certo, entre elas, a da propia canceller alemá, Angela Merkel. E porén, teño para min e quero dicir que ninguén definiu mellor que o presidente francés o que está a pasar, Nicolás Sarkozy, a quen ninguén poderá acusar de veleidades socialdemócratas. Sarkozy expresaba e recoñecía nunha sintética sentenza: *le laissez faire c'est fini*. Frase que moi ben poderíamos traducir ao galego como «**acabouse o todo vale en economía**».

Poderíamos falar e falar, pero creo que abonda co dito para resaltar a gravidade dunha tormenta que cuarteas as estruturas do sistema financeiro mundial e que traslada esa conmoción ao tecido produtivo dos diversos países. Por certo, que se desprega a sombra da recesión sobre os países centrais da Unión Europea.

Inevitablemente, Galicia acusará o impacto. Estao a percibir xa no recorte das súas taxas de crecemento, na perda de pulso do seu mercado laboral. Coñezo as serias dificultades ás que nos afrontamos porque, como dixen antes, non son nin inxenuo nin irresponsable. Engadiría agora algo máis: que nin son triunfalista nin catastrofista. A miña posición é a dun presidente de goberno que coñece e recoñece con meridiana claridade tres cousas: sei que sufriremos, sei que estamos mellor preparados para encaixar o golpe e sei que estamos reaccionando con anticipación e con contundencia. As tres cousas son verdade.

Sei que sufriremos porque Galicia non é unha illa. Non é posible desconectar a nosa economía do seu contexto nin mirar para outro lado mentres a tormenta aumenta nin esconderse na autarquía. Felizmente, estes son datos cos que temos que traballar.

Sei tamén que despois de tres anos de impulso e de cambio, como ben acabo de relatar, Galicia está máis forte, ten máis resistencia e ten maior capacidade de resposta a unha crise alimentada por factores todos esóxenos á nosa comunidade autónoma. E sei igualmente que o Goberno anticipou e reaccionou con axilidade ao albiscar os problemas da desaceleración, xaneiro do 2008. Desde o primeiro momento, en xaneiro, erguemos barreiras de contención, medidas tomadas no Consello da Xunta de Galicia, polo Goberno que presido, e gañamos tempo porque as luces da alarma se prenderon cedo.

Xa na miña comparecencia para explicar a situación económica expliquei que Galicia é hoxe menos vulnerable. Non é froito, señorías, da casualidade que teñamos un factor diferencial positivo coas economías do noso entorno, e argumenteino. E nin os datos que imos recibindo nin os dos analistas económicos, ningún, foron quen de desmontar aqueles argumentos.

Galicia resiste mellor, en primeiro lugar, porque o seu ritmo de crecemento no último trienio foi superior ao da economía española e aos das economías occidentais. Xa que logo, a igual intensidade de freada, seguirá avanzando máis de présa o automóbil que circulaba a máis velocidade.

Galicia resiste mellor polos fundamentos da súa economía. Temos un crecemento sectorial máis equilibrado e máis diversificado, menos dependente do ciclo da construción pola elevada e crecente proporción que ocupa a obra pública en comparación coa nosa construción residencial e porque soubemos, señorías, frear a tempo o boom inmobiliario que ameazaba con depredar a nosa costa. Porque temos un sector exterior que impulsa en vez de lastrar o crecemento; un sector exterior cun grao de cobertura superior en trinta puntos ao da media española; porque o grao de endebedamento das empresas e das familias galegas é máis baixo que o nivel español e porque soubemos, señorías, sobre todo, dialogar desde o primeiro momento da lexislatura con empresarios e sindicatos e acordar con eles estratexias de emprego e de apoio á competitividade que xeran confianza no país, e a confianza é un activo económico de primeira magnitude.

En suma, resumindo, porque o patrón de crecemento da nosa economía traza elementos singulares que reforzan a situación de resistencia fronte ás dentadas desta crise profunda e específica.

Os últimos datos de paro rexistrado difundidos aínda o pasado xoves corroboran esta análise. Déixenme advertir previamente que as cifras non son boas, obviamente, en plena crise. Nunca me oirán dicir que é positivo o incremento do desemprego, por mínimo que sexa, pero si é xusto constatar

que no último ano o paro rexistrado medrou en España tres veces máis que en Galicia. E outro dato ben significativo, case a metade deses parados que crecen tres veces menos, que se rexistraron en Galicia nos primeiros nove meses, proceden a metade exactamente doutras comunidades autónomas. Afórrolles a interpretación dese dato que en si mesmo é tan elocuente.

O sólido fundamento da nosa economía concédenos unha vantaxe comparativa, pero esa constatación non nos levou a cruzar de brazos. Xa en xaneiro adoptamos as primeiras medidas –non as vou reiterar para non excederme no tempo–: medidas de dinamización de obra, medidas de reforzamento do financiamento empresarial e medidas de carácter social. En definitiva, aposta pola inversión produtiva, creadora de emprego; aposta polo apoio financeiro na medida das nosas posibilidades; e protección social e apoio aos máis débiles. Esa é a resposta, iso é o que importa, á hora de encarar unha situación de crise.

### **Esfuerzo de contención**

Sen dúbida ocupa un lugar preeminente nese conxunto de medidas ese substrato de Acordo pola competitividade. Volveremos reunirnos e seguiremos relanzándoo para que ese sexa un proceso continuo, para manter vivo, para darlle tradución orzamentaria efectiva e real a ese Acordo pola competitividade, que ten que ser esa folla de ruta que guíe o esforzo concertado de toda a sociedade civil coa Administración para sacar adiante o país.

A intensificación da crise esixe da Xunta redobrar ese esforzo de contención, levantar novos diques que atenúen o impacto na nosa terra e atacar o problema nos dous grandes elementos –como dicía– que me preocupan e que nos preocupan, que é xerar inversión e emprego, aumentando a protección social. E nesa liña, quero anunciarlles hoxe un programa de medidas extraordinarias de apoio ao emprego e á actividade económica; un programa extraordinario de apoio, de medidas en dirección ao emprego e en dirección ao apoio da actividade económica. Terá unha dotación de 430 millóns de euros e ten como obxectivo incentivar a contratación de 20.000 traballadores no ano que vén.

No marco dese programa extraordinario de apoio ao emprego e de apoio á actividade económica, as empresas galegas recibirán unha subvención de 10.000 euros por cada contrato indefinido que asinen cun traballador que leve máis de doce meses en paro, de tal forma que, a partir do mes de xaneiro, cada traballador que estea en paro terá detrás unha incentivación á empresa

correspondente para que poida volver reenganchalo, volver contratalo, e tratar de paliar así a dificultade do emprego na nosa comunidade.

O programa, na súa vertente de fomento de emprego, dotado con máis de 78 millóns de euros, márcase catro obxectivos fundamentais.

Primeiro, potenciar os incentivos á contratación, atendendo á calidade do emprego –sempre incentivar– e ao tamaño da empresa; especialmente as empresas con menos de dez traballadores, as Pemes, que son as que están a sufrir con máis dificultades. Dar resposta ás necesidades dos demandantes de emprego agudizadas pola conxuntura actual do mercado de traballo, favorecendo a súa adaptación aos cambios. Facilitar a mobilidade profesional dos sectores máis castigados pola crise –construción e afíns principalmente– a outros con necesidade de traballadores, ademais de potenciar aqueles sectores emerxentes con demanda de traballo e potenciar a competitividade dos nosos sectores estratéxicos, especialmente no sector da innovación, con Peme e co emprego autónomo.

O plan comprende dez actuacións específicas que abranguen as distintas situacións posibles. Cito algunhas delas ademais do anterior que citaba.

Subvencionaranse os custos laborais daquelas empresas que ofrezan unha oportunidade de emprego de seis meses de duración a parados de longa duración, con máis dificultades de reinserción no mercado de traballo.

Os incentivos ás microempresas con menos de dez traballadores –as máis vulnerables en tempo de crise– poden alcanzar o 60% do custo salarial en dous anos. A través de procesos formativos rápidos facilitaremos, como dicía, o transvase de traballadores de sectores con dificultades a sectores emerxentes.

Ponse en marcha unha iniciativa para fomentar o emprego feminino especificamente, en tres áreas: basicamente a economía social, a reincorporación de mulleres a actividades emerxentes procedentes de sectores maduros, como a conserva e o téxtil, e a integración en ocupacións actualmente excesivamente masculinizadas.

Tratamos e poñeremos en marcha a recolocación de traballadores que perderon o emprego no sector da extracción de minerais e pedra non metálica, como consecuencia da caída da actividade na construción.

E paralelamente implantamos programas de orientación e de análises de proxectos de autoemprego. Refórzase a formación continua cun programa, pois, de medidas extraordinarias de apoio ao emprego e á actividade económica. Ese programa inclúe ademais dúas potentes actuacións na esfera financeira. Quedaría coxo se non fora complementado con esa segunda pata

que vimos desde o mes de xaneiro lanzando, que é o apoio financeiro, co obxectivo de facilitar o acceso ao crédito e dinamizar o noso investimento.

Nesas dúas medidas, a primeira delas terá unha dotación de 150 millóns de euros. Ten por finalidade aliviar a carga de débeda que dificulta a actividade de pequenas e medianas empresas. É o froito dun convenio asinado coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, que será nestes días publicado no Diario Oficial de Galicia e que permitirá ás Pemes galegas acceder a préstamos subsidiados e avalados para reforzar o seu capital circulante, refinar o seu pasivo ou ampliar capital. Busca, en definitiva, acomodar a carga da débeda que lastra o funcionamento das pemes ás previsións de ingresos, evitando desa forma problemas de tesourería.

A segunda liña consiste nunha liña de préstamos para investimento, financiada con 200 millóns de euros adicionais procedentes do Banco Europeo de Investimento. Poderán acollerse a esa vía as Peme galegas que presenten proxectos de investimento desde 240.000 euros ata un máximo de 25 millóns de euros. Estes préstamos poden cubrir hasta o 50 % do investimento previsto. O seu tipo de xuro será o euríbor máis medio punto e a Xunta poderá subvencionar dous ou tres puntos de interese. Aquí estamos a falar de pequenas e medianas empresas, como por exemplo o propio comercio. Estamos poñendo en marcha medidas concertadas no seo do Goberno para apoiar liñas de financiamento específicas, xustamente un plan de financiamento do comercio, nesa dirección.

Hoxe por hoxe, se sumamos as medidas extraordinarias, as que acabamos de anunciar, o importe total das axudas financeiras que a Xunta pon á disposición das empresas, estas alcanzan xa –o volume total de financiamento– os 1.572 millóns de euros. Máis de 1.500 millóns de euros que a Xunta pon en apoio financeiro, neste momento de dificultade, á disposición das pequenas e medianas empresas da nosa comunidade. Esa cifra duplica, máis que duplica, a contía do programa aprobado en xaneiro, 712 millóns de euros; e inclúe tamén unha ampliación de contía dos avais, pasando dos 330 millóns actuais a 500 millóns de euros, que serán incluídos nos orzamentos da comunidade o próximo ano. Estamos, polo tanto, en medidas laborais e en medidas financeiras.

En suma, trátase, coa conxunción das forzas de todo o Goberno, de preservar ese histórico volume de emprego que entre todos conquistamos. Ese é o obxectivo, manter ese emprego. Medidas que terán a súa versión nos presupostos da comunidade, que serán precedidos por tres criterios, xa llelo

adianto: austeridade no gasto, impulso do investimento produtivo e reforzamento da política social.

Esas serán as tres prioridades que aplicaremos por enriba de todo na nosa comunidade para o próximo ano. Será, pois, un presuposto para dinamizar a economía, para protexer os máis débiles e para seguir dando unha resposta a situacións de dificultade.

O balance que acabo de presentar presenta un saldo positivo; os datos son testáns e incontestables. Galicia é un país mellor, máis próspero, máis forte, máis habitable que hai tres anos. As galegas e os galegos demostramos que podemos ser motores e titores do noso propio progreso. Recuperamos a vitalidade como sociedade, gañamos peso e presenza dentro de España, incorporámonos á modernidade. Galicia avanza segura das súas forzas e sen complexos diante das dificultades.

O Goberno máis estable da nosa historia democrática traballa na culminación dun programa que mereceu a confianza da cidadanía, e o presidente cumpre e responde dos compromisos adquiridos. Hai liderado, hai estabilidade e hai confianza; velaí os vértices básicos dun triángulo que permiten encarar con esperanza e tamén con realismo o inmediato futuro.

Non quixen limitar esta comparecencia a facer balance de tres anos. Falei do presente e das dificultades; do que fixemos e do que estamos a facer para reducir en Galicia o custo dunha crise global que se expandiu por todo o mundo. E quero neste remate falar do futuro e das súas oportunidades. É certo que os froitos que acabo de glosar foron recollidos en tempos de bonanza económica. Nese mar en calma fomos quen de remar con máis forza, avanzar máis á presa que as economías do noso entorno. Agora, na marusía económica, demostraremos –non teñan dúbida– a mesma coraxe que os nosos homes e mulleres do mar para superar as severas dificultades que afrontamos. Soubemos estar ás maduras e saberemos estar ás duras.

Sei perfectamente que os avances deste trienio non supoñen un consolo para o traballador que perdeu o emprego, a familia que soporta unha hipoteca máis cara ou a ama de casa que sofre o encarecemento da súa cesta da compra. A eles, á comunidade que integramos todas as galegas e os galegos, quero pedirilles confianza no país, confianza no futuro e confianza no presidente que lles fala. Non apelo a unha confianza acrítica, cega e resignada; non lles pido ningún cheque en branco, senón a cambio un firme compromiso. Máis que nunca é necesario traballar unidos por Galicia. Por iso, como presidente de todas as galegas e de todos os galegos, quero invitar

o xefe da oposición, o señor Núñez Feijoo, a encontrarnos, a unir as nosas forzas, a traballar xuntos no impulso das ideas e das propostas que poidan contribuír a que Galicia supere con forza e con decisión este presente.

Pola miña parte, o compromiso está aí, dedicar todo o tempo e as miñas enerxías, mobilizar todos os resortes á nosa disposición, afrontar as dificultades con determinación, restablecer as elevadas cotas de crecemento sen hipotecar o patrimonio, estender a protección social e incluír a todos os galegos e as galegas no reparto de cargas e de beneficios.

O meu compromiso é convocar a sociedade galega para remar na mesma dirección; os axentes sociais, que xa deron cumprida proba do seu compromiso solidario –agradézollelo–; a sociedade civil que conforma a musculatura do país. Diríxome tamén aos homes e ás mulleres desta terra, que sempre foron quen de vencer o desánimo e o pesimismo, aos que pensan coma nós e aos que non pensan coma nós.

O compromiso que teño é transformar os problemas en novas oportunidades; e o meu compromiso é antepoñer, por enriba de todo, Galicia a calquera outra consideración. Apelo, en suma, á confianza en Galicia, á confianza no país e nas súas xentes.

Moitas grazas.



Títulos da colección  
**DISCURSOS  
PARLAMENTARIOS**

**Xerardo Fernández Albor**  
Primeira e segunda lexislatura  
(1982-1987)

**Fernando González Laxe**  
Segunda lexislatura  
(1987-1989)

**Manuel Fraga Iribarne**  
Terceira lexislatura  
(1990-1993)

**Manuel Fraga Iribarne**  
Cuarta lexislatura  
(1993-1997)

**Manuel Fraga Iribarne**  
Quinta lexislatura  
(1997-2001)

**Manuel Fraga Iribarne**  
Sexta lexislatura  
(2001-2005)

**Emilio Pérez Touriño**  
Sétima lexislatura  
(2005-2009)

**Alberto Núñez Feijóo**  
Oitava lexislatura  
(2009-2012)

En preparación  
**Alberto Núñez Feijóo**  
Novena lexislatura  
(2012-2016)



PARLAMENTO  
DE GALICIA

